

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

15936 *Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

ÍNDICE

Preámbulo.

Libro primeiro. Parte xeral.

Título I. Do exercicio da potestade xurisdiccional.

Capítulo I. Da xurisdición.

Capítulo II. Da competencia.

Capítulo III. Dos conflitos de competencia e das cuestións de competencia.

Capítulo IV. Da abstención e da recusación.

Título II. Das partes procesuais.

Capítulo I. Da capacidade e lexitimación procesual.

Capítulo II. Da representación e defensa procesuais.

Capítulo III. Da intervención e chamada a xuízo do Fondo de Garantía Salarial.

Título III. Da acumulación de accións, procesos e recursos.

Capítulo I. Da acumulación de accións, procesos e recursos.

Sección 1.^a Acumulación de accións.

Sección 2.^a Acumulación de procesos.

Sección 3.^a Acumulación de recursos.

Sección 4.^a Disposicións comúns.

Capítulo II. Da acumulación de execucións.

Título IV. Dos actos procesuais.

Capítulo I. Das actuacións procesuais.

Capítulo II. Das resolucións procesuais.

Capítulo III. Dos actos de comunicación.

Título V. Da evitación do proceso.

Capítulo I. Da conciliación ou mediación previas e dos laudos arbitrais.

Capítulo II. Do esgotamento da vía administrativa previa á vía xudicial.

Título VI. Dos principios do proceso e dos deberes procesuais.

Libro segundo. Do proceso ordinario e das modalidades procesuais.

Título I. Do proceso ordinario.

Capítulo I. Dos actos preparatorios e dilixencias preliminares, da anticipación e aseguramento da proba e das medidas cautelares.

Sección 1.^a Actos preparatorios e dilixencias preliminares.

Sección 2.^a Anticipación e aseguramento da proba.

Sección 3.^a Medidas cautelares.

Capítulo II. Do proceso ordinario.

Sección 1.^a Demanda.

Sección 2.^a Conciliación e xuízo.

Sección 3.^a Das probas.

Sección 4.^a Sentenza.

Sección 5.^a Proceso monitorio.

Título II. Das modalidades procesuais.

Capítulo I. Disposición xeral.

Capítulo II. Dos despedimentos e sancións.

Sección 1.^a Despedimento disciplinario.

Sección 2.^a Proceso de impugnación de sancións.

Capítulo III. Da reclamación ao Estado do pagamento de salarios de tramitación en xuízos por despedimento.

Capítulo IV. Da extinción do contrato por causas obxectivas e outras causas de extinción.

Sección 1.^a Extinción por causas obxectivas.

Sección 2.^a Despedimentos colectivos por causas económicas, organizativas, técnicas ou de produción.

Capítulo V. Vacacións, materia electoral, mobilidade xeográfica, modificacións substanciais de condicións de traballo e dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral recoñecidos legal ou convencionalmente.

Sección 1.^a Vacacións.

Sección 2.^a Materia electoral.

Subsección 1.^a Impugnación dos laudos.

Subsección 2.^a Impugnación da resolución administrativa que denegue o rexistro e da certificación da representatividade sindical.

Sección 3.^a Clasificación profesional.

Sección 4.^a Mobilidade xeográfica e modificacións substanciais de condicións de traballo.

Sección 5.^a Dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral recoñecidos legal ou convencionalmente.

Capítulo VI. Das prestacións da Seguridade Social.

Capítulo VII. Do procedemento de oficio e do de impugnación de actos administrativos en materia laboral e de seguridade social non prestacionais.

Sección 1.^a Do procedemento de oficio.

Sección 2.^a Do procedemento de impugnación de actos administrativos en materia laboral e de seguridade social excluídos os prestacionais.

Capítulo VIII. Do proceso de conflitos colectivos.

Capítulo IX. Da impugnación de convenios colectivos.

Capítulo X. Das impugnacións relativas aos estatutos dos sindicatos e das asociacións empresariais ou á súa modificación.

Sección 1.^a Impugnación da resolución administrativa que denegue o depósito.

Sección 2.^a Impugnación dos estatutos dos sindicatos.

Sección 3.^a Estatutos das asociacións empresariais.

Capítulo XI. Da tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Título III. Da audiencia ao demandado rebelde.

Libro terceiro. Dos medios de impugnación.

Título I. Dos recursos contra providencias, autos, dilixencias de ordenación e decretos.

Título II. Do recurso de suplicación.

Título III. Do recurso de casación e demais procesos atribuídos ao coñecemento do Tribunal Supremo.

Título IV. Do recurso de casación para a unificación de doutrina.

Título V. Das disposicións comúns aos recursos de suplicación e casación.

Título VI. Da revisión de sentenzas e laudos arbitrais firmes, e do proceso de erro xudicial.

Libro cuarto. Da execución de sentenzas.

Título I. Da execución de sentenzas e demais títulos executivos.

Capítulo I. Disposicións de carácter xeral.

Sección 1.^a Normas xerais.

Sección 2.^a Normas sobre execucións colectivas.

Capítulo II. Da execución pecuniaria.

Sección 1.^a Normas xerais.

Sección 2.^a O embargo.

Sección 3.^a Realización dos bens embargados.

Sección 4.^a Pagamento aos acredores.

Sección 5.^a Insolvencia empresarial.

Capítulo III. Da execución das sentenzas firmes de despedimento.

Capítulo IV. Da execución de sentenzas fronte a entes públicos.

Título II. Da execución provisional.

Capítulo I. Das sentenzas condenatorias ao pagamento de cantidades.

Capítulo II. Das sentenzas condenatorias en materia de seguridade social.

Capítulo III. Das sentenzas de despedimento.

Capítulo IV. Das sentenzas condenatorias recaídas noutros procesos.

Capítulo V. Normas comúns á execución provisional.

Disposición adicional primeira. Especialidades procesuais.

Disposición adicional segunda. Autorización de actuacións a entidades públicas ou privadas.

Disposición adicional terceira. Aplicación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Disposición transitoria primeira. Normas aplicables aos procesos en tramitación.

Disposición transitoria segunda. Normas aplicables en materia de recursos e execución forzosa de sentenzas ditadas a partir da entrada en vigor da lei.

Disposición transitoria terceira. Execución de sentenzas e demais títulos executivos. Medidas cautelares.

- Disposición transitoria cuarta. Competencia da orde xurisdiccional social.
- Disposición transitoria quinta. Reclamacións ao Fondo de Garantía Salarial efectuadas ao abeiro da disposición transitoria terceira da Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo.
- Disposición derogatoria única. Derogación de normas.
- Disposición derradeira primeira. Modificación da disposición adicional décimo sétima do Estatuto dos traballadores.
- Disposición derradeira segunda. Modificación da regulación do traballo autónomo economicamente dependente.
- Disposición derradeira terceira. Título competencial.
- Disposición derradeira cuarta. Normas supletorias.
- Disposición derradeira quinta. Sistema de valoración de danos derivados de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais.
- Disposición derradeira sexta. Habilitación ao Goberno para a modificación de contías.
- Disposición derradeira sétima. Entrada en vigor.

PREÁMBULO

I

O ordenamento laboral regula un ámbito fundamental das relacións sociais, esencial para o desenvolvemento económico e o benestar da sociedade. A natureza singular das relacións laborais e as súas necesidades específicas de tutela explican e xustifican a especial configuración da tradicionalmente coñecida como rama social do dereito. A articulación das relacións laborais a partir de posicións negociadoras desiguais influídas polo contexto socioeconómico, a multiplicidade de formas en que se substancian esas relacións ou a importancia da negociación colectiva constitúen peculiaridades sobresaíntes con transcendencia no terreo normativo, tanto substantivo como procesual.

A configuración dos mecanismos de solución dos conflitos e reclamacións no ámbito laboral, en particular a determinación das regras específicas de procedemento, integran esa especialidade do dereito do traballo, recoñecida no noso país desde antigo, a través das normas de procedemento laboral, caracterizadas pola súa axilidade, flexibilidade e capacidade de adaptación, e tamén por posibilitar unha máis rápida e eficaz resolución de conflitos, así como polas amplas potestades do xuíz ou tribunal de dirección do proceso e a proximidade e intermediación daqueles respecto das partes e do obxecto litixioso, normas que inspiraron nun ou noutro grao a maioría das reformas procesuais adoptadas noutras ordes xurisdiccionais a partir da Constitución. A nova lei reguladora da xurisdición social desenvolve os mandatos constitucionais de tutela xudicial efectiva e de seguridade xurídica para os reforzar e adaptar ás particularidades desta esfera do dereito. Toda disposición ritual está estreitamente vinculada co dereito fundamental recollido no artigo 24 da Constitución española. A súa aplicación efectiva na orde xurisdiccional laboral é a razón de ser desta lei.

En definitiva, a norma aspira tanto a ofrecer unha maior e mellor protección aos traballadores e aos beneficiarios da Seguridade Social, fortalecendo a tutela xudicial nun espazo vertebrador da vida social e económica. Ao mesmo tempo refórzase a seguridade xurídica do marco de encontro entre os operadores sociais e económicos, así como na actuación das entidades ou organismos xestores ou colaboradores das referidas prestacións sociais. Esta lei persegue dotar os órganos xudiciais de instrumentos que axilien os procesos de resolución de controversias, eviten abusos equilibrando a protección e tutela dos distintos intereses en conflito, protexan mellor os traballadores fronte aos accidentes laborais e proporcionen maior seguridade xurídica ao mercado laboral. Esta lei presenta, en definitiva, unha resposta máis eficaz e áxil aos litixios que se poidan suscitar nas relacións de traballo e seguridade social, e ofrece un tratamento

unitario á diversidade de elementos incluídos no ámbito laboral para unha mellor protección dos dereitos.

II

Esta lei mantén a estrutura da súa antecesora, o texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril. Desta maneira, o texto actual consolida os principios reitores, distribución de regras e organización interna da anterior, de probada eficacia para a resolución dos conflitos nun tempo menor ao que se require noutras ordes xurisdicionais e altamente valorada polos profesionais que a tiveron que aplicar. A continuidade no deseño procesual permitiu respectar a evolución tradicional da nosa lexislación neste ordenamento, evitando unha reforma que poida distorsionar, aínda que sexa minimamente, o normal funcionamento do mercado de traballo ou os marcos laborais asentados.

Non por isto se renuncia a introducir importantes melloras que implican unha estimulación da xurisdición para proxectala como autenticamente social. Modifícase, en consecuencia, o ámbito de coñecemento da orde xurisdicional social, que se amplía, racionaliza e clarifica respecto á normativa anterior, o que constitúe a principal novidade. Esta lei reguladora da xurisdición social concentra na orde social, pola súa maior especialización, o coñecemento de todas aquelas materias que, de forma directa ou por esencial conexión, se poidan cualificar como sociais. A maior nitidez do contorno competencial da xurisdición requiría dunha expansión para unificar o coñecemento dos conflitos e pretensións que se produzan no ámbito laboral, sindical ou no da seguridade social. O obxectivo último é conseguir a efectividade, coordinación e seguridade da resposta xudicial, e xerar así un marco adecuado ao exercicio efectivo dos dereitos e liberdades por parte da cidadanía. Un marco que se articula a partir da comprensión do traballo non exclusivamente como medio nos sistemas produtivos senón como un fin en si mesmo do que derivan dereitos necesitados dunha especial tutela xurídica.

Un segundo eixe explicativo desta nova lei é a súa inequívoca vontade modernizadora do procedemento. A norma incardínase no Plan Estratéxico de Modernización do Sistema de Xustiza (2009-2012), como marco de reforma estrutural da Administración de xustiza española. A garantía aos cidadáns, de maneira efectiva, dun servizo público da xustiza áxil, transparente, responsable e plenamente conforme cos valores constitucionais constitúe un obxectivo crucial e inaprazable do noso tempo e determina o progreso social e económico.

A modernización da xustiza, co obxectivo de mellorar a súa calidade e facer máis eficiente e áxil o servizo, alcanza necesariamente as normas rituais. Unha primeira fase da actualización e axilización procesual tivo lugar coa aprobación da Lei 13/2009, do 3 de novembro, de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial, onde xa se modificaban varios preceptos da norma que regula o proceso na orde social. Esta lei completa a modernización procesual nesa orde, racionalizando e fixando un novo texto normativo consolidado e actualizado á realidade da organización actual do traballo.

A estes dous novos aspectos engádense outras melloras técnicas e adaptacións á normativa vixente que, no seu conxunto, xustifican esta iniciativa lexislativa. Razóns de técnica normativa e en concreto as directrices ao respecto aprobadas mediante Acordo do Consello de Ministros do 22 de xullo de 2005 aconsellaron a adopción dunha nova disposición que evite a dispersión normativa e as dificultades na localización dos preceptos vixentes e, por tanto, a fragmentación na resposta xurídica.

Por outra parte, esta lei pretende dar cumprimento ao disposto na Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, cuxa disposición adicional décimo quinta dispón que «no prazo de seis meses o Goberno aprobará un proxecto de lei de reforma do texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril, que recolla a atribución á orde xurisdicional social, entre outras cuestións, dos recursos contra as resolucións administrativas da autoridade laboral nos procedementos de suspensión temporal de

relacións laborais, redución de xornada e despedimento colectivo, regulados nos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo».

III

O obxectivo principal desta nova lei é establecer, ampliar, racionalizar e definir con maior claridade o ámbito de coñecemento da orde xurisdicional social, con fundamento na súa maior especialización, coñecemento máis completo da materia social e marco procesual especialmente adecuado aos intereses obxecto de tutela desta orde.

En efecto, o texto refundido da Lei de procedemento laboral ata agora vixente xa recollía no número 3 do seu artigo 3 a habilitación legal ao Goberno para incorporar a este as modalidades e especialidades procesuais correspondentes a pretensións sobre impugnación de resolucións administrativas, tradicionalmente tuteladas na orde contencioso-administrativa. No ano 1998 o lexislador quixo abordar de forma global e racional a cuestión da repartición de competencias entre as ordes xurisdicionais social, contencioso-administrativa e civil, pero circunstancias posteriores evitaron o desenvolvemento previsto, co que as previsións competenciais da orde social recollidas no citado artigo non foron obxecto de desenvolvemento.

Igualmente, a necesidade de consolidar o ámbito material da orde social tamén se fixo patente na práctica xurisdicional, onde foron frecuentes os conflitos dimanados da heteroxeneidade nas resolucións de órganos xudiciais inscritos en ordes distintas. Ata agora, os tribunais que integran a orde social, a pesar do seu razoable funcionamento, non estaban sempre en condicións de asegurar a tutela xudicial efectiva nun tempo razoable e con respecto ao principio de seguridade xurídica. Isto debeuse fundamentalmente á disgregación do coñecemento de determinadas e esenciais materias sociais entre diversas xurisdicións distintas da social, como a contencioso-administrativa ou a civil. Velaquí as dificultades que xerou a denominada «peregrinación de xurisdicións», que provocaba ata agora graves disfuncións e unha mingua na efectiva protección dos dereitos das persoas.

Chegou, pois, o momento de racionalizar a distribución competencial entre as ordes xurisdicionais no ámbito das relacións laborais. Coa nova lei reguladora da xurisdición social afróntase unha modernización da norma a partir da concentración da materia laboral, individual e colectiva, e de seguridade social na orde social e dunha maior axilidade na tramitación procesual. Desta maneira, preténdese superar os problemas de disparidade dos criterios xurisprudenciais, dilación na resolución dos asuntos e, en consecuencia, fragmentación na protección xurídica dispensada. Estes problemas son incompatibles cos principios constitucionais de seguridade xurídica e tutela xudicial efectiva, así como co funcionamento eficiente do sistema socioeconómico.

Con esta consolidación competencial péchase o proceso de maduración do proceso social iniciado pola Lei de 1908 e continuado polo texto refundido de 1995, como xurisdición con competencia unificada para coñecer todos os litixios sobre materias sociais.

A ordenación das materias obxecto de coñecemento pola orde social lévase a cabo nos tres primeiros artigos da lei, onde cabe destacar algunhas novidades significativas.

Por un lado, prodúcese unha unificación da materia laboral que permite dar unha cobertura máis especializada e coherente aos distintos elementos da materia laboral. É o caso da concentración na orde xurisdicional social de todas as cuestións litixiosas relativas aos accidentes de traballo e que ata agora obrigaban os afectados a acudir necesariamente para intentar lograr a tutela xudicial efectiva aos distintos xulgados e tribunais encadrados nas ordes civil, contencioso-administrativa e social.

Con esta fórmula preténdese que a xurisdición social sexa competente para xulgar conxuntamente todos os suxeitos que concorreron na produción do dano sufrido polo traballador no marco laboral ou en conexión directa con el, e créase un ámbito unitario de tutela xurisdicional para o resarcimento integral do dano causado. Neste punto a lei segue o

pacto social concretado na Estratexia española de seguridade e saúde no traballo (2007-2012), así como un amplo consenso da doutrina científica.

Así mesmo, esta unificación permite de maneira xeral converter a orde social no garante do cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais, aínda cando non derivasen danos concretos por tales incumprimentos. Deste modo non só se fortalecen os instrumentos xudiciais para protexer as vítimas de accidentes de traballo, senón que ademais se dispoñen os recursos para facer efectiva a débeda de protección do empresario e a prevención de riscos laborais. Esta asignación de competencias efectúase con carácter pleno, incluíndo os funcionarios ou persoal estatutario, que deberán presentar, se é o caso, as súas reclamacións ante a orde xurisdiccional social en igualdade de condicións cos traballadores por conta allea, incluída a responsabilidade derivada dos danos sufridos como consecuencia do incumprimento da normativa de prevención de riscos laborais que forma parte da relación funcional ou estatutaria ou laboral. Inclúense ademais competencias sobre medidas cautelares. Por último, asígnase á orde social a competencia sobre as cuestións relativas aos órganos de representación de persoal en materia relacionada coa prevención de riscos no traballo, a través, se é o caso, dos delegados de prevención e os comités de seguridade e saúde, con independencia do tipo de persoal que interveña na súa designación ou composición.

Modernizar a normativa procesual laboral facilita, en consecuencia, o efectivo cumprimento das políticas de promoción da saúde e seguridade no lugar de traballo, evita a necesidade de intervención sucesiva de diversas ordes xurisdicionais, que ocasiona dilacións, gastos innecesarios e pronunciamentos diversos contraditorios, ao tempo que proporciona un marco normativo que garanta a seguridade xurídica.

Por outro lado, a unificación da materia laboral na orde social convérte tamén no garante ordinario dos dereitos fundamentais e liberdades públicas de empresarios e traballadores no ámbito da relación de traballo. Ademais da mencionada atracción competencial dos litixios vinculados á saúde e seguridade no traballo, unifícase o coñecemento de calquera outra vulneración de dereitos fundamentais e liberdades públicas conectada á relación laboral, como pode ser o caso do acoso.

Neste punto, preténdese así mesmo dar resposta ás exixencias da doutrina constitucional emanada da Sentenza do Tribunal Constitucional 250/2007, do 17 de decembro. Esta sentenza posibilita a extensión competencial da orde social fronte aos terceiros suxeitos causantes da vulneración dun dereito fundamental e interpreta que tamén pode ser suxeito activo do acoso o traballador dunha terceira empresa. Corresponde á orde social coñecer de cantas pretensións se deduzan ao respecto, contra o empresario ou contra os terceiros citados, posto que a actuación destes se produce en conexión directa coa relación laboral, e esta lei exclúe expresamente a competencia residual que tradicionalmente veu asumindo a orde xurisdiccional civil respecto de litixios sobre danos en cuxa intervención interviñese algunha persoa distinta do empresario ou empregador directo.

Outra das cuestións de maior transcendencia no ámbito laboral é a impugnación dos actos administrativos, singulares ou xerais, en materia laboral e de seguridade social e, en especial, das resolucións contractuais colectivas por causas obxectivas, polo que, por último, se especifica a súa atribución á orde social. Esta lei pretende clarificar a xurisdición competente sobre as materias esenciais relativas á asistencia e protección social pública, asigna á orde xurisdiccional social as relativas á valoración, recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade e as incluídas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e as restantes continuarán como obxecto de coñecemento da orde contencioso-administrativa. Con isto adáptase a normativa procesual laboral á doutrina constitucional na súa interpretación da protección social, conforme o artigo 41 da Constitución e, desta maneira, a xurisdición social queda configurada como o xuíz natural de todas as políticas públicas esenciais relativas á protección social. Non obstante, a entrada en vigor da atribución competencial sobre as prestacións de dependencia en favor da orde xurisdiccional social demórase en canto á súa efectividade, e concédeselle para tal fin ao

Goberno o prazo de tres anos para que remita ás Cortes o correspondente proxecto de lei, para poder ter en conta a incidencia das distintas fases de aplicación da Lei de dependencia para unha máis áxil resposta xudicial.

Non obstante, mantivéronse as excepcións recollidas na normativa concursal, así como a competencia da orde contencioso-administrativa con respecto a determinados actos administrativos en materia de seguridade social máis directamente vinculados coa recadación das cotas e demais recursos desta e a actuación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

IV

Nun segundo eixe desenvólvese a modernización da normativa do procedemento social cara a unha axilización da tramitación procesual. Na consecución dun procedemento máis áxil e eficaz, realizouse un axuste íntegro da normativa procesual social ás previsións da supletoria Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, así como á interpretación efectuada da normativa procesual social pola xurisprudencia social e constitucional. O dito axuste permitiu precisar harmonicamente uns principios máis acordes co proceso social en aspectos como a regulación das medidas cautelares, esenciais cando se trata de vulneracións de dereitos fundamentais e liberdades públicas, a reforma das modalidades procesuais de tutela de dereitos fundamentais e liberdades públicas, de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e de materia electoral para incluír no seu ámbito a impugnación do aviso previo de eleccións sindicais.

Axilízase a tramitación procesual a partir do establecemento dun conxunto de medidas e de regras entre as que se inclúen disposicións especiais sobre acumulación e repartición, en materias relativas a accidentes de traballo e enfermidades profesionais, supresión de trámites superfluos ou eliminación de traslados materiais de actuacións innecesarios coas novas tecnoloxías, a cuxa progresiva implantación a lei se mostra aberta en distintas disposicións. Na mesma liña, refórzase a conciliación extraxudicial e a mediación, a arbitraje, con regulación dunha modalidade procesual de impugnación do laudo e con previsión da revisión dos laudos arbitrais firmes, e a posibilidade de transacción xudicial en calquera momento do proceso, incluída a execución.

Tamén en fase de recurso se procurou racionalizar o procedemento. Sistematízase así o recurso de suplicación, para actualizar as súas contías, que permanecían inalteradas a pesar da evolución das posibles magnitudes económicas de referencia como os índices de prezos e os salarios mínimos e pensións, e axustalo ás novas competencias, seguindo, respecto destas últimas, criterios similares aos contidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, así como ás propostas efectuadas polo Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial o 28 de xaneiro de 2010, relativas ao proceso social. Xeneralízase o acceso á suplicación en supostos de peche anticipado do proceso, situación que, ao carecer ata agora de recurso, deu lugar a un excesivo número de recursos de amparo, precisamente na fase en que a garantía da tutela xudicial efectiva se desprega con maior intensidade. Tratábase dunha deficiencia estrutural, cuxa emenda contribuirá a reducir a carga do Tribunal Constitucional. Esta preocupación inspirou igualmente outras regras ao longo da lei, como a exigencia de especificación do dereito ou liberdade fundamental vulnerados, tanto na demanda como na sentenza, nos procesos de tutela de tales dereitos, a reestruturación do proceso de tutela destes, como medio de obter o amparo xudicial ordinario, a sistematización da nulidade de resolucións definitivas, a revisión e a audiencia ao rebelde, a posibilidade de utilizar as sentenzas do Tribunal Constitucional e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos como doutrina de contraste e, en xeral, a asignación ao xuíz do social da función de garante ordinario dos dereitos fundamentais, tanto nas relacións de traballo como no proceso social. Este texto normativo tamén amplía o ámbito do recurso de casación para a unificación de doutrina, faculta o Ministerio Fiscal para a súa formulación por instancia de asociacións empresariais ou sindicais e entidades públicas, e amplía, desta forma, o ámbito das materias que poderán ser obxecto dunha rápida unificación doutrinal en casación.

Noutros casos introdúcense, coa mesma finalidade, normas que a práctica forense aconsellaba para unha maior certeza e unificación na orde social, así como maiores garantías para a defensa. É o caso das normas específicas sobre procesos complexos para manter a oralidade sen indefensión no exame e práctica da proba e conclusións, ou os supostos en que se evitan como regra as meras ratificacións innecesarias do persoal médico ou inspector nas súas intervencións previas durante a tramitación administrativa, así como as probas testificais de escaso valor probatorio. Na mesma liña incardínase unha importante reforma das regras de acumulación, para favorecer a economía procesual, a homoxeneidade e a rapidez na resposta xudicial.

Mediante este segundo eixe de reforma, a nova lei permite integrar e aproveitar as potencialidades que ofrece a nova oficina xudicial. Artículanse as previsións legais necesarias para a plena implantación das novas tecnoloxías, harmonízase o texto coas recentes modificacións da citada Lei 13/2009, do 3 de novembro, e complétase o deseño procesual necesario para a implantación da nova estrutura funcional dos xulgados e tribunais.

A axilización da tramitación procesual pretende ofrecer aos tribunais españois e a aqueles que actúen ante eles, un marco procesual que asegure maior precisión e eficacia na definición e aplicación xurisdiccional dos dereitos e deberes de traballadores e empresarios, así como dos niveis de cobertura de seguridade social ante situacións de necesidade. Estes efectos redundan nunha maior certeza, seguridade e confianza dos axentes sociais e económicos no marco do Espazo Social Europeo.

V

A axilización do proceso non debe ir en detrimento da tutela xudicial efectiva e a protección dos intereses das partes. Neste sentido, recóllense unha serie de regras sobre a carga probatoria, en especial en materia de accidentes de traballo, conforme a xurisprudencia social, para garantir a igualdade entre as partes. Regúlanse, así mesmo, a posible utilización de procedementos de presentación e de formularios, que faciliten o labor dos interesados e profesionais, e os procedementos de sinalamento inmediato da vista, que igualmente se poidan establecer, así como a formulación de peticións iniciais monitorias, en supostos de presumible determinación, liquidez e falta de controversia da débeda e con achega dun principio de proba ao respecto que, en caso de oposición, dará lugar á conversión do procedemento en ordinario. Todas estas medidas, en relación coa nova estrutura da oficina xudicial, poden permitir unha tramitación e tratamento informático máis áxiles dun número non desprezable de procedementos, permitindo así concentrar a atención do órgano xurisdiccional noutros procesos de maior entidade cuantitativa e cualitativa.

Tamén, o novo texto normativo reforza a presenza en xuízo do Fondo de Garantía Salarial (Fogasa) e das entidades xestoras e colaboradoras, na súa función de velar polos intereses públicos. En particular, destácase o papel do Fogasa no proceso social, outorgándolle os poderes procesuais necesarios para levar a cabo a súa función de tutela de intereses públicos, e solicítase a súa colaboración activa desde o primeiro momento. Tivéronse en conta as conclusións da doutrina xurisprudencial, sentenzas do Tribunal Supremo do 22 de outubro de 2002 e do 14 de outubro de 2005, e constitucional, sentenzas do Tribunal Constitucional 60/1992 e 90/1994, na liña de clarificar a incidencia das alegacións do Fogasa e o seu eventual efecto preclusivo.

Establécese tamén unha forma de interrelación entre os órganos xudiciais sociais e o Fogasa, para solicitar e achegar información en defensa dos intereses públicos, como tamén se fai con respecto á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e entidades ou organismos xestores de prestacións de seguridade social. Débese destacar igualmente, con análoga finalidade, a expresa previsión de notificación a estes organismos públicos das resolucións que poidan depararlles prexuízos. A norma agora prevista pode, ademais, resultar de utilidade en litixios de que poidan derivar no futuro prestacións de garantía salarial, aínda cando no dito momento non estea a empresa desaparecida ou en situación de insolvencia actual.

Cabe destacar por outra parte a exención expresa que se fai a favor dos sindicatos de efectuar depósitos e consignacións nas súas actuacións ante a orde social. Existía o risco de que, en ausencia de concreta indicación legal, se puidese cuestionar para os titulares das accións colectivas en defensa dos intereses dos traballadores, a exención de depósitos e consignacións nos recursos de reposición e noutros distintos dos de suplicación e casación. Favorécese así a intervención colectiva sindical que, nun plano de economía de recursos, fai innecesarios múltiples e custosos procesos individuais. A lei reforza, por outra parte, a lexitimación dos sindicatos con implantación no ámbito do conflito para a defensa dos intereses colectivos conforme a doutrina constitucional, e destaca que, na fase de execución, ese interese debe estar referido esencialmente ao mantemento da actividade e á conservación dos postos de traballo.

A lei tamén quixo regular a través de distintas previsións concretas as consecuencias da atribución á orde social, mediante a Lei 20/2007, do 11 xullo, do Estatuto do traballo autónomo, das reclamacións dos traballadores autónomos economicamente dependentes, co obxectivo de mellorar a súa tutela xurisdiccional ante as decisións do empresario-cliente que está nunha posición de preponderancia económica fronte a eles. A cuestión da delimitación xurídica entre dúas relacións posibles de orde materialmente distinta, como son a relación civil ou mercantil de servizos e a relación laboral, pode xerar inconvenientes procesuais con risco de perda de dereitos para os demandantes. Procúrase así establecer regras para os supostos, frecuentes na práctica, nos cales o demandante, ao accionar por despedimento, poida pretender que a relación é laboral e non de traballo autónomo economicamente dependente, posibilitando que, con carácter eventual, e para o caso de desestimación da primeira, se exerzan as accións que corresponderían ao se tratar dun traballador no réxime de autónomos, sen obrigar a un novo procedemento nesta segunda hipótese. Doutro modo, pódese xerar, ou ben o efecto de que se sigan dous procesos sucesivos cando o primeiro non cualifica de laboral a relación, ou ben de que preclúa o seu dereito se non o fixo valer na primeira ocasión. Aproveítase igualmente esta lei para modificar a Lei do Estatuto do traballo autónomo no punto relativo a considerar meramente declarativo e non constitutivo o contrato escrito entre o traballador autónomo economicamente dependente e o seu cliente, así como a clarificar o acceso á xurisdición como vía de recoñecemento de tal condición.

A nova lei inclúe novidades moi destacadas, chamadas a axilizar a xurisdición social, entre as que merece destacar o impulso que se dá tanto á mediación previa como á intraprocesual. Tamén merece especial mención a ampliación do ámbito do recurso de casación unificadora ao se regular unha modalidade deste que pode interpor o Ministerio Fiscal en defensa da legalidade e sen necesidade de que conorra o presuposto de contradición de sentenzas, co que se logrará unha maior celeridade na unificación de doutrina e en temas que ata agora serían de moi difícil acceso ao dito recurso.

É tamén destacable en materia de execución a extensión dos efectos das sentenzas en materia de conflito colectivo, que reforza a eficacia real das sentenzas recaídas neste tipo de procesos, que poderá ir máis alá da mera interpretación ou declaración con eficacia xeral da nulidade ou validez de normas convencionais ou prácticas empresariais, para comprender a execución individualizada dos pronunciamentos susceptibles de tal determinación, con lexitimación dos suxeitos colectivos, non soamente en condenas con tradución económica senón mesmo en procesos sobre mobilidade xeográfica ou modificación substancial de condicións de traballo de efectos colectivos ou outras prácticas empresariais de posible desagregación en actuacións individuais. E, igualmente, cabe resaltar a previsión expresa, ata agora soamente posible pola vía, non exenta de dificultades, da aplicación subsidiaria da regulación procesual civil, sobre condenas de futuro e a posibilidade de alcanzar acordos transaccionais en execución.

VI

No que se refire á estrutura da norma, esta está formada por 305 artigos, tres disposicións adicionais, cinco disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e sete derradeiras. Os capítulos distribúense en catro libros: parte xeral, proceso ordinario

e outras modalidades procesuais, medios de impugnación e execución de resolucións xudiciais.

O libro primeiro contén a parte xeral. No título I, o capítulo I delimita as materias que son coñecidas polos órganos da xurisdición social. O artigo 2 contén unha enumeración exhaustiva, en termos positivos, dos asuntos encomendados a esta orde xurisdiccional, mentres que o artigo 3 realiza unha delimitación negativa da competencia. O segundo capítulo recolle as normas xerais de competencia de xulgados e tribunais da orde social, e concrétaas para cada órgano (xulgados, salas dos tribunais superiores de xustiza das comunidades autónomas, Audiencia Nacional e Tribunal Supremo). O terceiro capítulo refírese aos conflitos e cuestións de competencia, e ordena a forma de resolver os conflitos de competencia que se produzan entre os órganos xurisdicionais da orde social e os doutras ordes, sen que se introduzisen modificacións respecto da regulación anterior, pois segue remitiéndose ás normas da Lei de axuizamento civil. Por último, o capítulo cuarto recolle o réxime de abstención e recusación, e remite ás normas da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e da Lei de axuizamento civil. Defínense, para a orde xurisdiccional social, os órganos competentes para instruír e decidir os incidentes de recusación, nos mesmos termos da lei anterior.

O título II contén as normas relativas ás partes procesuais. O capítulo I regula os requisitos de capacidade e lexitimación procesual. Nos artigos 16 e 17, en materia de capacidade e lexitimación, mantéñense as normas xerais previstas na lexislación anterior e na Lei de axuizamento civil, e realiza os axustes necesarios para prever a capacidade e lexitimación procesual no caso daqueles actos ou negocios que se atribúen «ex novo» a esta xurisdición. Ademais, en coherencia co previsto nos artigos 6 e 7 da Lei de axuizamento civil, agora atribúese lexitimación pasiva ás comunidades de bens e grupos sen personalidade que actúan como empresarios, co obxectivo de garantir a existencia dun suxeito susceptible de ser demandado polos traballadores en caso de que sexa necesario.

No capítulo II, relativo á representación e defensa procesuais, respectando os principios xerais do noso ordenamento xurídico, introdúcense novidades cuxa finalidade é evitar prácticas de desacomulación de demandas cando as accións exercidas son legalmente acumulables. Igualmente se establece unha regulación tendente a facilitar a designación de representante común cando a parte demandada estea integrada por máis de dez suxeitos, e non soamente cando son demandantes, como ata agora, o que é relativamente frecuente na práctica e orixina graves dilacións, ao non estar previsto actualmente un sistema de designación común coas garantías necesarias. Finalmente, introdúcese un novo parágrafo no artigo 19 co fin de facilitar a atribución de capacidade procesual á representación unitaria ou sindical cando a demanda poida afectar todos ou maior parte dos traballadores dunha empresa.

O capítulo III contén as normas relativas á intervención e chamada a xuízo do Fondo de Garantía Salarial. Ademais de mellorar a redacción e sistemática do texto, reformouse o texto do artigo 23, de forma que se establece a necesidade de citar o Fogasa nos supostos en que a súa responsabilidade poida derivar da súa obriga de pagamento dunha parte das indemnizacións.

O título III refírese á acumulación de accións, procesos e recursos. O capítulo I regula a acumulación de accións, procesos e recursos, e regula cada unha delas en seccións distintas. Neste capítulo recolléronse importantes novidades respecto da acumulación de accións, todas elas tendentes a garantir unha maior coherencia na resposta xudicial, eficiencia e axilidade na resolución dos litixios que se presenten ante a xurisdición social, particularmente en procesos derivados de accidentes de traballo e outros relacionados entre si, como as distintas impugnacións dun mesmo acto ou resolución, ou a impugnación de distintos actos empresariais coetáneos con significación extintiva, ao igual que a presentación e resolución conxunta das accións de despedimento e de salarios pendentes de aboamento nese momento, salvo cando se comprometa a prioritaria resolución sobre o despedimento. O capítulo II, sobre a acumulación de execucións, non sufriu apenas variacións respecto da regulación anterior.

O título IV regula os actos procesuais. No primeiro capítulo, «Das actuacións procesuais», a principal novidade é a adición entre os procesos en que os días do mes de agosto se deben considerar hábiles, dos relativos a procesos de impugnación de resolucións administrativas en expedientes de regulación de emprego, así como de suspensión do contrato ou redución de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, pola normal urxencia das medidas, e por analoxía co que acontece respecto dos despedimentos individuais e plurais e modificación de condicións de traballo, individuais ou colectivas.

Inclúense, ademais, no artigo 48 previsións para adaptar a Administración de xustiza ás novas tecnoloxías, de forma que se posibilite a substitución da entrega material das actuacións polo seu acceso informático ou entrega en soportes informáticos, o que poderá evitar desprazamentos a profesionais e usuarios da Administración de xustiza, e reducir o tempo de tramitación, sobre todo na fase de recursos de casación ou suplicación.

O capítulo II deste título regula o contido e forma das resolucións procesuais. No artigo 50, como principal novidade simplificáronse os supostos en que procede ditar sentenza oral, relacionándoos directamente cos procesos ou modalidades procesuais en que, por razón da materia ou da contía, non proceda recurso de suplicación, incluíndo o suposto de conformidade total, con independencia da materia ou da contía.

O capítulo III, relativo aos actos de comunicación, ademais de recoller a repartición de cargas procesuais definida pola xurisprudencia constitucional, contén novidades que enlazan coa regulación da nova oficina xudicial e a introdución de procedementos telemáticos de comunicación no ámbito da Administración de xustiza, de forma que a norma sexa coherente co novo marco procesual.

O título V contén normas orientadas a evitar o proceso. No capítulo I, que ata agora se refería exclusivamente á conciliación previa, engadiuse agora a referencia á mediación e aos laudos arbitrais, ao se regularen no dito capítulo a eficacia e impugnación destes últimos.

Ademais de introducir as modificacións necesarias para dar coherencia á norma co ordenamento xurídico vixente, incluíndo referencias ao Estatuto dos traballadores, engádesse, igualmente, unha mención no artigo 64 aos procesos que exixan outra forma de esgotamento da vía administrativa distinta da reclamación previa, en concreto, a interposición do recurso de alzada ou reposición. Por outra parte, no artigo 66 substituíuse a imposición de multa en caso de non comparecer ao acto obrigatorio de conciliación ou mediación, inoperante na práctica, pola imposición de custas, relacionada co principio de vencemento obxectivo e que non require apreciar temeridade ou mala fe.

O capítulo II regula o esgotamento da vía administrativa previa á vía xudicial. Na lexislación anterior mencionábase tan só a reclamación previa á vía xudicial, en relación cos litixios entre a Administración e os seus traballadores ou entre a Administración de Seguridade Social, as súas entidades xestoras e os seus beneficiarios, e agora foi modificado co fin de comprender as diversas formas de esgotamento da vía administrativa por medio de recurso administrativo ordinario como consecuencia da atracción á orde social do coñecemento sobre os recursos contra resolucións administrativas en materia laboral.

Así, a principal novidade contida no artigo 69 é a introdución dunha mención expresa daqueles procesos que exixan outra forma de esgotamento da vía administrativa, distinta da reclamación previa, e déixanse abertas ambas as posibilidades. Por outra parte, no artigo 70 inseriuse a regra xeral, en materia de dereitos fundamentais e liberdades públicas, de non ser exixible o esgotamento previo da vía administrativa, conforme o criterio xeralmente seguido pola doutrina constitucional.

No título VI regúlanse os principios do proceso, así como os deberes procesuais. Non se produciron grandes novidades neste aspecto. A Lei de procedemento laboral de 1990 xa foi pioneira no establecemento de constrinximentos pecuniarios e multas coercitivas para obter a execución do resolto, pero estas soamente se estableceron no proceso de execución. As normas posteriores, contidas tanto na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa como na Lei de axuízamento civil do ano 2000, posibilitaron, con carácter xeral, a aplicabilidade dos ditos mecanismos tamén ao proceso

declarativo e á fase de recurso. Con tal finalidade incluíuse esta posibilidade xeral nesta lei.

O libro segundo contén as especialidades relativas ao proceso ordinario e as modalidades procesuais. O título I regula o proceso ordinario e o título II refírese ás modalidades procesuais propiamente ditas.

No que se refire ao proceso ordinario, ampliouse o texto orixinario no artigo 76, co fin de facer referencia á lexitimación, e a posibilidade de proporcionar normas de utilidade para os supostos en que se deba determinar o empresario ou unidade empresarial responsables, moitas veces non cofecidos con precisión polo traballador demandante, para poder formular correctamente a demanda. Mantívose a regra clásica do proceso social, relativa ás testemuñas, que se integra co principio xeral, ex artigo 293.1 da Lei de axuizamento civil, sobre as causas de anticipación da proba.

En materia de anticipación e aseguramento de proba, así como de medidas cautelares, realizouse unha regulación acorde coa Lei de axuizamento civil, deixando a salvo as especialidades do proceso social, especialmente a relativa á exención de caucións, garantías e indemnizacións relacionadas con determinadas medidas cautelares, introducindo medidas cautelares en procesos de extinción por instancia do traballador e a posibilidade de execución provisional da sentenza.

No capítulo II, que regula o procedemento ordinario, a regulación contida respecta o previsto no texto anteriormente vixente, introducindo aquelas modificacións necesarias para concordar estes artigos cos contidos no libro primeiro relativos á lexitimación activa e pasiva, así como ás novas competencias asumidas pola xurisdición social.

Ademais, no artigo 81 contéñense importantes novidades que enlazan coas novas funcións dos secretarios xudiciais na nova oficina xudicial. En concreto, atribúeselle ao secretario xudicial a comprobación da concorrencia dos requisitos procesuais necesarios, sen introducir unha distinción, que sería artificiosa e formalista, entre defectos substantivos e formais, xa que, nesa fase procesual, todos os apreciables son desta última clase, sen prexuízo de que a inadmisión preliminar deba quedar reservada á decisión xurisdiccional. Así mesmo, o secretario xudicial debe advertir as partes, para a súa emenda, de posibles defectos na demanda, en relación cos presupostos procesuais necesarios que poidan impedir a válida prosecución e termo do proceso e o ditado dunha sentenza de fondo, de acordo co previsto no número 4 do artigo 399 e no número 1 do artigo 405 da Lei de axuizamento civil, así como en relación cos documentos de preceptiva achega coa propia demanda. En canto á posible falta de xurisdición ou competencia, o secretario debe dar conta ao xuíz ou tribunal para que resolva o procedente. Todo isto consonte a función de emenda procesual que ten a admisión preliminar da demanda no xuízo laboral, no que non hai audiencia preliminar, como no proceso civil ordinario, e reviste por isto a maior importancia a emenda de toda clase de defectos procesuais que poidan resultar da demanda no momento da súa presentación, xa respondan a omisións, imprecisións ou defectos nela, falta de capacidade ou representación, inadecuación, con eventual transformación de oficio do proceso seguido segundo o procedemento que se deba seguir, litisconsorcio pasivo necesario ou calquera outra causa obstativa de orde procesual, segundo a práctica habitualmente seguida desde antigo no proceso social.

En materia de proba, o xuíz ou tribunal resolverá sobre a pertinencia das probas propostas e determinará a natureza e clase de cada unha delas segundo o previsto no artigo 299 da Lei de axuizamento civil e nesta lei. Así mesmo, resolverá sobre as posibles dilixencias complementarias ou de adveración das probas admitidas e sobre as preguntas que poidan formular as partes. Regúlanse as condicións de práctica do interrogatorio de parte, delimitando a intervención daqueles que actuasen nos feitos en nome ou interese do empresario, así como da proba testifical. Posibilitáase a achega anticipada e o exame, con alegacións complementarias, se é o caso, cando a proba presente especial volume ou complexidade, e establécense garantías cando o acceso a documentos ou arquivos poida afectar a intimidade persoal ou outro dereito fundamental.

Regúlase a formulación por parte do órgano xurisdiccional ás partes de cuestións que deban ser resoltas de oficio ou por conexión obrigada coas alegacións das partes co fin

de facer posible a exhaustividade do pronunciamento, exixida polo artigo 218 da Lei de axuízamento civil, asegurando a audiencia das partes ao respecto, que en caso necesario se realizará mediante un breve trámite adicional.

No título II contense a regulación relativa ás modalidades procesuais, establécese a regra xeral da transformación do proceso á modalidade adecuada e exclúense, na medida do posible, os pronunciamentos absolutorios por inadecuación de procedemento e a remisión a un ulterior proceso, aínda que respectando na súa maior parte a regulación vixente ata agora. No caso dos procesos de despedimento intégrase a posibilidade, ata agora soamente prevista para sancións inferiores, de autorizar unha medida sancionadora alternativa, para así favorecer a continuación da relación fronte á indemnización compensatoria da perda do posto de traballo. Regúlanse, así mesmo, en termos semellantes aos anteriores, con precisións adicionais derivadas de modificacións legislativas ou criterios xurisprudenciais, as reclamacións ao Estado do pagamento de salarios de tramitación en xuízos por despedimento, extinción do contrato laboral por causas obxectivas ou outras, así como os procesos relativos aos despedimentos colectivos por causas económicas, organizativas, técnicas ou de produción. En relación con estes, regúlanse agora expresamente os efectos derivados da declaración xurisdiccional de ineficacia da resolución administrativa, cuxo coñecemento se atribúe nesta lei á orde social, polo que non é suficiente unha regra xeral de declaración de nulidade dos despedimentos individuais, ademais de dar resposta ás interrogantes suscitadas pola resolución que invalida a autorización administrativa que sustentou no seu momento as extincións individuais, cuestión que foi obxecto de diversos pronunciamentos a propósito do resarcimento dos prexudicados.

Tamén se regulan neste título II, como modalidades procesuais, os procesos que afectan as materias electorais. Inclúese un inciso que ten por finalidade clarificar o ámbito desta modalidade procesual, en relación cos preceptos do Estatuto dos traballadores modificado para comprender toda a materia electoral a partir da impugnación de avisos previos electorais, que responde á orixinaria motivación da introdución no seu día da arbitrase electoral e á necesidade de clarificar, canto antes, a representatividade dos negociadores do banco social, sexa na empresa ou en sectores laborais máis amplos.

Igualmente encontran o seu acomodo neste título os procesos relativos á clasificación profesional, mobilidade xeográfica, modificacións substanciais das condicións de traballo, así como os dereitos de conciliación da vida persoal e familiar, e favorécese a aplicación dos criterios convencionais e das medidas promocionais da igualdade e os procesos relativos a seguridade social, incluída a protección por desemprego.

No capítulo VI, sobre os procesos en materia de seguridade social, mantense a dobre vía de reclamación previa ou outras formas de esgotamento da vía administrativa en sentido amplo. No capítulo VII, relativo ao procedemento de oficio e ao de impugnación de actos administrativos en materia laboral, levouse a cabo un labor de coordinación dos supostos encadrables no primeiro xa que, ao asumir a xurisdicción social gran parte das competencias para coñecer dos actos administrativos en materia laboral, sindical, riscos laborais e parte de seguridade social, o procedemento de oficio derivado das comunicacións da autoridade laboral a que se refería o texto anterior deixaba de cumprir, na maior parte dos supostos, coa súa finalidade coordinadora das xurisdicións contencioso-administrativa e social. Regúlase especificamente unha nova modalidade procesual, a partir dunha demanda contencioso-laboral análoga ao recurso contencioso-administrativo anteriormente tramitado na dita orde xurisdiccional, que serve de canle á impugnación dos actos administrativos en materia laboral.

Nos capítulos VIII e IX regúlanse os procesos en materia de conflitos colectivos e a impugnación de convenios colectivos de eficacia xeral e dos laudos substitutivos destes, remitindo, para o caso das demandas contra calquera outro tipo de pactos ou acordos, exclusivamente ao proceso de conflitos colectivos. O capítulo X regula, sen novidades destacables respecto do réxime anterior, a impugnación dos estatutos dos sindicatos e das asociacións empresariais ou da súa modificación, mentres que o décimo primeiro e último regula a tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, axustándoo á

doutrina constitucional, cunha regulación máis completa e estruturada que a actual, particularmente en canto aos termos dos pronunciamentos que se vaian ditar e respecto do resarcimento da vítima e o seu estatuto procesual, e ampliando o ámbito da modalidade procesual de modo decidido máis aló da invocación principal de dereitos fundamentais laborais específicos, como a liberdade sindical, para comprender con amplitude toda posible vulneración de tales dereitos e liberdades fundamentais no ámbito das relacións de traballo, sexan xenéricos ou especificamente laborais, salvo cando sexa necesario seguir unha determinada modalidade procesual especial para incluír nela tal alegación, en todo caso con aplicación das garantías propias desta modalidade procesual especial, todo isto en termos que eviten as diferenzas de interpretación actuais.

O libro terceiro contén o réxime relativo aos medios de impugnación, isto é, os recursos contra providencias, autos, dilixencias de ordenación, decretos e sentenzas. O libro organízase en seis títulos, e cada un deles, salvo o quinto, regula un medio de impugnación distinto. As principais novidades neste ámbito comprenden, en primeiro lugar, o recoñecemento de lexitimación para recorrer tamén á parte favorecida aparentemente pola sentenza, de acordo cos criterios constitucionais sobre a afectación real ou gravame causado polo pronunciamento; en segundo lugar, a regulación dun trámite de impugnación eventual da sentenza por parte da impugnada, cando pretenda alegar outros fundamentos distintos dos aplicados pola recorrente, para o caso de que estes últimos non sexan convincentes para o tribunal que coñece do recurso, con posibilidade de alegacións da recorrente ao respecto, de novo de acordo con criterios da doutrina constitucional; e, por último, a interposición e impugnación do recurso ante o tribunal autor da sentenza impugnada, remitindo ao Tribunal Supremo o recurso xa tramitado sen emprazamento previo ante este, segundo a experiencia positiva resultante da tramitación tradicionalmente aplicada para a suplicación. No título IV, que regula o recurso de casación para unificación de doutrina, tratáronse de superar os tradicionais obstáculos que viñan dados pola existencia do requisito de contradición de sentenzas que dificultaba e atrasaba o acceso, o que se intenta corrixir dando lexitimación ao Ministerio Fiscal para recorrer en defensa da legalidade en supostos transcendentais aínda cando non concorra aquel presuposto. Ademais, non viñeron admitindo, como doutrina de contradición ou contraste para efectos deste recurso, as sentenzas ditadas polo Tribunal Constitucional, polos órganos xurisdiccionais de ámbito supranacional en materia de dereitos fundamentais nin polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea en interpretación do dereito comunitario, a pesar da vinculación dos órganos xurisdiccionais ás anteriores, en aplicación, respectivamente, do número 1 do artigo 5 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, do número 2 do artigo 10 e do número 1 do artigo 96 da Constitución. Por esta razón, esta norma amplía o ámbito do recurso unificador para lograr a mellora no cumprimento efectivo da súa finalidade coas cautelas necesarias para salvagardar a posición constitucional do Tribunal Supremo. Procurouse, finalmente, relacionar entre si a solicitude de nulidade de actuacións contra resolucións definitivas, a audiencia ao rebelde e a revisión de sentenzas firmes, para evitar a complexa e difícil situación que se pode chegar a xerar na práctica coa regulación actual, en canto á procedencia en cada caso dun ou doutro medio impugnatorio.

Por último, o libro cuarto regula as normas relativas á execución de sentenzas. Merece destacar, na sistemática destes artigos, a adaptación ás particularidades da nova oficina xudicial en canto á distribución de funcións no seo dos xulgados e tribunais, e moi especialmente, a atribución de competencias específicas en materia de execución aos secretarios xudiciais. Introducíronse tamén melloras técnicas para equiparar plenamente, para efectos da execución definitiva, todos os títulos executivos laborais, tanto os constituídos con intervención xudicial como os constituídos sen intervención xudicial. Regúlase por primeira vez, como xa se apuntou, a posibilidade de execución de determinadas sentenzas ditadas en procesos de conflito colectivo cando se poidan determinar os afectados e a posibilidade de transacción na execución, coas necesarias cautelas para asegurar a efectividade do xulgado.

Nas disposicións derradeiras establécese como supletoria a Lei de axuízamento civil e, se é o caso, a Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, coa necesaria adaptación ás particularidades do proceso social e en canto sexan compatibles cos seus principios. Establécese tamén unha habilitación ao Goberno para modificar as contías correspondentes aos recursos de suplicación e de casación ordinaria, se é o caso, e para a adopción das medidas necesarias para aprobar un sistema de valoración de danos derivados de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais, mediante un sistema específico de baremo de indemnizacións actualizables anualmente. Finalmente, régúlase o réxime transitorio dos procesos iniciados antes da entrada en vigor da lei.

LIBRO PRIMEIRO

Parte xeral

TÍTULO I

Do exercicio da potestade xurisdiccional

CAPÍTULO I

Da xurisdición

Artigo 1. *Orde xurisdiccional social.*

Os órganos xurisdiccionais da orde social coñecerán das pretensións que se promovan dentro da rama social do dereito, tanto na súa vertente individual como colectiva, incluíndo aquelas que versen sobre materias laborais e de seguridade social, así como das impugnacións das actuacións das administracións públicas realizadas no exercicio das súas potestades e funcións sobre as anteriores materias.

Artigo 2. *Ámbito da orde xurisdiccional social.*

Os órganos xurisdiccionais da orde social, por aplicación do establecido no artigo anterior, coñecerán das cuestións litixiosas que se promovan:

a) Entre empresarios e traballadores como consecuencia do contrato de traballo e do contrato de posta á disposición, salvo o disposto na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, e no exercicio dos demais dereitos e obrigas no ámbito da relación de traballo.

b) En relación coas accións que poidan exercer os traballadores ou os seus habentes causa contra o empresario ou contra aqueles aos cales se lles atribúa legal, convencional ou contractualmente responsabilidade, polos danos orixinados no ámbito da prestación de servizos ou que teñan a súa causa en accidentes de traballo ou enfermidades profesionais, incluída a acción directa contra a aseguradora e sen prexuízo da acción de repetición que poida corresponder ante a orde competente.

c) Entre as sociedades laborais ou as cooperativas de traballo asociado, e os seus socios traballadores, exclusivamente pola prestación dos seus servizos.

d) En relación co réxime profesional, tanto na súa vertente individual como colectiva, dos traballadores autónomos economicamente dependentes a que se refire a Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, incluídos os litixios que deriven do exercicio por parte deles das reclamacións de responsabilidade recollidas na letra b) deste artigo.

e) Para garantir o cumprimento das obrigas legais e convencionais en materia de prevención de riscos laborais, tanto fronte ao empresario como fronte a outros suxeitos obrigados legal ou convencionalmente, así como para coñecer da impugnación das actuacións das administracións públicas na dita materia respecto de todos os seus empregados, ben sexan estes funcionarios, persoal estatutario dos servizos de saúde ou persoal laboral, que poderán exercer as súas accións, para estes fins, en igualdade de

condicións cos traballadores por conta allea, incluída a reclamación de responsabilidade derivada dos danos sufridos como consecuencia do incumprimento da normativa de prevención de riscos laborais que forma parte da relación funcional, estatutaria ou laboral; e sempre sen prexuízo das competencias plenas da Inspección de Traballo e Seguridade Social no exercicio das súas funcións.

f) Sobre tutela dos dereitos de liberdade sindical, folga e demais dereitos fundamentais e liberdades públicas, incluída a prohibición da discriminación e o acoso, contra o empresario ou terceiros vinculados a este por calquera título, cando a vulneración alegada teña conexión directa coa prestación de servizos; sobre as reclamacións en materia de liberdade sindical e de dereito de folga fronte a actuacións das administracións públicas referidas exclusivamente ao persoal laboral; sobre as controversias entre dous ou máis sindicatos, ou entre estes e as asociacións empresariais, sempre que o litixio verse sobre cuestións obxecto da competencia da orde xurisdiccional social, incluída en todos os supostos deste número a responsabilidade por danos; e sobre as demais actuacións previstas nesta lei conforme o número 4 do artigo 117 da Constitución española en garantía de calquera dereito.

g) En procesos de conflitos colectivos.

h) Sobre impugnación de convenios colectivos e acordos, calquera que sexa a súa eficacia, incluídos os concertados polas administracións públicas cando sexan de aplicación exclusiva a persoal laboral; así como sobre impugnación de laudos arbitrais de natureza social, incluídos os ditados en substitución da negociación colectiva, en conflitos colectivos, en procedementos de resolución de controversias e en procedementos de consulta en mobilidade xeográfica, modificacións colectivas de condicións de traballo e despedimentos colectivos. De se teren ditado respecto das administracións públicas, cando os ditos laudos afecten en exclusiva o persoal laboral.

i) En procesos sobre materia electoral, incluídas as eleccións a órganos de representación do persoal ao servizo das administracións públicas.

j) Sobre constitución e recoñecemento da personalidade xurídica dos sindicatos, impugnación dos seus estatutos e a súa modificación.

k) En materia de réxime xurídico específico dos sindicatos, tanto legal como estatutario, en todo o relativo ao seu funcionamento interno e ás relacións cos seus afiliados.

l) Sobre constitución e recoñecemento da personalidade xurídica das asociacións empresariais nos termos referidos na disposición derogatoria da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, impugnación dos seus estatutos e a súa modificación.

m) Sobre a responsabilidade dos sindicatos e das asociacións empresariais por infracción de normas da rama social do dereito.

n) En impugnación de resolucións administrativas da autoridade laboral en procedementos de suspensión temporal de relacións laborais, redución de xornada e despedimento colectivo, regulados nos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, así como as recaídas no exercicio da potestade sancionadora en materia laboral e sindical e, respecto das demais impugnacións doutros actos das administracións públicas suxeitos ao dereito administrativo no exercicio das súas potestades e funcións en materia laboral e sindical que poñan fin á vía administrativa, sempre que neste caso o seu coñecemento non estea atribuído a outra orde xurisdiccional.

ñ) Contra as administracións públicas, incluído o Fondo de Garantía Salarial, cando lles atribúa responsabilidade a lexislación laboral.

o) En materia de prestacións de seguridade social, incluídas a protección por desemprego e a protección por cesamento de actividade dos traballadores por conta propia, así como sobre a imputación de responsabilidades a empresarios ou terceiros respecto das prestacións de seguridade social nos casos legalmente establecidos. Igualmente, as cuestións litixiosas relativas á valoración, recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade, así como sobre as prestacións derivadas da Lei 39/2006, do

14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, que terán para todos os efectos desta lei a mesma consideración que as relativas ás prestacións e aos beneficiarios da Seguridade Social.

p) En materia de intermediación laboral, nos conflitos que xurdan entre os traballadores e os servizos públicos de emprego, as axencias de colocación autorizadas e outras entidades colaboradoras daqueles e entre estas últimas entidades e o servizo público de emprego correspondente.

q) Na aplicación dos sistemas de melloras da acción protectora da Seguridade Social, incluídos os plans de pensións e contratos de seguro, sempre que a súa causa derive dunha decisión unilateral do empresario, un contrato de traballo ou un convenio, pacto ou acordo colectivo; así como dos complementos de prestacións ou das indemnizacións, especialmente nos supostos de accidentes de traballo ou enfermidade profesional, que poidan establecer as administracións públicas a favor de calquera beneficiario.

r) Entre os asociados e as mutualidades, excepto as establecidas polos colexios profesionais, nos termos previstos nos artigos 64 e seguintes do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, así como entre as fundacións laborais ou entre estas e os seus beneficiarios, sobre cumprimento, existencia ou declaración das súas obrigas específicas e dereitos de carácter patrimonial, relacionados cos fins e obrigas propios desas entidades.

s) En impugnación de actos das administracións públicas, suxeitos a dereito administrativo e que poñan fin á vía administrativa, ditadas no exercicio das súas potestades e funcións en materia de seguridade social, distintas das comprendidas na letra o) deste artigo, incluíndo as recaídas no exercicio da potestade sancionadora nesta materia e con excepción das especificadas na letra f) do artigo 3.

t) En calquera outra cuestión que lles sexa atribuída por esta ou outras normas con rango de lei.

Artigo 3. *Materias excluídas.*

Non coñecerán os órganos xurisdicionais da orde social:

a) Da impugnación directa de disposicións xerais de rango inferior á lei e decretos legislativos cando excedan os límites da delegación, aínda nas materias laborais, sindicais ou de seguridade social enumeradas no artigo anterior.

b) Das cuestións litixiosas en materia de prevención de riscos laborais que se susciten entre o empresario e os obrigados a coordinar con este as actividades preventivas de riscos laborais e entre calquera dos anteriores e os suxeitos ou entidades que asumisen fronte a eles, por calquera título, a responsabilidade de organizar os servizos de prevención.

c) Da tutela dos dereitos de liberdade sindical e do dereito de folga relativa aos funcionarios públicos, persoal estatutario dos servizos de saúde e ao persoal a que se refire a letra a) do número 3 do artigo 1 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

d) Das disposicións que establezan as garantías tendentes a asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade en caso de folga e, se é o caso, dos servizos ou dependencias e as porcentaxes mínimas de persoal necesarias para tal fin, sen prexuízo da competencia da orde social para coñecer das impugnacións exclusivamente referidas aos actos de designación concreta do persoal laboral incluído nos ditos mínimos, así como para o coñecemento dos restantes actos ditados pola autoridade laboral en situacións de conflito laboral conforme o Real decreto lei 17/1977, do 4 de marzo, sobre relacións de traballo.

e) Dos pactos ou acordos concertados polas administracións públicas conforme o previsto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, que sexan de aplicación ao persoal funcionario ou estatutario dos servizos de saúde, xa sexa

de maneira exclusiva ou conxunta co persoal laboral; e sobre a composición das mesas de negociación sobre as condicións de traballo comúns ao persoal de relación administrativa e laboral.

f) Das impugnacións dos actos administrativos en materia de seguridade social relativos a inscrición de empresas, formalización da protección fronte a riscos profesionais, tarificación, afiliación, alta, baixa e variacións de datos de traballadores, así como en materia de liquidación de cotas, actas de liquidación e actas de infracción vinculadas coa dita liquidación de cotas e con respecto aos actos de xestión recadatoria, incluídas as resolucións ditadas nesta materia pola súa respectiva entidade xestora, no suposto de cotas de recadación conxunta coas cotas de seguridade social e, en xeral, os demais actos administrativos conexos cos anteriores ditados pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social; así como dos actos administrativos sobre asistencia e protección social públicas en materias que non se encontren comprendidas nas letras o) e s) do artigo 2.

g) Das reclamacións sobre responsabilidade patrimonial das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, así como das demais entidades, servizos e organismos do Sistema Nacional de Saúde e dos centros sanitarios concertados con elas, sexan estatais ou autonómicos, polos danos e perdas causados por ou con ocasión da asistencia sanitaria, e as correspondentes reclamacións, aínda cando na produción do dano concorran con particulares ou contén cun seguro de responsabilidade.

h) Das pretensións cuxo coñecemento e decisión estea reservado pola Lei concursal á xurisdición exclusiva e excluínte do xuíz do concurso.

CAPÍTULO II

Da competencia

Artigo 4. *Competencia funcional por conexión.*

1. A competencia dos órganos xurisdicionais da orde social estenderase ao coñecemento e decisión das cuestións previas e pre-xudiciais non pertencentes á dita orde, que estean directamente relacionadas coas atribuídas a ela, salvo o previsto no número 3 deste artigo e na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

2. As cuestións previas e pre-xudiciais serán decididas na resolución xudicial que poña fin ao proceso. A decisión que se pronuncie non producirá efecto fóra do proceso en que se dite.

3. Ata que as resolva o órgano xudicial competente, as cuestións pre-xudiciais penais suspenderán o prazo para adoptar a debida decisión só cando se baseen en falsidade documental e a súa solución sexa completamente indispensable para a ditar.

4. A suspensión da execución por existencia dunha cuestión pre-xudicial penal só procederá se a falsidade documental en que se basee se producise despois de constituído o título executivo e limitarse ás actuacións executivas condicionadas directamente pola resolución daquela.

Artigo 5. *Apreciación de oficio da falta de xurisdición ou de competencia.*

1. Se os órganos xurisdicionais aprecian a falta de xurisdición ou de competencia internacional, ou se estiman incompetentes para coñecer da demanda por razón da materia, do territorio ou da función, ditarán auto que o declare así e preveña o demandante ante quen e como pode facer uso do seu dereito.

2. Igual declaración deberán facer nos mesmos supostos ao ditar sentenza, e absteranse de entrar no coñecemento do fondo do asunto.

3. A declaración de oficio da falta de xurisdición ou de competencia nos casos dos dous parágrafos anteriores requirirá audiencia previa das partes e do Ministerio Fiscal en prazo común de tres días.

4. Contra o auto de declaración de falta de xurisdición ou de competencia poderanse exercer os recursos previstos nesta lei. Se no auto se declara a xurisdición e competencia

do órgano da xurisdición social, a cuestión poderase suscitar de novo no xuízo e, se é o caso, no recurso ulterior.

5. Se a acción exercida está sometida a prazo de caducidade, entenderase suspendida desde a presentación da demanda ata que o auto que declare a falta de xurisdición ou de competencia sexa firme.

Artigo 6. *Xulgados do social.*

1. Os xulgados do social coñecerán en única instancia de todos os procesos atribuídos á orde xurisdicional social, con excepción dos asignados expresamente á competencia doutros órganos desta orde xurisdicional nos artigos 7, 8 e 9 desta lei e na Lei concursal.

2. En aplicación do establecido no número anterior, coñecerán tamén en única instancia dos procesos de impugnación de actos de administracións públicas atribuídos á orde xurisdicional social nas letras n) e s) do artigo 2, cando fosen ditados:

a) Polos órganos da Administración xeral do Estado e dos organismos públicos vinculados ou dependentes dela sempre que o seu nivel orgánico sexa inferior ao de ministro ou secretario de Estado, con excepción dos expedientes de regulación de emprego, suspensión do contrato ou redución de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.

b) Polas administracións das comunidades autónomas, salvo os que procedan do respectivo consello de goberno.

c) Polas administracións das entidades locais.

d) Por calquera outro organismo ou entidade de dereito público que poida exercer algunha das competencias administrativas a que se refiren as mencionadas letras do artigo 2 desta lei.

Artigo 7. *Salas do social dos tribunais superiores de xustiza.*

As salas do social dos tribunais superiores de xustiza coñecerán:

a) En única instancia, dos procesos sobre as cuestións a que se refiren as letras f), g), h), j), k) e l) do artigo 2 cando estendan os seus efectos a un ámbito territorial superior ao da circunscrición dun xulgado do social e non superior ao da comunidade autónoma, así como de todos aqueles que expresamente lles atribúan as leis.

b) Tamén en única instancia, dos procesos de impugnación de actos das administracións públicas atribuídos á orde xurisdicional social nas letras n) e s) do artigo 2, cando fosen ditados polo consello de goberno da comunidade autónoma ou por órganos da Administración xeral do Estado con nivel orgánico de ministro ou secretario de Estado, sempre que, neste último caso, o acto confirmase, en vía de recurso ou en procedemento de fiscalización ou tutela, os que fosen ditados por órganos ou entes distintos con competencia en todo o territorio nacional.

c) Dos recursos de suplicación establecidos nesta lei contra as resolucións ditadas polos xulgados do social da súa circunscrición.

d) Das cuestións de competencia que se susciten entre os xulgados do social da súa circunscrición.

Artigo 8. *Sala do Social da Audiencia Nacional.*

1. A Sala do Social da Audiencia Nacional coñecerá en única instancia dos procesos a que se refiren as letras f), g), h), j), k) e l) do artigo 2, así como das resolucións administrativas recaídas en expedientes de regulación de emprego, suspensión do contrato ou redución de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, cando os procesos ou resolucións referidos estendan os seus efectos a un ámbito territorial superior ao dunha comunidade autónoma ou, tratándose de impugnación

de laudos, de ter correspondido, se é o caso, a esta sala o coñecemento do asunto sometido a arbitraje.

2. Tamén, con independencia do seu ámbito territorial de afectación, coñecerá en única instancia dos procesos de impugnación de actos de administracións públicas atribuídos á orde xurisdiccional social nas letras n) e s) do artigo 2, cando fosen ditados por órganos da Administración xeral do Estado e dos organismos públicos vinculados ou dependentes dela cuxo nivel orgánico sexa de ministro ou secretario de Estado ben con carácter orixinario ou ben cando rectifiquen por vía de recurso ou en procedemento de fiscalización ou tutela os ditados por órganos ou entes distintos con competencia en todo o territorio nacional.

Artigo 9. *Sala do Social do Tribunal Supremo.*

A Sala do Social do Tribunal Supremo coñecerá:

- a) En única instancia, dos procesos de impugnación de actos de administracións públicas atribuídos á orde xurisdiccional social cando fosen ditados polo Consello de Ministros.
- b) Dos recursos de casación establecidos na lei.
- c) Da revisión de sentenzas firmes ditadas polos órganos xurisdiccionais da orde social e da revisión de laudos arbitrais firmes sobre materias obxecto de coñecemento da orde social.
- d) Das demandas de erro xudicial cando o órgano a que se impute o erro pertenza á orde xurisdiccional social, salvo cando este se atribúa á propia Sala do Social do Tribunal Supremo ou a algunha das súas seccións en que a competencia corresponderá á sala que se establece no artigo 61 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.
- e) Das cuestións de competencia suscitadas entre órganos da orde xurisdiccional social que non teñan outro superior xerárquico común.

Artigo 10. *Competencia territorial dos xulgados do social.*

A competencia dos xulgados do social determinarase de acordo coas seguintes regras:

1. Con carácter xeral será xulgado competente o do lugar de prestación dos servizos ou o do domicilio do demandado, á elección do demandante.

Se os servizos se prestan en lugares de distintas circunscricións territoriais, o traballador poderá elixir entre aquel deles en que teña o seu domicilio, o do contrato, se estando nel o demandado pode ser citado, ou o do domicilio do demandado.

No caso de que sexan varios os demandados, e se opta polo foro do domicilio, o demandante poderá elixir o de calquera dos demandados.

Nas demandas contra as administracións públicas empregadoras será xulgado competente o do lugar de prestación dos servizos ou o do domicilio do demandante, á elección deste; salvo para os traballadores que presten servizos no estranxeiro, en que será xulgado competente o do domicilio da Administración pública demandada.

2. Nos procesos que se indican nos parágrafos seguintes será en cada caso xulgado competente:

a) Nos que versen sobre as materias referidas nas letras o) e p) do artigo 2, aquel en cuxa circunscrición se producise a resolución orixinaria, expresa ou presunta, ou a actuación impugnada no proceso, ou, á elección do demandante, o xulgado do seu domicilio, ben que, cando o recurso teña por obxecto actos das administracións das comunidades autónomas ou das entidades da Administración local, a elección entenderase limitada aos xulgados comprendidos dentro da circunscrición da sala do social do tribunal superior de xustiza en que teña a súa sede o órgano que ditou o acto orixinario impugnado.

b) Nos que versen sobre as materias referidas nas letras q) e r) do artigo 2, o do domicilio do demandado ou o do demandante, á elección deste. Nos procesos entre mutualidades de previsión, rexerá en todo caso o foro da demandada.

c) Nos de reclamación de salarios de tramitación fronte ao Estado, coñecerá o xulgado que ditou a sentenza de despedimento.

d) Nos que versen sobre as materias referidas nas letras j) e l) do artigo 2, o da sede do sindicato ou da asociación empresarial.

e) Nos que versen sobre a materia referida nas letras k) e m) do artigo 2, o do lugar en que se produzan os efectos do acto ou actos que deron lugar ao proceso.

f) Nos que versen sobre a materia referida na letra f) do artigo 2, o do lugar onde se produciu ou, se é o caso, ao que se estendan os efectos da lesión, ou as decisións ou actuacións respecto das cales se demanda a tutela.

g) Nos procesos electorais referidos na letra i) do artigo 2, o do lugar en cuxa circunscrición estea situada a empresa ou centro de traballo; se os centros están situados en municipios distintos, en que exerzan xurisdición xulgados diferentes, con unidade de comité de empresa ou de órgano de representación do persoal ao servizo das administracións públicas, o do lugar en que inicialmente se debese constituír ou se constituíse a mesa electoral. Cando se trate de impugnación da resolución administrativa que denegue o rexistro das actas electorais ou as relativas a expedición de certificacións da capacidade representativa dos sindicatos ou dos resultados electorais, a competencia corresponderá ao xulgado do social en cuxa circunscrición se encontre a oficina pública correspondente.

h) Nos de impugnación de convenios colectivos ou laudos substitutivos daqueles e nos de conflitos colectivos, referidos nas letras h) e g) do artigo 2, o da circunscrición a que se refira o ámbito de aplicación do convenio ou laudo impugnado, ou en que se produzan os efectos do conflito, respectivamente. Nas accións de impugnación e recursos xudiciais de impugnación dos restantes tipos de laudos arbitrais cuxo coñecemento corresponda á orde social, o da circunscrición do xulgado a que lle correspondese, se é o caso, o coñecemento do asunto sometido a arbitraje.

3. A determinación da competencia dos xulgados e tribunais da orde social nos procesos a que se refire a Lei 10/1997, do 24 abril, de información e consulta dos traballadores nas empresas e grupos de dimensión comunitaria, rexerá polas regras fixadas nos artigos 6 a 11 desta lei atendendo á modalidade procesual de que se trate. Nos procesos de conflitos colectivos, sobre impugnación de convenios colectivos e sobre tutela dos dereitos de liberdade sindical atenderase á extensión dos seus efectos en territorio español. Para tal fin, en ausencia de acordo ou de determinación expresa ao respecto, entenderase que o domicilio da comisión negociadora e do comité de empresa europeo é o da dirección central.

4. Nos procesos de impugnación de actos de administracións públicas non comprendidos nos números anteriores e atribuídos aos xulgados do social, a súa competencia territorial determinarase conforme as seguintes regras:

a) Con carácter xeral, será competente o xulgado en cuxa circunscrición teña a súa sede o órgano que ditou o acto orixinario impugnado.

b) Na impugnación de actos que teñan un destinatario individual, á elección do demandante, poderase interpor a demanda ante o xulgado do domicilio deste, ben que, cando o recurso teña por obxecto actos das administracións das comunidades autónomas ou das entidades da Administración local, a elección entenderase condicionada a que o xulgado do domicilio estea comprendido dentro da circunscrición da sala do social do tribunal superior de xustiza en que teña a súa sede o órgano que ditou o acto orixinario impugnado. Se o acto afectase unha pluralidade de destinatarios aplicarase a regra xeral.

Artigo 11. *Competencia territorial das salas do social dos tribunais superiores de xustiza.*

1. A competencia territorial para o coñecemento dos procesos atribuídos en instancia ás salas do social dos tribunais superiores de xustiza corresponderá:

a) Nos de impugnación de convenios colectivos ou laudos substitutivos dos anteriores e nos de conflitos colectivos, referidos nas letras g) e h) do artigo 2, á do tribunal en cuxa circunscrición se produzan os efectos do conflito ou á daquel a cuxa circunscrición se estenda o ámbito de aplicación das cláusulas do convenio, acordo ou laudo impugnado ou, tratándose de impugnación de laudos, de ter correspondido, se é o caso, a estas salas o coñecemento do asunto sometido a arbitraje.

b) Nos que versen sobre a materia referida nas letras j) e l) do artigo 2, á do tribunal en cuxa circunscrición teñan a súa sede o sindicato e a asociación empresarial a que se refira.

c) Nos que versen sobre as materias referidas nas letras k) e m) do artigo 2, á do tribunal en cuxa circunscrición se produzan os efectos do acto que deu lugar ao proceso.

d) Nos que versen sobre a materia referida na letra f) do artigo 2, á do tribunal en cuxa circunscrición se produza ou, se é o caso, se estendan os efectos da lesión, as decisións ou actuacións respecto das cales se demanda a tutela.

2. Cando existan varias salas do social nun mesmo tribunal superior, a competencia territorial de cada unha delas determinarase por aplicación das regras establecidas no número anterior, referida á circunscrición territorial da sala.

3. No caso de que os efectos da cuestión litixiosa se estendan ás circunscricións de varias salas, sen exceder o ámbito territorial dunha comunidade autónoma, coñecerá a que corresponda segundo as regras de repartición que para o efecto aprobouse a sala de goberno do tribunal superior de xustiza.

4. Nas materias a que se refiren as letras n) e s) do artigo 2 e atribuídas no artigo 7 ao coñecemento das salas do social dos tribunais superiores de xustiza:

a) Cando o acto impugnado proceda do consello de goberno da comunidade autónoma, a competencia corresponderá á sala do social do tribunal superior de xustiza en cuxa circunscrición teña a súa sede o mencionado órgano de goberno.

b) Cando o acto impugnado proceda dun ministro ou secretario de Estado, conforme a letra b) do artigo 7, o coñecemento do asunto corresponderá á sala do social en cuxa circunscrición teña a súa sede o órgano autor do acto orixinario impugnado, ou, cando teña un destinatario individual, á sala do social en cuxa circunscrición teña o seu domicilio o demandante, á elección deste. Se o acto afecta unha pluralidade de destinatarios e son diversas as salas competentes segundo a regra anterior, a competencia virá atribuída á sala da sede do órgano autor do acto orixinario impugnado.

CAPÍTULO III

Dos conflitos de competencia e das cuestións de competencia

Artigo 12. *Réxime legal.*

Os conflitos de competencia entre os órganos xurisdicionais da orde social e os doutras ordes da xurisdición rexeranse polo disposto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Artigo 13. *Cuestións de competencia.*

1. Non se poderán suscitar cuestións de competencia entre xuíces e tribunais subordinados entre si, e observarase ao respecto o disposto no artigo 52 da Lei orgánica do poder xudicial.

2. As cuestións de competencia que se susciten entre órganos da orde social da xurisdición serán decididas polo inmediato superior común.

Artigo 14. Tramitación das cuestións de competencia.

As cuestións de competencia substanciaranse e decidiranse con suxeición ao disposto na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, salvo o disposto nas seguintes regras:

1.^a As declinatorias proporanse como excepcións e serán resoltas previamente na sentenza, sen suspender o curso dos autos.

2.^a De se estimar a declinatoria, o demandante poderá deducir a súa demanda ante o órgano territorialmente competente, e se a acción está sometida a prazo de caducidade entenderase suspendida desde a presentación da demanda ata que a sentenza que estime a declinatoria quede firme.

CAPÍTULO IV

Da abstención e da recusación**Artigo 15. Réxime legal e procedemento.**

1. A abstención e a recusación rexeranse, en canto ás súas causas, pola Lei orgánica do poder xudicial, e, en canto ao procedemento, polo disposto na Lei de axuízamento civil.

Non obstante o anterior, a recusación deberase propor en instancia con anterioridade á celebración dos actos de conciliación e xuízo e, en recursos, antes do día sinalado para a votación e resolución ou, se é o caso, para a vista.

En calquera caso, a proposición da recusación non suspenderá a execución.

2. Instruirán os incidentes de recusación:

a) Cando o recusado sexa o presidente ou un ou máis maxistrados da Sala do Social do Tribunal Supremo, da sala do social dos tribunais superiores de xustiza ou da Sala do Social da Audiencia Nacional, un maxistrado da sala a que pertenza o recusado, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

b) Cando se recusen todos os maxistrados dunha sala de xustiza, o maxistrado que corresponda por quenda de antigüidade dos que integren o tribunal correspondente, sempre que non estea afectado pola recusación, e se se recusan todos os maxistrados que integran a sala do social do tribunal correspondente, un maxistrado da sala do contencioso-administrativo designado por sorteo entre todos os seus integrantes.

c) Cando o recusado sexa un xuíz do social, un maxistrado da sala do social do tribunal superior de xustiza, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

A antigüidade rexerase pola orde de escalafón na carreira xudicial.

Nos casos en que non sexa posible cumprir o previsto nos parágrafos anteriores, a sala de goberno do tribunal correspondente designará o instrutor, procurando que sexa de maior categoría ou, polo menos, de maior antigüidade que o recusado ou recusados.

3. Decidirán os incidentes de recusación:

a) A sala prevista no artigo 61 da Lei orgánica do poder xudicial, cando o recusado sexa o presidente da sala do social ou dous ou máis dos maxistrados da dita sala.

b) A Sala do Social do Tribunal Supremo, cando se recuse un dos maxistrados que a integran.

c) A sala a que se refire o artigo 77 da Lei orgánica do poder xudicial, cando se recuse o presidente da sala do social do dito tribunal superior.

d) A sala a que se refire o artigo 69 da Lei orgánica do poder xudicial, cando se recuse o presidente da Sala do Social da Audiencia Nacional ou máis de dous maxistrados dunha sección da dita sala.

e) Cando se recuse un ou dous maxistrados da Sala do Social da Audiencia Nacional, a sección en que non se encuentre integrado o recusado ou a sección que siga en orde numérica a aquela da cal o recusado forme parte.

f) Cando se recuse un ou dous maxistrados da sala do social dos tribunais superiores de xustiza, a sala en pleno se non está dividida en seccións ou, en caso contrario, a sección en que non se encuentre integrado o recusado ou a sección que siga en orde numérica a aquela da cal o recusado forme parte.

g) Cando o recusado sexa un xuíz do social, a sala do social do tribunal superior de xustiza correspondente en pleno, se non está dividida en seccións ou, en caso contrario, a sección primeira.

4. A abstención e a recusación dos secretarios xudiciais e dos membros dos demais corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza rexeranse polo disposto para cada un deles na Lei de axuízamento civil.

TÍTULO II

Das partes procesuais

CAPÍTULO I

Da capacidade e lexitimación procesual

Artigo 16. *Capacidade procesual e representación.*

1. Poderán comparecer en xuízo en defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos aqueles que se encontren no pleno exercicio dos seus dereitos civís.

2. Terán capacidade procesual os traballadores maiores de dezaseis anos e menores de dezaioito respecto dos dereitos e intereses lexítimos derivados dos seus contratos de traballo e da relación de seguridade social, cando legalmente non precisen para a celebración dos ditos contratos autorización dos seus pais, titores ou da persoa ou institución que os teña ao seu cargo, ou obtivesen autorización para contratar dos seus pais, titores ou persoa ou institución que os teña ao seu cargo conforme a lexislación laboral ou a lexislación civil ou mercantil respectivamente. Igualmente, terán capacidade procesual os traballadores autónomos economicamente dependentes maiores de dezaseis anos.

3. Nos supostos previstos no número anterior, os traballadores maiores de dezaseis anos e menores de dezaioito terán igualmente capacidade procesual respecto dos dereitos de natureza sindical e de representación, así como para a impugnación dos actos administrativos que lles afecten.

4. Por aqueles que non estean no pleno exercicio dos seus dereitos civís comparecerán os seus representantes lexítimos ou os que deban suplir a súa incapacidade conforme dereito.

5. Polas persoas xurídicas comparecerán aqueles que legalmente as representen. Polas entidades sen personalidade a que a lei recoñeza capacidade para seren parte comparecerán aqueles que legalmente as representen en xuízo. Polas masas patrimoniais ou patrimonios separados carentes de titular ou cuxo titular fose privado das súas facultades de disposición e administración comparecerán aqueles que conforme a lei as administren. Polas entidades que, non tendo cumprido os requisitos legalmente establecidos para se constituír en persoas xurídicas, estean formadas por unha pluralidade de elementos persoais e patrimoniais postos ao servizo dun fin determinado, comparecerán aqueles que de feito ou en virtude de pactos da entidade, actúen no seu nome fronte a terceiros ou ante os traballadores. Polas comunidades de bens e grupos comparecerán aqueles que aparezan, de feito ou de dereito, como organizadores, directores ou xestores deles ou, no seu defecto, como socios ou partícipes deles e sen prexuízo da responsabilidade que, conforme a lei, poida corresponder a estas persoas físicas.

Artigo 17. *Lexitimación.*

1. Os titulares dun dereito subxectivo ou dun interese lexítimo poderán exercer accións ante os órganos xurisdicionais da orde social, nos termos establecidos nas leis.

2. Os sindicatos de traballadores e as asociacións empresariais terán lexitimación para a defensa dos intereses económicos e sociais que lles son propios.

Os sindicatos con implantación suficiente no ámbito do conflito están lexitimados para actuar en calquera proceso en que estean en xogo intereses colectivos dos traballadores, sempre que exista un vínculo entre o dito sindicato e o obxecto do preito de que se trate; poderán igualmente comparecer e ser tidos por parte nos ditos procesos, sen que tal intervención faga deter ou retroceder o curso das actuacións.

En especial, nos termos establecidos nesta lei, poderán actuar, a través do proceso de conflito colectivo, en defensa dos dereitos e intereses dunha pluralidade de traballadores indeterminada ou de difícil determinación; e, en particular, por tal canle poderán actuar en defensa do dereito á igualdade de trato entre mulleres e homes en todas as materias atribuídas á orde social.

No proceso de execución consideraranse intereses colectivos os tendentes á conservación da empresa e á defensa dos postos de traballo.

3. As organizacións de traballadores autónomos terán lexitimación para a defensa dos acordos de interese profesional asinados por elas.

4. O Ministerio Fiscal estará lexitimado para intervenir en todos aqueles supostos previstos nesta lei.

5. Contra as resolucións que lles afecten desfavorablemente as partes poderán interpor os recursos establecidos nesta lei por ter visto desestimadas calquera das súas pretensións ou excepcións, por resultar delas directamente gravame ou prexuízo, para revisar erros de feito ou prever os eventuais efectos do recurso da parte contraria ou pola posible eficacia de cousa xulgada do pronunciamento sobre outros procesos ulteriores.

CAPÍTULO II**Da representación e defensa procesuais****Artigo 18. *Intervención no xuízo.***

1. As partes poderán comparecer por si mesmas ou conferir a súa representación a avogado, procurador, graduado social colexiado ou calquera persoa que se encontre no pleno exercicio dos seus dereitos civís. A representación poderase conferir mediante poder outorgado por comparecencia ante o secretario xudicial ou por escritura pública.

2. No caso de se outorgar a representación a avogado deberanse seguir os trámites previstos no número 2 do artigo 21.

Artigo 19. *Presentación da demanda e pluralidade de demandantes ou demandados.*

1. A demanda poderase presentar ben individualmente, ben de modo conxunto, nun só escrito ou en varios e, neste caso, a súa admisión a trámite equivalerá á decisión da súa acumulación, que non se poderá denegar salvo que as accións non sexan acumulables segundo esta lei.

2. Nos procesos en que demanden de forma conxunta máis de dez demandantes, estes deberán designar un representante común, co que se entenderán as sucesivas dilixencias do litixio. Este representante deberá ser necesariamente avogado, procurador, graduado social colexiado, un dos demandantes ou un sindicato. A dita representación poderase conferir mediante poder outorgado por comparecencia ante o secretario xudicial, por escritura pública ou mediante comparecencia ante o servizo administrativo que teña atribuídas as competencias de conciliación, mediación ou arbitraje ou o órgano que asuma estas funcións. Xunto coa demanda deberase presentar o documento correspondente de outorgamento desta representación.

3. Cando se acorde a acumulación dos procesos correspondentes a varias demandas presentadas contra un mesmo demandado, e deste modo o proceso afecte máis de dez demandantes, así como cando a demanda ou demandas se dirixan contra máis de dez demandados, sempre que non haxa contraposición de intereses entre eles, o secretario xudicial requiriraos para que designen un representante común, designación que pode recaer en calquera dos suxeitos mencionados no número anterior. Para tal efecto, xunto coa comunicación aos demandantes da resolución de acumulación, o secretario xudicial citaraos de comparecencia dentro dos catro días seguintes para o nomeamento do representante común; se o día da comparecencia non asiste algún dos citados en forma, procederase á designación do representante común, e enténdese que quen non compareza acepta o nomeamento efectuado polo resto.

4. Calquera dos demandantes ou demandados no caso do número anterior poderá expresar a súa vontade xustificada de comparecer por si mesmo ou de designar un representante propio, diferenciado do designado de forma conxunta polos restantes demandantes ou demandados.

5. Cando por razón da tutela exercida a pretensión non afecte de modo directo e individual traballadores determinados entenderase, para efectos de emprazamento e comparecencia no proceso, que os órganos representativos unitarios e, se é o caso, a representación sindical, desempeñan a representación en xuízo dos intereses xenéricos do colectivo laboral correspondente, sempre que non haxa contraposición de intereses entre eles, e sen prexuízo da facultade dos traballadores que indirectamente poidan resultar afectados de compareceren por si mesmos ou de designaren un representante propio.

Artigo 20. *Representación polos sindicatos.*

1. Os sindicatos poderán actuar nun proceso, en nome e interese dos traballadores e dos funcionarios e persoal estatutario afiliados a eles que así llelo autoricen, para a defensa dos seus dereitos individuais, e os efectos daquela actuación recaerán nos ditos afiliados.

2. Na demanda, o sindicato deberá acreditar a condición de afiliado do traballador ou empregado e a existencia da comunicación ao afiliado da súa vontade de iniciar o proceso. A autorización presumirase concedida salvo declaración en contrario do afiliado. No caso de que non se outorgase esta autorización, o traballador ou empregado poderá exixir ao sindicato a responsabilidade que proceda, que se deberá decidir en proceso social independente.

3. Se en calquera fase do proceso o afiliado expresa na oficina xudicial que non recibiu a comunicación do sindicato ou que, téndoa recibido, negase a autorización de actuación no seu nome, o xuíz ou tribunal, logo do audiencia do sindicato, acordará o arquivo das actuacións sen máis trámite.

4. Os sindicatos estarán exentos de efectuar depósitos e consignacións en todas as súas actuacións ante a orde social e gozarán do beneficio legal de xustiza gratuíta cando exerzan un interese colectivo en defensa dos traballadores e beneficiarios da Seguridade Social.

Artigo 21. *Intervención de avogado, graduado social colexiado ou procurador.*

1. A defensa por avogado e a representación técnica por graduado social colexiado terá carácter facultativo na instancia. No recurso de suplicación os litigantes deberán estar defendidos por avogado ou representados tecnicamente por graduado social colexiado. No recurso de casación e nas actuacións procesuais ante o Tribunal Supremo será preceptiva a defensa de avogado. Cando a defensa sexa facultativa, con excepción do previsto no artigo seguinte, poderaa utilizar porén calquera dos litigantes, caso en que será pola súa conta o pagamento dos honorarios ou dereitos respectivos coas excepcións recollidas na lexislación sobre asistencia xurídica gratuíta.

2. Se o demandante pretende comparecer no xuízo asistido de avogado ou representado tecnicamente por graduado social colexiado ou representado por procurador, farao constar na demanda. Así mesmo, o demandado porá esta circunstancia en coñecemento do xulgado ou tribunal por escrito, dentro dos dous días seguintes ao da súa citación para o xuízo, con obxecto de que, trasladada tal intención ao demandante, poida este estar representado tecnicamente por graduado social colexiado ou representado por procurador, designar avogado noutro prazo igual ou solicitar a súa designación a través da quenda de oficio. A falta de cumprimento destes requisitos supón a renuncia da parte ao dereito de se valer no acto de xuízo de avogado, procurador ou graduado social colexiado.

3. Se en calquera outra actuación, distinta do acto de xuízo, calquera das partes pretende actuar asistida de letrado, o secretario xudicial adoptará as medidas oportunas para garantir a igualdade das partes.

4. A solicitude de designación de avogado pola quenda de oficio polos traballadores e os beneficiarios do sistema de seguridade social que, por disposición legal teñen todos o dereito á asistencia xurídica gratuíta, dará lugar á suspensión dos prazos de caducidade ou á interrupción da prescrición de accións. Cando o avogado designado para un proceso considere insostible a pretensión deberá seguir o procedemento previsto nos artigos 32 a 35 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.

5. Os funcionarios e o persoal estatutario na súa actuación ante a orde xurisdiccional social como empregados públicos gozarán do dereito á asistencia xurídica gratuíta nos mesmos termos que os traballadores e beneficiarios do sistema de seguridade social.

Artigo 22. *Representación e defensa do Estado.*

1. A representación e defensa do Estado e demais entes do sector público rexeráse, segundo proceda, polo disposto na Lei orgánica do poder xudicial, na Lei de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas e nas demais normas que sexan de aplicación.

2. A representación e defensa das entidades xestoras e dos servizos comúns da Seguridade Social corresponderá aos letrados da Administración da Seguridade Social, sen prexuízo de que para supostos determinados se poida conferir a representación conforme as regras xerais do artigo 18 ou designarse avogado para o efecto.

CAPÍTULO III

Da intervención e chamada a xuízo do Fondo de Garantía Salarial

Artigo 23. *Intervención do Fondo de Garantía Salarial.*

1. O Fondo de Garantía Salarial, cando resulte necesario en defensa dos intereses públicos que xestiona e para exercer as accións ou recursos oportunos, poderá comparecer como parte en calquera fase ou momento da súa tramitación, naqueles procesos dos cales poidan derivar prestacións de garantía salarial, sen que tal intervención faga retroceder nin deter o curso das actuacións.

2. En supostos de empresas incursas en procedementos concursais, así como das xa declaradas insolventes ou desaparecidas, e nas demandas das cales poida derivar a responsabilidade prevista no número 8 do artigo 33 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, o secretario xudicial citará como parte o Fondo de Garantía Salarial e daralle traslado da demanda co fin de que este poida asumir as súas obrigas legais e instar o que conveña en dereito.

Igualmente deberán ser notificadas ao Fondo de Garantía as resolucións de admisión a trámite, sinalamento da vista ou incidente e demais resolucións, incluída a que poña fin ao trámite correspondente, cando poidan derivar responsabilidades para este.

3. O Fondo de Garantía Salarial disporá de plenas facultades de actuación no proceso como parte e pode opor toda clase de excepcións e medios de defensa, mesmo os persoais do demandado, e cantos feitos obstativos, impeditivos ou modificativos

poidan dar lugar á desestimación total ou parcial da demanda, así como propor e practicar proba e interpor toda clase de recursos contra as resolucións interlocutorias ou definitivas que se diten.

4. O Fondo de Garantía Salarial terá a consideración de parte na tramitación dos procedementos arbitrais, para efectos de asumir as obrigas previstas no artigo 33 do Estatuto dos traballadores. Igualmente, o Fondo de Garantía Salarial poderá impugnar os laudos arbitrais, as conciliacións extraxudiciais ou xudiciais, as conformidades e as transaccións aprobadas xudicialmente, se de tales títulos poden derivar obrigas de garantía salarial, para cuxo efecto a autoridade que os dite ou aprobe lle dará traslado destes nos ditos casos.

5. Nos supostos do número 2 deste artigo, así como cando compareza en xuízo en virtude do disposto no número 1, o Fondo de Garantía Salarial deberá alegar todos aqueles motivos de oposición que se refiran á existencia da relación laboral, circunstancias da prestación, clase ou extensión da débeda ou á falta de calquera outro requisito procesual ou substantivo. A estimación das ditas alegacións dará lugar ao pronunciamento que corresponda ao motivo de oposición alegado, segundo a súa natureza, e á exclusión ou redución da débeda, e afecta todas as partes.

A estimación da caducidade ou prescrición da acción dará lugar á absolución do empresario e do propio Fondo de Garantía, se alegasen a prescrición ou se se aprecia de oficio ou por instancia de parte a caducidade. Non obstante, se se aprecia interrupción da prescrición por ter existido reclamación extraxudicial fronte ao empresario ou recoñecemento por este da débeda, estes non producirán efectos interruptivos da prescrición fronte ao Fondo de Garantía e absolverase este, sen prexuízo do pronunciamento que proceda fronte ao empresario, salvo que o recoñecemento de débeda tivese lugar ante un servizo administrativo de mediación, arbitraje ou conciliación, ou en acta de conciliación nun proceso xudicial, caso en que a interrupción da prescrición tamén afectará o Fondo de Garantía.

A concorrencia dos requisitos para a prestación de garantía segundo o disposto no artigo 33 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores non será obxecto do procedemento xudicial que se dirixa contra o empresario para a determinación da débeda senón do procedemento administrativo ante o Fondo de Garantía e, se é o caso, do proceso xudicial ulterior que resolvan sobre a solicitude de prestación de garantía salarial.

6. Se o Fondo de Garantía fose emprazado con carácter preceptivo segundo o disposto no número 2, estará vinculado pola sentenza que se dite. Nos demais casos, a entidade de garantía estará vinculada no procedemento relativo á prestación de garantía e ante o traballador polo título xudicial que determinase a natureza e contía da débeda empresarial, sempre que concorran os requisitos para a prestación de garantía salarial e sen prexuízo dos recursos ou impugnacións que puidese ter deducido no procedemento seguido fronte ao empresario, aínda que poderá exercer accións contra quen considere verdadeiro empresario ou grupo empresarial ou calquera persoa interposta ou contra aqueles que puidesen ter contribuído a xerar prestacións indebidas de garantía salarial.

7. Nos procedementos seguidos contra o Fondo de Garantía Salarial ao abeiro da lexislación laboral, as afirmacións de feito contidas no expediente e nas cales se fundamentase a resolución deste farán fe, salvo proba en contrario.

8. O órgano xurisdiccional poderá solicitar ao Fondo de Garantía Salarial os antecedentes de que dispoña en relación cos feitos obxecto do procedemento nos procesos en que poida derivar responsabilidade para o dito organismo. O Fondo de Garantía, con independencia da súa facultade de comparecencia, poderá igualmente achegar os ditos antecedentes, aínda que non comparecese nas actuacións, en canto poida afectar a prestación de garantía salarial, e para os fins de completar os elementos de coñecemento do órgano xurisdiccional na resolución do asunto.

Artigo 24. *Pagamento de prestacións polo Fondo de Garantía Salarial e subrogación nos dereitos e accións dos traballadores.*

1. Se o pagamento das prestacións legalmente a cargo do Fondo de Garantía Salarial se tiver producido con anterioridade ao inicio da execución, ao se instar esta, en subrogación dos dereitos e accións dos traballadores que figuren no título executivo, deberase acreditar fidedignamente o aboamento das cantidades satisfeitas e que estas corresponden, en todo ou en parte, ás recoñecidas no título.

2. Despachada execución, o secretario xudicial ditará decreto en que faga constar a subrogación producida, que se notificará aos traballadores afectados ou aos seus representantes, aos cales, por se puideren conservar créditos derivados do propio título fronte á empresa executada pola parte non satisfeita polo Fondo, se lles ofrecerá a posibilidade de se constituír como executantes no prazo de quince días. As cantidades obtidas aboaranse rateadas entre o Fondo e os traballadores en proporción aos importes dos seus respectivos créditos.

TÍTULO III

Da acumulación de accións, procesos e recursos

CAPÍTULO I

Da acumulación de accións, procesos e recursos

Sección 1.ª Acumulación de accións

Artigo 25. *Requisitos da acumulación obxectiva e subxectiva de accións e reconvención.*

1. O demandante poderá acumular na súa demanda cantas accións lle competan contra o demandado, aínda que procedan de diferentes títulos, sempre que todas elas se poidan tramitar ante o mesmo xulgado ou tribunal.

2. Nos mesmos termos poderá o demandado reconvir.

3. Tamén se poderán acumular, exercéndose simultaneamente, as accións que un ou varios demandantes teñan contra un ou varios demandados, sempre que entre esas accións exista un nexos por razón do título ou causa de pedir. Entenderase que o título ou causa de pedir é idéntico ou conexo cando as accións se funden nos mesmos feitos.

4. En reclamacións sobre accidente de traballo e enfermidade profesional poderanse acumular todas as pretensións de resarcimento de danos e perdas derivadas dun mesmo feito, mesmo sobre melloras voluntarias, que o traballador prexudicado ou os seus habentes causa dirixan contra o empresario ou outros terceiros que deban responder a resultas do feito causante, incluídas as entidades aseguradoras, salvo que se debesen tramitar mediante procedemento administrativo separado, caso en que se observará o disposto no artigo 30.

5. En demandas derivadas do mesmo accidente de traballo ou enfermidade profesional, cando exista máis dun xulgado ou sección da mesma sala e tribunal, no momento da súa presentación repartiranse ao xulgado ou sección que coñeza ou coñecese do primeiro dos ditos procesos, as demandas posteriores relativas ao dito accidente de traballo ou enfermidade profesional, sempre que conste a dita circunstancia ou se poña de manifesto na demanda.

6. O demandante poderá acumular na súa demanda as pretensións que se deduzan en relación cun mesmo acto ou resolución administrativa, así como as que se refiran a varios actos ou resolucións administrativas cando exista entre eles conexión directa.

7. Cando o acto administrativo impugnado afecte unha pluralidade de destinatarios, de existir máis dun xulgado ou sección da mesma sala e tribunal, as demandas ou recursos posteriores relativos ao dito acto repartiranse ao xulgado ou sección que coñeza ou coñecese do primeiro dos ditos procesos, sempre que conste esa circunstancia ou se

poña de manifesto na demanda. Con tal fin, a Administración autora do acto impugnado comunicará ao xulgado ou tribunal, tan axiña como lle conste, se ten coñecemento da existencia doutras demandas ou recursos en que poidan concorrer os supostos de acumulación previstos nesta lei.

Artigo 26. *Supostos especiais de acumulación de accións.*

1. Sen prexuízo do disposto nos números 3 e 5 deste artigo, no número 1 do artigo 32 e no artigo 33, non se poderán acumular entre si nin a outras distintas nun mesmo xuízo, nin sequera por vía de reconvención, as accións de despedimento e demais causas de extinción do contrato de traballo, as de modificacións substanciais de condicións de traballo, as de desfrute de vacacións, as de materia electoral, as de impugnación de estatutos dos sindicatos ou da súa modificación, as de mobilidade xeográfica, as de dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral a que se refire o artigo 139, as de impugnación de convenios colectivos, as de impugnación de sancións impostas polos empresarios aos traballadores e as de tutela de dereitos fundamentais e liberdades públicas.

2. O disposto no número anterior enténdese sen prexuízo da posibilidade de reclamar nos anteriores xuízos, cando se deban seguir as ditas modalidades procesuais por imperativo do disposto no artigo 184, a indemnización derivada de discriminación ou lesión de dereitos fundamentais e liberdades públicas e demais pronunciamentos propios da modalidade procesual de tutela de tales dereitos fundamentais e liberdades públicas, conforme os artigos 182, 183 e 184.

3. Poderanse acumular nunha mesma demanda as accións de despedimento e extinción do contrato sempre que a acción de despedimento acumulada se exerza dentro do prazo establecido para a modalidade procesual de despedimento. Cando para a acción de extinción do contrato de traballo do artigo 50 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores se invoque a falta de pagamento do salario pactado, recollida na letra b) do número 1 daquel precepto, a reclamación salarial poderase acumular á acción solicitando a extinción indemnizada do vínculo, e, se é o caso, poderase ampliar a demanda para incluír as cantidades posteriormente debidas.

O traballador poderá acumular á acción de despedimento a reclamación da liquidación das cantidades debidas ata esa data conforme o número 2 do artigo 49 do Estatuto dos traballadores, sen que por isto se altere a orde de intervención do número 1 do artigo 105 desta lei. Non obstante, se pola especial complexidade dos conceptos reclamados poden derivar demoras excesivas ao proceso por despedimento, o xulgado poderá dispor, acto seguido da celebración do xuízo, que se tramiten en procesos separados as pretensións de despedimento e cantidade, para o que disporá a dedución de testemuño ou copia das actuacións e elementos de proba que considere necesarios co fin de poder ditar sentenza sobre as pretensións de cantidade no novo proceso resultante.

4. Igualmente se poderá acumular á reclamación de clasificación profesional por realización de traballos de categoría ou grupo profesional superior a reclamación das diferenzas retributivas derivadas.

5. No caso dos traballadores conceptuados polo seu cliente como autónomos economicamente dependentes, se se actúa por despedimento alegando a existencia de relación laboral, poderán acumular nunha mesma demanda á acción principal de despedimento e, dentro do mesmo prazo de caducidade que esta, a que poidan formular contra a decisión do cliente de extinguir a relación, con carácter eventual e para o caso de desestimación da primeira. Análoga regra de acumulabilidade se seguirá cando se alegue como principal a relación de autónomo dependente e como subsidiaria a relación laboral, así como no exercicio doutro tipo de accións cando se cuestione a natureza laboral ou autónoma economicamente dependente da relación.

6. Non serán acumulables entre si as reclamacións en materia de seguridade social, salvo cando teñan a mesma causa de pedir e salvo a posibilidade de alegar a lesión de dereitos fundamentais e liberdades públicas a que se refire o número 1 do artigo 140.

7. Cando se presenten demandas que acumulen obxectiva ou subxectivamente accións, o secretario xudicial verificará que concorren os presupostos indicados no artigo 25 e nos números precedentes, para dar cumprimento, se é o caso, ao disposto no artigo 19.

Artigo 27. Accións indebidamente acumuladas.

1. Se se exercen accións indebidamente acumuladas, o secretario xudicial requirirá o demandante para que no prazo de catro días emende o defecto e elixa a acción que pretende manter. En caso de que non o faga, ou se se manteña a circunstancia de non acumulabilidade entre as accións, dará conta ao tribunal para que este, se é o caso, acorde o arquivado da demanda.

2. Non obstante, cando se trate dunha demanda sometida a prazo de caducidade, á cal se acumulase outra acción, fóra dos supostos previstos nesta lei, aínda que o demandante non opte, seguirase a tramitación do xuízo por aquela, e o xuíz ou tribunal terá por non formulada a outra acción acumulada, e advertirase o demandante do seu dereito a exercela por separado.

3. Se se acumulase indebidamente unha acción suxeita a prazo de caducidade e outra ou outras accións sometidas igualmente ao dito prazo de caducidade, aínda que o demandante non opte, seguirase a tramitación do xuízo pola primeira das pretensións exercida no suplico da demanda, e en todo caso pola de despedimento se se fixese uso dela, e o xuíz ou tribunal terá por non formuladas as demais accións acumuladas, e advertirase o demandante do seu dereito a exercelas por separado.

Sección 2.^a Acumulación de procesos

Artigo 28. Acumulación de procesos seguidos ante o mesmo xulgado ou tribunal.

1. Se no mesmo xulgado ou tribunal se tramitan varias demandas contra un mesmo demandado, aínda que os demandantes sexan distintos, e se exercen nelas accións idénticas ou susceptibles de ter sido acumuladas nunha mesma demanda, acordarase, de oficio ou por instancia de parte, a acumulación dos procesos.

2. Cando en materia de prestacións de seguridade social ou sobre recarga de prestacións, se impugnar un mesmo acto administrativo, ou actos de reprodución, confirmación ou execución doutro anterior, ou actos entre os que exista conexión directa, acordarase a acumulación dos procesos aínda que non coincidan todas as partes nin a posición procesual que ocupen. A dita regra aplicarase á impugnación dun mesmo acto administrativo nas restantes materias competencia da orde social.

3. O secretario xudicial velará polo cumprimento do disposto nesta sección e porá en coñecemento do xuíz ou tribunal os procesos en que se cumpran os ditos requisitos, co fin de que se resolva sobre a acumulación.

Artigo 29. Acumulación de procesos seguidos ante distintos xulgados.

Se no caso do artigo anterior as demandas penden en distintos procesos ante dous ou máis xulgados do social dunha mesma circunscrición, tamén se acordará a acumulación de todas elas, de oficio ou por petición de parte. Esta petición deberase formular ante o xulgado ou tribunal que coñeza da demanda que tivese entrada antes no rexistro.

Artigo 30. Procesos acumulables.

1. Acordarase tamén, de oficio ou por instancia de parte, a acumulación de procesos que estean pendentes no mesmo ou distinto xulgado ou tribunal cando entre os obxectos dos procesos cuxa acumulación se pretende exista tal conexión que, de se seguiren por separado, se poidan ditar sentenzas con pronunciamentos ou fundamentos contraditorios, incompatibles ou mutuamente excluíntes.

2. Así mesmo, acumularanse os procesos que teñan a súa orixe nun mesmo accidente de traballo ou enfermidade profesional, aínda que non coincidan todas as partes ou a súa posición procesual, salvo que se debesen tramitar mediante procedementos administrativos separados, caso en que soamente se poderán acumular as impugnacións referidas a un mesmo procedemento.

3. O xuíz ou tribunal resolverá decidindo a acumulación, de se cumpriren os requisitos legais. Contra este auto non caberá outro recurso que o de reposición.

Artigo 31. Acumulación con procesos iniciados por instancia da autoridade laboral.

Aos procesos de oficio iniciados en virtude de comunicación da autoridade laboral regulados no artigo 148 acumularanse, de acordo coas regras anteriores, as demandas individuais en que concorran identidade de persoas e de causa de pedir respecto da demanda de oficio, aínda que pendan en distintos xulgados da mesma circunscrición. A dita acumulación acordaraa o xulgado ou tribunal mediante auto.

Artigo 32. Acumulación de procesos relativos á extinción do contrato de traballo ou que se refiran a actos administrativos con pluralidade de destinatarios.

1. Cando o traballador formule por separado demandas por algunha das causas previstas no artigo 50 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e por despedimento, a demanda que se promova posteriormente acumularase á primeira de oficio ou por petición de calquera das partes, e todas as cuestións suscitadas deberanse debater nun só xuízo. Para estes efectos, o traballador deberá facer constar na segunda demanda a pendencia do primeiro proceso e o xulgado que coñece do asunto.

Neste suposto, cando as accións exercidas están fundadas nas mesmas causas ou nunha mesma situación de conflito, a sentenza deberá analizar conxuntamente ambas as accións e as condutas subxacentes, dando resposta en primeiro lugar á acción que considere que está na base da situación de conflito e resolvendo despois a segunda, cos pronunciamentos indemnizatorios que procedan. Se as causas dunha ou outra acción son independentes, a sentenza debe dar prioridade á análise e resolución da acción que nacesse antes, atendido o feito constitutivo desta, ben que a súa estimación non impedirá o exame, e decisión, se é o caso, da outra acción.

2. En procesos por despedimento, o traballador poderá acumular na demanda a impugnación dos actos empresariais con efecto extintivo da relación que lle afectasen, cando entre as accións exista conexión directa e mentres non transcorrese o prazo legal de impugnación dos anteriormente producidos. Cos mesmos requisitos procederá a asignación en repartición a un mesmo xulgado das demandas contra os ditos actos extintivos, se constaren tales circunstancias, ou á acumulación de procesos que se seguisen ante o mesmo ou distintos xulgados de acordo coas disposicións deste capítulo.

3. Ás demandas de impugnación dun acto administrativo que afecte unha pluralidade de destinatarios acumularanse as que se presenten con posterioridade contra o dito acto, aínda que inicialmente o seu coñecemento tiver correspondido a outro xulgado.

Sección 3.^a Acumulación de recursos

Artigo 33. Regras da acumulación de recursos.

A acumulación de recursos de suplicación e casación rexeráse polo disposto no artigo 234.

Sección 4.^a Disposicións comúns

Artigo 34. *Momento da acumulación. Separación dun ou varios procesos dunha acumulación acordada.*

1. A acumulación de accións e procesos deberase formular e acordar antes da celebración dos actos de conciliación, se é o caso, e de xuízo, salvo que se propoña por vía de reconvenção.

2. Acordada a acumulación de procesos, o xuíz ou tribunal poderana deixar sen efecto respecto dun ou varios deles, se concorren causas que xustifiquen a súa tramitación separada.

Artigo 35. *Efectos da acumulación.*

A acumulación de accións e procesos cando proceda, producirá o efecto de se discutiren e se resolveren conxuntamente todas as cuestións suscitadas.

CAPÍTULO II

Da acumulación de execucións

Artigo 36. *Supostos de acumulación de execucións contra un mesmo debedor.*

1. Nas execucións de sentenzas e demais títulos executivos contra un mesmo debedor e ante un mesmo órgano, poderase dispor de oficio ou por instancia de parte a súa acumulación, nos termos establecidos nesta lei.

2. Igual regra reixerá nas execucións seguidas contra un mesmo debedor e ante xulgados do social distintos da mesma ou de diversa circunscrición.

Artigo 37. *Acumulación de execucións pecuniarias.*

1. Cando as accións exercidas tendan a obter a entrega dunha cantidade de diñeiro e existan indicios de que os bens do debedor ou debedores poidan ser insuficientes para satisfacer a totalidade dos créditos que se executen, o secretario xudicial deberá acordar a acumulación de execucións, de oficio ou por instancia de parte, de se seguir ante un mesmo xulgado, ou por instancia de parte, de coñeceren delas xulgados distintos.

2. Nos demais supostos, o secretario xudicial deberá acordar a acumulación, de oficio ou por instancia de parte, cando así o impoñan os criterios de economía e de conexión entre as diversas obrigas cuxa execución se pretenda.

Artigo 38. *Regras da acumulación.*

1. Os procesos de execución acumularanse ao primeiro en que se ordenou o despacho da execución. Se a dita orde é da mesma data, acumularanse atendendo á antigüidade do título, e en último caso observarase a data de presentación da demanda.

2. Se as execucións cuxa acumulación se pretenda se tramitan ante órganos xudiciais de diversa circunscrición, e na iniciada con anterioridade non figura incluída a maior parte dos traballadores e créditos afectados nin embargada con prioridade a maior parte dos bens do debedor común, corresponderalle decretar a acumulación ao secretario xudicial que con prioridade trabou embargo sobre a totalidade ou maior parte dos referidos bens.

Artigo 39. *Tramitación do incidente de acumulación.*

1. O incidente de acumulación poderase presentar por ou ante o xulgado ou tribunal competente para decretar a acumulación das execucións, nos termos indicados no artigo anterior, de oficio ou por instancia de calquera das partes.

2. De estimar procedente a acumulación, o secretario xudicial acordará mediante decreto, oídas as partes, reclamar a remisión das execucións que se pretenden acumular aos órganos xudiciais en que se tramiten.

3. Se o secretario xudicial do órgano requirido estima procedente o requirimento, ditará decreto en que acceda a isto e acorde a remisión do actuado. Contra o dito decreto caberá recurso directo de revisión.

4. Se o secretario xudicial competente para decretar a acumulación a estima improcedente ou se o requirido non accede a ela, tras ditar o decreto correspondente e unha vez que este sexa firme, elevará seguidamente á sala do social do tribunal superior inmediato común a ambos os órganos xudiciais testemuño suficiente das súas actuacións e, se é o caso, de todas as realizadas no incidente de acumulación, e comunicarllo ao outro afectado para que este faga o mesmo e remita, de non ter aínda intervido, o oportuno informe. A sala resolverá sobre a procedencia da acumulación e determinará o xulgado competente para coñecer das execucións.

Artigo 40. *Non suspensión das execucións.*

A tramitación do incidente de acumulación non suspenderá a das execucións afectadas, salvo as actuacións relativas ao pagamento aos executantes das cantidades obtidas con posterioridade á proposta do dito incidente.

Artigo 41. *Limitación temporal á acumulación de execucións e non alteración da prelación de créditos.*

1. A acumulación de execucións só se poderá instar ou acordar mentres non quede cumprida a obriga que se execute ou ata que, se é o caso, se declare a insolvencia do executado.

2. A acumulación non altera as preferencias que para o cobramento dos seus créditos poidan ter legalmente os diversos acredores.

TÍTULO IV

Dos actos procesuais

CAPÍTULO I

Das actuacións procesuais

Artigo 42. *Competencia do secretario xudicial.*

As actuacións procesuais deben ser autorizadas polo secretario xudicial na forma establecida na Lei orgánica do poder xudicial e na Lei de axuizamento civil coas especialidades previstas nesta lei.

Artigo 43. *Tempo das actuacións xudiciais.*

1. As actuacións procesuais deberanse practicar en días e horas hábiles.

2. As actuacións realizaranse no termo ou dentro do prazo fixado para a súa práctica. Transcorridos estes, darase de oficio ao proceso o curso que corresponda.

3. Salvo os prazos sinalados para ditar resolución, todos os prazos e termos son perentorios e improrrogables, e só se poderán suspender e abrir de novo nos casos taxativamente establecidos nas leis.

4. Os días do mes de agosto serán inhábiles, salvo nas modalidades procesuais de despedimento, extinción do contrato de traballo dos artigos 50 e 52 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, impugnación de resolucións administrativas en expedientes de regulación de emprego, suspensión do contrato ou redución de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, mobilidade xeográfica,

modificación substancial das condicións de traballo, dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral do artigo 139, impugnación de altas médicas, vacacións, materia electoral, conflitos colectivos, impugnación de convenios colectivos e tutela de dereitos fundamentais e liberdades públicas, tanto no proceso declarativo como en trámite de recurso ou de execución.

Tampouco serán inhábiles os ditos días para a adopción de actos preparatorios, medidas precautorias e medidas cautelares, en particular en materia de prevención de riscos laborais, accidentes de traballo e enfermidades profesionais, así como para outras actuacións que tendan directamente a asegurar a efectividade dos dereitos reclamados ou para aquelas que, de non se adoptar, poderían dar lugar a un prexuízo de difícil reparación.

Será hábil o mes de agosto para o exercicio das accións laborais derivadas dos dereitos establecidos na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

5. O xuíz ou tribunal poderá habilitar días e horas inhábiles para a práctica de actuacións cando non sexa posible practicalas en tempo hábil ou sexan necesarias para asegurar a efectividade dunha resolución xudicial. Esta habilitación realizarana os secretarios xudiciais cando teña por obxecto a realización de actuacións procesuais que se deban practicar en materias da súa exclusiva competencia, cando se trate de actuacións ordenadas por eles ou cando sexan tendentes a dar cumprimento ás resolucións ditadas por xuíces ou tribunais. Iniciada unha actuación en tempo hábil, poderá continuar ata a súa conclusión sen necesidade de habilitación.

6. Para os efectos do prazo para interpor recursos, cando nas actuacións medie unha festa oficial de carácter local ou autonómico, farase constar por dilixencia.

Artigo 44. *Lugar de presentación de escritos e documentos.*

1. As partes deberán presentar todos os escritos e documentos nos rexistros da oficina xudicial adscrita aos xulgados e salas do social.

2. Cando as oficinas xudiciais e os suxeitos intervinientes nun proceso dispoñan de medios técnicos que permitan o envío e a normal recepción de escritos iniciadores e demais escritos e documentos, de forma tal que estea garantida a autenticidade da comunicación e quede constancia fidedigna da remisión e recepción íntegras e da súa data, os escritos e documentos poderanse enviar e recibir por aqueles medios, con plenos efectos procesuais, co xustificante acreditativo que proceda de conformidade co disposto no número 5 do artigo 135 da Lei de axuízamento civil.

Artigo 45. *Prazo e lugar de presentación de escritos.*

1. Cando a presentación dun escrito estea suxeita a prazo, poderase efectuar ata as quince horas do día hábil seguinte ao do vencemento do prazo no servizo común procesual creado para tal efecto ou, de non existir este, na sede do órgano xudicial.

2. En ningún caso se admitirá a presentación de escritos dirixidos á orde social no xulgado que preste o servizo de garda.

Artigo 46. *Constancia da presentación de escritos e a súa tramitación inmediata.*

1. Na presentación de escritos e documentos, o funcionario designado para isto estampará o correspondente selo en que se fará constar a oficina xudicial ante a que se presenta e o día e hora da presentación. En todo caso, darase ao interesado recibo con tal indicación. Tamén se poderá facer constar a recepción de escritos e documentos en copia simple presentada pola parte. Cando se utilicen os medios técnicos a que se refire o artigo 44, o sistema devolverá ao interesado o xustificante acreditativo da presentación na oficina xudicial que proceda de conformidade co disposto no número 5 do artigo 135 da Lei de axuízamento civil.

2. No mesmo día ou no seguinte día hábil, o secretario xudicial dará aos escritos e documentos o curso que corresponda.

Artigo 47. *Custodia do expediente e acceso a el.*

1. Os autos permanecerán na oficina xudicial baixo a custodia do secretario, onde poderán ser examinados polos interesados que acrediten interese lexítimo, aos cales se lles deberán entregar testemuños, certificacións ou copias simples cando o soliciten, todo isto nos soportes e cos medios técnicos de que se dispoña.

2. Todo interesado poderá ter acceso ao libro de sentenzas e ao libro de decretos a que se refiren, respectivamente, os artigos 213 e 213 bis da Lei de axuízamento civil, na forma e cos medios técnicos dispoñibles na oficina xudicial.

Artigo 48. *Entrega dos autos.*

1. Só se entregarán os autos cando a lei o ordene expresamente e polo prazo sinalado. Entenderase que o prazo empeza a transcorrer desde que se notifique ao interesado que os autos están á súa disposición; o traslado material das actuacións poderase substituír pola entrega de soporte informático ou mediante o acceso telemático, se se dispón dos medios necesarios para isto, ou pola entrega por calquera destes procedementos de copia dos particulares que procedan.

2. No caso da entrega material das actuacións, se transcorrido o prazo concedido para o seu exame non foren devoltas, o secretario xudicial mediante decreto imporá ao responsable multa de vinte a douscentos euros diarios. Pasados dous días sen que estes fosen devoltos, o secretario xudicial ordenará a súa recollida; se ao intentalo non lle fosen entregados no acto, dará conta ao xuíz para que dispoña o que proceda polo atraso na devolución.

CAPÍTULO II

Das resolucións procesuais

Artigo 49. *Clases de resolucións.*

1. Os xuíces e tribunais do social adoptarán as súas decisións por medio de providencias, autos e sentenzas nos casos e coas formalidades legalmente previstas.

2. Os secretarios xudiciais resolverán por medio de dilixencias e decretos, igualmente nos casos e coas formalidades legalmente previstas.

3. Poderán ditar resolucións orais o xuíz, tribunal ou secretario xudicial durante a celebración do xuízo ou outros actos que presidan, e documentaranse na acta con expresión da decisión e motivación sucinta daquelas resolucións.

Artigo 50. *Sentenzas orais.*

1. O xuíz, no momento de rematar o xuízo, e salvo cando por razón da materia ou da contía proceda recurso de suplicación, poderá pronunciar sentenza de viva voz, co contido e cos requisitos establecidos no número 2 do artigo 97. Neste suposto, as partes poderán solicitar que se lles entregue documento que conteña a transcripción por escrito da sentenza.

Igualmente poderá aprobar mediante sentenza de viva voz, calquera que sexa a materia e a contía, a conformidade total efectuada, así como, se é o caso, os termos de execución da sentenza que lle sexan propostos de común acordo polas partes, sempre que, de proceder recurso, manifestasen estas a súa decisión de non recorrer.

2. Tamén se poderá o xuíz limitar a pronunciar a resolución, calquera que sexa a contía ou a materia, con motivación sucinta daquela, sen prexuízo da redacción posterior da sentenza dentro do prazo e na forma legalmente previstos.

3. As partes quedarán notificadas das sentenzas ditadas oralmente. Se, coñecida a sentenza de viva voz ou a resolución anticipada, as partes expresan a súa decisión de non recorrer, o xuíz no mesmo acto declarará a firmeza da sentenza.

4. Se algunha das partes non comparecese faráselle a oportuna notificación.

Artigo 51. *Autos orais.*

Nas mesmas condicións establecidas no artigo anterior o xuíz ou tribunal poderá ditar verbalmente autos ao final da comparecencia celebrada en calquera incidente suscitado durante o proceso.

Artigo 52. *Forma das resolucións.*

Toda resolución incluíra a mención do lugar e da data en que se adopte, o nome de quen a dite, a expresión de se esta é ou non firme e, se é o caso, os recursos que procedan, o órgano ante o que se deben interpor e o prazo e requisitos para isto, así como os depósitos e as consignacións que sexan necesarios e a forma de efectualos.

CAPÍTULO III

Dos actos de comunicación

Artigo 53. *Indicación do lugar das comunicacións.*

1. Os actos de comunicación efectuaranse na forma establecida no capítulo V do título V do libro I da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, coas especialidades previstas nesta lei, e sempre se deberán esgotar todas as posibles vías existentes para lograr a efectividade das notificacións.

2. No primeiro escrito ou comparecencia ante o órgano xudicial, as partes ou interesados, e, se é o caso, os profesionais designados, sinalarán un domicilio e os datos completos para a práctica de actos de comunicación.

O domicilio e os datos de localización facilitados con tal fin producirán plenos efectos e as notificacións neles intentadas sen efecto serán válidas ata que non sexan facilitados outros datos alternativos, sendo carga procesual das partes e dos seus representantes mantelos actualizados. Así mesmo, deberán comunicar os cambios relativos ao seu número de teléfono, fax, enderezo electrónico ou similares, sempre que estes últimos estean sendo utilizados como instrumentos de comunicación co tribunal.

Artigo 54. *Tempo da comunicación.*

1. As resolucións procesuais notificaranse no mesmo día da súa data, ou da publicación se é o caso, a todos os que sexan parte no xuízo, e se non é posible, no día hábil seguinte.

2. Tamén se notificarán as resolucións, cando así se mande, ás persoas e entidades a que se refiran ou nas cales poida recaer prexuízo ou teñan interese lexítimo no asunto debatido. En especial, ademais da resolución que poña fin ao proceso, notificaránselles a admisión a trámite e o sinalamento da vista.

3. Se durante o proceso o xuíz ou a sala teñen que adoptar medidas tendentes a garantir os dereitos que poidan corresponder ás partes, ou a asegurar a efectividade da resolución xudicial, e a notificación inmediata ao afectado das actuacións procesuais ou da medida cautelar, preventiva ou executiva adoptada pode pór en perigo a súa efectividade, o órgano xudicial poderá, motivadamente, acordar a demora na práctica da notificación durante o tempo indispensable para lograr a dita efectividade.

Artigo 55. *Lugar das comunicacións.*

As citacións, notificacións, emprazamentos e requirimentos faranse no local da oficina xudicial, se alí compareceren por propia iniciativa os interesados e, noutro caso, no domicilio sinalado para estes efectos.

Artigo 56. *Comunicacións fóra da oficina xudicial.*

1. As citacións, notificacións e emprazamentos que se practiquen fóra da sede da oficina xudicial faranse, calquera que sexa o destinatario, por correo certificado con xustificante de recepción; o secretario dará fe nos autos do contido do sobre remitido e o xustificante de recepción unirase a eles.

2. No exterior do sobre deberán constar as advertencias contidas no número 3 do artigo 57 dirixidas ao receptor para o caso de que non sexa o interesado.

3. No documento de xustificación de recepción farase constar a data da entrega, e será asinado polo empregado de Correos e o receptor. No caso de que este non fose o interesado consignarase o seu nome, documento de identificación, domicilio e a súa relación co destinatario.

4. Poderase dispor que a comunicación se realice por medio do servizo de telégrafo, fax, correo electrónico ou por calquera outro medio idóneo de comunicación ou de transmisión de textos se os interesados facilitan os datos indicativos para utilíalos. Adoptaranse as medidas oportunas para asegurar o contido do envío e a unión, se é o caso, do xustificante de recepción do acto comunicado, do cal quedará constancia en autos. Igualmente se poderá deixar constancia mediante dilixencia do resultado das xestións e chamadas telefónicas ou outros medios relacionados cos actos de localización e comunicación e co trámite das actuacións.

5. Cando a comunicación teña lugar utilizando medios electrónicos, telemáticos, infotelecomunicacións ou doutra clase semellante, realizarase conforme o establecido no artigo 162 da Lei de axuízamento civil.

Artigo 57. *Regras subsidiarias para as comunicacións.*

1. Se os actos de comunicación non se poden efectuar na forma indicada, practícaranse mediante entrega da copia da resolución ou de cédula ao destinatario; se non fose achado entregarase aquela ao parente máis próximo ou familiar ou empregado, maiores de catorce anos, que estean no domicilio e, no seu defecto, a quen desempeñe funcións de portaría ou conserxaría do predio.

2. Sen necesidade de se constituír no domicilio do interesado ou interesada, poderase entregar a copia da resolución ou a cédula a calquera das persoas antes mencionadas, así como a quen, pola súa relación co destinatario, poida garantir o eficaz cumprimento do acto de comunicación.

3. Farase saber ao receptor que debe cumprir o deber público que se lle encomenda; que está obrigado a entregar a copia da resolución ou a cédula ao destinatario desta, ou a darlle aviso se sabe o seu paradiro, con advertencia de que pode ser sancionado con multa de vinte a douscentos euros se se nega á recepción ou non fai a entrega o antes posible; que debe comunicar á oficina xudicial a imposibilidade de entregar a comunicación ao interesado, e que ten dereito ao resarcimento dos gastos que se lle ocasionen.

4. En todo caso, a comunicación por medio de entrega de copia da resolución ou cédula realizarase conforme o establecido nos artigos 152 e 161 da Lei de axuízamento civil.

Artigo 58. *Contido das cédulas.*

1. As cédulas conterán os seguintes requisitos:

a) O xuíz, tribunal ou secretario xudicial que ditou a resolución, a data desta e o asunto en que recaeu.

- b) O nome e apelidos da persoa a quen se faga a citación ou emprazamento.
- c) O obxecto da citación ou emprazamento.
- d) Lugar, día e hora en que debe comparecer o citado, ou o prazo dentro do cal se debe realizar a actuación a que se refire o emprazamento.
- e) A prevención de que se non comparece recaerá sobre el o prexuízo que proceda en dereito.
- f) Data de expedición da cédula e sinatura.

2. A entrega da copia da resolución ou da cédula documentarase por medio de dilixencia en que se fará constar:

- a) Data da dilixencia.
- b) Nome da persoa destinataria.
- c) Nome e sinatura da persoa a quen se fíxese a entrega e, se non for o interesado, o seu número do documento nacional de identidade no caso de españois ou o seu número de identidade reflectido na documentación equivalente e que acredite a identidade e nacionalidade do interesado no caso de estranxeiros, domicilio e relación co destinatario.
- d) Sinatura do funcionario ou encargado de documentar a entrega.

Artigo 59. *Comunicación por medio de edictos.*

1. Cando unha vez intentado o acto de comunicación e tendo utilizado os medios oportunos para a investigación do domicilio, incluída, se é o caso, a indagación a través dos rexistros, organismos, colexios profesionais, entidades e empresas, estes resultasen infrutuosos e non conste o domicilio do interesado ou se ignore o seu paradiro, consignarase por dilixencia.

2. En tal caso, o secretario xudicial mandará que o acto de comunicación se faga por medio de edictos, inserindo un extracto suficiente da resolución ou da cédula no boletín oficial correspondente, coa advertencia de que as seguintes comunicacións se farán fixando copia da resolución ou da cédula na oficina xudicial, polo medio establecido para o efecto, salvo o suposto da comunicación das resolucións que deban revestir forma de auto ou sentenza, ou de decreto cando poña fin ao proceso ou resolva un incidente, ou cando se trate de emprazamento.

Artigo 60. *Inadmisibilidade de respostas nas comunicacións. Supostos especiais de comunicación.*

1. Nas notificacións, citacións e emprazamentos non se admitirá nin consignará ningunha resposta do interesado, a non ser que se mandase na resolución. Nos requirimentos admitirase a resposta que deu o requirido, e consignarase sucintamente na dilixencia.

2. Cando os actos de comunicación se deban entender cunha persoa xurídica practícaranse, se é o caso, nas delegacións, sucursais, representacións ou axencias establecidas na localidade onde radique o xulgado ou tribunal que coñeza do asunto, aínda que carezan de poder para comparecer en xuízo as persoas que estean á fronte destas.

3. Os actos de comunicación co avogado do Estado ou co letrado das Cortes Xerais, así como cos letrados da Administración da Seguridade Social, practícaranse na súa sede oficial respectiva, de conformidade coa Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado e outras institucións públicas, e a normativa que a desenvolve e complementa. Cando dispoñan dos medios técnicos a que se refire o número 5 do artigo 56 desta lei, os actos de comunicación poderanse efectuar por aqueles medios. Estes actos entenderanse, respecto das comunidades autónomas, con quen establece a súa lexislación propia.

Os actos de comunicación ao Ministerio Fiscal, á Avogacía do Estado, aos letrados das Cortes Xerais e aos letrados das comunidades autónomas e da Administración da Seguridade Social, así como as notificacións ás partes, incluídas as que se realicen a

través dos servizos organizados polos colexios profesionais, teranse por realizados o día seguinte á data de recepción que conste na dilixencia ou no xustificante acreditativo da súa recepción cando o acto de comunicación se efectuase polos medios e cos requisitos que establece o número 1 do artigo 162 da Lei de axuízamento civil.

4. Cando se trate de comités de empresa, as dilixencias anteditas entenderanse co seu presidente ou secretario e, no seu defecto, con calquera dos seus membros.

Artigo 61. *Nulidade das comunicacións.*

Serán nulos as notificacións, citacións e emplacements que non se practiquen conforme o disposto neste capítulo. Non obstante, se o interesado se dese por informado ou consta de forma suficiente o seu coñecemento procesual ou extraprocesual dos elementos esenciais da resolución, a dilixencia producirá efecto desde ese momento.

Artigo 62. *Competencia do secretario xudicial para a remisión de oficios, mandamentos e exhortos.*

O secretario xudicial deberá expedir oficios, mandamentos, exhortos e calquera outro acto de comunicación que se acorden para solicitar a práctica de actuacións.

TÍTULO V

Da evitación do proceso

CAPÍTULO I

Da conciliación ou mediación previas e dos laudos arbitrais

Artigo 63. *Conciliación ou mediación previas.*

Será requisito previo para a tramitación do proceso o intento de conciliación ou, se é o caso, de mediación ante o servizo administrativo correspondente ou ante o órgano que asuma estas funcións, que se poderá constituír mediante os acordos interprofesionais ou os convenios colectivos a que se refire o artigo 83 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, así como mediante os acordos de interese profesional a que se refiren o artigo 13 e o número 1 do artigo 18 da Lei do Estatuto do traballo autónomo.

Artigo 64. *Excepcións á conciliación ou mediación previas.*

1. Exceptúanse do requisito do intento de conciliación ou, se é o caso, de mediación os procesos que exixan a reclamación previa en vía administrativa ou outra forma de esgotamento desta, se é o caso, os que versen sobre seguridade social, os relativos ao desfrute de vacacións e a materia electoral, mobilidade xeográfica, modificación substancial das condicións de traballo, dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral a que se refire o artigo 139, os iniciados de oficio, os de impugnación de convenios colectivos, os de impugnación dos estatutos dos sindicatos ou da súa modificación, os de tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, os procesos de anulación de laudos arbitrais, os de impugnación de acordos de conciliacións, de mediacións e de transaccións, así como aqueles en que se exerzan accións laborais de protección contra a violencia de xénero.

2. Igualmente, quedan exceptuados:

a) Aqueles procesos en que, sendo parte demandada o Estado ou outro ente público, tamén o sexan persoas privadas, sempre que a pretensión se deba someter ao trámite de reclamación previa en vía administrativa ou a outra forma de esgotamento desta e nel se poida decidir o asunto litixioso.

b) Os supostos en que, en calquera momento do proceso, despois de ter dirixido a papeleta ou a demanda contra persoas determinadas, sexa necesario dirixila ou ampliála fronte a persoas distintas das inicialmente demandadas.

3. Cando pola natureza da pretensión exercida poida ter eficacia xurídica o acordo de conciliación ou de mediación que se poida alcanzar, aínda estando exceptuado o proceso do referido requisito do intento previo, se as partes acoden en tempo oportuno voluntariamente e de común acordo a tales vías previas, suspenderanse os prazos de caducidade ou interromperanse os de prescrición na forma establecida no artigo seguinte.

Artigo 65. *Efectos da solicitude de conciliación ou de mediación previa. Os laudos arbitrais.*

1. A presentación da solicitude de conciliación ou de mediación suspenderá os prazos de caducidade e interromperá os de prescrición. O cómputo da caducidade continuará ao día seguinte de intentada a conciliación ou mediación ou transcorridos quince días hábiles, excluindo do cómputo os sábados, desde a súa presentación sen que se celebre.

2. En todo caso, transcorridos trinta días, computados na forma indicada no número anterior, sen se ter celebrado o acto de conciliación ou sen se ter iniciado mediación ou alcanzado acordo nesta terase por rematado o procedemento e cumprido o trámite.

3. Tamén se suspenderán os prazos de caducidade e interromperanse os de prescrición pola subscrición dun compromiso arbitral, celebrado en virtude dos acordos interprofesionais e os convenios colectivos a que se refire o artigo 83 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou dos derivados dos acordos de interese profesional conforme o número 4 do artigo 18 da Lei do Estatuto do traballo autónomo.

Nestes casos o cómputo da caducidade continuará ao día seguinte de que adquira firmeza o laudo arbitral; de se interpor un recurso xudicial de anulación do laudo, a continuación terá lugar desde o día seguinte á firmeza da sentenza que se dite.

Igual efecto se producirá aínda cando no procedemento arbitral se aprecie a incompetencia, e o cómputo da caducidade continuará desde a firmeza da resolución que poña fin á arbitrase.

4. As accións de impugnación e recursos xudiciais de anulación de laudos arbitrais cuxo coñecemento corresponda á orde social, cando non teñan establecido un procedemento especial, incluídos os laudos arbitrais establecidos por acordos de interese profesional dos traballadores autónomos economicamente dependentes, substanciaranse, por instancia dos interesados, polos trámites do procedemento ordinario, ante o xulgado ou tribunal a que correspondese o coñecemento do asunto sometido a arbitrase, con fundamento en exceso sobre a arbitrase, ter resolto aspectos non sometidos a el ou que non puidesen ser obxecto deste, vicio esencial de procedemento ou infracción de normas imperativas. A acción caducará no prazo de trinta días hábiles, excluídos os sábados, domingos e festivos, desde a notificación do laudo.

De formularen a impugnación o Fondo de Garantía Salarial, en relación con posibles obrigas de garantía salarial, ou outros terceiros posibles prexudicados, poderase fundamentar en ilegalidade ou lesividade e o prazo para o exercicio da acción contará desde que puidesen ter coñecido a existencia do laudo arbitral.

Artigo 66. *Consecuencias da non asistencia ao acto de conciliación ou de mediación.*

1. A asistencia ao acto de conciliación ou de mediación é obrigatoria para os litigantes.

2. Cando estando debidamente citadas as partes para o acto de conciliación ou de mediación non compareza o solicitante nin alegue causa xusta, terase por non presentada a papeleta de conciliación ou a solicitude de mediación, e arquivarase todo o actuado.

3. Se non comparece a outra parte, debidamente citada, farase constar expresamente na certificación da acta de conciliación ou de mediación e terase a conciliación ou a mediación por intentada sen efecto, e o xuíz ou tribunal imporán as

custas do proceso á parte que non comparecese sen causa xustificada, incluídos os honorarios, ata o límite de seiscentos euros, do letrado ou graduado social colexiado da parte contraria que interviñese, se a sentenza que no seu día dite coincide esencialmente coa pretensión contida na papeleta de conciliación ou na solicitude de mediación.

Artigo 67. Impugnación do acordo de conciliación ou de mediación.

1. O acordo de conciliación ou de mediación poderá ser impugnado polas partes e por aqueles que puidesen sufrir prexuízo por aquel, ante o xulgado ou tribunal a que correspondeu o coñecemento do asunto obxecto da conciliación ou da mediación, mediante o exercicio polas partes da acción de nulidade polas causas que invalidan os contratos ou polos posibles prexudicados con fundamento na súa ilegalidade ou lesividade.

2. A acción caducará aos trinta días hábiles, excluídos os sábados, domingos e festivos, seguintes a aquel en que se adoptou o acordo. Para os posibles prexudicados o prazo contará desde que o poidan ter coñecido.

Artigo 68. Executividade do acordo de conciliación ou de mediación e dos laudos arbitrais firmes.

1. O acordado en conciliación ou en mediación constituirá título para iniciar accións executivas sen necesidade de ratificación ante o xuíz ou tribunal, e poderase levar a efecto polos trámites previstos no libro cuarto desta lei.

2. Entenderanse equiparados ás sentenzas firmes para efectos de execución definitiva os laudos arbitrais igualmente firmes, individuais ou colectivos, ditados polo órgano que se poida constituír mediante os acordos interprofesionais e os convenios colectivos a que se refire o artigo 83 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, os laudos arbitrais establecidos por acordos de interese profesional dos traballadores autónomos economicamente dependentes conforme o número 4 do artigo 18 da Lei do Estatuto do traballo autónomo, así como os laudos recaídos en materia electoral, os que poñan fin á folga ou a conflitos colectivos ou outros cuxo coñecemento corresponda á orde social, exclusivamente nos concretos pronunciamentos de condena que pola súa natureza sexan susceptibles da dita execución e salvo os pronunciamentos que teñan eficacia normativa ou interpretativa.

CAPÍTULO II

Do esgotamento da vía administrativa previa á vía xudicial

Artigo 69. Reclamación administrativa previa ou esgotamento da vía administrativa previa á vía xudicial social.

1. Para poder demandar o Estado, comunidades autónomas, entidades locais ou entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes deles será requisito necesario ter interposto reclamación previa á vía xudicial social, ou, se é o caso, ter esgotado a vía administrativa, cando así proceda, de acordo co establecido na normativa de procedemento administrativo aplicable.

En todo caso, a Administración pública deberá notificar aos interesados as resolucións e actos administrativos que afecten os seus dereitos e intereses. A notificación debe conter o texto íntegro da resolución, con indicación de se é ou non definitivo na vía administrativa, a expresión dos recursos ou da reclamación administrativa previa que procedan, o órgano ante o que se deben presentar e prazo para interpoles, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, se é o caso, calquera outro que consideren procedente.

As notificacións que conteñan o texto íntegro do acto e omitan algún dos demais requisitos previstos no parágrafo anterior manterán suspendidos os prazos de caducidade e interrompidos os de prescrición e unicamente producirán efecto a partir da data en que o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da

resolución ou acto obxecto da notificación ou resolución, ou interpoña calquera recurso ou reclamación que proceda.

2. Notificada a denegación da reclamación ou transcorrido un mes sen ter sido notificada, ou desde que se deba entender esgotada a vía administrativa nos demais casos, o interesado poderá formalizar a demanda no prazo de dous meses ante o xulgado ou a sala competente. Á demanda xuntarse copia da resolución denegatoria ou documento acreditativo da presentación da reclamación ou da interposición ou resolución do recurso administrativo, segundo proceda, e unirase copia de todo isto para a entidade demandada.

3. Nas accións derivadas de despedimento e demais accións suxeitas a prazo de caducidade, o prazo de interposición da demanda será de vinte días hábiles, ou o especial que sexa aplicable, contados a partir do día seguinte a aquel en que se producise o acto ou a notificación da resolución impugnada, ou desde que se deba entender esgotada a vía administrativa nos demais casos, ben que a interposición da reclamación previa suspende o prazo de caducidade, nos termos do artigo 73.

Artigo 70. Excepcións á reclamación administrativa previa ou ao esgotamento da vía administrativa.

1. Exceptúanse do requisito de reclamación previa os procesos relativos a disfrute de vacacións, materia electoral, mobilidade xeográfica, modificación substancial das condicións de traballo, dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral a que se refire o artigo 139, procedementos de oficio, conflitos colectivos, impugnación de convenios colectivos, impugnación de estatutos dos sindicatos ou da súa modificación, tutela de dereitos fundamentais e liberdades públicas, que nestes últimos é potestativo, e reclamacións contra o Fondo de Garantía Salarial, ao abeiro do previsto no artigo 33 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

2. Non será necesario esgotar a vía administrativa para interpor demanda de tutela de dereitos fundamentais e liberdades públicas fronte a actos das administracións públicas no exercicio das súas potestades en materia laboral e sindical, ben que o prazo para a interposición da demanda será de vinte días desde o día seguinte ao da notificación do acto ou ao transcurso do prazo fixado para a resolución, sen máis trámites; cando a lesión do dereito fundamental teña a súa orixe na inactividade administrativa ou en actuación en vías de feito, ou se interpuxese potestativamente un recurso administrativo, o prazo de vinte días iniciárase transcorridos vinte días desde a reclamación contra a inactividade ou vía de feito, ou desde a presentación do recurso, respectivamente.

3. Tamén se exceptúa do requisito de reclamación previa o exercicio das accións laborais derivadas dos dereitos establecidos na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Artigo 71. Reclamación administrativa previa en materia de prestacións de seguridade social.

1. Será requisito necesario para formular demanda en materia de prestacións de seguridade social, que os interesados interpoñan reclamación previa ante a entidade xestora destas. Exceptúanse os procedementos de impugnación das resolucións administrativas expresadas en que se acorda a alta médica emitidas polos órganos competentes das entidades xestoras da Seguridade Social ao se esgotar o prazo de duración de trescentos sesenta e cinco días da prestación de incapacidade temporal.

2. A reclamación previa deberase interpor ante o órgano competente que ditase resolución sobre a solicitude inicial do interesado, no prazo de trinta días desde a súa notificación, se é expresa, ou desde a data en que, conforme a normativa reguladora do procedemento de que se trate, se deba entender producido o silencio administrativo.

Nos procedementos de impugnación de altas médicas non exentos de reclamación previa segundo o número 1 deste artigo, a reclamación previa interporase no prazo de once días desde a notificación da resolución.

3. Se a resolución, expresa ou presunta, fose ditada por unha entidade colaboradora, a reclamación previa interporase, no mesmo prazo, ante a propia entidade colaboradora se ten atribuída a competencia para resolver, ou noutro caso ante o órgano correspondente da entidade xestora ou organismo público xestor da prestación.

4. Cando no recoñecemento inicial ou na modificación dun acto ou dereito en materia de seguridade social, a entidade correspondente estea obrigada a proceder de oficio, no caso de que non se produza acordo ou resolución, o interesado poderá solicitar que se dite, e esta solicitude terá valor de reclamación previa. Do mesmo modo poderá reiterarse a reclamación previa de ter caducado a anterior, mentres non prescribise o dereito e sen prexuízo dos efectos retroactivos que proceda dar a esta.

5. Formulada reclamación previa en calquera dos supostos mencionados neste artigo, a entidade deberá contestala expresamente no prazo de corenta e cinco días. En caso contrario entenderase denegada a reclamación por silencio administrativo.

Nos procedementos de impugnación de altas médicas en que se deba interpor reclamación previa, o prazo para a súa contestación será de sete días, e entenderase desestimada unha vez transcorrido o dito prazo.

6. A demanda deberase formular no prazo de trinta días, contados desde a data en que se notifique a denegación da reclamación previa ou desde o día en que se entenda denegada por silencio administrativo.

Nos procesos de impugnación de altas médicas o prazo anterior será de vinte días que, cando non sexa exixible reclamación previa, se computarán desde a adquisición de plenos efectos da alta médica ou desde a notificación da alta definitiva acordada pola entidade xestora.

7. As entidades ou organismos xestores da Seguridade Social expedirán recibo de presentación ou selarán debidamente, con indicación da data, as copias das reclamacións que se dirixan en cumprimento do disposto nesta lei. Este recibo ou copia selada, ou o xustificante de presentación polos procedementos e rexistros alternativos que estean establecidos pola normativa administrativa aplicable deberanse xuntar inescusablemente coa demanda.

Artigo 72. *Vinculación respecto á reclamación ou vía administrativa previa.*

No proceso non poderán introducir as partes variacións substanciais de tempo, cantidades ou conceptos respecto dos que fosen obxecto do procedemento administrativo e das actuacións dos interesados ou da Administración, ben en fase de reclamación previa ou ben de recurso que esgote a vía administrativa, salvo en canto aos feitos novos ou que non se puidesen coñecer con anterioridade.

Artigo 73. *Efectos da reclamación administrativa previa ou da vía administrativa.*

A reclamación previa interromperá os prazos de prescripción e suspenderá os de caducidade, e estes últimos continuarán o día seguinte ao da notificación da resolución ou do transcurso do prazo en que se deba entender desestimada.

TÍTULO VI

Dos principios do proceso e dos deberes procesuais

Artigo 74. *Principios do proceso.*

1. Os xuíces e tribunais da orde xurisdiccional social e os secretarios xudiciais na súa función de ordenación do procedemento e demais competencias atribuídas polo artigo 456 da Lei orgánica do poder xudicial, interpretarán e aplicarán as normas reguladoras do proceso social ordinario segundo os principios de inmediatez, oralidade, concentración e celeridade.

2. Os principios indicados no número anterior orientarán a interpretación e aplicación das normas procesuais propias das modalidades procesuais reguladas nesta lei.

Artigo 75. *Deberes procesuais das partes.*

1. Os órganos xudiciais rexeitarán de oficio en resolución fundada as peticións, incidentes e excepcións formuladas con finalidade dilatoria ou que entrañen abuso de dereito. Así mesmo, corruxarán os actos que, ao abeiro do texto dunha norma, persigan un resultado contrario ao previsto na Constitución e nas leis para o equilibrio procesual, a tutela xudicial e a efectividade das resolucións.

2. Aqueles que non sexan parte no proceso deben cumprir as obrigas que lles imponhan os xuíces e tribunais dirixidas a garantir os dereitos que poidan corresponder ás partes e a asegurar a efectividade das resolucións xudiciais.

3. Se se produce un dano avaliable economicamente, o prexudicado poderá reclamar a oportuna indemnización ante o xulgado ou tribunal que estea coñecendo ou coñecese o asunto principal.

4. Todos se deberán axustar nas súas actuacións no proceso ás regras da boa fe. De se vulneraren estas, así como en caso de formulación de pretensións temerarias, sen prexuízo do disposto no número anterior, o xuíz ou tribunal poderá impor mediante auto, en peza separada, de forma motivada e respectando o principio de proporcionalidade, ponderando as circunstancias do feito, a capacidade económica e os prexuízos causados ao proceso e a outros intervenientes ou a terceiros, unha multa que poderá oscilar entre cento oitenta e seis mil euros, sen que en ningún caso poida superar a contía da terceira parte do litixio.

Aquel ao que se lle impuxese a multa prevista no parágrafo anterior poderá ser oído en xustiza. A audiencia en xustiza pedirase no prazo dos tres días seguintes ao da notificación da multa, mediante escrito presentado ante o xuíz ou tribunal que a impuxese. A audiencia será resolta mediante auto contra o cal caberá recurso de alzada en cinco días ante a sala de goberno correspondente, que o resolverá logo de informe do xuíz ou sala que impuxo a multa.

De se apreciar temeridade ou mala fe na sentenza ou na resolución dos recursos de suplicación ou casación, observarase o disposto nas súas regras respectivas.

5. O incumprimento das obrigas de colaboración co proceso e de cumprir as resolucións dos xuíces e tribunais e dos secretarios xudiciais na súa función de ordenación do procedemento e demais competencias atribuídas polo artigo 456 da Lei orgánica do poder xudicial, sen prexuízo do previsto nos números 3 e 4 anteriores, darán lugar, respectivamente, á aplicación dos constrinximentos pecuniarios ás partes e das multas coercitivas aos demais intervenientes ou terceiros, nos termos establecidos nos números 2 e 3 do artigo 241, que poderán ser oídos en xustiza na forma prevista no número anterior.

LIBRO SEGUNDO

Do proceso ordinario e das modalidades procesuais

TÍTULO I

Do proceso ordinario

CAPÍTULO I

Dos actos preparatorios e dilixencias preliminares, da anticipación e aseguramento da proba e das medidas cautelares

Sección 1.^a Actos preparatorios e dilixencias preliminares

Artigo 76. Solicitude de actos preparatorios e dilixencias preliminares.

1. Quen pretenda demandar, poderá solicitar do órgano xudicial que aquel contra quen se propoña dirixir a demanda preste declaración acerca dalgún feito relativo á personalidade, capacidade, representación ou lexitimación deste ou, con igual finalidade, achegue algún documento cuxo coñecemento sexa necesario para o xuízo.

Igualmente poderá solicitar, quen pretenda demandar, a determinación de quen son os socios, partícipes, membros ou xestores dunha entidade sen personalidade e as dilixencias necesarias encamiñadas á determinación do empresario e dos integrantes do grupo ou unidade empresarial, así como a determinación das persoas concorrentes á produción dun dano coa persoa a que se pretenda demandar e a cobertura do risco, se é o caso.

2. O xuízo poderase tamén preparar por petición de quen pretenda iniciar un proceso para a defensa dos intereses colectivos, co obxecto de concretar os integrantes do grupo de afectados cando, non estando determinados, sexan facilmente determinables. Para tal efecto, o tribunal adoptará as medidas oportunas para a indagación dos integrantes do grupo, de acordo coas circunstancias do caso e conforme os datos suministrados polo solicitante, incluíndo o requirimento ao demandado para que colabore na dita determinación.

3. Poderase formular tamén petición de práctica doutras dilixencias e indagacións necesarias para preparar o xuízo das previstas no artigo 256 da Lei de axuizamento civil.

4. Cando a realización da dilixencia solicitada poida afectar a intimidade persoal ou outro dereito fundamental, o xulgado ou tribunal, de non mediar o consentimento do afectado, poderá autorizar a dita actuación na forma e coas garantías establecidas nos números 4 a 6 do artigo 90.

5. A Inspección de Traballo e Seguridade Social e, se é o caso, a Administración laboral, no exercicio das súas funcións, cando o centro de traballo sometido a inspección coincida co domicilio da persoa afectada, poderá solicitar a correspondente autorización xudicial, se o titular se opón ou existe risco de tal oposición, en relación cos procedementos administrativos de que coñeza ou poida coñecer posteriormente a xurisdición social, ou para posibilitar calquera outra medida de inspección ou control que poida afectar dereitos fundamentais ou liberdades públicas.

6. Contra a resolución xudicial que denegue a práctica destas dilixencias non caberá ningún recurso, sen prexuízo do que no seu día se poida interpor contra a sentenza.

Artigo 77. Exhibición previa de documentos.

1. En todos aqueles supostos en que o exame de libros e contas ou a consulta de calquera outro documento se demostre imprescindible para fundamentar a demanda ou a súa oposición, quen pretenda demandar ou prevexa que vai ser demandado poderá solicitar do órgano xudicial a comunicación dos ditos documentos. Cando se trate de

documentos contables poderá o solicitante acudir asesorado por un experto na materia, que estará sometido aos deberes que poidan incumbirle profesionalmente en relación coa salvagarda do segredo da contabilidade. As custas orixinadas polo asesoramento do experto correrán a cargo de quen solicite os seus servizos.

2. O órgano xudicial resolverá por auto, dentro do segundo día, o que considere precedente, fixará a forma de levar a efecto a comunicación dos ditos elementos e adoptará, se é o caso, as medidas necesarias para que o exame se leve a efecto da forma menos gravosa e sen que a documentación saia do poder do seu titular, para cuxo efecto poderá dispor que a parte en cuxo poder estean os documentos facilite á parte interesada ou ao seu experto contable unha copia deles, en soporte preferiblemente electrónico, permitindo o cotexo da dita copia ou versión co documento orixinal.

3. As anteriores medidas poderán ser solicitadas igualmente polas partes durante o proceso coa antelación prevista no número 3 do artigo 90, sempre que non dean lugar á suspensión do acto de xuízo.

Sección 2.^a Anticipación e aseguramento da proba

Artigo 78. Causas e normas aplicables á anticipación da proba.

1. Quen pretenda demandar ou presuma que vai ser demandado poderá solicitar previamente do xuíz ou tribunal a práctica anticipada dalgún medio de proba cando exista o temor fundado de que, por causa das persoas ou do estado das cousas, os ditos actos non se poidan realizar no momento procesual xeralmente previsto ou cuxa realización presente graves dificultades no dito momento, incluído o exame de testemuñas cando pola idade avanzada dalgunha destas, perigo inminente da súa vida, proximidade dunha ausencia ou estadia nun lugar co cal sexan imposibles ou difíciles as comunicacións ou calquera outro motivo grave e xustificadísimo, sexa presumible que non vai ser posible manter o seu dereito por falta de xustificación.

2. Calquera das partes unha vez iniciado o proceso, pero en todo caso sen dar lugar á suspensión do acto de xuízo, poderá solicitar a práctica anticipada de probas que non poidan ser realizadas no acto do xuízo, ou cuxa realización presente graves dificultades no dito momento. O xuíz ou tribunal decidirá o pertinente para a súa práctica nos termos previstos pola norma que regule o medio de proba correspondente e con suxeición no demais, en canto resulte aplicable, ao disposto nos artigos 293 a 297 e número 1 do artigo 298 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil. Contra a resolución denegatoria non caberá ningún recurso, sen prexuízo do que, por este motivo, se poida interpor no seu día contra a sentenza.

Sección 3.^a Medidas cautelares

Artigo 79. Réxime aplicable para a adopción de medidas cautelares.

1. As medidas cautelares que resulten necesarias para asegurar a efectividade da tutela xudicial que se puidese acordar en sentenza rexeranse polo disposto nos artigos 721 a 747 da Lei de axuizamento civil coa necesaria adaptación ás particularidades do proceso social e oídas as partes, ben que se poderá anticipar en forma motivada a efectividade das medidas cando o solicitante así o pida e acredite que concorren razóns de urxencia ou que a audiencia previa pode comprometer o bo fin da medida cautelar.

Cando o proceso verse sobre a impugnación de actos de administracións públicas en materia laboral e de seguridade social, a adopción de medidas cautelares rexerase, no non previsto nesta lei, polo disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, nos seus artigos 129 a 136.

Os traballadores e beneficiarios de prestacións de seguridade social e os sindicatos, en canto desempeñan a representación colectiva dos seus intereses, así como as asociacións representativas dos traballadores autónomos economicamente dependentes,

estarán exentos da prestación de caucións, garantías e indemnizacións relacionadas coas medidas cautelares que se poidan acordar.

2. O órgano xudicial, de oficio ou por instancia de parte interesada ou do Fondo de Garantía Salarial, nos casos en que poida derivar a súa responsabilidade, poderá decretar o embargo preventivo de bens do demandado en contía suficiente para cubrir o reclamado na demanda e o que se calcule para as custas de execución, cando aquel realice calquera acto do cal se poida presumir que se pretende situar en estado de insolvencia ou impedir a efectividade da sentenza.

3. O órgano xudicial poderá requirir o solicitante do embargo, no termo dunha audiencia, para que presente documentos, información testifical ou calquera outra proba que xustifique a situación alegada. Nos casos en que poida derivar responsabilidade do Fondo de Garantía Salarial, este deberá ser citado co fin de sinalar bens.

4. A solicitude de embargo preventivo poderá ser presentada en calquera momento do proceso antes da sentenza, sen que por isto se suspenda o curso das actuacións.

5. En reclamacións derivadas de accidente de traballo e enfermidade profesional, sen prexuízo das medidas anteriores, poderanse acordar as referidas no número 1 do artigo 142 en relación co aseguramento empresarial ao respecto, así como o embargo preventivo e demais medidas cautelares previstas neste artigo respecto de calquera clase de responsabilidades empresariais e de terceiros derivadas das ditas contingencias.

6. En procedementos referidos ás resolucións da autoridade laboral sobre paralización de traballos por risco para a seguridade e saúde dos traballadores, así como en caso de responsabilidade empresarial sobre enfermidades profesionais por falta de recoñecementos médicos, poderanse adoptar as medidas a que se refire o número anterior deste artigo para efectos do aseguramento das responsabilidades empresariais derivadas, conforme o disposto no artigo 195 e número 2 do artigo 197 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

7. Nos procesos en que se exerza a acción de extinción do contrato de traballo por instancia do traballador, con fundamento no artigo 50 do Estatuto dos traballadores, naqueles casos en que se xustifique que a conduta empresarial prexudica a dignidade ou a integridade física ou moral do traballador, pode comportar unha posible vulneración dos seus demais dereitos fundamentais ou liberdades públicas ou posibles consecuencias de tal gravidade que poidan facer inexixible a continuidade da prestación na súa forma anterior, poderase acordar, por instancia do demandante, algunha das medidas cautelares recollidas no número 4 do artigo 180 desta lei, con mantemento do deber empresarial de cotizar e de aboar os salarios sen prexuízo do que se poida resolver na sentenza.

CAPÍTULO II

Do proceso ordinario

Sección 1.^a Demanda

Artigo 80. *Forma e contido da demanda.*

1. A demanda formularase por escrito, podendo utilizar os formularios e procedementos facilitados para o efecto na oficina xudicial onde se deba presentar, e deberá conter os seguintes requisitos xerais:

a) A designación do órgano ante quen se presente, así como a expresión da modalidade procesual a través da cal entenda que se deba axuizar a súa pretensión.

b) A designación do demandante, nos termos do artigo 16 desta lei, con expresión do número do documento nacional de identidade ou do número e tipo de documento de identificación dos cidadáns estranxeiros, e daqueles outros interesados que deban ser chamados ao proceso e os seus domicilios, indicando o nome e apelidos das persoas físicas e a denominación social das persoas xurídicas. Se a demanda se dirixe contra

unha masa patrimonial, patrimonio separado, entidade ou grupo carente de personalidade, ademais de identificalos suficientemente, deberase facer constar o nome e apelidos daqueles que aparezan como administradores, organizadores, directores, xestores, socios ou partícipes, e os seus domicilios, sen prexuízo das responsabilidades legais da masa patrimonial, entidade ou grupo e dos seus xestores e integrantes.

c) A enumeración clara e concreta dos feitos sobre os que verse a pretensión e de todos aqueles que, segundo a lexislación substantiva, resulten imprescindibles para resolver as cuestións expostas. En ningún caso se poderán alegar feitos distintos dos aducidos en conciliación ou mediación nin introducirse respecto da vía administrativa previa variacións substanciais nos termos previstos no artigo 72, salvo os feitos novos ou que non se puidesen coñecer con anterioridade.

d) A súplica correspondente, nos termos adecuados ao contido da pretensión exercida.

e) Se o demandante litiga por si mesmo, designará un domicilio, de ser posible na localidade onde resida o xulgado ou tribunal, no cal se practicarán todas as dilixencias que se deban entender con el. A designación deberase efectuar con indicación completa de todos os datos de identificación do domicilio facilitado, así como número de fax, teléfono e enderezo electrónico se dispón deles, para a práctica de toda clase de comunicacións polos ditos medios. Se designa letrado, graduado social colexiado ou procurador deberá ir subscripta polo profesional, que se entenderá que asume a súa representación con plenas facultades procesuais e facilitará os mesmos datos anteriores, sen prexuízo da ratificación posterior en xuízo do demandante salvo que con anterioridade outorgue poder en forma, por algún dos medios admitidos en dereito ou que, con posterioridade, se efectúe revogación ou renuncia comunicada de forma efectiva.

f) Data e sinatura.

2. Da demanda e documentos que a acompañen o demandante presentará tantas copias como demandados e demais interesados no proceso haxa, así como para o Ministerio Fiscal, nos casos en que legalmente deba intervir, así como dos demais documentos requiridos segundo a modalidade procesual aplicable.

3. Á demanda xuntarase a documentación xustificativa de ter intentado a conciliación ou mediación previas, ou de ter transcorrido o prazo exixible para a súa realización sen que se celebrasen, ou do esgotamento da vía administrativa, cando proceda, ou alegación de non seren necesarias estas, así como os restantes documentos de presentación preceptiva coa demanda segundo a modalidade procesual aplicable.

Artigo 81. *Admisión da demanda.*

1. O secretario xudicial, dentro dos tres días seguintes á recepción da demanda, dará conta ao xuíz ou tribunal, se entende que concorren os supostos de falta de xurisdición ou competencia ou, noutro caso, sen prexuízo dos procedementos de sinalamento inmediato que se poidan establecer, resolverá sobre a admisión a trámite daquela, con sinalamento de xuízo na forma prevista no artigo seguinte, ou advertirá a parte dos defectos ou omisións en que incorrese ao redactar a demanda en relación cos presupostos procesuais necesarios que poden impedir a válida prosecución e remate do proceso, así como en relación cos documentos de preceptiva presentación coa demanda, salvo o disposto no número 3 deste mesmo artigo para a conciliación ou mediación previa, co fin de que os emende dentro do prazo de catro días.

2. Realizada a emenda, o secretario xudicial dentro dos tres días seguintes admitirá a demanda. Noutro caso, dará conta ao xuíz ou tribunal para que este resolva, dentro dos tres días seguintes, sobre a súa admisibilidade.

3. Se á demanda non se xunta certificación do acto de conciliación ou mediación previa, ou da papeleta de conciliación ou da solicitude de mediación, de non se ter celebrado en prazo legal, o secretario xudicial, sen prexuízo de resolver sobre a admisión e proceder ao sinalamento, advertirallo ao demandante que debe acreditar a celebración ou o intento do expresado acto no prazo de quince días, contados a partir do día seguinte

ao da recepción da notificación, con apercibimento de arquivo das actuacións en caso contrario, e queda sen efecto o sinalamento efectuado.

4. Se a demanda é admisible, ou unha vez emendada esta, e nela se solicitan dilixencias de preparación da proba que hai que realizar en xuízo, así como nos casos de solicitude posterior dentro do prazo legal de tales dilixencias ou de calquera outra dilixencia de anticipación ou aseguramento da proba, darase conta ao xuíz ou tribunal para que resolva o procedente, dentro dos tres días seguintes, debendo notificarse a resolución correspondente xunto coa admisión a tramite da demanda e a notificación do sinalamento.

Artigo 82. *Sinalamento dos actos de conciliación e xuízo.*

1. De ser admitida a demanda, unha vez verificada a concorrencia dos requisitos exixidos, na mesma resolución de admisión a trámite o secretario xudicial sinalará o día e a hora en que deban ter lugar sucesivamente os actos de conciliación e xuízo, debendo mediar un mínimo de dez días entre a citación e a efectiva celebración dos ditos actos, salvo nos supostos en que a lei dispoña outro distinto e nos supostos de novo sinalamento despois dunha suspensión.

No sinalamento das vistas e xuízos o secretario xudicial atenderá aos criterios establecidos no artigo 182 da Lei de axuizamento civil e procurará, na medida do posible, sinalar nun mesmo día os que se refiran aos mesmos interesados e non poidan ser acumulados, así como relacionar os sinalamentos dos procesos en que se deba intentar a conciliación previa por parte do secretario xudicial cos exentos do dito trámite. En especial, as audiencias e vistas que requiran a presenza do representante do Ministerio Fiscal, avogado do Estado, letrados das Cortes Xerais, letrados da Administración da Seguridade Social, das comunidades autónomas ou da Administración local, serán agrupadas, e sinalarase de forma consecutiva.

2. A celebración dos actos de conciliación e xuízo, o primeiro ante o secretario xudicial e o segundo ante o xuíz ou maxistrado, terá lugar en única convocatoria pero en sucesivos actos, debendo facerse para este efecto a citación en forma, con entrega aos demandados, aos interesados e, se é o caso, ao Ministerio Fiscal, de copia da demanda e demais documentos; así como requirindo da Administración pública a remisión do expediente administrativo, cando proceda, dentro dos dez días seguintes á notificación.

3. Nas cédulas de citación farase constar que os actos de conciliación e xuízo non se poderán suspender por incomparecencia do demandado, así como que os litigantes deben concorrer ao xuízo con todos os medios de proba de que se intenten valer e que poderán formalizar conciliación en evitación do xuízo, por medio de comparecencia ante a oficina xudicial, sen esperar á data do sinalamento, así como someter a cuestión aos procedementos de mediación que poidan estar constituídos de acordo co disposto no artigo 63 desta lei, adoptando as medidas oportunas para tal fin, sen que isto dea lugar á suspensión, salvo que de común acordo o soliciten ambas as partes, xustificando a submisión á mediación, e polo tempo máximo establecido no procedemento correspondente que, en todo caso, non poderá exceder os quince días.

4. De oficio ou por petición de parte, poderase requirir o traslado previo entre as partes ou a achega anticipada, en soporte preferiblemente informático, con cinco días de antelación ao acto de xuízo, da proba documental ou pericial que, polo seu volume ou complexidade, sexa conveniente posibilitar o seu exame previo ao momento da práctica da proba.

5. Cando a representación e defensa en xuízo sexa atribuída ao avogado do Estado, concederáselle un prazo de vinte e dous días para a consulta á Avogacía Xeral do Estado–Dirección do Servizo Xurídico do Estado. Cando a representación e defensa en xuízo sexa atribuída ao letrado da Administración da Seguridade Social, concederáselle igualmente un prazo de vinte e dous días para a consulta á Dirección do Servizo Xurídico da Administración da Seguridade Social. Este mesmo prazo entenderase, respecto das comunidades autónomas, para consulta ao organismo que estableza a súa lexislación propia, así como cando a representación e presenza en xuízo sexa atribuída ao letrado

das Cortes Xerais. O sinalamento do xuízo farase de modo que teña lugar en data posterior ao indicado prazo.

Sección 2.^a Conciliación e xuízo

Artigo 83. Suspensión dos actos de conciliación e xuízo.

1. Só por petición de ambas as partes ou por motivos xustificadas, acreditados ante o secretario xudicial, poderá este suspender, por unha soa vez, os actos de conciliación e xuízo, que se sinalarán novamente dentro dos dez días seguintes á data da suspensión. Excepcionalmente e por circunstancias transcendentales adecuadamente probadas, poderase acordar unha segunda suspensión.

En caso de coincidencia de sinalamentos, de non ser posible a substitución dentro da mesma representación ou defensa, unha vez xustificadas os requisitos do ordinal 6.^o do número 1 do artigo 188 da Lei de axuízamento civil, logo de comunicación polo solicitante aos demais profesionais sempre que consten os seus datos no procedemento, procurarase, ante todo, acomodar o sinalamento dentro da mesma data e, no seu defecto, habilitar novo sinalamento, adoptando as medidas necesarias para evitar novas coincidencias.

2. Se o demandante, citado en forma, non comparece nin alega causa xusta que motive a suspensión do acto de conciliación ou do xuízo, o secretario xudicial no primeiro caso e o xuíz ou tribunal no segundo, terano por desistido da súa demanda.

3. A incomparecencia inxustificada do demandado non impedirá a celebración dos actos de conciliación e xuízo, e este continuará sen necesidade de declarar a súa rebeldía.

Artigo 84. Celebración do acto de conciliación.

1. O secretario xudicial intentará a conciliación, levando a cabo o labor mediador que lle é propio, e advertirá as partes dos dereitos e obrigas que lles poidan corresponder. Se as partes alcanzan a avinza, ditará decreto que a aprobe e acorde, ademais, o arquivo das actuacións. Do mesmo modo, corresponderá ao secretario xudicial a aprobación do acordo alcanzado polas partes antes do día sinalado para os actos de conciliación e xuízo. A conciliación e a resolución aprobatoria, oral ou escrita, documentaranse na propia acta de comparecencia.

A conciliación alcanzada ante o secretario xudicial e os acordos logrados entre as partes aprobados por aquel terán, para todos os efectos legais, a consideración de conciliación xudicial.

2. Se o secretario xudicial estima que o convido é constitutivo de lesión grave para algunha das partes ou para terceiros, de fraude de lei ou de abuso de dereito ou contrario ao interese público, non aprobará o acordo, e advertiralles ás partes que deben comparecer a presenza xudicial para a celebración do acto do xuízo.

3. En caso de non haber avinza ante o secretario xudicial e se procedese á celebración do xuízo, a aprobación do acordo conciliatorio que, se é o caso, alcancen as partes no dito momento corresponderá ao xuíz ou tribunal ante o que se obtivese mediante resolución oral ou escrita documentada no propio acordo. Só caberá nova intervención do secretario xudicial aprobando un acordo entre as partes se o acto do xuízo se chega a suspender por calquera causa.

4. Do acto de conciliación redactarase a correspondente acta.

5. A conciliación e os acordos entre as partes aprobados polo secretario xudicial ou, se é o caso, polo xuíz ou tribunal levaranse a efecto polos trámites da execución de sentenzas.

6. A acción para impugnar a validez da conciliación exercerase ante o mesmo xulgado ou tribunal ao cal correspondese a demanda, polos trámites e cos recursos establecidos nesta lei. A acción caducará aos trinta días da data da súa celebración. Para os terceiros prexudicados o prazo contará desde que poidan ter coñecido o acordo. As

partes poderán exercer a acción de nulidade polas causas que invalidan os contratos e a impugnación polos posibles terceiros prexudicados poderase fundamentar en ilegalidade ou lesividade.

Artigo 85. *Celebración do xuízo.*

1. Se non hai avinza en conciliación, pasarase seguidamente a xuízo e darase conta do actuado.

Con carácter previo resolverase, motivadamente, en forma oral e oídas as partes, sobre as cuestións previas que se poidan formular nese acto, así como sobre os recursos ou outras incidencias pendentes de resolución, sen prexuízo da ulterior sucinta fundamentación na sentenza, cando proceda. Igualmente serán oídas as partes e, se é o caso, resolverase, motivadamente e en forma oral, o procedente sobre as cuestións que o xuíz ou tribunal poida formular nese momento sobre a súa competencia, os presupostos da demanda ou o alcance e límites da pretensión formulada, respectando as garantías procesuais das partes e sen prexulgar o fondo do asunto.

A seguir, o demandante ratificará ou ampliará a súa demanda, aínda que en ningún caso poderá facer nela variación substancial.

2. O demandado contestará afirmando ou negando concretamente os feitos da demanda, e alegando cantas excepcións considere procedentes.

3. Únicamente poderá formular reconvencción cando a anunciase na conciliación previa ao proceso ou na contestación á reclamación previa ou resolución que esgote a vía administrativa, e expresase en esencia os feitos en que se funda e a petición en que se concreta. Non se admitirá a reconvencción, se o órgano xudicial non é competente, se a acción que se exerce se debe ventilar en modalidade procesual distinta e a acción non é acumulable, e cando non exista conexión entre as súas pretensións e as que sexan obxecto da demanda principal.

Non será necesaria reconvencción para alegar compensación de débedas, sempre que sexan vencidas e exixibles e non se formule pretensión de condena reconvenccional, e, en xeral, cando o demandado esgrima unha pretensión que tenda exclusivamente a ser absolto da pretensión ou pretensións obxecto da demanda principal, sendo suficiente que se alegue na contestación á demanda. Se a obriga precisa de determinación xudicial por non ser líquida con antelación ao xuízo, será necesario expresar concretamente os feitos que fundamenten a excepción e a forma de liquidación da débeda, así como tela anunciado na conciliación ou mediación previas, ou na reclamación ou resolución que esgoten a vía administrativa. Formulada a reconvencción, darase traslado ás demais partes para a súa contestación nos termos establecidos para a demanda. O mesmo trámite de traslado se acordará para dar resposta ás excepcións procesuais, caso de seren alegadas.

4. As partes farán uso da palabra cantas veces o xuíz ou tribunal o considere necesario.

5. Así mesmo, neste acto, as partes poderán alegar canto consideren conveniente para efectos do disposto na letra b) do número 3 do artigo 191, ofrecendo, para o momento procesual oportuno, os elementos de xuízo necesarios para fundamentar as súas alegacións. Non será preciso achegar proba sobre esta cuestión concreta cando o feito de que o proceso afecta moitos traballadores ou beneficiarios sexa notorio pola súa propia natureza.

6. Se non se suscitan cuestións procesuais ou se, suscitadas, se contestasen, as partes ou os seus defensores co tribunal fixarán os feitos sobre os cales exista conformidade ou desconformidade dos litigantes, consignándose en caso necesario na acta ou, se é o caso, por dilixencia, sucinta referencia a aqueles aspectos esenciais conformes, para efectos de ulterior recurso. Igualmente poderán facilitar as partes unhas notas breves de cálculo ou resumo de datos numéricos.

7. En caso de conformidade total ou parcial será aprobado polo órgano xurisdiccional, oídas as demais partes, de non incorrer en renuncia prohibida de dereitos, fraude de lei ou prexuízo a terceiros, ou ser contrario ao interese público, mediante resolución que se

poderá ditar en forma oral. Se a conformidade é total ditarase sentenza condenatoria de acordo coas pretensións do demandante. Cando a conformidade sexa parcial, poderase ditar auto aprobatorio, que se poderá levar a efecto polos trámites da execución definitiva parcial, sempre que pola natureza das pretensións obxecto de conformidade, sexa posible un pronunciamento separado que non prexulgue as restantes cuestións non allanadas, respecto das cales continuará o acto de xuízo.

8. O xuíz ou tribunal, unha vez practicada a proba e antes das conclusións, salvo que exista oposición dalgunha das partes, poderá suscitar a posibilidade de chegar a un acordo e, de non se alcanzar este nese momento, proseguirá a celebración do xuízo.

Artigo 86. *Pre-xudicialidade penal e social.*

1. En ningún caso se suspenderá o procedemento por seguirse causa criminal sobre os feitos debatidos.

2. No suposto de que sexa alegada por unha das partes a falsidade dun documento que poida ser de notoria influencia no preito, porque non se poida prescindir da resolución da causa criminal para a debida decisión ou condicione directamente o contido desta, continuará o acto de xuízo ata o final, e no caso de que o xuíz ou tribunal considere que o documento pode ser decisivo para resolver sobre o fondo do asunto acordará a suspensión das actuacións posteriores e concederá un prazo de oito días ao interesado para que achegue o documento que acredite que presentou a querela. A suspensión durará ata que se dite sentenza ou auto de sobresemento na causa criminal, feito que deberá ser posto en coñecemento do xuíz ou tribunal por calquera das partes.

3. Se calquera outra cuestión pre-xudicial penal dá lugar a sentenza absolutoria por inexistencia do feito ou por non ter participado o suxeito nel, quedará aberta contra a sentenza ditada polo xuíz ou sala do social a vía da revisión regulada na Lei de axuizamento civil.

4. A tramitación doutro procedemento ante a orde social non dará lugar á suspensión do proceso salvo nos supostos previstos nesta lei, sen prexuízo dos efectos propios da litispendencia cando se aprecie a concorrencia da dita situación procesual. Non obstante, por solicitude de ambas as partes, poderase suspender o procedemento ata que recaia resolución firme noutro procedemento distinto, cando neste se deba resolver a que constitúa obxecto principal do primeiro proceso.

Artigo 87. *Práctica da proba no acto de xuízo.*

1. Admitiranse as probas que se formulen e se poidan practicar no acto, respecto dos feitos sobre os que non haxa conformidade salvo nos casos en que a materia obxecto do proceso estea fóra do poder de disposición dos litigantes, sempre que aquelas sexan útiles e directamente pertinentes ao que sexa o obxecto do xuízo e ás alegacións ou motivos de oposición previamente formulados polas partes no trámite de ratificación ou de contestación da demanda. Poderanse admitir tamén aquelas que requiran o traslado do xuíz ou tribunal fóra do local da audiencia, se se considerasen imprescindibles. Neste caso, suspenderase o xuízo polo tempo estritamente necesario.

2. O xuíz ou tribunal resolverá sobre a pertinencia das probas propostas e determinará a natureza e clase de medio de proba de cada unha delas segundo o previsto no artigo 299 da Lei de axuizamento civil e nesta lei. Así mesmo, resolverá sobre as posibles dilixencias complementarias ou de adveración das probas admitidas e sobre as preguntas que poidan formular as partes.

A parte propoñente poderá facer constar a súa protesta no acto contra a inadmisión de calquera medio de proba, dilixencia ou pregunta, e consignarase na acta a pregunta ou a proba solicitada, a resolución denegatoria, a fundamentación razoada da denegación e a protesta, todo para efectos do correspondente recurso contra a sentenza.

Unha vez comezada a práctica dunha proba admitida, se renunciase a ela a parte que a propuxo, poderá o órgano xudicial, sen ulterior recurso, acordar que continúe.

3. O órgano xudicial poderá facer, tanto ás partes como aos peritos e testemuñas, as preguntas que considere necesarias para o esclarecemento dos feitos. Os litigantes e os defensores poderán exercer o mesmo dereito.

O xuíz ou tribunal, sen se apartar das pretensións e causa de pedir que expresen as partes na demanda e contestación, poderá someter ás partes, para alegacións durante o xuízo, cantas cuestións deban ser resoltas de oficio ou resulten da fundamentación xurídica aplicable, aínda cando fose alegada de modo incompleto ou incorrecto. Igualmente poderá solicitar alegacións sobre os posibles pronunciamentos derivados que por mandato legal, ou por conexión ou consecuencia, resulten necesariamente das pretensións formuladas polas partes. Se o acto de xuízo quedou concluído, a audiencia a este respecto substanciárase polo prazo común de tres días, mediante alegacións escritas e preferiblemente por medio informático ou telemático, e seguirase o trámite do número 6 deste mesmo artigo.

4. Practicada a proba, as partes ou os seus defensores ou representantes, se é o caso, formularán oralmente as súas conclusións dun modo concreto e preciso, determinando en virtude do resultado da proba, de maneira líquida e sen alterar os puntos fundamentais e os motivos de pedir invocados na demanda ou na reconvenção, se a houber, as cantidades que, por calquera concepto, sexan obxecto de petición de condena principal ou subsidiaria; ou ben, se é o caso, formularán a solicitude concreta e precisa das medidas con que pode ser satisfeita a pretensión exercida. Se as partes non o fan neste trámite, o xuíz ou tribunal deberá requirilas para que o fagan, sen que en ningún caso se poida reservar tal determinación para a execución de sentenza.

5. Se o órgano xudicial non se considera suficientemente ilustrado sobre as cuestións de calquera xénero obxecto do debate, concederá a ambas as partes o tempo que crea conveniente, para que informen ou dean explicacións sobre os particulares que lles designe.

6. Se as probas documentais ou periciais practicadas resultasen de extraordinario volume ou complexidade, o xuíz ou tribunal poderá conceder ás partes a posibilidade de efectuar sucintas conclusións complementarias, por escrito e preferiblemente por medios telemáticos, sobre os particulares que indique, en relación exclusiva cos ditos elementos de proba, dentro dos tres días seguintes, xustificando ter efectuado remisión previa ás demais partes comparecidas polos mesmos medios. Durante o referido período, os documentos ou pericias estarán á disposición das partes na oficina xudicial e unha vez transcorrido, presentásenlle ou non alegacións, iniciárase o prazo para ditar sentenza.

Artigo 88. *Dilixencias finais.*

1. Finalizado o xuízo, dentro do prazo para ditar sentenza, o xuíz ou tribunal poderá acordar a práctica de cantas probas considere necesarias, como dilixencias finais, con intervención das partes e na forma establecida para as da súa clase. Na mesma providencia fíxase o prazo dentro do cal se deba practicar a proba, que non excederá os vinte días, ou sinalárase comparecencia para a práctica desta e valoración polas partes do resultado. De non ter sinalado comparecencia, o resultado da dilixencia final porase de manifesto, durante tres días, ás partes na oficina xudicial para alegacións sobre o seu alcance e importancia, salvo que se poida dar traslado por vía telemática para os mesmos fins e por igual prazo.

2. Transcorrido o prazo inicial de práctica sen se ter podido levar a efecto, o órgano xudicial ditará un novo provido, fixando novo prazo non superior a dez días para a execución do acordo, e libráralle as comunicacións oportunas. Se dentro deste tampouco se pudesen practicar a proba, o xuíz ou tribunal, logo de audiencia das partes, acordará que os autos queden definitivamente concluídos para sentenza.

3. Se a dilixencia consiste no interrogatorio de parte ou na presentación dalgún documento por algunha das partes e esta non comparece ou non o presenta sen causa xustificada no prazo fixado, poderanse considerar probadas as alegacións feitas pola parte contraria en relación coa proba acordada.

Artigo 89. *Documentación do acto de xuízo.*

1. O desenvolvemento das sesións do xuízo oral rexistrarase en soporte apto para a gravación e reprodución do son e da imaxe. O secretario xudicial deberá custodiar o documento electrónico que sirva de soporte á gravación. As partes poderán pedir, á súa custa, copia das gravacións orixinais.

2. Sempre que se conte cos medios tecnolóxicos necesarios, o secretario xudicial garantirá a autenticidade e integridade do gravado ou reproducido mediante a utilización da sinatura electrónica recoñecida ou outro sistema de seguridade que conforme a lei ofrezca tales garantías. Neste caso, a celebración do acto non requirirá a presenza na sala do secretario xudicial salvo que o solicitasen as partes, polo menos dous días antes da celebración da vista, ou que excepcionalmente o considere necesario o secretario xudicial, atendendo á complexidade do asunto, ao número e natureza das probas que hai que practicar, ao número de intervenientes, á posibilidade de que se produzan incidencias que non se puideron rexistrar, ou á concorrencia doutras circunstancias igualmente excepcionais que o xustifiquen, suposto no cal o secretario xudicial redactará acta sucinta nos termos previstos no número seguinte.

3. Se os mecanismos de garantía previstos no número anterior non se puidesen utilizar, o secretario xudicial deberá consignar na acta, polo menos, os seguintes datos: lugar e data de celebración, xuíz ou tribunal que preside o acto, peticións e propostas das partes, medios de proba propostos por elas, declaración da súa pertinencia ou impertinencia, resolucións que adopte o xuíz ou tribunal, así como as circunstancias e incidencias que non poidan constar naquel soporte.

4. Cando os medios de rexistro previstos neste artigo non se poidan utilizar por calquera causa, o secretario xudicial redactará acta de cada sesión, na cal se fará constar:

a) Lugar, data, xuíz ou tribunal que preside o acto, partes comparecentes, representantes e defensores que as asisten.

b) Breve resumo das alegacións das partes, medios de proba propostos por elas, declaración expresa da súa pertinencia ou impertinencia, razóns da negación e protesta, se é o caso.

c) En canto ás probas admitidas e practicadas:

1.º Resumo suficiente das de interrogatorio de parte e de testemuñas.

2.º Relación circunstanciada dos documentos presentados, ou datos suficientes que permitan identificalos, no caso de que o seu excesivo número faga desaconsellable a citada relación.

3.º Relación das incidencias expostas no xuízo respecto á proba documental.

4.º Resumo suficiente dos informes periciais, así como tamén da resolución do xuíz ou tribunal sobre as recusacións propostas dos peritos.

5.º Resumo das declaracións dos asesores, no caso de que o ditame destes non fose elaborado por escrito e incorporado aos autos.

d) Conclusións e peticións concretas formuladas polas partes; en caso de que sexan de condena a cantidade, deberanse expresar na acta as cantidades que sexan obxecto dela.

e) Declaración feita polo xuíz ou tribunal de conclusión dos autos, en que se mande traelos á vista para sentenza.

5. A acta prevista nos números 3 e 4 deste artigo redactarase por procedementos informáticos, sen que poida ser manuscrita máis que nas ocasións en que a sala ou o lugar en que se estea celebrando a actuación carezan de medios informáticos. O secretario xudicial resolverá, sen ulterior recurso, calquera observación que se faga sobre o contido da acta. A acta será asinada polo xuíz ou tribunal en unión das partes ou dos seus representantes ou defensores e dos peritos, e farase constar se algún deles non asina por non poder, non querer facelo ou non estar presente, e por último asinará o secretario.

6. Da acta do xuízo deberase entregar copia a aqueles que fosen partes no proceso, se o solicitan.

7. A acreditación da identidade das partes e da súa representación procesual efectuarase ante o secretario xudicial na comparecencia de conciliación, ou de non ser preceptiva esta, mediante dilixencia.

Sección 3.^a Das probas

Artigo 90. Admisibilidade dos medios de proba.

1. As partes, logo de xustificación da utilidade e pertinencia das dilixencias propostas, poderanse servir de cantos medios de proba se encontren regulados na lei para acreditar os feitos controvertidos ou necesitados de proba, incluídos os procedementos de reprodución da palabra, da imaxe e do son ou de arquivo e reprodución de datos, que deberán ser achegados por medio de soporte adecuado e poñendo á disposición do órgano xurisdiccional os medios necesarios para a súa reprodución e posterior constancia en autos.

2. Non se admitirán probas que teñan a súa orixe ou que se obtivesen, directa ou indirectamente, mediante procedementos que supoñan violación de dereitos fundamentais ou liberdades públicas. Esta cuestión poderá ser suscitada por calquera das partes ou de oficio polo tribunal no momento da proposición da proba, salvo que se poña de manifesto durante a práctica da proba unha vez admitida. Para tal efecto, oíranse as partes e, se é o caso, practícaranse as dilixencias que se poidan practicar no acto sobre este aspecto concreto, recorrendo a dilixencias finais soamente cando sexa estritamente imprescindible e a cuestión apareza suficientemente fundada. Contra a resolución que se dite sobre a pertinencia da práctica da proba e, se é o caso, da unión aos autos do seu resultado ou do elemento material que incorpore esta, só caberá recurso de reposición, que se interporá, se dará traslado ás demais partes e se resolverá oralmente no mesmo acto do xuízo ou comparecencia, quedando a salvo o dereito das partes a reproducir a impugnación da proba ilícita no recurso que, se é o caso, proceda contra a sentenza.

3. Poderán así mesmo solicitar, polo menos con cinco días de antelación á data do xuízo, aquelas probas que, debendo practicarse nel, requiran dilixencias de citación ou requirimento, salvo cando o sinalamento se deba efectuar con antelación menor, caso en que o prazo será de tres días.

4. Cando sexa necesario para os fins do proceso o acceso a documentos ou arquivos, en calquera tipo de soporte, que poida afectar a intimidade persoal ou outro dereito fundamental, o xuíz ou tribunal, sempre que non existan medios de proba alternativos, poderá autorizar a dita actuación, mediante auto, logo de ponderación dos intereses afectados a través de xuízo de proporcionalidade e co mínimo sacrificio, determinando as condicións de acceso, garantías de conservación e achega ao proceso, obtención e entrega de copias e intervención das partes ou dos seus representantes e expertos, se é o caso.

5. Igualmente, de non mediar consentimento do afectado, poderanse adoptar as medidas de garantía oportunas cando a emisión dun ditame pericial médico ou psicolóxico requira o sometemento a recoñecementos clínicos, obtención de mostras ou recollida de datos persoais relevantes, baixo reserva de confidencialidade e exclusiva utilización procesual; o interesado poderá ir acompañado de especialista da súa elección e facilitaráselle copia do resultado.

Non será necesaria autorización xudicial se a actuación vén exixida polas normas de prevención de riscos laborais, pola xestión ou colaboración na xestión da Seguridade Social, pola específica normativa profesional aplicable ou por norma legal ou convencional aplicable na materia.

6. Se como resultado das medidas anteriores se obteñen datos innecesarios, alleos aos fins do proceso ou que poidan afectar de maneira inxustificada ou desproporcionada dereitos fundamentais ou liberdades públicas, resolverase o necesario para preservar e garantir adecuada e suficientemente os intereses e dereitos que poidan resultar afectados.

7. En caso de negativa inustificada da persoa afectada á realización das actuacións acordadas polo órgano xurisdiccional, a parte interesada poderá solicitar a adopción das medidas que sexan procedentes, e poderase igualmente valorar na sentenza a dita conduta para ter por probados os feitos que se pretendía acreditar a través da práctica das ditas probas, así como para efectos de apreciar temeridade ou mala fe procesual.

Artigo 91. *Interrogatorio das partes.*

1. As preguntas para a proba de interrogatorio de parte propóranse verbalmente, sen admisión de pregos.

2. Se o chamado ao interrogatorio non comparece sen causa xusta á primeira citación, refusa declarar ou persiste en non responder afirmativa ou negativamente, a pesar do apercibimento que se lle fixese, poderanse considerar recoñecidos como certos na sentenza os feitos a que se refiran as preguntas, sempre que o interrogado interviñese neles persoalmente e a súa fixación como certos lle resultar prexudicial en todo ou en parte.

3. O interrogatorio das persoas xurídicas privadas practícarase con quen legalmente as represente e teña facultades para responder a tal interrogatorio. Se o representante en xuízo non interviñese nos feitos deberá presentar a xuízo a persoa coñecedora directa destes. Con tal fin, a parte interesada poderá propor a persoa que se deba someter ao interrogatorio xustificando debidamente a necesidade do dito interrogatorio persoal.

4. En caso de que o interrogatorio de persoas físicas non se refira a feitos persoais, admitirase que sexa respondido en todo ou en parte por un terceiro que coñeza persoalmente os feitos, sempre que o terceiro se encontre á disposición do xuíz ou tribunal nese momento, se a parte así o solicita e acepta a responsabilidade da declaración.

5. A declaración das persoas que actuasen nos feitos litixiosos en nome do empresario, cando sexa persoa xurídica privada, baixo a responsabilidade deste, como administradores, xerentes ou directivos, soamente se poderá acordar dentro do interrogatorio da parte por cuxa conta actuasen e en calidade de coñecedores persoais dos feitos, en substitución ou como complemento do interrogatorio do representante legal, salvo que, en función da natureza da súa intervención nos feitos e posición dentro da estrutura empresarial, por non prestar xa servizos na empresa ou para evitar indefensión, o xuíz ou tribunal acorde a súa declaración como testemuñas. As referidas prevencións deberanse advertir expresamente ao efectuar a citación para o interrogatorio en xuízo.

6. Nos supostos de interrogatorio a administracións ou entidades públicas observarase o disposto no artigo 315 da Lei de axuízamento civil.

Artigo 92. *Interrogatorio de testemuñas.*

1. Non se admitirán escritos de preguntas e repreguntas para a proba de interrogatorio de testemuñas. Cando o número de testemuñas sexa excesivo e, a criterio do órgano xudicial, as súas manifestacións poidan constituír inútil reiteración do testemuño sobre feitos suficientemente esclarecidos, aquel poderá limitalos discrecionalmente.

2. As testemuñas non poderán ser tachadas e, unicamente en conclusións, as partes poderán facer as observacións que sexan oportunas respecto das súas circunstancias persoais e da veracidade das súas manifestacións.

3. Non obstante o disposto no número anterior, a declaración como testemuñas de persoas vinculadas ao empresario, traballador ou beneficiario, por relación de parentesco ou análoga relación de afectividade, ou con posible interese real na defensa de decisións empresariais en que participasen ou por poder ter procedementos análogos contra o mesmo empresario ou contra traballadores en igual situación, soamente se poderá propor cando o seu testemuño teña utilidade directa e presencial e non se dispoña doutros medios de proba, coa advertencia a estes, en todo caso, de que as ditas circunstancias

non serán impedimento para as responsabilidades que da súa declaración puideren derivar.

Artigo 93. *Proba pericial.*

1. A práctica da proba pericial levarase a cabo no acto do xuízo, e os peritos presentarán o seu informe e ratificarano. Non será necesaria ratificación dos informes, das actuacións que consten en expedientes e demais documentación administrativa cuxa achega sexa preceptiva segundo a modalidade procesual de que se trate.

2. O órgano xudicial, de oficio ou por petición de parte, poderá requirir a intervención dun médico forense, nos casos en que sexa necesario o seu informe en función das circunstancias particulares do caso, da especialidade requirida e da necesidade da súa intervención, á vista dos recoñecementos e informes que constaren previamente nas actuacións.

Artigo 94. *Proba documental.*

1. Da proba documental achegada, que deberá estar adecuadamente presentada, ordenada e numerada, darase traslado ás partes no acto do xuízo para o seu exame.

2. Os documentos e outros medios de obter certeza sobre feitos relevantes que se encontren en poder das partes deberanse achegar ao proceso se fosen propostos como medio de proba pola parte contraria e admitida esta polo xuíz ou tribunal ou cando este requirise a súa presentación. Se non se presentaren sen causa xustificada, poderanse considerar probadas as alegacións feitas pola contraria en relación coa proba acordada.

Artigo 95. *Informes de expertos.*

1. Poderá o xuíz ou tribunal, se o considera procedente, oír o ditame dunha ou varias persoas expertas na cuestión obxecto do preito, no momento do acto do xuízo ou, terminado este, como dilixencia final.

2. Cando nun proceso se discuta sobre a interpretación dun convenio colectivo, o órgano xudicial poderá oír ou solicitar informe da súa comisión paritaria.

3. Cando no proceso se suscitase unha cuestión de discriminación por razón de sexo, orientación sexual, orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou acoso, o xuíz ou tribunal poderá solicitar o ditame dos organismos públicos competentes.

4. En procesos derivados de accidente de traballo e enfermidade profesional, o órgano xudicial, se o considera procedente, poderá solicitar informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social e dos organismos públicos competentes en materia de prevención e saúde laboral, así como das entidades e institucións legalmente habilitadas para o efecto.

5. Cando, sobre feitos relevantes para o proceso, sexa pertinente que informen persoas xurídicas e entidades públicas en canto tales, por se referir eses feitos á súa actividade, sen que caiba ou sexa necesario individualizar en persoas físicas determinadas o coñecemento do que para o proceso interese, a parte a quen conveña esta proba poderá propor que a persoa xurídica ou entidade, por requirimento do tribunal, responda por escrito sobre os feitos nos dez días anteriores ao xuízo. O dito informe presentarase ata o momento do acto do xuízo, sen traslado previo ás partes e sen prexuízo de que se poida acordar como dilixencia final a súa ampliación.

Artigo 96. *Carga da proba en casos de discriminación e en accidentes de traballo.*

1. Naqueles procesos en que das alegacións da parte demandante se deduza a existencia de indicios fundados de discriminación por razón de sexo, orientación ou identidade sexual, orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade, acoso e en calquera outro suposto de vulneración dun dereito fundamental ou liberdade

pública, corresponderá ao demandado a achega dunha xustificación obxectiva e razoable, suficientemente probada, das medidas adoptadas e da súa proporcionalidade.

2. Nos procesos sobre responsabilidades derivadas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais corresponderá aos debedores de seguridade e aos concorrentes na produción do resultado lesivo probar a adopción das medidas necesarias para previr ou evitar o risco, así como calquera factor excluínente ou minorador da súa responsabilidade. Non se poderá apreciar como elemento exonerador da responsabilidade a culpa non temeraria do traballador nin a que responda ao exercicio habitual do traballo ou á confianza que este inspira.

Sección 4.^a Sentenza

Artigo 97. *Forma da sentenza.*

1. O xuíz ou tribunal ditará sentenza no prazo de cinco días, que se publicará inmediatamente e notificará ás partes ou aos seus representantes dentro dos dous días seguintes.

2. A sentenza deberá expresar, dentro dos antecedentes de feito, resumo suficiente dos que fosen obxecto de debate no proceso. Así mesmo, e apreciando os elementos de convicción, declarará expresamente os feitos que considere probados, facendo referencia nos fundamentos de dereito aos razoamentos que o levaron a esta conclusión, en particular cando non recolla entre eles as afirmacións de feitos consignados en documento público achegado ao proceso apoiados por presunción legal de certeza. Por último, deberá fundamentar suficientemente os pronunciamentos da resolución.

3. A sentenza, motivadamente, poderá impor ao litigante que obrou de mala fe ou con temeridade, así como a aquel que non acudiu ao acto de conciliación inxustificadamente, unha sanción pecuniaria dentro dos límites que se fixan no número 4 do artigo 75. En tales casos, e cando o condenado sexa o empresario, deberá aboar tamén os honorarios dos avogados e graduados sociais da parte contraria que interviñesen, ata o límite de seiscientos euros.

A imposición das anteriores medidas efectuarase por solicitude de parte ou de oficio, logo de audiencia no acto da vista das partes comparecidas. De se considerar de oficio a posibilidade do dito pronunciamento unha vez concluído o acto de xuízo, concederáselles ás partes un prazo de dous días para que poidan formular alegacións escritas. No caso de incomparecencia aos actos de conciliación ou de mediación, incluída a conciliación ante o secretario xudicial, sen causa xustificada, o xuíz ou tribunal aplicarán as medidas previstas no número 3 do artigo 66.

4. No texto da sentenza indícarase se esta é ou non firme e, se é o caso, os recursos que procedan, o órgano ante o que se deben interpor e o prazo e os requisitos para isto, así como os depósitos e as consignacións que sexan necesarios e a forma de os efectuar.

Artigo 98. *Principio de inmediateción.*

1. Se o xuíz que presidiu o acto do xuízo non pode ditar sentenza, deberase celebrar este novamente.

2. En canto ás salas do social observarase o disposto na Lei orgánica do poder xudicial.

Artigo 99. *Prohibición de reservas de liquidación.*

Nas sentenzas en que se condene ao aboamento dunha cantidade, o xuíz ou tribunal determinará expresamente, sen que en ningún caso se poida reservar tal determinación para a execución.

Non obstante, cando se reclamen prestacións ou cantidades periódicas, a sentenza poderá incluír a condena a satisfacer esas cantidades que se devenguen con posterioridade ao momento en que se dite.

Artigo 100. *Salarios por asistencia a actos procesuais.*

O empresario virá obrigado a aboar ao demandante que persoalmente compareza o importe dos salarios correspondentes ao tempo necesario para a asistencia aos actos de conciliación e xuízo e a calquera comparecencia xudicial, así como á conciliación ou mediación previa, se é o caso, salvo cando sexa preceptivo outorgar representación conforme o artigo 19 desta lei e non fose requirido de asistencia persoal, ou cando se declarase que obrou de mala fe ou con temeridade.

Sección 5.ª Proceso monitorio

Artigo 101. *Proceso monitorio.*

En reclamacións fronte a empresarios que non se encontren en situación de concurso, referidas a cantidades vencidas, exixibles e de contía determinada, derivadas da súa relación laboral, excluindo as reclamacións de carácter colectivo que poida formular a representación dos traballadores, así como as que se interpoñan contra as entidades xestoras ou colaboradoras da Seguridade Social, que non excedan os seis mil euros, cando conste a posibilidade da súa notificación polos procedementos previstos nos artigos 56 e 57 desta lei, o traballador poderá formular a súa pretensión na forma seguinte:

a) O proceso monitorio comezará por petición inicial en que se expresarán a identidade completa e precisa do empresario debedor, datos de identificación fiscal, domicilio completo e demais datos de localización e, se é o caso, de comunicación, por medios informáticos e telefónicos, tanto do demandante como do demandado, así como o detalle e desagregación dos concretos conceptos, contías e períodos reclamados. Deberase xuntar copia do contrato, recibos de salarios, comunicación empresarial ou recoñecemento de débeda, certificado ou documento de cotización ou informe de vida laboral, ou outros documentos análogos dos que resulte un principio de proba da relación laboral e da contía da débeda, así como documentación xustificativa de ter intentado a conciliación previa ou mediación cando estas sexan exixibles. A solicitude presentarse, preferentemente, por medios informáticos, de se dispor deles, e poderase cubrir no modelo ou formulario que se facilite para o efecto.

b) O secretario xudicial procederá á comprobación dos requisitos anteriores, completando, se é o caso, os indicados na solicitude con outros domicilios, datos de identificación ou que afecten a situación empresarial, utilizando para tal fin os medios de que dispoña o xulgado, e concederá trámite de emenda por catro días de calquera defecto que aprecie, salvo que sexan irreparables. En caso de apreciar defectos irreparables, ou de non se emendaren en prazo os apreciados, dará conta ao xuíz para que resolva sobre a admisión ou inadmisión da petición.

De ser admisible a petición, requirirá o empresario para que, no prazo de dez días, pague ao traballador, e o acredite ante o xulgado, ou compareza ante este e alegue sucintamente, en escrito de oposición, as razóns polas cales ao seu entender, non debe, en todo ou en parte, a cantidade reclamada, con apercibimento de que, de non pagar a cantidade reclamada nin comparecer alegando as razóns da negativa ao pagamento, se despachará execución contra el. Este requirimento non se poderá practicar mediante edictos.

Do requirimento darase traslado por igual prazo ao Fondo de Garantía Salarial, prazo que se ampliará respecto deste por outros dez días máis, se manifesta que necesita efectuar indagacións sobre os feitos da solicitude, en especial sobre a solvencia empresarial.

c) Transcorrido o prazo conferido no requirimento, de se ter aboado ou consignado o importe total, arquivarase o proceso, logo de entrega da cantidade ao solicitante.

De non ter mediado no dito prazo oposición, por escrito e en forma motivada, do empresario ou do Fondo de Garantía Salarial, o secretario xudicial ditará decreto que dea por rematado o proceso monitorio e dará traslado ao demandante para que inste o

despacho de execución, para o cal abondará coa mera solicitude. Desde a data deste decreto devengarase o xuro procesual do número 2 do artigo 251 desta lei. Contra o auto de despacho da execución, que conteña a orde xeral de execución, procederá oposición segundo o previsto no número 4 do artigo 239 desta lei e poderase alegar para tal efecto a falta de notificación do requirimento. Contra o auto resolutorio da oposición non procederá recurso de suplicación.

d) En caso de insolvencia ou concurso posteriores, o auto de despacho da execución servirá de título bastante, para os fins da garantía salarial que proceda segundo a natureza orixinaria da débeda; ben que non terá eficacia de cousa xulgada, aínda que excluírá litixio ulterior entre empresario e traballador con idéntico obxecto e sen prexuízo da determinación da natureza salarial ou indemnizatoria da débeda e demais requisitos no expediente administrativo oportuno fronte á institución de garantía, se é o caso.

e) Se se formula oposición no prazo e na forma expresada na letra b) anterior, darase traslado á parte demandante, que poderá, nos catro días seguintes, presentar, ante o xulgado do social, demanda na forma prevista neste mesmo artigo, caso en que se procederá seguidamente ao sinalamento ulterior dos actos de conciliación e xuízo na forma ordinariamente prevista; en caso contrario sobreseranse as actuacións.

f) Se non fose posible notificar na forma exixida o requirimento de pagamento trasladarase ao demandante para que presente demanda no mesmo prazo, se ao seu dereito interesa, e seguirase o mesmo trámite anterior.

g) Se se formula oposición só en canto a parte da cantidade reclamada, o demandante poderá solicitar do xulgado que se dite auto para recoller a reclamación en canto ás cantidades recoñecidas ou non impugnadas. Este auto servirá de título de execución, que o demandante poderá solicitar mediante simple escrito sen necesidade de esperar á resolución que recaia respecto das cantidades controvertidas.

TÍTULO II

Das modalidades procesuais

CAPÍTULO I

Disposición xeral

Artigo 102. *Modalidades procesuais.*

1. En todo o que non estea expresamente previsto neste título rexerán as disposicións establecidas para o proceso ordinario.

2. Darase ao procedemento a tramitación que resulte conforme coa modalidade procesual expresada na demanda. Non obstante, se en calquera momento desde a presentación da demanda se advertise a inadecuación do procedemento seguido, procederase a dar ao asunto a tramitación que corresponda á natureza das pretensións exercidas, sen vinculación necesaria á modalidade elixida polas partes e completando, se é o caso, os trámites que sexan procedentes segundo a modalidade procesual adecuada, con aplicación do réxime de recursos que corresponda a esta. Non procederá o sobresemento do proceso ou a absolución na instancia por inadecuación da modalidade procesual, salvo cando non sexa posible completar a tramitación seguida ata ese momento ou cando a parte demandante persista na modalidade procesual inadecuada.

3. As accións do traballador autónomo economicamente dependente cuxo coñecemento corresponda á orde social exerceranse a través do proceso ordinario ou da modalidade procesual adecuada á natureza das pretensións formuladas, dentro do prazo de prescrición ou de caducidade previsto, se é o caso, para esta ou que resulte da modalidade procesual aplicable, e, no seu defecto, rexerá o prazo de prescrición dun ano desde que puideron ser exercidas.

CAPÍTULO II

Dos despedimentos e sancións

Sección 1.^a Despedimento disciplinario

Artigo 103. *Presentación da demanda por despedimento.*

1. O traballador poderá reclamar contra o despedimento, dentro dos vinte días hábiles seguintes a aquel en que se produciu. O dito prazo será de caducidade para todos os efectos e non se computarán os sábados, domingos e os festivos na sede do órgano xurisdiccional.

2. Se se promove papeleta de conciliación ou solicitude de mediación, reclamación previa ou demanda por despedimento contra unha persoa á cal erroneamente se atribúe a calidade de empresario, e se acredítase con posterioridade, sexa no xuízo ou noutro momento anterior do proceso, que o era un terceiro, o traballador poderá promover nova demanda contra este, ou ampliar a demanda se non se celebre o xuízo, sen que comece o cómputo do prazo de caducidade ata o momento en que conste quen é o empresario.

3. As normas deste capítulo serán de aplicación á impugnación das decisións empresariais de extinción de contrato coas especialidades necesarias, sen prexuízo do previsto no artigo 120 e das consecuencias substantivas de cada tipo de extinción contractual.

Artigo 104. *Requisitos da demanda por despedimento.*

As demandas por despedimento, ademais dos requisitos xerais previstos, deberán conter os seguintes:

a) Antigüidade, concretando os períodos en que fosen prestados os servizos; categoría profesional; salario, tempo e forma de pagamento; lugar de traballo; modalidade e duración do contrato; xornada; categoría profesional; características particulares, se as houber, do traballo que se realizaba antes de se producir o despedimento.

b) Data de efectividade do despedimento, forma en que se produciu e feitos alegados polo empresario, para o cal xuntará a comunicación recibida, se é o caso, ou fará mención suficiente do seu contido.

c) Se o traballador desempeña, ou desempeñou no ano anterior ao despedimento, a calidade de representante legal ou sindical dos traballadores, así como calquera outra circunstancia relevante para a declaración de nulidade ou improcedencia ou para a titularidade da opción derivada, se é o caso.

d) Se o traballador se encontra afiliado a algún sindicato, no suposto de que alegue a improcedencia do despedimento por se ter realizado este sen a audiencia previa dos delegados sindicais, se os houber.

Artigo 105. *Posición das partes.*

1. Ratificada, se é o caso, a demanda, tanto na fase de alegacións como na práctica da proba, e na fase de conclusións corresponderá ao demandado expor as súas posicións en primeiro lugar. Así mesmo, corresponderalle a carga de probar a veracidade dos feitos imputados na carta de despedimento como xustificativos deste.

2. Para xustificar o despedimento, ao demandado non se lle admitirán no xuízo outros motivos de oposición á demanda que os contidos na comunicación escrita do dito despedimento.

3. O recoñecemento da improcedencia do despedimento, efectuado na carta de despedimento ou en calquera momento posterior, conforme o número 2 do artigo 56 do Estatuto dos traballadores, vincula o empresario, que non poderá alterar esta cualificación nin o importe recoñecido salvo erro material de cálculo ou emenda en forma. Se se

apreciar en sentenza un erro non substancial ou escusable do empresario respecto da cantidade debida como indemnización e, se é o caso, salarios de tramitación, a sentenza declarará a improcedencia do despedimento e limitarase a condenar o empresario a aboar a diferenza entre o aboado ou depositado e a contía que corresponda, cos demais efectos do citado número 2 do artigo 56 do Estatuto dos traballadores. Cando a diferenza na cantidade aboada ou consignada responda a un erro substancial ou inexcusable, a sentenza condenará o empresario a optar entre readmisión ou indemnización na contía que se declare procedente, con aboamento dos salarios deixados de percibir, nos termos do número 1 do artigo 56 do Estatuto dos traballadores. A percepción polo traballador do importe ofrecido polo empresario ou a retirada do importe consignado ao seu favor non lle impiden impugnar a extinción contractual.

Artigo 106. *Garantías do proceso.*

1. Nos supostos previstos no número 1 do artigo 32 deberanse respectar as garantías que, respecto das alegacións, proba e conclusións, se establecen para o proceso de despedimento disciplinario.

2. Nos despedimentos de membros dun comité de empresa, delegados de persoal ou delegados sindicais, a demandada deberá achegar o expediente contradictorio legalmente exixido.

Artigo 107. *Feitos probados.*

Nos feitos que se consideren probados na sentenza deberanse facer constar as seguintes circunstancias:

a) Antigüidade, concretando os períodos en que fosen prestados os servizos; categoría profesional; salario, tempo e forma de pagamento; lugar de traballo; modalidade e duración do contrato; xornada; características particulares, se as houber, do traballo que se realizaba antes de se producir o despedimento.

b) Data e forma do despedimento, causas invocadas para este, se é o caso, e feitos acreditados en relación coas ditas causas.

c) Se o traballador desempeña, ou desempeñou no ano anterior ao despedimento, a condición de delegado de persoal, membro do comité de empresa ou delegado sindical, así como calquera outra circunstancia relevante para a declaración de nulidade ou improcedencia ou para a titularidade da opción derivada, se é o caso.

Artigo 108. *Cualificación do despedimento pola sentenza.*

1. No pronunciamento da sentenza, o xuíz cualificará o despedimento como procedente, improcedente ou nulo.

Será cualificado como procedente cando quede acreditado o incumprimento alegado polo empresario no escrito de comunicación. En caso contrario, ou no suposto en que se incumprisen os requisitos de forma establecidos no número 1 do artigo 55 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, será cualificado como improcedente.

En caso de improcedencia do despedimento por non se apreciar que os feitos acreditados revestisen gravidade suficiente, pero constitúen infracción de menor entidade segundo as normas alegadas polas partes, o xuíz poderá autorizar a imposición dunha sanción adecuada á gravidade da falta, de non ter prescrito a de menor gravidade antes da imposición empresarial da sanción de despedimento; sanción que o empresario poderá impor no prazo de caducidade dos dez días seguintes á firmeza da sentenza, logo de readmisión do traballador e sempre que esta se efectuase en debida forma. A decisión empresarial será revisable por instancia do traballador, no prazo, igualmente de caducidade, dos vinte días seguintes ao da súa notificación, a través de incidente de execución da sentenza de despedimento, conforme o artigo 238.

2. Será nulo o despedimento que teña como móbil algunha das causas de discriminación prevista na Constitución e na lei, ou se produza con violación de dereitos fundamentais e liberdades públicas do traballador.

Será tamén nulo o despedimento nos seguintes supostos:

a) O dos traballadores durante o período de suspensión do contrato de traballo por maternidade, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural, enfermidades causadas por embarazo, parto ou lactación natural, adopción ou acollemento ou paternidade a que se refire a letra d) do número 1 do artigo 45 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou o notificado nunha data tal que o prazo de aviso previo concedido finalice dentro do dito período.

b) O das traballadoras embarazadas, desde a data de inicio do embarazo ata o comezo do período de suspensión a que se refire a letra a), e o dos traballadores que solicitasen un dos permisos a que se refiren os números 4, 4 bis e 5 do artigo 37 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou estean desfrutando deles, ou solicitasen ou estean desfrutando a excedencia prevista no número 3 do artigo 46 da mesma lei; e o das traballadoras vítimas de violencia de xénero polo exercicio dos dereitos de redución ou reordenación do seu tempo de traballo, de mobilidade xeográfica, de cambio de centro de traballo ou de suspensión da relación laboral nos termos e condicións recoñecidos no Estatuto dos traballadores.

c) O dos traballadores despois de se reintegraren ao traballo ao finalizaren os períodos de suspensión do contrato por maternidade, adopción ou acollemento ou paternidade, sempre que non transcorresen máis de nove meses desde a data de nacemento, adopción ou acollemento do fillo.

O establecido nas letras anteriores será de aplicación, salvo que, neses casos, se declare a procedencia do despedimento por motivos non relacionados co embarazo ou co exercicio do dereito aos permisos e excedencias sinalados.

3. Se se acredita que o móbil do despedimento obedece a algunha das causas do número anterior, o xuíz pronunciarase sobre ela, con independencia de cal fose a súa forma.

Artigo 109. *Efectos do despedimento procedente.*

Se se estima o despedimento procedente declararase validada a extinción do contrato que aquel produciu, sen dereito a indemnización nin a salarios de tramitación.

Artigo 110. *Efectos do despedimento improcedente.*

1. Se o despedimento se declara improcedente, condenarase o empresario á readmisión do traballador nas mesmas condicións que rexían antes de se producir o despedimento ou, á elección daquel, a que lle aboe unha indemnización, cuxa contía se fixará de acordo co previsto na letra a) do número 1 do artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, coas seguintes particularidades:

a) A condena comprenderá, tamén, o aboamento da cantidade a que se refire a letra b) do número 1 do artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, coas limitacións, se é o caso, previstas polo número 2 do dito artigo e sen prexuízo do establecido no artigo 57 da mesma lei.

b) No acto de xuízo, a parte titular da opción entre readmisión ou indemnización poderá anticipar a súa opción, para o caso de declaración de improcedencia, mediante manifestación expresa en tal sentido, sobre a cal se pronunciará o xuíz na sentenza, sen prexuízo do disposto nos artigos 111 e 112.

c) Por solicitude da parte demandante, se consta que non é realizable a readmisión, poderase acordar, en caso de improcedencia do despedimento, ter por feita a opción pola indemnización na sentenza, declarando extinguida a relación na propia sentenza e

condenando o empresario a aboar a indemnización por despedimento, calculada ata a data da sentenza, e os salarios de tramitación, cando procedan, ata a dita data.

d) Nos despedimentos improcedentes de traballadores cuxa relación laboral sexa de carácter especial, a contía da indemnización será a establecida, se é o caso, pola norma que regule a dita relación especial.

2. En caso de que se declare improcedente o despedimento dun representante legal ou sindical dos traballadores, a opción prevista no número anterior corresponderá ao traballador.

3. A opción deberase exercer mediante escrito ou comparecencia ante a oficina do xulgado do social, dentro do prazo de cinco días desde a notificación da sentenza que declare o despedimento improcedente, sen esperar á firmeza desta, se for a de instancia.

4. Cando o despedimento sexa declarado improcedente por incumprimento dos requisitos de forma establecidos e se optase pola readmisión, poderase efectuar un novo despedimento dentro do prazo de sete días desde a notificación da sentenza. O dito despedimento non constituirá unha emenda do primitivo acto extintivo, senón un novo despedimento, que producirá efectos desde a súa data.

Artigo 111. Efectos do recurso contra a sentenza de declaración de improcedencia do despedimento.

1. Se a sentenza que declare a improcedencia do despedimento fose impugnada, a opción exercida polo empresario terá os seguintes efectos:

a) Se se optase pola readmisión, calquera que fose o recorrente, esta levarase a efecto de forma provisional nos termos establecidos polo artigo 297.

b) Cando a opción do empresario fose pola indemnización, tanto no suposto de que o recurso for interposto por este como polo traballador, non procederá a readmisión nin o aboamento de salarios mentres penda o recurso, ben que durante a tramitación do recurso o traballador se considerará en situación legal de desemprego involuntario segundo o disposto no número 3 do artigo 208 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Se a sentenza que resolva o recurso que interpuxese o traballador eleva a contía da indemnización, o empresario, dentro dos cinco días seguintes ao da súa notificación, poderá cambiar o sentido da súa opción e, en tal suposto, a readmisión retrotraerá os seus efectos económicos á data en que tivo lugar a primeira elección, deducíndose das cantidades que por tal concepto se aboan as que, se é o caso, percíbise o traballador en concepto de prestación por desemprego. A citada cantidade, así como a correspondente á achega empresarial á Seguridade Social polo dito traballador, deberá ser ingresada polo empresario na entidade xestora.

Para efectos do recoñecemento dun futuro dereito á protección por desemprego, o período a que se refire o parágrafo anterior considerarase de ocupación cotizada.

2. Calquera que sexa o sentido da opción exercida, esta terase por non feita se o tribunal superior, ao resolver o recurso, declara nulo o despedimento. Cando se confirme a sentenza contra a que se recorreu, o sentido da opción non poderá ser alterado.

Artigo 112. Efectos do recurso contra a sentenza de declaración de improcedencia do despedimento dun representante legal ou sindical dos traballadores.

1. Cando a sentenza que declara a improcedencia do despedimento dun representante legal ou sindical dos traballadores fose impugnada, a opción exercida polos ditos representantes terá as seguintes consecuencias:

a) Cando o traballador optase pola readmisión, calquera que sexa a parte que recorra, deberase observar o disposto polo artigo 297.

b) De se ter optado pola indemnización, tanto se recorre o traballador como o empresario, non procederá a readmisión nin o aboamento de salarios mentres estea pendente o recurso, ben que durante a substanciación do recurso o traballador se considerará en situación legal de desemprego involuntario. Se a sentenza que resolva o recurso interposto polo empresario diminúe a contía da indemnización, o traballador, dentro dos cinco días seguintes ao da súa notificación, poderá cambiar o sentido da súa opción e, en tal caso, a readmisión retrotraerá os seus efectos económicos á data en que tivo lugar a primeira elección, e deduciranse das cantidades que por tal concepto se aboan as que, se é o caso, percíbese o traballador en concepto de prestación por desemprego. A citada cantidade, así como a correspondente á achega empresarial á Seguridade Social polo dito traballador, deberá ser ingresada polo empresario na entidade xestora.

Para efectos do recoñecemento dun futuro dereito á protección por desemprego, o período a que se refire o parágrafo anterior considerárase de ocupación cotizada.

2. Calquera que sexa o sentido da opción exercida, esta terase por non feita se o tribunal superior, ao resolver o recurso, declara nulo o despedimento. Cando se confirme a sentenza impugnada, o sentido da opción non poderá ser alterado.

Artigo 113. *Efectos da declaración de nulidade do despedimento.*

Se o despedimento é declarado nulo condenarase á inmediata readmisión do traballador con aboamento dos salarios deixados de percibir. A sentenza será executada de forma provisional nos termos establecidos polo artigo 297, tanto se foi impugnada polo empresario como se o foi polo traballador.

Sección 2.ª Proceso de impugnación de sancións

Artigo 114. *Impugnación de sancións.*

1. O traballador poderá impugnar a sanción que lle fose imposta mediante demanda, que deberá ser presentada dentro do prazo sinalado no artigo 103.

2. Nos procesos de impugnación de sancións por faltas graves ou moi graves aos traballadores que desempeñen a condición de representante legal ou sindical, a parte demandada deberá achegar o expediente contradictorio legalmente establecido.

3. Corresponderá ao empresario probar a realidade dos feitos imputados ao traballador, e a súa entidade, sen que poidan ser admitidos outros motivos de oposición á demanda que os alegados no seu momento para xustificar a sanción. As alegacións, probas e conclusións deberán ser realizadas polas partes na orde establecida para os despedimentos disciplinarios.

Artigo 115. *Contido da sentenza.*

1. A sentenza conterá algún dos pronunciamentos seguintes:

a) Confirmar a sanción, cando se acredite o cumprimento das exixencias de forma e a realidade do incumprimento imputado ao traballador, así como a súa entidade, valorada segundo a gradación de faltas e sancións prevista nas disposicións legais ou no convenio colectivo aplicable.

b) Revogala totalmente, cando non fose probada a realidade dos feitos imputados ao traballador ou estes non sexan constitutivos de falta, condenando o empresario ao pagamento dos salarios que se deixasen de aboar en cumprimento da sanción.

c) Revogala en parte, con análogo pronunciamento de condena económica polo período de exceso, se é o caso, cando a falta cometida non fose adecuadamente cualificada, pero os feitos constitúan infracción de menor entidade segundo as normas alegadas polas partes, de non ter prescrito a falta de menor gravidade antes da imposición da sanción máis grave. Neste caso, o xuíz poderá autorizar a imposición, no prazo de

caducidade dos dez días seguintes ao da notificación de sentenza firme, dunha sanción adecuada á gravidade da falta, e a decisión empresarial será revisable por instancia do traballador, no prazo igualmente de caducidade dos vinte días seguintes ao da súa notificación, por medio do incidente de execución da dita sentenza previsto no artigo 238.

d) Declarala nula, se fose imposta sen observar os requisitos formais establecidos legal, convencional ou contractualmente, ou cando estes presenten defectos de tal gravidade que non permitan alcanzar a finalidade para a que foron requiridos, así como cando teña como móbil algunha das causas de discriminación prevista na Constitución e na lei, ou se produza con violación de dereitos fundamentais e liberdades públicas do traballador, incluídos, se é o caso, os demais supostos que comportan a declaración de nulidade do despedimento no número 2 do artigo 108. Tamén será nula a sanción cando consista nalgunha das legalmente prohibidas ou non estea tipificada nas disposicións legais ou no convenio colectivo aplicable.

2. Para os efectos do previsto no número anterior serán nulas as sancións impostas aos representantes legais dos traballadores ou aos delegados sindicais por faltas graves ou moi graves, sen a audiencia previa dos restantes integrantes da representación a que o traballador pertenza así como aos traballadores afiliados a un sindicato, sen dar audiencia aos delegados sindicais.

3. Contra as sentenzas ditadas nestes procesos non caberá ningún recurso, salvo nos casos de sancións por faltas moi graves, apreciadas xudicialmente.

CAPÍTULO III

Da reclamación ao Estado do pagamento de salarios de tramitación en xuízos por despedimento

Artigo 116. *Reclamación do pagamento de salarios de tramitación.*

1. Se, desde a data en que se tivo por presentada a demanda por despedimento ata a sentenza do xulgado ou tribunal que por primeira vez declare a súa improcedencia, transcorresen máis de sesenta días hábiles, o empresario, unha vez firme a sentenza, poderá reclamar ao Estado os salarios pagados ao traballador que excedan o dito prazo.

2. No suposto de insolvencia provisional do empresario, o traballador poderá reclamar directamente ao Estado os salarios a que se refire o número anterior, que non lle fosen aboados por aquel.

Artigo 117. *Requisito da reclamación administrativa previa.*

1. Para demandar o Estado polos salarios de tramitación será requisito previo ter reclamado en vía administrativa na forma e prazos establecidos, contra cuxa denegación o empresario ou, se é o caso, o traballador poderá promover a oportuna acción ante o xulgado que coñeceu na instancia do proceso de despedimento.

2. Á demanda deberase xuntar copia da resolución administrativa denegatoria ou da instancia de solicitude de pagamento.

3. O prazo de prescrición desta acción é o previsto no número 2 do artigo 59 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e o seu cómputo iníciarase, en caso de reclamación efectuada polo empresario, desde o momento en que este sofre a diminución patrimonial ocasionada polo aboamento dos salarios de tramitación e, en caso de reclamación polo traballador, desde a data de notificación a este do auto xudicial que declarou a insolvencia do empresario.

Artigo 118. *Celebración do acto de xuízo.*

1. Admitida a demanda, o secretario xudicial sinalará día para o xuízo nos cinco seguintes, e citará para o efecto o traballador, o empresario e o avogado do Estado, sen

que se suspenda o procedemento para que este poida elevar consulta á Dirección Xeral do Servizo Xurídico do Estado.

2. O xuízo versará tan só sobre a procedencia e contía da reclamación, e non se admitirán probas encamiñadas a revisar as declaracións probadas na sentenza de despedimento.

Artigo 119. *Cómputo do tempo.*

1. Para efectos do cómputo de tempo que exceda os sesenta días hábiles a que se refire o artigo 116, serán excluídos deste os períodos seguintes:

a) O tempo investido na emenda da demanda, por non ter acreditado a celebración da conciliación, da mediación ou da reclamación administrativa previa, ou por defectos, omisións ou imprecisións naquela.

b) O período en que estivesen suspendidos os autos, por petición de parte, por suspensión do acto do xuízo nos termos previstos no artigo 83.

c) O tempo que dure a suspensión para acreditar a presentación da querela, nos casos en que calquera das partes alegue a falsidade dun documento que poida ser de notoria influencia no preito.

2. Nos supostos enunciados anteriormente o xuíz, apreciando as probas achegadas, decidirá se os salarios correspondentes ao tempo investido deben correr por conta do Estado ou do empresario. Excepcionalmente, poderá privar o traballador da súa percepción, se aprecia que na súa actuación procesual incorreu en manifesto abuso de dereito.

CAPÍTULO IV

Da extinción do contrato por causas obxectivas e outras causas de extinción

Sección 1.ª Extinción por causas obxectivas

Artigo 120. *Tramitación.*

Os procesos derivados da extinción do contrato de traballo por causas obxectivas axustaranse ás normas contidas no capítulo relativo aos procesos por despedimentos e sancións, sen prexuízo das especialidades que se enuncian nos artigos seguintes.

Artigo 121. *Prazo de exercicio da acción. Carga da proba.*

1. O prazo para exercer a acción de impugnación da decisión extintiva será de vinte días que, en todo caso, comezará a contarse a partir do día seguinte á data de extinción do contrato de traballo. O traballador poderá anticipar o exercicio da súa acción a partir do momento en que reciba a comunicación empresarial de aviso previo.

2. A percepción polo traballador da indemnización ofrecida polo empresario ou o uso do permiso para buscar novo posto de traballo non enervan o exercicio da acción nin supoñen conformidade coa decisión empresarial.

3. Cando o traballador vinculado pola empresa cun contrato de fomento da contratación indefinida alegue que a utilización pola empresa do procedemento de despedimento obxectivo non se axusta a dereito porque a causa real do despedimento é disciplinaria, corresponderalle a el a carga da proba sobre esta cuestión.

Artigo 122. *Cualificación da extinción do contrato.*

1. Declararase procedente a decisión extintiva cando o empresario, tendo cumprido os requisitos formais exixibles, acredite a concorrencia da causa legal indicada na comunicación escrita. Se non a acredita, cualificarase de improcedente.

2. A decisión extintiva será nula:

a) Cando resulte discriminatoria ou contraria aos dereitos fundamentais e liberdades públicas do traballador.

b) Cando se efectuase en fraude de lei eludindo as normas establecidas polos despedimentos colectivos, nos casos a que se refire o último parágrafo do número 1 do artigo 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

c) A dos traballadores durante o período de suspensión do contrato de traballo por maternidade, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural, enfermidades causadas por embarazo, parto ou lactación natural, adopción ou acollemento ou paternidade a que se refire a letra d) do número 1 do artigo 45 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou o notificado nunha data tal que o prazo de aviso previo concedido finalice dentro do dito período.

d) A das traballadoras embarazadas, desde a data de inicio do embarazo ata o comezo do período de suspensión a que se refire a letra c), e a dos traballadores que solicitasen un dos permisos a que se refiren os números 4, 4 bis e 5 do artigo 37 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou estean desfrutando deles, ou solicitasen ou estean desfrutando a excedencia prevista no número 3 do artigo 46 da mesma lei; e a das traballadoras vítimas de violencia de xénero polo exercicio dos dereitos de redución ou reordenación do seu tempo de traballo, de mobilidade xeográfica, de cambio de centro de traballo ou de suspensión da relación laboral, nos termos e condicións recoñecidos no Estatuto dos traballadores.

e) A dos traballadores despois de se reintegraren ao traballo ao finalizaren os períodos de suspensión do contrato por maternidade, adopción ou acollemento ou paternidade, sempre que non transcorresen máis de nove meses desde a data de nacemento, adopción ou acollemento do fillo.

O establecido nas letras c), d) e e) será de aplicación, salvo que, neses casos, se declare a procedencia da decisión extintiva por motivos non relacionados co embarazo ou co exercicio do dereito aos permisos e excedencias sinalados.

3. A decisión extintiva cualificarase de improcedente cando non se cumprisen os requisitos establecidos no número 1 do artigo 53 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Non obstante, a non concesión do aviso previo ou o erro escusable no cálculo da indemnización non determinará a improcedencia do despedimento, sen prexuízo da obriga do empresario de aboar os salarios correspondentes ao dito período ou ao pagamento da indemnización na contía correcta, con independencia dos demais efectos que procedan.

Artigo 123. *Efectos da sentenza.*

1. Se a sentenza estima procedente a decisión do empresario, declararase extinguido o contrato de traballo, e condenarase o empresario, se é o caso, a satisfacer ao traballador as diferenzas que poidan existir, tanto entre a indemnización que xa percibise e a que legalmente lle corresponda, como as relativas aos salarios do período de aviso previo, nos supostos en que este non se cumprise.

2. Cando se declare improcedente ou nula a decisión extintiva, condenarase o empresario nos termos previstos para o despedimento disciplinario, sen que os salarios de tramitación se poidan deducir dos correspondentes ao período de aviso previo.

3. Nos supostos en que proceda a readmisión, o traballador deberá reintegrar a indemnización recibida unha vez que sexa firme a sentenza.

4. O xuíz acordará, se é o caso, a compensación entre a indemnización percibida e a que fixe a sentenza.

Sección 2.^a Despedimentos colectivos por causas económicas, organizativas, técnicas ou de produción

Artigo 124. *Nulidade da extinción colectiva de contratos.*

O órgano xudicial declarará nula, de oficio ou por instancia de parte, a decisión empresarial de extinción colectiva de contratos de traballo por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, forza maior ou extinción da personalidade xurídica do empresario, se non se tramitase a autorización previa administrativa ou obtívase a autorización xudicial do xuíz do concurso, nos supostos en que estea legalmente prevista, así como cando a medida empresarial se efectuase en vulneración de dereitos fundamentais e liberdades públicas. En tales casos a condena que se imporá será a que establece o artigo 113.

CAPÍTULO V

Vacacións, materia electoral, mobilidade xeográfica, modificacións substanciais de condicións de traballo e dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral recoñecidos legal ou convencionalmente

Sección 1.^a Vacacións

Artigo 125. *Fixación de vacacións.*

O procedemento para a fixación individual ou plural da data de desfrute das vacacións rexeráse polas regras seguintes:

- a) Cando a data estea precisada en convenio colectivo, ou por acordo entre o empresario e os representantes dos traballadores, ou fose fixada unilateralmente por aquel, o traballador disporá dun prazo de vinte días, a partir daquel en que teña coñecemento da dita data, para presentar a demanda no xulgado do social.
- b) Cando non estea sinalada a data de desfrute das vacacións, a demanda deberase presentar, polo menos, con dous meses de antelación á data de desfrute pretendida polo traballador.
- c) Se unha vez iniciado o proceso se produce a fixación das datas de desfrute de conformidade co previsto no artigo 38 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, non se interromperá a continuación do procedemento.
- d) Cando o obxecto do debate verse sobre preferencias atribuídas a determinados traballadores, estes tamén deberán ser demandados.

Artigo 126. *Urxencia do procedemento.*

O procedemento será urxente e daráselle tramitación preferente. O acto da vista deberao sinalar o secretario xudicial dentro dos cinco días seguintes ao da admisión da demanda. A sentenza, que non terá recurso, deberá ser ditada no prazo de tres días.

Sección 2.^a Materia electoral

Subsección 1.^a Impugnación dos laudos

Artigo 127. *Supostos, lexitimación e prazo.*

1. Os laudos arbitrais previstos no artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, poderán ser impugnados a través do proceso previsto nos artigos seguintes.
2. Someteranse á dita arbitrase todas as impugnacións relativas ao proceso electoral desde a promoción das eleccións, incluída a validez da comunicación á oficina

pública do propósito de celebralas, así como todas as actuacións electorais previas e posteriores á constitución da mesa electoral e as decisións desta, e a atribución dos resultados, ata a entrada das actas na oficina pública dependente da autoridade administrativa ou laboral.

3. A impugnación poderana presentar aqueles que teñan interese lexítimo, incluída a empresa cando nela concorra o dito interese, no prazo de tres días, contados desde que tiveron coñecemento deste.

Artigo 128. *Fundamento da demanda.*

A demanda só se poderá fundar en:

a) Indevida apreciación ou non apreciación de calquera das causas recollidas no número 2 do artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, sempre que esta fose alegada polo promotor no curso da arbitrase.

b) Ter resolto o laudo aspectos non sometidos á arbitrase ou que, de o ter sido, non poidan ser obxecto deste. Nestes casos a anulación afectará só os aspectos non sometidos a decisión ou non susceptibles de arbitrase, sempre que estes teñan substantividade propia e non aparezan indisolublemente unidos á cuestión principal.

c) Promover a arbitrase fóra dos prazos estipulados no artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

d) Non ter concedido o árbitro ás partes a oportunidade de seren oídas ou de presentaren probas.

Artigo 129. *Lexitimación pasiva.*

1. A demanda deberase dirixir contra as persoas e sindicatos que foron partes no procedemento arbitral, así como fronte a calquera outro afectado polo laudo obxecto de impugnación.

2. En ningún caso terán a consideración de demandados os comités de empresa, os delegados de persoal, ou a mesa electoral.

Artigo 130. *Litisconsorcio pasivo necesario.*

Se examinada a demanda o secretario xudicial considera que pode non ter sido dirixida contra todos os afectados, citará as partes para que comparezan ante o órgano xudicial, dentro do día seguinte, a unha audiencia preliminar en que este, oíndo as partes sobre a posible situación de litisconsorcio pasivo necesario, resolverá sobre a demanda no acto.

Artigo 131. *Lexitimación de sindicatos e empresario.*

Nestes procesos poderán comparecer como parte, cando teñan interese lexítimo, os sindicatos, o empresario e os compoñentes de candidaturas non presentadas por sindicatos.

Artigo 132. *Especialidades do proceso.*

1. Este proceso tramitarase con urxencia e terá as seguintes especialidades:

a) Ao admitir a demanda, acordarase solicitar da oficina pública texto do laudo arbitral, así como copia do expediente administrativo relativo ao proceso electoral. A documentación referida deberá ser enviada polo requirido dentro do día seguinte.

b) O acto do xuízo deberase celebrar dentro dos cinco días seguintes á admisión da demanda. A sentenza, contra a que non cabe recurso, deberase ditar no prazo de tres días, e deberá ser comunicada ás partes e á oficina pública.

c) A substanciación deste proceso non suspenderá o desenvolvemento do procedemento electoral, salvo que sexa acordado motivadamente polo xuíz, por petición de parte, caso de concorrer causa xustificativa e na forma establecida no artigo 180.

2. Cando o demandante fose a empresa e o xuíz aprecie que a demanda tiña por obxecto obstaculizar ou atrasar o proceso electoral, a sentenza que resolva a pretensión impugnatoria imporá a sanción prevista no número 4 do artigo 75 e no número 3 do artigo 97.

Subsección 2.^a Impugnación da resolución administrativa que denegue o rexistro e da certificación da representatividade sindical

Artigo 133. *Denegación do rexistro de actas. Competencia territorial e lexitimación.*

1. Ante o xulgado do social en cuxa circunscrición se encontre a oficina pública poderase impugnar a denegación por esta do rexistro das actas relativas a eleccións de delegados de persoal e membros de comités de empresa. Poderán ser demandantes aqueles que obtivesen algún representante na acta de eleccións.

2. A Administración a que estea adscrita a oficina pública será sempre parte, e a demanda dirixirase tamén contra aqueles que presentasen candidatos ás eleccións obxecto da resolución administrativa.

Artigo 134. *Prazo.*

O prazo de exercicio da acción de impugnación será de dez días, contados a partir daquel en que se reciba a notificación.

Artigo 135. *Especialidades do proceso.*

1. Este proceso tramitarase con urxencia. Na resolución pola que se admita a demanda requirirase á oficina pública competente o envío do expediente administrativo, que deberá ser remitido no prazo de dous días.

2. O acto do xuízo deberase celebrar dentro dos cinco días seguintes á recepción do expediente.

3. A sentenza, contra a que non cabe recurso, deberase ditar no prazo de tres días, e deberá ser comunicada ás partes e á oficina pública. De estimar a demanda, a sentenza ordenará de inmediato o rexistro da acta electoral.

Artigo 136. *Certificación de capacidade representativa sindical.*

1. As resolucións da oficina pública dependente da autoridade administrativa ou laboral relativas á expedición de certificacións da capacidade representativa dos sindicatos ou dos resultados electorais poderán ser impugnadas polo sindicato ou sindicatos interesados, ante o xulgado do social en cuxa circunscrición se encontre a oficina pública correspondente, dentro do prazo de dez días seguintes ao da expedición ou denegación da certificación, e a demanda dirixirase, se é o caso, contra os demais sindicatos a que afecte a declaración pretendida.

2. A resolución que admita a trámite a demanda sinalará o xuízo con carácter urxente dentro do prazo dos dez días seguintes e disporá a reclamación do expediente administrativo da oficina pública para a súa remisión ao xulgado dentro dos dous días seguintes.

3. A sentenza deberase ditar no prazo de tres días e resolverá sobre os termos da certificación emitida en función das pretensións oportunamente deducidas polas partes. Contra a dita resolución, que se notificará á oficina pública e ás partes, caberá recurso de suplicación.

*Sección 3.^a Clasificación profesional**Artigo 137. Reclamación de categoría ou grupo profesional.*

1. A demanda que inicie este proceso será acompañada de informe emitido polo comité de empresa ou, se é o caso, polos delegados de persoal sobre as funcións superiores alegadas e a correspondencia destas dentro do sistema de clasificación aplicable. No caso de que estes órganos non emitisen o informe no prazo de quince días, ao demandante bastaralle acreditar que o solicitou.

2. Na resolución pola que se admita a demanda, solicitarase informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social, remitíndolle copia da demanda e documentos que a acompañen. O informe versará sobre os feitos invocados, en relación co sistema de clasificación aplicable, e demais circunstancias concorrentes relativas á actividade do demandante, e deberase emitir no prazo de quince días.

3. Á acción de reclamación da categoría ou grupo profesional será acumulable a reclamación das diferenzas salariais correspondentes. Contra a sentenza que recaia non se dará recurso ningún, salvo que as diferenzas salariais reclamadas alcancen a contía requirida para o recurso de suplicación.

*Sección 4.^a Mobilidade xeográfica e modificacións substanciais de condicións de traballo**Artigo 138. Tramitación.*

1. O proceso iníciase por demanda dos traballadores afectados pola decisión empresarial, aínda que non se seguise o procedemento dos artigos 40 e 41 do Estatuto dos traballadores. A demanda deberase presentar no prazo de caducidade dos vinte días hábiles seguintes á notificación por escrito da decisión aos traballadores ou aos seus representantes, conforme o disposto no número 4 do artigo 59 do Estatuto dos traballadores, prazo que non comezará a computarse ata que teña lugar a dita notificación, sen prexuízo da prescrición, en todo caso, das accións derivadas polo transcurso do prazo previsto no número 2 do artigo 59 do Estatuto dos traballadores.

2. Cando o obxecto do debate verse sobre preferencias atribuídas a determinados traballadores, estes tamén deberán ser demandados. Igualmente deberán ser demandados os representantes dos traballadores cando, tratándose de traslados ou modificacións de carácter colectivo, a medida conte coa conformidade daqueles.

3. O órgano xurisdiccional poderá solicitar informe urxente da Inspección de Traballo e Seguridade Social, e remitirle copia da demanda e documentos que a acompañen. O informe versará sobre os feitos invocados como xustificativos da decisión empresarial en relación coa modificación acordada e demais circunstancias concorrentes.

4. Se unha vez iniciado o proceso se formula demanda de conflito colectivo contra a decisión empresarial, aquel proceso suspenderase ata a resolución da demanda de conflito colectivo, que unha vez firme terá eficacia de cousa xulgada sobre o proceso individual nos termos do número 3 do artigo 160.

Non obstante, o acordo entre o empresario e os representantes legais dos traballadores que poida recaer unha vez iniciado o proceso non interromperá a continuación do procedemento.

5. O procedemento será urxente e daráselle tramitación preferente. O acto da vista deberase sinalar dentro dos cinco días seguintes ao da admisión da demanda, de non se ter solicitado o informe previsto no número 3 deste artigo.

6. A sentenza deberá ser ditada no prazo de cinco días e será inmediatamente executiva. Contra esta non procederá ulterior recurso, salvo nos supostos de mobilidade xeográfica previstos no número 2 do artigo 40 do Estatuto dos traballadores e nos de modificacións substanciais de condicións de traballo cando teñan carácter colectivo de conformidade co número 2 do artigo 41 do referido estatuto.

7. A sentenza declarará xustificada ou inxustificada a decisión empresarial, segundo quedasen acreditadas ou non, respecto dos traballadores afectados, as razóns invocadas pola empresa.

A sentenza que declare xustificada a decisión empresarial recoñecerá o dereito do traballador a extinguir o contrato de traballo nos supostos previstos no número 1 do artigo 40 e no número 3 do artigo 41 do Estatuto dos traballadores, e concederalle para o efecto o prazo de quince días.

A sentenza que declare inxustificada a medida recoñecerá o dereito do traballador a ser repostado nas súas anteriores condicións de traballo, así como ao aboamento dos danos e perdas que a decisión empresarial puiden ocasionar durante o tempo en que produciu efectos.

Declararase nula a decisión adoptada en fraude de lei, eludindo as normas establecidas para as de carácter colectivo nos artigos 40 e 41 do Estatuto dos traballadores, así como cando teña como móbil algunha das causas de discriminación prevista na Constitución e na lei, ou se produza con violación de dereitos fundamentais e liberdades públicas do traballador, incluídos, se é o caso, os demais supostos que comportan a declaración de nulidade do despedimento no número 2 do artigo 108.

8. Cando o empresario non proceda a reintegrar ao traballador nas súas anteriores condicións de traballo ou o faga de modo irregular, o traballador poderá solicitar a execución da sentenza ante o xulgado do social e a extinción do contrato por causa do previsto na letra c) do número 1 do artigo 50 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, conforme o establecido nos artigos 279, 280 e 281.

9. Se a sentenza declara a nulidade da medida empresarial, a súa execución efectuarase nos seus propios termos, salvo que o traballador inste a execución prevista no número anterior. En todo caso, serán de aplicación os prazos establecidos nel.

Sección 5.^a Dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral recoñecidos legal ou convencionalmente

Artigo 139. *Tramitación.*

1. O procedemento para o exercicio dos dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, recoñecidos legal ou convencionalmente, rexerá polas seguintes regras:

a) O traballador disporá dun prazo de vinte días, a partir de que o empresario lle comunique a súa negativa ou a súa desconformidade coa proposta realizada polo traballador, para presentar demanda ante o xulgado do social.

Na demanda do dereito á medida de conciliación poderase acumular a acción de danos e perdas causados ao traballador, exclusivamente polos derivados da negativa do dereito ou da demora na efectividade da medida, dos que o empresario se poderá exonerar se tiver dado cumprimento, polo menos provisional, á medida proposta polo traballador.

O empresario e o traballador deberán levar as súas respectivas propostas e alternativas de concreción aos actos de conciliación previa ao xuízo e ao propio acto de xuízo, que poderán acompañar, se é o caso, de informe dos órganos paritarios ou de seguimento dos plans de igualdade da empresa para a súa consideración na sentenza.

b) O procedemento será urxente e daráselle tramitación preferente. O acto da vista deberase sinalar dentro dos cinco días seguintes ao da admisión da demanda. A sentenza ditarase no prazo de tres días. Contra ela non procederá recurso, salvo cando se acumulase pretensión de resarcimento de prexuízos que pola súa contía poida dar lugar a recurso de suplicación, caso en que o pronunciamento sobre as medidas de conciliación será executivo desde que se dite a sentenza.

2. O procedemento anterior será aplicable igualmente ao exercicio dos dereitos da traballadora vítima de violencia de xénero establecidos na lei, á redución da xornada de

traballo con diminución proporcional do salario e á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que se utilicen na empresa. Poderase acumular á referida demanda a acción de danos e perdas directamente causados á traballadora pola negativa ou demora do dereito. Poderase instar, se é o caso, a adopción das medidas cautelares reguladas no número 4 do artigo 180.

CAPÍTULO VI

Das prestacións da Seguridade Social

Artigo 140. *Tramitación. Impugnación de altas médicas.*

1. Nas demandas formuladas en materia de prestacións da Seguridade Social contra organismos xestores e entidades colaboradoras na xestión acreditarase ter esgotado a vía administrativa correspondente, incluídas aquelas en que se acumulase a alegación da lesión dun dereito fundamental ou liberdade pública e salvo que se opte por exercer exclusivamente esta última mediante a modalidade procesual de tutela. Non será exigible o esgotamento previo da vía administrativa, nos procesos de impugnación de altas médicas emitidas polos órganos competentes das entidades xestoras da Seguridade Social ao se esgotar o prazo de duración de trescentos sesenta e cinco días da prestación de incapacidade temporal.

2. En caso de se omitir, o secretario xudicial disporá que se emende o defecto no prazo de catro días. Realizada a emenda, admitirase a demanda. Noutro caso, dará conta ao tribunal para que este resolva sobre a admisión da demanda.

3. O proceso de impugnación de alta médica terá as seguintes especialidades:

a) A demanda dirixirase exclusivamente contra a entidade xestora e, se é o caso, contra a colaboradora na xestión. Non existirá necesidade de demandar o servizo público de saúde, salvo cando se impugne a alta emitida polos servizos médicos deste, nin a empresa salvo cando se cuestione a continxencia.

b) Será urxente e daráselle tramitación preferente.

c) O acto da vista deberase sinalar dentro dos cinco días seguintes á admisión da demanda, e a sentenza, que non terá recurso, ditarase no prazo de tres días e os seus efectos limitaranse á alta médica impugnada, sen condicionar outros procesos diversos, sexa no relativo á continxencia, á base reguladora, ás prestacións derivadas ou a calquera outro aspecto.

d) Non se poderán acumular outras accións, nin sequera a reclamación de diferenzas de prestación económica por incapacidade temporal, ben que a sentenza que estime indebida a alta disporá a reposición do beneficiario na prestación que viñese percibindo, mentres non concorra causa de extinción desta, polo transcurso do tempo polo que tiver recoñecida ou por outra causa legal de extinción.

Artigo 141. *Lexitimación das entidades xestoras e Tesouraría Xeral da Seguridade Social.*

1. As entidades ou organismos xestores e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderán comparecer e ser tidas por parte, con plenitude de posibilidades de alegación e defensa, incluída a de interpor o recurso ou remedio procesual que poida proceder, nos preitos en materia de prestacións de seguridade social e, en xeral, nos procedementos en que teñan interese por razón do exercicio das súas competencias, sen que tal intervención faga retroceder nin deter o curso das actuacións.

Para tal efecto o secretario xudicial deberá efectuar as actuacións precisas para constatar a posible existencia das situacións anteriores e acordar, se é o caso, que lles sexan notificadas as resolucións de admisión a trámite, sinalamento da vista ou incidente e demais resolucións, incluída a que poña fin ao trámite correspondente.

2. O órgano xurisdiccional poderá solicitar das ditas entidades e organismos os antecedentes de que dispoñan en relación cos feitos obxecto do procedemento e estes poderán igualmente achegar os ditos antecedentes, estean ou non comparecidos nas actuacións, en canto poidan afectar as prestacións que xestionen, para os fins de completar os elementos de coñecemento do órgano xurisdiccional na resolución do asunto.

Artigo 142. Documentación en procesos por accidente de traballo ou enfermidade profesional.

1. Se nas demandas por accidente de traballo ou enfermidade profesional non se consigna o nome da entidade xestora ou, se é o caso, da mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da seguridade social, o secretario xudicial, antes do sinalamento do xuízo, requirirá o empresario demandado para que no prazo de catro días presente o documento acreditativo da cobertura de risco. Se transcorrido este prazo non o presenta, vistas as circunstancias que concorran e oíndo a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, o xuíz acordará o embargo de bens do empresario en cantidade suficiente para asegurar o resultado do xuízo e cantas medidas cautelares se consideren necesarias.

Iguais medidas se adoptarán, no procedemento correspondente, en relación co aseguramento do risco e o documento de cobertura das melloras voluntarias ou complementarias de seguridade social e doutras posibles responsabilidades do empresario ou de terceiros por accidente de traballo e enfermidade profesional, para cuxo efecto o empresario ou o terceiro deberán presentar, no prazo antes indicado e logo de requirimento para o efecto, o documento de aseguramento e os datos da entidade aseguradora que cubra este, con apercibimento de adoptarse a medida de embargo preventivo prevista anteriormente ou outras medidas cautelares idóneas.

2. Nos procesos para a determinación de continxencia ou da falta de medidas de seguridade en accidentes de traballo e enfermidade profesional, e nos demais supostos en que o considere necesario, a resolución en que se admita a demanda a trámite deberá solitar da inspección provincial de Traballo e Seguridade Social, se non figura xa no expediente ou nos autos, informe relativo ás circunstancias en que sobreveu o accidente ou enfermidade, traballo que realizaba o accidentado ou enfermo, salario que percibía e base de cotización, que será expedido necesariamente no prazo máximo de dez días. Con antelación de polo menos cinco días á celebración do xuízo, o secretario xudicial deberá reiterar a remisión do dito informe se este non tiver aínda entrada nos autos.

Artigo 143. Remisión do expediente administrativo.

1. Ao se admitir a trámite a demanda reclamarase á entidade xestora ou ao organismo xestor ou colaborador a remisión do expediente ou das actuacións administrativas practicadas en relación co obxecto desta, en orixinal ou copia, en soporte escrito ou preferentemente informático, e, se é o caso, informe dos antecedentes que posúa en relación co contido da demanda, en prazo de dez días. O expediente enviarase completo, foliado e, se é o caso, autenticado e acompañado dun índice dos documentos que conteña. Se se remite o expediente orixinal, o secretario xudicial devolverao á entidade de procedencia, unha vez que sexa firme a sentenza, e deixará nos autos nota disto.

2. Ao se solicitar a referida remisión de expediente ou actuacións requirirase igualmente o correspondente organismo e este, se é o caso, deberá pór de oficio en coñecemento do xulgado ou tribunal informe de se ten coñecemento da existencia doutras demandas en que se deduzan pretensións en relación co mesmo acto ou actuación, para os efectos de posibilitar, se é o caso, a acumulación de oficio ou por instancia de parte.

3. Á vista do expediente, o tribunal disporá o emprazamento das persoas que poidan ter un interese lexítimo no proceso ou resultar afectadas por el, para que poidan comparecer no acto de xuízo e seren tidas por parte no proceso e formular as súas pretensións, procurando que tal emprazamento se entenda cos interesados con polo

menos cinco días hábiles de antelación ao sinalamento a xuízo e sen necesidade de que, neste caso, se cumpran os prazos xerais previstos para a citación das partes demandadas no artigo 82.

4. No proceso non poderán ser aducidos por ningunha das partes feitos distintos dos alegados no expediente administrativo, salvo en canto aos feitos novos ou que non se puidesen coñecer con anterioridade.

Artigo 144. *Efectos da falta de remisión do expediente administrativo.*

1. Cumprido o prazo de remisión do expediente sen que este se recibise, o secretario xudicial reiterará pola vía urxente a súa inmediata remisión. O xuízo celebrarase no día sinalado, aínda que a entidade correspondente non remitise o expediente ou a súa copia, salvo que xustificase suficientemente a omisión.

2. Se ao demandante lle convén a achega do expediente para os seus propios fins, poderá solicitar a suspensión do xuízo, para que se reitere a orde de remisión do expediente nun novo prazo de dez días con apercibimento de imposición das medidas a que se refire o número 5 do artigo 75.

O dito prazo será de cinco días nos procesos de impugnación de altas médicas a que se refire o número 3 do artigo 140.

3. Se chegada a data do novo sinalamento non se remitise o expediente, poderanse ter por probados aqueles feitos alegados polo demandante cuxa proba fose imposible ou de difícil demostración por medios distintos daquel.

Artigo 145. *Responsabilidade disciplinaria pola falta de remisión do expediente administrativo.*

A falta de remisión do expediente e calquera outro incumprimento das obrigas de colaboración co proceso notificarallas o secretario xudicial ao director da entidade xestora ou organismo xestor, para os efectos da posible existencia de responsabilidades disciplinarias, sen prexuízo das demais medidas que poidan ser procedentes.

Artigo 146. *Revisión de actos declarativos de dereitos.*

1. As entidades, órganos ou organismos xestores, ou o Fondo de Garantía Salarial non poderán revisar por si mesmos os seus actos declarativos de dereitos en prexuízo dos seus beneficiarios, polo que deberán, se é o caso, solicitar a revisión ante o xulgado do social competente, mediante a oportuna demanda que se dirixirá contra o beneficiario do dereito recoñecido.

2. Exceptúanse do disposto no número anterior a rectificación de erros materiais ou de feito e os aritméticos, así como as revisións motivadas pola constatación de omisións ou inexactitudes nas declaracións do beneficiario. Exceptúanse tamén as revisións dos actos en materia de protección por desemprego, e por cesamento de actividade dos traballadores autónomos, sempre que se efectúen dentro do prazo máximo dun ano desde a resolución administrativa ou do órgano xestor que non fose impugnada, sen prexuízo do disposto no artigo 147.

3. A acción de revisión a que se refire o número un prescribirá aos catro anos.

4. A sentenza que declare a revisión do acto impugnado será inmediatamente executiva.

Artigo 147. *Impugnación de prestacións por desemprego.*

1. Cando a entidade ou organismo xestor das prestacións por desemprego constatare que, nos catro anos inmediatamente anteriores a unha solicitude de prestacións, o traballador percibiu prestacións por finalización de varios contratos temporais cunha mesma empresa, poderase dirixir de oficio á autoridade xudicial demandando que o empresario sexa declarado responsable do aboamento destas, salvo da prestación correspondente ao último contrato temporal, se a reiterada contratación temporal foi

abusiva ou fraudulenta, así como a condena ao empresario á devolución á entidade xestora daquelas prestacións xunto coas cotizacións correspondentes.

Á comunicación, que terá a consideración de demanda, deberase xuntar copia do expediente ou expedientes administrativos en que se fundamente, e nela consignaranse os requisitos xerais exixidos por esta lei para as demandas dos procesos ordinarios.

A comunicación poderase dirixir á autoridade xudicial no prazo dos seis meses seguintes á data en que se formulase a última solicitude de prestacións en tempo e forma.

O disposto neste número non suporá a revisión das resolucións que recoñecesen o dereito ás prestacións por desemprego derivadas da finalización dos reiterados contratos temporais, que se considerarán debidas ao traballador.

2. O secretario xudicial examinará a demanda, para o efecto de comprobar se reúne todos os requisitos exixidos, e advertirá a entidade xestora, se é o caso, dos defectos ou omisións de carácter formal que presente, co fin de que sexan emendados no termo de dez días. Realizada a emenda, admitirase a demanda. Noutro caso, dará conta ao tribunal para que este resolva sobre a admisión da demanda.

3. Admitida a trámite a demanda, continuará o procedemento consonte as normas xerais, coas especialidades seguintes:

a) O empresario e o traballador que celebraron os reiterados contratos temporais terán a consideración de parte no proceso, ben que non poderán solicitar a súa suspensión. Aínda sen a súa asistencia, o procedemento seguirase de oficio.

b) As afirmacións de feitos que conteña a comunicación base do proceso farán fe, salvo proba en contrario, e a carga da proba incumbiralle ao empresario demandado.

4. A sentenza que estime a demanda da entidade xestora será inmediatamente executiva.

5. Cando a sentenza adquira firmeza comunicarse á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

CAPÍTULO VII

Do procedemento de oficio e do de impugnación de actos administrativos en materia laboral e de seguridade social non prestacionais

Sección 1.ª Do procedemento de oficio

Artigo 148. *Ámbito de aplicación.*

O proceso poderase iniciar de oficio como consecuencia:

a) Das certificacións das resolucións firmes que dite a autoridade laboral derivadas das actas de infracción da Inspección de Traballo e Seguridade Social en que se aprecien prexuízos económicos para os traballadores afectados.

b) Dos acordos da autoridade laboral competente, cando esta aprecie fraude, dolo, coacción ou abuso de dereito na conclusión dos acordos de suspensión, redución da xornada ou extinción a que se refiren o artigo 47 e o número 5 do artigo 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e os remita á autoridade xudicial para efectos da súa posible declaración de nulidade, deixando en suspenso o prazo para ditar resolución administrativa. Do mesmo modo actuará a autoridade laboral cando, de oficio ou por petición da entidade xestora da prestación por desemprego, considere que o acordo pode ter por obxecto a obtención indebida das prestacións por parte dos traballadores afectados por inexistencia da causa motivadora da situación legal de desemprego.

c) Das actas de infracción ou comunicacións da Inspección de Traballo e Seguridade Social acerca da constatación dunha discriminación por razón de sexo e nas que se recollan as bases dos prexuízos estimados para o traballador, para os efectos da determinación da indemnización correspondente.

Igualmente se iniciará o procedemento como consecuencia das correspondentes comunicacións e para os mesmos efectos nos supostos de discriminación por razón de orixe racial ou étnica, relixión e conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual ou outros legalmente previstos.

d) Das comunicacións da autoridade laboral cando calquera acta de infracción ou de liquidación levantada pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, relativa ás materias de seguridade social excluídas do coñecemento da orde social na letra f) do artigo 3, fose impugnada polo suxeito responsable con base en alegacións e probas que, a xuízo da autoridade laboral, poidan desvirtuar a natureza laboral da relación xurídica obxecto da actuación inspectora.

Á demanda de oficio a que se refire o parágrafo anterior a autoridade laboral xuntará copia do expediente administrativo. A admisión da demanda producirá a suspensión do expediente administrativo. A este proceso de oficio seranlle aplicables as regras das letras a) e d) do número 2 do artigo 150. Cando se entenda que as alegacións ou a actuación do suxeito responsable pretenden a dilación da actuación administrativa, o órgano xudicial imporá a multa que sinalan os números 4 do artigo 75 e 3 do artigo 97, así como cando tal conduta a efectúe o empresario, deberá aboar tamén os honorarios dos avogados e graduados sociais da parte contraria que interviñesen, dentro dos límites establecidos para a instancia, suplicación e casación. A sentenza firme comunicárase á autoridade laboral e vinculará nos aspectos nela resoltos a autoridade laboral e os órganos da xurisdición contencioso-administrativa ante os que se impugne a acta de infracción ou de liquidación.

Artigo 149. *Requisitos da demanda.*

1. Na demanda de oficio consignaranse os requisitos xerais exixidos por esta lei para as demandas dos procesos ordinarios, expresando as persoas contra as cales se dirixe e a condena concreta que se pida fronte a elas segundo o contido da pretensión, os feitos que resulten imprescindibles para resolver as cuestións formuladas e, en concreto, aqueles que se estiman constitutivos de discriminación ou doutro incumprimento laboral. Así mesmo consignarase, se é o caso, o acordo de suspensión, redución de xornada ou extinción impugnado e a causa invocada, xunto coa identificación das partes que interviñeron nel, precisando a concreta pretensión declarativa ou de condena que se pide do órgano xudicial, con expresión, de proceder, dos prexuízos estimados ou das bases para a determinación da indemnización correspondente, así como dos datos identificativos dos traballadores afectados e os seus domicilios.

2. Sempre que as demandas expresadas afecten máis de dez traballadores, o secretario xudicial requiriráos para que designen representantes na forma prevista no artigo 19.

Artigo 150. *Admisión da demanda e tramitación.*

1. O secretario xudicial examinará a demanda, para o efecto de comprobar se reúne todos os requisitos exixidos, advertindo a autoridade laboral, se é o caso, dos defectos ou omisións que presente co fin de que sexan emendados no prazo de dez días. Realizada a emenda, admitirá a demanda. Noutro caso, dará conta ao tribunal para que este resolva sobre a admisión da demanda.

2. Admitida a trámite a demanda, continuará o procedemento consonte as normas xerais deste texto, coas especialidades seguintes:

a) O procedemento seguirase de oficio, aínda sen asistencia dos traballadores prexudicados, que serán emprazados para o efecto e unha vez comparecidos terán a consideración de parte, ben que non poderán desistir nin solicitar a suspensión do proceso.

b) A conciliación tan só a poderá autorizar o secretario xudicial ou, se é o caso, o xuíz ou tribunal, cando fose cumpridamente satisfeita a totalidade dos prexuízos causados pola infracción.

c) Os pactos entre traballadores e empresarios posteriores á acta de infracción tan só serán eficacia no suposto de que fosen celebrados en presenza do inspector de traballo que levantou a acta ou da autoridade laboral.

d) As afirmacións de feitos que conteña a resolución ou comunicación base do proceso farán fe salvo proba en contrario, e toda a carga da proba incumbiralle á parte demandada.

e) As sentenzas que se diten nestes procesos deberanse executar sempre de oficio.

Sección 2.^a Do procedemento de impugnación de actos administrativos en materia laboral e de seguridade social excluídos os prestacionais

Artigo 151. *Tramitación.*

1. De non existir regulación especial, o procedemento iniciado por demanda en impugnación dos actos administrativos en materia laboral dirixida contra o Estado, comunidades autónomas, entidades locais ou outras administracións ou organismos públicos rexeráse polos principios e regras do proceso ordinario laboral, coas especialidades contidas nesta sección. No non expresamente previsto serán de aplicación as normas reguladoras da xurisdición contencioso-administrativa, en canto sexan compatibles cos principios do proceso social.

2. Coa demanda deberase acreditar, se é o caso, o esgotamento da vía administrativa na forma e prazos que correspondan segundo a normativa aplicable á Administración autora do acto, na forma establecida no artigo 69 desta lei, salvo o disposto no número 2 do seu artigo 70 e no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, que será de aplicación aos litixios entre administracións públicas ante a orde xurisdiccional social.

3. Na demanda identificarase con precisión o acto ou resolución obxecto de impugnación e a Administración pública ou entidade de dereito público contra cuxa actividade se dirixa o recurso e farase indicación, se é o caso, das persoas ou entidades cuxos dereitos ou intereses lexítimos poidan quedar afectados pola estimación das pretensións do demandante.

4. En caso de se omitiren os requisitos anteriores, o secretario xudicial disporá que se emende o defecto no prazo de catro días. Realizada a emenda, admitirase a demanda. Noutro caso, dará conta ao tribunal para que este resolva sobre a súa admisión.

5. Estarán lexitimados para promover o proceso os destinatarios do acto ou resolución impugnada ou aqueles que teñan dereitos ou intereses lexítimos na súa revogación ou anulación. A lexitimación pasiva corresponde á Administración ou entidade pública autora do acto.

Os empresarios e os traballadores afectados ou os habentes causa de ambos, así como aqueles terceiros a que poidan alcanzar as responsabilidades derivadas dos feitos considerados polo acto obxecto de impugnación e aqueles que poidan ter resultado prexudicados por estes, poderán comparecer como parte no procedemento e serán emprazados para o efecto, en especial cando se trate de vulgar feitos que poidan ser constitutivos de accidente de traballo ou enfermidade profesional.

Nos litixios sobre sancións administrativas en materia de acoso laboral sexual ou por razón de sexo, a vítima estará lexitimada para comparecer no procedemento segundo a súa libre decisión e non poderá ser demandada ou emprazada de comparecencia contra a súa vontade. Se se requirise o testemuño da vítima, o órgano xurisdiccional velará polas condicións da súa práctica en termos compatibles coa súa situación persoal e coas restricións de publicidade e intervención das partes e dos seus representantes que sexan necesarias.

6. Os sindicatos e asociacións empresariais máis representativos, así como aqueles con implantación no ámbito de efectos do litixio, e o empresario e a representación

unitaria dos traballadores no ámbito da empresa, poderán comparecer e ser tidos como parte nos procesos en que teñan interese en defensa dos intereses económicos e sociais que lles son propios ou na súa función de velar polo cumprimento das normas vixentes, sen que tal intervención faga deter ou retroceder o curso das actuacións.

7. O prazo de interposición da demanda será o previsto nos artigos 69 e 70 ou o expresamente sinalado, se é o caso, segundo a modalidade procesual aplicable, sendo de aplicación a este respecto o previsto no artigo 73 desta lei.

8. Para o sinalamento do xuízo, reclamación do expediente administrativo, emprazamento dos posibles interesados, congruencia co expediente administrativo e demais aspectos relacionados observarase o disposto nos artigos 143 a 145.

Os feitos constatados polos inspectores de Traballo e Seguridade Social ou polos subinspectores de Emprego e Seguridade Social actuantes que se formalicen nas actas de infracción observando os requisitos legais pertinentes, terán presunción de certeza, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos e intereses poidan achegar os interesados. O mesmo valor probatorio terán os feitos constatados polos funcionarios aos cales se lles recoñece a condición de autoridade, e que se formalicen en documento público observando os requisitos legais pertinentes.

9. A sentenza efectuará os pronunciamentos que correspondan segundo as pretensións oportunamente formuladas polas partes e, en concreto:

a) Declarará a inadmisibilidade da demanda por carencia de xurisdición, por non ser susceptible de impugnación o acto obxecto de recurso, por se ter formulado aquela fóra do prazo establecido ou cando se aprecie a falta de calquera outro presuposto procesual, así como cando se impugnen actos que sexan reprodución doutros anteriores definitivos e firmes e os confirmatorios de actos consentidos por non teren sido impugnados en tempo e forma.

b) Desestimar a demanda cando se axuste a dereito o acto impugnado.

c) Estimar a demanda se se aprecia infracción do ordenamento xurídico, incluída a desviación de poder por se teren utilizado as potestades administrativas para fins distintos dos legalmente previstos. Neste caso, a sentenza declarará non conforme dereito o acto impugnado e anularao total ou parcialmente e, cando así proceda, ordenará o cesamento ou a modificación da actuación impugnada ou imporá o recoñecemento dunha determinada situación xurídica individualizada.

d) En caso de declaración de nulidade do acto ou resolución por omisión de requisitos de forma emendables de carácter esencial que ocasionaron indefensión, poderase dispor a nulidade do procedemento seguido para os únicos efectos de retrotraelo ao momento de produción. A declaración da caducidade do expediente non impedirá a nova iniciación da actuación administrativa se pola súa natureza non está suxeita a un prazo extintivo de calquera clase, sen que o procedemento caducado teña eficacia interruptiva do dito prazo.

10. A Administración autora dun acto administrativo declarativo de dereitos cuxo coñecemento corresponda a esta orde xurisdiccional está lexitimada para impugnalos ante esta mesma orde, logo da súa declaración de lesividade para o interese público nos termos legalmente establecidos e no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á data de declaración de lesividade. A revisión de actos declarativos de dereitos dos seus beneficiarios polas entidades ou organismos xestores e servizos comúns en materia de seguridade social e desemprego rexerase polo disposto nos artigos 146 e 147.

11. A sentenza que deixe sen efecto unha resolución administrativa en virtude da cal se producisen extincións da relación de traballo declarará o dereito dos traballadores afectados a se reincorporaren no seu posto de traballo.

Salvo que o empresario dentro dos cinco días seguintes á firmeza da sentenza opte, por escrito ante o órgano xudicial, por indemnizar os traballadores coa indemnización establecida para o despedimento improcedente, deberá comunicar por escrito aos ditos traballadores a data da súa reincorporación ao traballo dentro dos quince días seguintes á referida firmeza. En calquera dos casos anteriores, o traballador terá dereito aos

salarios deixados de percibir, con dedución dos que recibise desde a extinción e con devolución ou dedución das cantidades percibidas como indemnización, segundo o disposto nos números 3 e 4 do artigo 123 desta lei. De non readmitir o empresario o traballador ou de se efectuar a readmisión de modo irregular, este poderá instar a execución da sentenza nos vinte días seguintes conforme, no demais, o establecido nos artigos 279 a 281 desta lei.

De se deixar sen efecto a resolución administrativa por se apreciar vulneración de dereitos fundamentais ou liberdades públicas, os traballadores terán dereito á inmediata readmisión e ao aboamento dos salarios deixados de percibir e poderán, se é o caso, instar a execución conforme os artigos 282 e seguintes desta lei.

De ter percibido o traballador prestacións por desemprego, aplicaranse as disposicións do número 5 do artigo 209 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, en función de que tivese lugar ou non a readmisión do traballador.

Artigo 152. *Adopción de medidas cautelares.*

1. Os interesados poderán solicitar, en calquera estado do proceso, a suspensión do acto ou resolución administrativos impugnados e, en xeral, cantas medidas aseguren a efectividade da sentenza, cando a execución do acto impugnado poida facer perder a súa finalidade lexítima á demanda. O xuíz ou tribunal ditará seguidamente auto, que resolva sobre a suspensión, unha vez oídas as partes por tres días, salvo que concorran razóns de especial urxencia, caso en que se poderá anticipar a medida sen prexuízo da posterior audiencia das partes. A medida cautelar poderase denegar cando desta se poida seguir perturbación grave dos intereses xerais ou de terceiros que o xuíz ou tribunal ponderará en forma circunstanciada.

2. En procedementos de impugnación de resolucións da autoridade laboral sobre paralización de traballos por risco grave e inminente para a seguridade e a saúde, o traballador ou traballadores afectados, a súa representación unitaria ou sindical e o empresario interesado poderán solicitar o alzamento, mantemento ou adopción da medida nos termos do número anterior. Para tal efecto citaranse o empresario e os traballadores afectados ou os seus representantes a unha audiencia preliminar no día e hora que se sinala dentro das corenta e oito horas seguintes, e o xuíz ou tribunal deberá requirir da Inspección de Traballo e Seguridade Social a achega, dentro do mesmo prazo, das actuacións que practicou ao respecto e, en caso de o considerar necesario, a presenza na audiencia do funcionario que ordenou a paralización, así como dos técnicos que o asistiron. No procedemento poderán comparecer as entidades xestoras, colaboradoras e servizos públicos de saúde, en relación coas responsabilidades empresariais conforme o artigo 195 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, en caso de incumprimento da paralización dos traballos acordada pola autoridade laboral e solicitar as medidas cautelares que procedan para o aseguramento das prestacións que deban dispensar ou anticipar as citadas entidades. Os traballadores e a súa representación unitaria ou sindical poderán igualmente solicitar a adopción das mesmas medidas cautelares en relación co referido aseguramento.

CAPÍTULO VIII

Do proceso de conflitos colectivos

Artigo 153. *Ámbito de aplicación.*

1. Tramitaranse a través dese proceso as demandas que afecten intereses xerais dun grupo xenérico de traballadores ou dun colectivo xenérico susceptible de determinación individual e que versen sobre a aplicación e interpretación dunha norma estatal, convenio colectivo, calquera que sexa a súa eficacia, pactos ou acordos de empresa, ou dunha decisión empresarial de carácter colectivo, incluídas as que regulan

o número 2 do artigo 40 e número 2 do artigo 41 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou dunha práctica de empresa e dos acordos de interese profesional dos traballadores autónomos economicamente dependentes, así como a impugnación directa dos convenios ou pactos colectivos non comprendidos no artigo 163 desta lei.

2. Tamén se tramitará neste proceso a impugnación de convenios colectivos e dos laudos arbitrais substitutivos destes, de conformidade co disposto no capítulo IX deste título.

3. Así mesmo, tramitarase conforme este proceso a impugnación das decisións da empresa de atribuír carácter reservado ou de non comunicar determinadas informacións aos representantes dos traballadores, así como os litixios relativos ao cumprimento polos representantes dos traballadores e os expertos que os asistan da súa obriga de sixelo.

O xuíz ou sala deberá adoptar as medidas necesarias para salvagardar o carácter reservado ou secreto da información de que se trate.

Artigo 154. *Lexitimación activa.*

Estarán lexitimados para promover procesos sobre conflitos colectivos:

- a) Os sindicatos cuxo ámbito de actuación se corresponda ou sexa máis amplo que o do conflito.
- b) As asociacións empresariais cuxo ámbito de actuación se corresponda ou sexa máis amplo que o do conflito, sempre que se trate de conflitos de ámbito superior á empresa.
- c) Os empresarios e os órganos de representación legal ou sindical dos traballadores, cando se trate de conflitos de empresa ou de ámbito inferior.
- d) As administracións públicas empregadoras incluídas no ámbito do conflito e os órganos de representación do persoal laboral ao servizo das anteriores.
- e) As asociacións representativas dos traballadores autónomos economicamente dependentes e os sindicatos representativos destes, para o exercicio das accións colectivas relativas ao seu réxime profesional, sempre que reúnan o requisito da letra a) anterior, así como as empresas para as que executen a súa actividade e as asociacións empresariais destas sempre que o seu ámbito de actuación sexa, polo menos, igual ao do conflito.

Artigo 155. *Intervención de sindicatos, asociacións empresariais e órganos de representación.*

En todo caso, os sindicatos representativos, de conformidade cos artigos 6 e 7 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, as asociacións empresariais representativas nos termos do artigo 87 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e os órganos de representación legal ou sindical poderán comparecer como partes no proceso, aínda cando non o promovesen, sempre que o seu ámbito de actuación se corresponda ou sexa máis amplo que o do conflito.

Artigo 156. *Intento de conciliación ou de mediación.*

1. Será requisito necesario para a tramitación do proceso o intento de conciliación ou de mediación nos termos previstos no artigo 63.

2. O acordado en conciliación ou mediación terá, segundo a súa natureza, a mesma eficacia atribuída aos convenios colectivos polo artigo 82 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, sempre que as partes que concilien, teñan a lexitimación e adopten o acordo conforme os requisitos exixidos polas citadas normas. En tal caso enviarase copia desta á autoridade laboral. No caso dos traballadores autónomos economicamente dependentes, o acordo alcanzado terá a eficacia correspondente aos acordos de interese profesional regulados no artigo 13 da Lei do Estatuto do traballo autónomo.

Artigo 157. *Contido da demanda.*

1. O proceso iniciárase mediante demanda dirixida ao xulgado ou tribunal competente que, ademais dos requisitos xerais, conterá:

a) A designación xeral dos traballadores e empresas afectados polo conflito, e cando se formulen pretensións de condena que, aínda que referidas a un colectivo xenérico, sexan susceptibles de determinación individual ulterior sen necesidade de novo litixio, deberanse consignar os datos, características e requisitos precisos para unha posterior individualización dos afectados polo obxecto do conflito e o cumprimento da sentenza respecto delas.

b) A designación concreta do demandado ou demandados, con expresión do empresario, asociación empresarial, sindicato ou representación unitaria a aqueles que afecten as pretensións exercidas.

c) Unha referencia sucinta aos fundamentos xurídicos da pretensión formulada.

d) As pretensións interpretativas, declarativas, de condena ou doutra natureza concretamente exercidas segundo o obxecto do conflito.

2. Á demanda deberase xuntar certificación de ter intentado a conciliación ou mediación previa a que se refire o artigo anterior ou alegación de non ser necesaria esta.

Artigo 158. *Iniciación pola autoridade laboral.*

O proceso poderase iniciar tamén mediante comunicación da autoridade laboral, por instancia das representacións referidas no artigo 154. Na dita comunicación conteranse idénticos requisitos aos exixidos para a demanda no artigo anterior. O secretario xudicial advertirá a autoridade laboral dos defectos ou omisións que poida conter a comunicación, co fin de que se emenden no prazo de dez días.

Artigo 159. *Urxencia e preferencia do proceso.*

Este proceso terá carácter urxente. A preferencia no despacho destes asuntos será absoluta sobre calquera outro, salvo os de tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Artigo 160. *Celebración do xuízo e sentenza.*

1. Unha vez admitida a demanda ou a comunicación da autoridade laboral, o secretario xudicial citará as partes para a celebración do acto do xuízo, que deberá ter lugar, en única convocatoria, dentro dos cinco días seguintes á admisión a trámite da demanda.

2. A sentenza ditarase dentro dos tres días seguintes, e notificaráselle, se é o caso, á autoridade laboral competente.

3. De ser estimatoria dunha pretensión de condena susceptible de execución individual, deberá conter, se é o caso, a concreción dos datos, características e requisitos precisos para unha posterior individualización dos afectados polo obxecto do conflito e beneficiados pola condena e especificar a repercusión directa sobre estes do pronunciamento ditado. Así mesmo, deberá conter, se é o caso, a declaración de que a condena debe producir efectos procesuais non limitados a aqueles que foron partes no proceso correspondente.

4. A sentenza será executiva desde o momento en que se dite, non obstante o recurso que se poida interpor contra ela.

5. A sentenza firme producirá efectos de cousa xulgada sobre os procesos individuais pendentes de resolución ou que se poidan suscitar, que versen sobre idéntico obxecto ou en relación de directa conexión con aquel, tanto na orde social como na contencioso-administrativa, que quedarán en suspenso durante a tramitación do conflito colectivo. A suspensión acordarase aínda que recaese sentenza de instancia e estea

pendente o recurso de suplicación e de casación, e a sentenza firme recaída no proceso de conflito colectivo vincula o tribunal correspondente, mesmo que no recurso de casación unificadora non se invocase aquela como sentenza contraditoria.

6. A iniciación do proceso de conflito colectivo interromperá a prescrición das accións individuais en igual relación co obxecto do referido conflito.

Artigo 161. *Inimpugnabilidade das resolucións de tramitación.*

Contra as resolucións que se diten na súa tramitación non caberá recurso, salvo o de declaración inicial de incompetencia.

Artigo 162. *Arquivo de actuacións.*

De se recibir no xulgado ou tribunal comunicación das partes de que quedou resolto o conflito, o secretario xudicial procederá sen máis ao arquivo das actuacións, calquera que sexa o estado da súa tramitación anterior á sentenza.

CAPÍTULO IX

Da impugnación de convenios colectivos

Artigo 163. *Iniciación.*

1. A impugnación dun convenio colectivo dos regulados no título III do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou dos laudos arbitrais substitutivos destes, por considerar que conculca a legalidade vixente ou lesiona gravemente o interese de terceiros, poderase promover de oficio ante o xulgado ou sala competente, mediante comunicación remitida pola autoridade correspondente.

2. Se o convenio colectivo non fose aínda rexistrado ante a oficina pública correspondente conforme o disposto no número 2 do artigo 90 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, os representantes legais ou sindicais dos traballadores ou os empresarios que sosteñan a ilegalidade do convenio ou os terceiros lesionados que a invoquen, deberán solicitar previamente da autoridade laboral que curse ao xulgado ou sala a súa comunicación de oficio.

3. Se a autoridade laboral non contesta a solicitude a que se refire o número anterior no prazo de quince días, a desestima ou o convenio colectivo xa fose rexistrado, a impugnación destes poderá ser instada directamente polos lexitimados para isto polos trámites do proceso de conflito colectivo, mentres subsista a vixencia da correspondente norma convencional.

4. A falta de impugnación directa dun convenio colectivo dos mencionados no número 1 deste artigo non impide a impugnación dos actos que se produzan na súa aplicación, a través dos conflitos colectivos ou individuais posteriores que poidan promover os lexitimados para isto, fundada en que as disposicións contidas neles non son conformes con dereito. O xuíz ou tribunal que nos ditos procedementos aprecie a ilegalidade dalgunha das referidas disposicións porao en coñecemento do Ministerio Fiscal para que, se é o caso, poida propor a súa ilegalidade a través da modalidade procesual de impugnación de convenios colectivos.

Artigo 164. *Requisitos da comunicación de oficio.*

1. A comunicación de oficio que sosteña a ilegalidade do convenio, pacto ou acordo deberá conter os requisitos seguintes:

- a) A concreción da lexislación e os aspectos dela que se consideren conculcados polo convenio.
- b) Unha referencia sucinta aos fundamentos xurídicos da ilegalidade.

c) A relación das representacións integrantes da comisión ou mesa negociadora do convenio impugnado.

2. A comunicación de oficio que sosteña a lesividade do convenio deberá conter, ademais do requisito mencionado na letra c) do número anterior, relación dos terceiros reclamantes, presuntamente lesionados, e indicación do interese destes que se trata de protexer.

3. O secretario xudicial advertirá a autoridade remitente dos defectos ou omisións que poida conter a comunicación, co fin de que se emenden no prazo de dez días.

4. O proceso seguirase, ademais de coas representacións integrantes da comisión ou mesa negociadora do convenio, cos denunciante ou terceiros presuntamente lesionados.

5. Cando a impugnación procedese da autoridade laboral e non houbese denunciante, tamén será citada a representación legal da dita autoridade.

6. O Ministerio Fiscal será parte sempre nestes procesos.

7. Á comunicación de oficio xuntarase o convenio impugnado e copias del para cantos sexan parte no proceso.

Artigo 165. *Lexitimación.*

1. A lexitimación activa para impugnar un convenio colectivo, polos trámites do proceso de conflito colectivo corresponde:

a) Se a impugnación se fundamenta na ilegalidade, aos órganos de representación legal ou sindical dos traballadores, sindicatos e asociacións empresariais interesadas, así como ao Ministerio Fiscal, á Administración xeral do Estado e á Administración das comunidades autónomas no seu respectivo ámbito. Para os efectos de impugnar as cláusulas que poidan conter discriminacións directas ou indirectas por razón de sexo, están tamén lexitimados o Instituto da Muller e os organismos correspondentes das comunidades autónomas.

b) Se o motivo da impugnación é a lesividade, aos terceiros cuxo interese resultase gravemente lesionado. Non se terán por terceiros os traballadores e empresarios incluídos no ámbito de aplicación do convenio.

2. Estarán pasivamente lexitimadas todas as representacións integrantes da comisión ou mesa negociadora do convenio.

3. A demanda conterà, ademais dos requisitos xerais, os particulares que para a comunicación de oficio se prevén no artigo anterior, e deberanse, así mesmo, xuntar o convenio e as súas copias.

4. O Ministerio Fiscal será sempre parte nestes procesos.

Artigo 166. *Celebración do xuízo e sentenza.*

1. Admitida a trámite a comunicación de oficio ou a demanda, o secretario xudicial sinalará para xuízo, con citación do Ministerio Fiscal e, se é o caso, das partes a que se refire o número 4 do artigo 164. Na súa comparecencia a xuízo, as ditas partes alegarán en primeiro termo a postura procesual que adopten, de conformidade ou oposición, respecto da pretensión interposta.

2. A sentenza, que se ditará dentro dos tres días seguintes, comunicarse á autoridade laboral, e será executiva desde o momento en que se dite, non obstante o recurso que contra ela se poida interpor. Unha vez firme producirá efectos de cousa xulgada sobre os procesos individuais pendentes de resolución ou que se poidan suscitar en todos os ámbitos da xurisdición sobre os preceptos validados, anulados ou interpretados obxecto do proceso.

3. Cando a sentenza sexa anulatoria, en todo ou en parte, do convenio colectivo impugnado e este fose publicado, tamén se publicará no boletín oficial en que aquel se inserise.

CAPÍTULO X

Das impugnacións relativas aos estatutos dos sindicatos e das asociacións empresariais ou á súa modificación*Sección 1.^a Impugnación da resolución administrativa que denegue o depósito*Artigo 167. *Lexitimación.*

1. Os promotores dos sindicatos de traballadores en fase de constitución, e os asinantes da acta de constitución destes, poderán impugnar as resolucións das oficinas públicas que rexeiten o depósito dos estatutos presentados para a súa publicidade.

2. A Administración pública a que estea adscrita a oficina de depósito de estatutos autora da resolución impugnada, así como o Ministerio Fiscal, serán sempre parte nestes procesos.

Artigo 168. *Prazo.*

O prazo para o exercicio da acción de impugnación será de dez días hábiles, contados a partir daquel en que sexa recibida a notificación da resolución denegatoria expresa ou transcorra un mes desde a presentación dos estatutos sen que notificasen aos promotores os defectos que deben emendar.

Artigo 169. *Contido da demanda.*

Á demanda deberanse xuntar copias dos estatutos e da resolución denegatoria, de ter esta recaído expresamente, ou ben copia acreditativa da presentación dos ditos estatutos.

Artigo 170. *Remisión do expediente.*

Dentro do seguinte día hábil á admisión da demanda, o secretario xudicial requirirá da oficina pública competente o envío do expediente, que deberá ser remitido no prazo de cinco días.

Artigo 171. *Efectos da sentenza estimatoria.*

A sentenza, de estimar a demanda, ordenará de inmediato o depósito do estatuto sindical na correspondente oficina pública.

Artigo 172. *Impugnación da resolución administrativa denegatoria do depósito da modificación de estatutos.*

1. As regras establecidas nesta sección serán de aplicación aos procesos de impugnación da resolución denegatoria do depósito dos estatutos dos sindicatos, nos casos de modificación destes, así como respecto das modificacións dos estatutos dos sindicatos que xa tiñan personalidade xurídica.

2. Estarán lexitimados para impugnar a resolución administrativa os representantes do sindicato, e os seus afiliados poderán comparecer como coadxuvantes.

*Sección 2.^a Impugnación dos estatutos dos sindicatos*Artigo 173. *Lexitimación.*

1. O Ministerio Fiscal e aqueles que acrediten un interese directo, persoal e lexítimo poderán solicitar a declaración xudicial de non ser conformes con dereito os estatutos dos sindicatos, ou as súas modificacións, que fosen obxecto de depósito e publicación, tanto

no caso de que estean en fase de constitución como no de que adquirisen personalidade xurídica.

2. Estarán pasivamente lexitimados os promotores do sindicato e os asinantes da acta de constitución, así como aqueles que legalmente representen o sindicato, caso de ter xa adquirido esta personalidade xurídica.

3. O Ministerio Fiscal será sempre parte nestes procesos.

Artigo 174. *Remisión do expediente.*

Admitida a demanda, o secretario xudicial requirirá á oficina pública correspondente a remisión da copia autorizada do expediente, debendo a dita oficina enviala no prazo de cinco días.

Artigo 175. *Efectos da sentenza.*

1. Caso de ser estimatoria, a sentenza declarará a nulidade das cláusulas estatutarias que non sexan conformes con dereito ou dos estatutos na súa integridade.

2. A sentenza deberá ser comunicada á oficina pública correspondente.

Sección 3.^a Estatutos das asociacións empresariais

Artigo 176. *Tramitación.*

Os procesos de impugnación das resolucións administrativas que deneguen o depósito dos estatutos das asociacións empresariais, ou das súas modificacións, así como as de declaración de non seren conforme dereito os ditos estatutos, ou as súas modificacións, substanciaranse, respectivamente, polos trámites das modalidades procesuais reguladas nas seccións anteriores. O Ministerio Fiscal será sempre parte nos ditos procesos, con independencia da súa lexitimación activa para promovelos.

CAPÍTULO XI

Da tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas

Artigo 177. *Lexitimación.*

1. Calquera traballador ou sindicato que, invocando un dereito ou interese lexítimo, considere lesionados os dereitos de liberdade sindical, folga ou outros dereitos fundamentais e liberdades públicas, incluída a prohibición de tratamento discriminatorio e do acoso, poderá solicitar a súa tutela a través deste procedemento cando a pretensión se suscite no ámbito das relacións xurídicas atribuídas ao coñecemento da orde xurisdiccional social ou en conexión directa con elas, incluídas as que se formulen contra terceiros vinculados ao empresario por calquera título, cando a vulneración alegada teña conexión directa coa prestación de servizos.

2. Naqueles casos en que corresponda ao traballador, como suxeito lesionado, a lexitimación activa como parte principal, poderán comparecer como coadxuvantes o sindicato a que este pertenza, calquera outro sindicato que teña a condición de máis representativo, así como, en supostos de discriminación, as entidades públicas ou privadas entre cuxos fins se encontre a promoción e defensa dos intereses lexítimos afectados, ben que non poderán comparecer, impugnar nin continuar o proceso contra a vontade do traballador prexudicado.

3. O Ministerio Fiscal será sempre parte nestes procesos en defensa dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas, velando especialmente pola integridade da reparación das vítimas e solicitando a adopción, se é o caso, das medidas necesarias para a depuración das condutas delituosas.

4. A vítima do acoso ou da lesión de dereitos fundamentais e liberdades públicas con motivo ou ocasión das relacións xurídicas atribuídas ao coñecemento da orde

xurisdiccional social ou en conexión directa con elas, poderá dirixir pretensións, tanto contra o empresario como contra calquera outro suxeito que resulte responsable, con independencia do tipo de vínculo que o una ao empresario. Corresponderá á vítima, que será a única lexitimada nesta modalidade procesual, elixir a clase de tutela que pretende dentro das previstas na lei, sen que deba ser demandado necesariamente co empresario o posible causante directo da lesión, salvo cando a vítima pretenda a condena deste último ou poida resultar directamente afectado pola resolución que se ditar; e se se require o seu testemuño, o órgano xurisdiccional velará polas condicións da súa práctica en termos compatibles coa súa situación persoal e coas restricións de publicidade e intervención das partes e dos seus representantes que sexan necesarias.

Artigo 178. *Non acumulación con accións doutra natureza.*

1. O obxecto deste proceso queda limitado ao coñecemento da lesión do dereito fundamental ou liberdade pública, sen posibilidade de acumulación con accións doutra natureza ou con idéntica pretensión baseada en fundamentos diversos á tutela do citado dereito ou liberdade.

2. Cando a tutela do dereito se deba necesariamente realizar a través das modalidades procesuais a que se refire o artigo 184, aplicaranse en canto ás pretensións de tutela de dereitos fundamentais e liberdades públicas as regras e garantías previstas neste capítulo, incluída a citación como parte ao Ministerio Fiscal.

Artigo 179. *Tramitación.*

1. A tramitación destes procesos terá carácter urxente para todos os efectos, e será preferente respecto de todos os que se sigan no xulgado ou tribunal. Os recursos que se interpoñan resolveraos o tribunal con igual preferencia.

2. A demanda deberase interpor dentro do prazo xeral de prescrición ou caducidade da acción previsto para as condutas ou actos sobre os cales se concrete a lesión do dereito fundamental ou liberdade pública.

3. A demanda, ademais dos requisitos xerais establecidos nesta lei, deberá expresar con claridade os feitos constitutivos da vulneración, o dereito ou liberdade infrinxidos e a contía da indemnización pretendida, se é o caso, coa adecuada especificación dos diversos danos e perdas, para os efectos do disposto nos artigos 182 e 183, e que, salvo no caso dos danos morais unidos á vulneración do dereito fundamental cando resulte difícil a súa estimación detallada, deberá establecer as circunstancias relevantes para a determinación da indemnización solicitada, incluíndo a gravidade, duración e consecuencias do dano, ou as bases de cálculo dos prexuízos estimados para o traballador.

4. Sen prexuízo do disposto no artigo 81, o xuíz ou tribunal rexeitará de plano as demandas que non se deban tramitar consonte as disposicións deste capítulo e non sexan susceptibles de emenda, advertindo o demandante do dereito que o asiste a promover a acción pola canle procesual correspondente. Non obstante, o xuíz ou a sala dará á demanda a tramitación ordinaria ou especial se para o procedemento adecuado é competente e a demanda reúne os requisitos exixidos pola lei para tal clase de procedemento.

Artigo 180. *Medidas cautelares.*

1. No mesmo escrito de interposición da demanda o demandante poderá solicitar a suspensión dos efectos do acto impugnado, así como as demais medidas necesarias para asegurar a efectividade da tutela xudicial que se poida acordar en sentenza.

2. O xuíz ou tribunal poderá acordar a suspensión dos efectos do acto impugnado cando a súa execución produza ao demandante prexuízos que poidan facer perder á pretensión de tutela a súa finalidade, sempre e cando a suspensión non ocasione

perturbación grave e desproporcionada a outros dereitos e liberdades ou intereses superiores constitucionalmente protexidos.

Non obstante o anterior, no caso de que se invoque vulneración da liberdade sindical, só se poderá deducir a suspensión dos efectos do acto impugnado cando as presuntas lesións impidan a participación de candidatos no proceso electoral ou o exercicio da función representativa ou sindical respecto da negociación colectiva, reestruturación de cadros de persoal ou outras cuestións de importancia transcendental que afecten o interese xeral dos traballadores e que poidan causar danos de imposible reparación.

3. Poderase solicitar a adopción de medidas cautelares cando, en caso de folga, se impugnen exclusivamente os actos de determinación do persoal laboral adscrito aos mínimos necesarios para garantir os servizos esenciais da comunidade, así como cando se impugnen os actos de designación do persoal laboral adscrito aos servizos de seguridade e mantemento precisos para a continuación ulterior das tarefas. O órgano xurisdiccional resolverá mantendo, modificando ou revogando a designación de persoal adscrito aos ditos servizos conforme as propostas que, se é o caso, formulen ao respecto as partes.

4. Cando a demanda se refira a protección fronte ao acoso, así como nos procesos seguidos por instancia da traballadora vítima da violencia de xénero para o exercicio dos dereitos que lle sexan recoñecidos en tal situación, poderanse solicitar, ademais, a suspensión da relación ou a exoneración de prestación de servizos, o traslado de posto ou de centro de traballo, a reordenación ou redución do tempo de traballo e cantas outras tendan a preservar a efectividade da sentenza que se poida ditar, incluídas, se é o caso, aquelas que poidan afectar o presunto acosador ou vulnerador dos dereitos ou liberdades obxecto da tutela pretendida, en cuxo suposto deberá ser oído este.

5. De se teren solicitado medidas cautelares, dentro do día seguinte á admisión da demanda ou á solicitude, o secretario xudicial citará as partes e o Ministerio Fiscal para que, no día e hora que se sinale dentro das corenta e oito horas seguintes, comparezan a unha audiencia preliminar, en que só se admitirán alegacións e probas sobre a xustificación e proporcionalidade das medidas, en relación co dereito fundamental e o risco para a efectividade da resolución que deba recaer, e a parte solicitante deberá presentar o necesario principio de proba ao respecto. En supostos de urxencia excepcional, a adopción das medidas cautelares poderá ser efectuada polo xuíz ou sala ao se admitir a trámite a demanda, sen prexuízo de que se celebre posteriormente a comparecencia prevista neste número.

6. O órgano xudicial resolverá ao finalizar a audiencia sobre as medidas cautelares solicitadas mediante auto ditado de viva voz, e solicitará, se é o caso, as medidas oportunas para reparar a situación.

Artigo 181. *Conciliación e xuízo.*

1. Admitida a trámite a demanda, o secretario xudicial citará as partes para os actos de conciliación e xuízo conforme os criterios establecidos no número 1 do artigo 82, que deberán ter lugar dentro do prazo improrrogable dos cinco días seguintes ao da admisión da demanda. En todo caso, deberá mediar un mínimo de dous días entre a citación e a efectiva celebración daqueles actos.

2. No acto do xuízo, unha vez xustificada a concorrencia de indicios de que se produciu violación do dereito fundamental ou liberdade pública, corresponderá ao demandado a achega dunha xustificación obxectiva e razoable, suficientemente probada, das medidas adoptadas e da súa proporcionalidade.

3. O xuíz ou a sala ditará sentenza no prazo de tres días desde a celebración do acto do xuízo que se publicará e notificará inmediatamente ás partes ou aos seus representantes.

Artigo 182. Sentenza.

1. A sentenza declarará que procede ou non o amparo xudicial solicitado e, en caso de estimación da demanda, segundo as pretensións concretamente exercidas:

a) Declarará a existencia ou non de vulneración de dereitos fundamentais e liberdades públicas, así como o dereito ou liberdade infrinxidos, segundo o seu contido constitucionalmente declarado, dentro dos límites do debate procesual e conforme as normas e doutrina constitucionais aplicables ao caso, fosen ou non acertadamente invocadas polos litigantes.

b) Declarará a nulidade radical da actuación do empregador, asociación patronal, Administración pública ou calquera outra persoa, entidade ou corporación pública ou privada.

c) Ordenará o cesamento inmediato da actuación contraria a dereitos fundamentais ou a liberdades públicas ou, se é o caso, a prohibición de interromper unha conduta ou a obriga de realizar unha actividade omitida, cando unha ou outra resulten exixibles segundo a natureza do dereito ou liberdade vulnerados.

d) Disporá o restablecemento do demandante na integridade do seu dereito e a reposición da situación ao momento anterior a se producir a lesión do dereito fundamental, así como a reparación das consecuencias derivadas da acción ou omisión do suxeito responsable, incluída a indemnización que proceda nos termos sinalados no artigo 183.

2. Na sentenza disporase o procedente sobre as medidas cautelares que se adoptasen previamente.

Artigo 183. Indemnizacións.

1. Cando a sentenza declare a existencia de vulneración, o xuíz deberase pronunciar sobre a contía da indemnización que, se é o caso, lle corresponda á parte demandante por ter sufrido discriminación ou outra lesión dos seus dereitos fundamentais e liberdades públicas, en función tanto do dano moral unido á vulneración do dereito fundamental, como dos danos e perdas adicionais derivados.

2. O tribunal pronunciarase sobre a contía do dano, determinándoo prudencialmente cando a proba do seu importe exacto resulte demasiado difícil ou custosa, para resarcir suficientemente a vítima e restablecer esta, na medida do posible, na integridade da súa situación anterior á lesión, así como para contribuír á finalidade de previr o dano.

3. Esta indemnización será compatible, se é o caso, coa que poida corresponder ao traballador pola modificación ou extinción do contrato de traballo ou noutros supostos establecidos no Estatuto dos traballadores e demais normas laborais.

4. Cando se exercese a acción de danos e perdas derivada de delito ou falta nun procedemento penal non se poderá reiterar a petición indemnizatoria ante a orde xurisdiccional social, mentres non se desista do exercicio daquela ou quede sen resolverse por sobresemento ou absolución en resolución penal firme, e mentres tanto quedará interrompido o prazo de prescrición da acción en vía social.

Artigo 184. Demandas de exercicio necesario a través da modalidade procesual correspondente.

Non obstante o disposto nos artigos anteriores e sen prexuízo do disposto no número 2 do artigo 178, as demandas por despedimento e polas demais causas de extinción do contrato de traballo, as de modificacións substanciais de condicións de traballo, as de desfrute de vacacións, as de materia electoral, as de impugnación de estatutos dos sindicatos ou da súa modificación, as de mobilidade xeográfica, as de dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral a que se refire o artigo 139, as de impugnación de convenios colectivos e as de sancións impostas polos empresarios aos traballadores en que se invoque lesión de dereitos fundamentais e liberdades públicas tramitaranse inescusablemente, consonte a modalidade procesual correspondente a cada unha delas,

dando carácter preferente aos ditos procesos e acumulando neles, segundo o disposto no número 2 do artigo 26, as pretensións de tutela de dereitos fundamentais e liberdades públicas coas propias da modalidade procesual respectiva.

TÍTULO III

Da audiencia ao demandado rebelde

Artigo 185. *Especialidades.*

Aos procesos seguidos sen que comparecese o demandado seranlles de aplicación as normas contidas no título V do libro II da Lei de axuizamento civil, coas especialidades seguintes:

1. Non será necesaria a declaración de rebeldía do demandado que, citado en forma, non compareza ao xuízo.
2. Por petición do demandante poderase decretar o embargo de bens mobles e inmoables ou outras medidas cautelares no necesario para asegurar o suplico.
3. O prazo para solicitar a audiencia será de vinte días desde a notificación persoal da sentenza ou desde que conste o coñecemento procesual ou extraprosesual desta e, en todo caso, de catro meses desde a notificación da sentenza no boletín oficial correspondente, nos supostos e condicións previstos no artigo 501 da Lei de axuizamento civil.
4. A petición de audiencia formularase ante o órgano xudicial que ditou a sentenza firme que se pretende rescindir.
5. A audiencia ao demandado substanciárase ante o órgano que coñeceu do litixio en instancia.
6. En ambos os supostos se seguirán os trámites do proceso ordinario regulado nesta lei, con aplicación do previsto no número 2 do artigo 504 e regra 3.^a do número 1 do artigo 507 da Lei de axuizamento civil, con exclusión dos trámites das regras 1.^a e 2.^a do número 1 do artigo 507 da referida lei.
7. A pretensión de nulidade da sentenza ou resolución firme por defectos de forma que causaron indefensión deberá formularase, de concorreren os presupostos para isto, pola vía do incidente de nulidade de actuacións regulado no artigo 241 da Lei orgánica do poder xudicial.

LIBRO TERCEIRO

Dos medios de impugnación

TÍTULO I

Dos recursos contra providencias, autos, dilixencias de ordenación e decretos

Artigo 186. *Recurso de reposición.*

1. Contra as dilixencias de ordenación e decretos non definitivos caberá recurso de reposición ante o secretario xudicial que ditou a resolución impugnada, excepto nos casos en que a lei prevexa recurso directo de revisión.
2. Contra todas as providencias e autos caberá recurso de reposición ante o mesmo xuíz ou tribunal que ditou a resolución impugnada.
3. A interposición do recurso de reposición non terá efectos suspensivos respecto da resolución impugnada.
4. Non procederá o recurso de reposición contra providencias, autos, dilixencias de ordenación e decretos que se diten nos procesos de conflitos colectivos, nos procesos en materia electoral, cando versen sobre o exercicio de conciliación da vida persoal familiar

e laboral, e nos procesos de impugnación de convenios colectivos, sen prexuízo, se é o caso, de poder efectuar a alegación correspondente no acto da vista.

Artigo 187. *Tramitación.*

1. O recurso de reposición deberase interpor no prazo de tres días contra as resolucións ditadas en procedementos seguidos ante un órgano unipersoal e de cinco días contra as resolucións ditadas en procedementos seguidos ante un órgano colexiado, con expresión a infracción en que a resolución incorrese a xuízo do recorrente.

2. Se non se cumpren os requisitos establecidos no número anterior, inadmitirase, mediante providencia non susceptible de recurso, a reposición interposta fronte a providencias e autos, e mediante decreto, directamente impugnabile en revisión, a formulada contra dilixencias de ordenación e decretos non definitivos.

3. Admitido a trámite o recurso de reposición, o secretario xudicial concederalles ás demais partes comparecidas un prazo común de tres ou cinco días, segundo o carácter unipersoal ou colexiado do órgano en que se ditase a resolución obxecto de recurso, para impugnalos, se o consideran conveniente.

4. Transcorrido o prazo de impugnación, presentásenos ou non escritos, o xuíz ou tribunal, se se tratase de reposición interposta fronte a providencias ou autos, ou o secretario xudicial se fose formulada fronte a dilixencias de ordenación ou decretos, resolverán sen máis trámites mediante auto ou decreto, respectivamente, nun prazo de tres ou de cinco días, segundo o carácter unipersoal ou colexiado do órgano.

5. Contra o auto resolutorio do recurso de reposición non se dará novo recurso, salvo nos supostos expresamente establecidos nesta lei, sen prexuízo de poder efectuar a alegación correspondente no acto da vista, se é o caso, ou da responsabilidade civil que noutro caso proceda.

Artigo 188. *Impugnación da resolución do recurso de reposición.*

1. Contra o decreto resolutorio da reposición non se dará ningún recurso, sen prexuízo de reproducir a cuestión ao recorrer, se for procedente, contra a resolución definitiva.

Caberá recurso directo de revisión contra os decretos que poñan fin ao procedemento ou impidan a súa continuación. O dito recurso carecerá de efectos suspensivos sen que, en ningún caso, proceda actuar en sentido contrario ao que se resolvese.

Caberá interpor igualmente recurso directo de revisión contra os decretos naqueles casos en que expresamente se prevexa.

2. O recurso directo de revisión deberase interpor no prazo de tres ou cinco días, segundo o carácter unipersoal ou colexiado do órgano en que se ditou a resolución impugnada, mediante escrito en que se deberá fundamentar a infracción en que a resolución incorrese.

Cumpridos os anteriores requisitos, o secretario xudicial, mediante dilixencia de ordenación, admitirá o recurso, e concederá ás demais partes comparecidas un prazo común de tres ou cinco días, segundo o carácter unipersoal ou colexiado do órgano en que se ditou a resolución obxecto de recurso, para impugnalos, se o consideran conveniente.

Se non se cumpren os requisitos de admisibilidade do recurso, o xuíz ou tribunal inadmitirao mediante providencia.

Transcorrido o prazo para impugnación, presentásenos ou non escritos, o xuíz ou tribunal resolverá sen máis trámites, mediante auto, nun prazo de tres ou de cinco días, segundo o carácter unipersoal ou colexiado do órgano.

Contra as resolucións sobre admisión ou inadmisión non caberá ningún recurso.

3. Contra o auto ditado que resolve o recurso de revisión, unicamente caberá recurso de suplicación ou de casación cando así expresamente se prevexa nesta lei.

Artigo 189. *Recurso de queixa.*

Os recursos de queixa de que coñezan as salas do social dos tribunais superiores de xustiza ou a Sala do Social do Tribunal Supremo, segundo os casos, tramitaranse de conformidade co disposto na Lei de axuízamento civil para recorrer en queixa.

TÍTULO II

Do recurso de suplicación

Artigo 190. *Competencia.*

1. As salas do social dos tribunais superiores de xustiza coñecerán dos recursos de suplicación que se interpoñan contra as resolucións ditadas polos xulgados do social da súa circunscrición, así como contra os autos e sentenzas que poidan ditar os xuíces do mercantil que se encontren na súa circunscrición e que afecten o dereito laboral.

2. Procederá o dito recurso contra as resolucións que se determinan nesta lei e polos motivos que nela se establecen.

Artigo 191. *Ámbito de aplicación.*

1. Son impugnables en suplicación as sentenzas que diten os xulgados do social nos procesos que ante eles se tramiten, calquera que sexa a natureza do asunto, salvo cando esta lei dispoña o contrario.

2. Non procederá recurso de suplicación nos procesos relativos ás seguintes materias:

- a) Impugnación de sanción por falta que non sexa moi grave, así como por falta moi grave non confirmada xudicialmente.
- b) Procesos relativos á data de desfrute das vacacións.
- c) Materia electoral, salvo no caso do artigo 136.
- d) Procesos de clasificación profesional, salvo no caso previsto no número 3 do artigo 137.

e) Procesos de mobilidade xeográfica distintos dos previstos no número 2 do artigo 40 do Estatuto de traballadores; nos de modificacións substanciais de condicións de traballo, salvo cando teñan carácter colectivo de conformidade co número 2 do artigo 41 do referido estatuto; e nos de cambio de posto ou mobilidade funcional, salvo cando fose posible acumular a estes outra acción susceptible de recurso de suplicación.

f) Procedementos relativos aos dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral previstos no artigo 139, salvo cando se acumulase pretensión de resarcimento de danos e perdas que pola súa contía poida dar lugar a recurso de suplicación.

g) Reclamacións cuxa contía litixiosa non exceda os 3.000 euros. Tampouco procederá recurso en procesos de impugnación de alta médica calquera que sexa a contía das prestacións de incapacidade temporal que viñer percibindo o traballador.

3. Procederá en todo caso a suplicación:

- a) En procesos por despedimento ou extinción de contrato.
- b) En reclamacións, acumuladas ou non, cando a cuestión debatida afecte todos ou un gran número de traballadores ou de beneficiarios da Seguridade Social, sempre que tal circunstancia de afectación xeral sexa notoria ou fose alegada e probada en xuízo ou posúa claramente un contido de xeneralidade non posto en dúbida por ningunha das partes.

c) Nos procesos que versen sobre recoñecemento ou denegación do dereito a obter prestacións de seguridade social, así como sobre o grao de incapacidade permanente aplicable.

d) Cando o recurso teña por obxecto emendar unha falta esencial do procedemento ou a omisión do intento de conciliación ou de mediación obrigatoria previa, sempre que se

formulase a protesta en tempo e forma e producisen indefensión. Se o fondo do asunto non está comprendido dentro dos límites da suplicación, a sentenza resolverá só sobre o defecto procesual invocado.

e) Contra as sentenzas que decidan sobre a falta de xurisdición por razón da materia ou de competencia territorial ou funcional. Se o fondo do asunto non está comprendido dentro dos límites da suplicación, a sentenza resolverá só sobre a xurisdición ou competencia.

f) Contra as sentenzas ditadas en materias de conflitos colectivos, impugnación de convenios colectivos, impugnación dos estatutos dos sindicatos, procedementos de oficio e tutela de dereitos fundamentais e liberdades públicas.

g) Contra as sentenzas ditadas en procesos de impugnación de actos administrativos en materia laboral non comprendidos nos números anteriores, cando non sexan susceptibles de valoración económica ou cando a contía litixiosa exceda os dezaioito mil euros.

4. Poderase interpor recurso de suplicación contra as seguintes resolucións:

a) Os autos que resolvan o recurso de reposición interposto contra a resolución en que o órgano xurisdiccional, antes do acto do xuízo, declare a falta de xurisdición ou de competencia por razón da materia, da función ou do territorio.

b) Os autos e sentenzas que ditén os xulgados do mercantil no proceso concursal en cuestións de carácter laboral. Nas ditas resolucións deberanse consignar expresamente e por separado, os feitos que se consideren probados.

c) Os autos que resolvan o recurso de reposición, ou se é o caso de revisión, interposto contra a resolución que dispoña a terminación anticipada do proceso nos seguintes supostos:

1.º Satisfacción extraprocesual ou perda sobrevida de obxecto.

2.º Falta de emenda dos defectos advertidos na demanda non imputable á parte ou á súa representación procesual ou incomparecencia inxustificada aos actos de conciliación e xuízo, sempre que, por caducidade da acción ou da instancia ou por outra causa legal, non sexa xuridicamente posible a súa reprodución ulterior.

d) Os autos que decidan o recurso de reposición interposto contra os que ditén os xulgados do social e os autos que decidan o recurso de revisión interposto contra os decretos do secretario xudicial, ditados uns e outros en execución definitiva de sentenza ou outros títulos, sempre que a sentenza fose impugnabile en suplicación ou que, de se tratar de execución derivada doutro título, recaese en asunto no cal, de ter dado lugar a sentenza, esta fose impugnabile en suplicación, nos seguintes supostos:

1.º Cando deneguen o despacho de execución.

2.º Cando resolvan puntos substanciais non controvertidos no preito, non decididos na sentenza ou que contradigan o executoriado.

3.º Cando poñan fin ao procedemento incidental na execución decidindo cuestións substanciais non resoltas ou non contidas no título executivo.

4.º Nos mesmos casos, procederá tamén recurso de suplicación en execución provisional se se excedesen materialmente os seus límites ou se declarase a falta de xurisdición ou competencia da orde social.

Artigo 192. *Determinación da contía do proceso.*

1. Se son varios os demandantes ou algún demandado reconvén, a contía litixiosa para efectos da procedencia ou non do recurso, determinaraa a reclamación cuantitativa maior sen xuros nin recargas por mora.

2. Se o demandante formula varias pretensións e reclama cantidade por cada unha delas, sumaranse todas para establecer a contía.

Cando nun mesmo proceso se exerzan unha ou máis accións acumuladas das que soamente algunha sexa impugnada en suplicación, procederá igualmente o dito recurso, salvo expresa disposición en contrario.

3. Cando a reclamación verse sobre prestacións económicas periódicas de calquera natureza ou diferenzas sobre elas, a contía litixiosa para efectos de recurso virá determinada polo importe da prestación básica ou das diferenzas reclamadas, ambas en cómputo anual, sen ter en conta as actualizacións ou melloras que lle poidan ser aplicables, nin os xuros ou recargas por mora. A mesma regra se aplicará ás reclamacións de recoñecemento de dereitos, sempre que teñan tradución económica.

4. En impugnación de actos administrativos en materia laboral e de seguridade social atenderase, para efectos de recurso, ao contido económico da pretensión ou do acto obxecto do proceso cando sexa susceptible de tal valoración e, se é o caso, en cómputo anual. Cando se pretenda o recoñecemento dun dereito ou situación xurídica individualizada, a contía virá determinada polo valor económico do reclamado ou, se é o caso, pola diferenza respecto do previamente recoñecido en vía administrativa. Cando se pretenda a anulación dun acto, incluídos os de carácter sancionador, atenderase ao seu contido económico. En ambos os casos non se terán en conta os xuros ou recargas por mora. En materia de prestacións de seguridade social igualmente valorables economicamente, observarase a regra do número 3 deste mesmo artigo, e computaranse exclusivamente para estes fins as diferenzas reclamadas sobre o importe recoñecido previamente en vía administrativa.

Artigo 193. *Obxecto do recurso de suplicación.*

O recurso de suplicación terá por obxecto:

- a) Repor os autos ao estado en que se encontraban no momento de se cometer unha infracción de normas ou garantías do procedemento que produciuse indefensión.
- b) Revisar os feitos declarados probados, á vista das probas documentais e periciais practicadas.
- c) Examinar as infraccións de normas substantivas ou da xurisprudencia.

Artigo 194. *Anuncio do recurso.*

O recurso de suplicación deberase anunciar dentro dos cinco días seguintes á notificación da sentenza, e para isto abondará a mera manifestación da parte ou do seu avogado, graduado social colexiado ou do seu representante, ao lle facer a notificación daquela, do seu propósito de emprendelo. Tamén se poderá anunciar por comparecencia ou por escrito das partes ou do seu avogado ou graduado social colexiado, ou representante ante o xulgado que ditou a resolución impugnada, dentro do indicado prazo.

Artigo 195. *Interposición do recurso.*

1. Se a resolución for impugnada en suplicación e a parte anunciase o recurso en tempo e forma e cumprise as demais prevencións establecidas nesta lei, o secretario xudicial terá por anunciado o recurso e acordará por os autos á disposición do letrado ou graduado social colexiado designado pola parte recorrente, pola orde de anuncio, na forma disposta no número 1 do artigo 48, para que interpoña o recurso, dentro dos dez días seguintes a que se notifique a posta á disposición, e deberase substituír o traslado material das actuacións pola entrega de soporte informático ou mediante acceso telemático, se se dispón dos medios necesarios para isto. Este prazo correrá calquera que sexa o momento en que o letrado ou o graduado social colexiado examine ou recolla os autos.

Se o órgano xurisdiccional dispón dos medios para dar simultáneo traslado ou acceso ás actuacións a todas as partes recorrentes, disporase que tanto a posta á disposición

das actuacións, como a interposición do recurso, se efectúen dentro dun prazo común a todos os recorrentes.

2. Se a resolución impugnada non é susceptible de recurso en suplicación, se o recurso non se anunciou en tempo ou se o recorrente incumpriu os requisitos necesarios para o anuncio do recurso de modo irreparable ou non emendou os ditos requisitos dentro do prazo conferido para o efecto, segundo o disposto no número 5 do artigo 230, o órgano xudicial declarará, mediante auto, ter por non anunciado o recurso, e quedará firme, se é o caso, a sentenza impugnada. Contra este auto poderase recorrer en queixa ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza.

Artigo 196. *Escrito de interposición.*

1. O escrito de interposición do recurso de suplicación presentárase ante o xulgado que ditou a resolución impugnada, con tantas copias como sexan as partes impugnadas.

2. No escrito de interposición do recurso, xunto coas alegacións sobre a súa procedencia e sobre o cumprimento dos requisitos exixidos, expresáranse, con suficiente precisión e claridade, o motivo ou os motivos en que se ampare, e cítaranse as normas do ordenamento xurídico ou a xurisprudencia que se consideren infrinxidas. En todo caso razoárase a pertinencia e fundamentación dos motivos.

3. Tamén se deberán sinalar de maneira suficiente para que sexan identificados, o concreto documento ou pericia en que se basee cada motivo de revisión dos feitos probados que se aduza e indicárase a formulación alternativa que se pretende.

Artigo 197. *Traslado ás outras partes.*

1. Interposto o recurso en tempo e forma, o secretario xudicial proverá no prazo de dous días e trasladará este, para a súa impugnación, á parte ou partes contra as cales se recorreu por un prazo común de cinco días para todas elas. Nos escritos de impugnación, que se presentarán acompañados de tantas copias como sexan as demais partes para o seu traslado a elas, poderanse alegar motivos de inadmisibilidade do recurso, así como eventuais rectificacións de feito ou causas de oposición subsidiarias aínda que non fosen estimadas na sentenza, con análogos requisitos aos indicados no artigo anterior.

2. Do escrito ou escritos de impugnación darase traslado ás partes. De se teren formulado nos ditos escritos alegacións sobre inadmisibilidade do recurso ou os motivos a que se refire o número anterior, as demais partes poderán presentar directamente as súas alegacións ao respecto, xunto coas correspondentes copias para o seu traslado ás demais partes, dentro dos dous días seguintes a recibir o traslado do escrito de impugnación.

3. Transcorrido o prazo de impugnación e, se é o caso, o de alegacións do número anterior, téñanse presentado ou non escritos en tal sentido e logo de traslado das alegacións se se presentasen, elevaranse os autos á sala do social do tribunal superior de xustiza, xunto co recurso e escritos presentados, dentro dos dous días seguintes.

Artigo 198. *Determinación de domicilio.*

As partes recorrentes e as que sexan obxecto de recurso deberán facer constar, nos escritos de interposición do recurso e de impugnación deste, un domicilio na sede da sala do social do tribunal superior de xustiza para efectos de notificacións, de non telo consignado previamente, cos efectos do número 2 do artigo 53.

Artigo 199. *Emenda.*

Recibidos os autos na sala do social do tribunal superior de xustiza, se o secretario xudicial aprecia defectos ou omisións emendables no recurso, concederá á parte o prazo de cinco días para que se acheguen os documentos omitidos ou se emenden os defectos apreciados. De non se efectuar, a sala ditará auto en que declare a inadmisión do recurso e a firmeza da resolución impugnada, con devolución do depósito constituído e a remisión das actuacións ao xulgado de procedencia. Contra o dito auto só cabe recurso de reposición.

Artigo 200. *Inadmisión do recurso.*

1. Instruído dos autos por tres días o maxistrado relator dará conta á sala do recurso interposto e esta, identificando de forma sucinta as circunstancias xustificativas, poderá oír o recorrente por tres días sobre a inadmisión do recurso por se teren incumprido de maneira manifesta e irreparable os requisitos para recorrer ou por existir doutrina xurisprudencial unificada do Tribunal Supremo no mesmo sentido que a sentenza impugnada.

2. Se a sala estima que concorre algunha das causas de inadmisión referidas ditará, no prazo de tres días, auto, contra o cal non caberá recurso, que declare a inadmisión do recurso e a firmeza da resolución impugnada con imposición das custas ao recorrente e con perda do depósito necesario para recorrer, e daráselles ás consignacións e aseguramentos prestados o destino que corresponda e notificaráselles a resolución ás partes e ao Ministerio Fiscal.

Cando a inadmisión se refira soamente a algún dos motivos aducidos ou a algún dos recursos interpostos, mediante auto, non susceptible de recurso, disporase a continuación do trámite dos restantes recursos ou motivos non afectados polo auto de inadmisión parcial.

Artigo 201. *Sentenza.*

1. Se non se acordou a inadmisión polo trámite do artigo anterior, logo de sinalamento para deliberación, votación e resolución, a sala ditará sentenza dentro do prazo de dez días, que se notificará ás partes e á fiscalía da comunidade autónoma, que resolva sobre a estimación ou desestimación do recurso, así como, se é o caso, sobre as cuestións oportunamente suscitadas en impugnación, ou que aprecie a súa inadmisibilidade e en consecuencia o desestime. A estimación do recurso dará lugar á anulación ou revogación da sentenza impugnada nos termos establecidos no artigo seguinte e a súa desestimación determinará a confirmación da resolución impugnada.

2. Firme a sentenza, o secretario xudicial acordará a devolución dos autos, xunto coa certificación daquela, ao xulgado de procedencia.

Artigo 202. *Efectos da estimación do recurso.*

1. Cando a revogación da resolución de instancia se funde na infracción de normas ou garantías do procedemento que produciu indefensión, de acordo co disposto na letra a) do artigo 193, a sala, sen entrar no fondo da cuestión, mandará repor os autos ao estado en que se encontraban no momento de se cometer a infracción, e se esta se produciu no acto do xuízo, ao momento do seu sinalamento.

2. Se a infracción cometida versa sobre as normas reguladoras da sentenza, a estimación do motivo obrigará a sala a resolver o que corresponda, dentro dos termos en que apareza formulado o debate. Pero se non pode facelo, por ser insuficiente o relato de feitos probados da resolución impugnada e por non se poder completar pola canle procesual correspondente, acordará a nulidade en todo ou en parte da dita resolución e das seguintes actuacións procesuais, concretando en caso de nulidade parcial os aspectos da resolución impugnada que conservan a súa firmeza, e mandará repor o actuado ao momento de ditar sentenza, para que se salven as deficiencias advertidas e sigan os autos o seu curso legal.

3. De se estimar algún dos restantes motivos comprendidos no artigo 193, a sala resolverá o que corresponda, con preferencia da resolución de fondo do litixio, dentro dos termos en que apareza formulado o debate, mesmo sobre aspectos non resoltos no seu momento na sentenza impugnada por ter apreciado algunha circunstancia obstativa, así como, se é o caso, sobre as alegacións deducidas nos escritos de impugnación, sempre e cando o relato de feitos probados e demais antecedentes non cuestionados que constan en autos resulten suficientes.

Artigo 203. *Estimación total e parcial do recurso.*

1. Cando a sala revogue totalmente a sentenza de instancia e o recorrente consignase en metálico a cantidade importe da condena ou asegúrase esta conforme o previsto nesta lei, e constitúise o depósito para recorrer, a resolución disporá a devolución de todas as consignacións e do depósito e a cancelación dos aseguramentos prestados, unha vez firme a sentenza.

2. Se, estimado o recurso de suplicación, se condenase a unha cantidade inferior á recoñecida pola resolución impugnada, a resolución disporá a devolución parcial das consignacións, na contía que corresponda á diferenza das dúas condenas, e a cancelación tamén parcial dos aseguramentos prestados, unha vez firme a sentenza.

3. En todos os supostos de estimación parcial do recurso de suplicación, a resolución disporá a devolución da totalidade do depósito.

Artigo 204. *Perda de cantidades consignadas.*

1. Cando a sala confirme a sentenza e o recorrente consignase as cantidades a que se refire esta lei, a resolución condenará á perda das consignacións, ás cales se dará o destino que corresponda cando a sentenza sexa firme.

2. No caso de que o xuíz impuxese á parte que obrou con mala fe ou temeridade a multa que sinalan o número 4 do artigo 75 e o número 3 do artigo 97, a sentenza da sala confirmará ou non, en todo ou en parte, a dita multa, e pronunciarase, así mesmo, cando o condenado sexa o empresario, sobre os honorarios dos avogados ou dos graduados sociais impostos na sentenza impugnada. A sala poderá impor as ditas sancións e medidas aos recorrentes de se apreciar temeridade ou mala fe na actuación das partes ou da súa representación procesual durante o recurso.

3. Se o recorrente asegúrase o importe da condena conforme o previsto nesta lei mandará a sala, na súa resolución confirmatoria, que se manteñan os aseguramentos prestados, ata que o condenado cumpra a sentenza ou ata que en cumprimento da sentenza resolva a realización dos ditos aseguramentos.

4. Se o recorrente constitúise o depósito necesario para recorrer, a sentenza confirmatoria disporá a súa perda, o que se realizará cando a sentenza sexa firme.

TÍTULO III

Do recurso de casación e demais procesos atribuídos ao coñecemento do Tribunal Supremo

Artigo 205. *Competencia e tramitación.*

1. A Sala do Social do Tribunal Supremo coñecerá, nos supostos e polos motivos establecidos nesta lei, dos recursos de casación interpostos contra as sentenzas e outras resolucións ditadas en única instancia polas salas do social dos tribunais superiores de xustiza e pola Sala do Social da Audiencia Nacional.

2. Tamén coñecerá dos procesos de impugnación de actos administrativos nos supostos da letra a) do artigo 9. Iniciarase mediante escrito que se deberá presentar, no prazo dos dous meses seguintes á notificación do acto impugnado ou dos dous meses seguintes á desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición potestativo, se é o caso, en que se solicite que se teña por anunciada a impugnación xurisdiccional, xuntando copia do acto impugnado. Na súa tramitación observaranse as regras seguintes:

a) De non concorrer causa de inadmisión e unha vez emendados no prazo de dez días os defectos apreciados, procederase á reclamación do expediente administrativo da Administración autora do acto e unha vez recibido, con simultáneo emprazamento dos interesados que resulten do expediente, porase á disposición do recorrente ou recorrentes na oficina xudicial, mediante acceso informático ou soporte electrónico, de se dispor de tales medios, para que no prazo común de quince días procedan á formalización da

demanda, con expresión das infraccións formais e substantivas en que incorrese o acordo impugnado.

b) Do escrito ou escritos de demanda presentados darase traslado á representación da Administración do Estado e demais partes comparecidas para contestación á demanda en prazo común de quince días. A proba documental distinta da que conste no expediente administrativo achegarase cos escritos de demanda e contestación, e poderase solicitar a práctica doutras dilixencias de proba cando exista desconformidade nos feitos e o considere necesario o tribunal, que sinalará para tal efecto unha vista única para a práctica da proba, que poderá delegar nun dos seus maxistrados ou nunha sala ou xulgado para estes fins, en función das circunstancias concorrentes.

c) De se ter practicado proba, o tribunal resolverá dar traslado para conclusións por un prazo común de dez días a todas as partes, salvo que considere necesaria a celebración de vista.

d) Os autos sinalaranse para votación e resolución no prazo dos dez días seguintes ao da presentación da contestación da demanda ou, se é o caso, da presentación de conclusións ou da celebración da vista.

e) A sentenza ditarase no prazo dos dez días seguintes á votación e resolución, e nela efectuaranse os pronunciamentos que correspondan nos termos establecidos no número 9 do artigo 151, e contra ela non caberá recurso ulterior.

Artigo 206. *Resolucións procesuais impugnables en casación.*

Son impugnables en casación:

1. As sentenzas ditadas en única instancia polas salas a que se refire o número 1 do artigo anterior, excepto as seguintes:

a) As sentenzas ditadas en procesos de impugnación de actos das administracións públicas atribuídos á orde social nas letras n) e s) do artigo 2 que sexan susceptibles de valoración económica cando a contía litixiosa non exceda os cento cincuenta mil euros.

b) As sentenzas ditadas en relación con expedientes de regulación de emprego, de extinción de contratos de traballo, suspensión do contrato ou redución de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, calquera que sexa a contía, cando afecten menos de cincuenta traballadores.

2. Os autos que resolvan o recurso de reposición interposto contra a resolución en que a sala, antes do acto de xuízo, declare a falta de xurisdición ou competencia.

3. Os autos ditados polas ditas salas que resolvan o recurso de reposición, ou de revisión, se é o caso, interposto contra a resolución que dispoña a terminación anticipada do proceso:

a) Por satisfacción extraprocesual ou perda sobrevida de obxecto.

b) Por falta de emenda dos defectos advertidos na demanda non imputable á parte ou á súa representación procesual ou por incomparecencia inustificada aos actos de conciliación e xuízo, sempre que por caducidade da acción ou da instancia ou outra causa legal non sexa xuridicamente posible a súa reprodución ulterior.

4. Os autos que decidan o recurso de reposición interposto contra os que diten as ditas salas e os autos que decidan o recurso de revisión interposto contra os decretos do secretario xudicial, ditados uns e outros en execución definitiva de sentenza, nos seguintes casos:

a) Cando deneguen o despacho de execución.

b) Cando resolvan puntos substanciais non controvertidos no preito, non decididos na sentenza ou que contradigan o executoriado.

c) Cando poñan fin ao procedemento incidental na execución decidindo cuestións substanciais non resoltas ou non contidas no título executivo. Nos mesmos casos, procederá tamén recurso de casación en execución provisional cando excedan

materialmente os seus límites ou declaren a falta de xurisdición ou competencia da orde social.

Artigo 207. *Motivos do recurso de casación.*

O recurso de casación deberase fundar nalgún dos seguintes motivos:

- a) Abuso, exceso ou defecto no exercicio da xurisdición.
- b) Incompetencia ou inadecuación de procedemento.
- c) Quebrantamento das formas esenciais do xuízo por infracción das normas reguladoras da sentenza ou das que rexen os actos e garantías procesuais, sempre que, neste último caso, se producise indefensión para a parte.
- d) Erro na apreciación da proba baseado en documentos que consten en autos que demostren a equivocación do xulgador, sen resultar contraditos por outros elementos probatorios.
- e) Infracción das normas do ordenamento xurídico ou da xurisprudencia que foren aplicables para resolver as cuestións obxecto de debate.

Artigo 208. *Preparación do recurso.*

1. O recurso de casación deberase preparar no prazo dos cinco días seguintes á notificación da sentenza, e para consideralo preparado abondará a mera manifestación das partes ou do seu avogado, graduado social colexiado ou representante, ao lle facer a notificación daquela, do seu propósito de emprendelo.

2. Tamén se poderá preparar por comparecencia ou por escrito das partes ou do seu avogado, graduado social colexiado ou representante, dentro do mesmo prazo sinalado no número anterior, ante a sala que ditou a resolución que se impugna.

Artigo 209. *Resolución sobre a preparación do recurso.*

1. Cumpridos os requisitos establecidos para recorrer, o secretario xudicial terá por preparado o recurso de casación. Contra esta resolución a parte impugnada non poderá interpor ningún recurso, pero poderase opor á admisión do recurso de casación no trámite previsto no número 1 do artigo 211 desta lei.

Se o secretario xudicial aprecia a existencia de defectos emendables, requirirá a súa emenda conforme o número 5 do artigo 230, e dará conta á sala se esta non se produce para que resolva o que proceda.

2. Se a resolución impugnada non é impugnabile en casación, se o recurso non se preparase dentro de prazo, ou se o recorrente incumprise os requisitos necesarios para a preparación do recurso de modo irreparable ou non emendase os ditos requisitos dentro do prazo conferido para o efecto, na forma disposta no número 5 do artigo 230, a sala de instancia declarará, mediante auto, ter por non preparado o recurso, e quedará firme, se é o caso, a resolución impugnada. Contra este auto poderase recorrer en queixa ante a Sala do Social do Tribunal Supremo.

3. Preparado o recurso, o secretario xudicial concederá á parte ou partes recorrentes, pola orde de preparación, o prazo de quince días para formalizar o recurso, durante cuxo prazo, a partir da notificación da resolución ao letrado designado, os autos se encontrarán á súa disposición na oficina xudicial da sala para a súa entrega ou o seu exame, na forma disposta no número 1 do artigo 48, en soporte convencional ou mediante acceso informático ou soporte electrónico, se se dispón de tales medios. Este prazo correrá calquera que sexa o momento en que o letrado recolla ou examine os autos postos á súa disposición. Se a sala dispón de medios para dar simultáneo traslado ou acceso ás actuacións a todas as partes recorrentes, disporá que tanto a súa posta á disposición, como a formalización do recurso, se efectúen dentro dun prazo común a todos os recorrentes.

Artigo 210. *Interposición do recurso.*

1. O escrito de formalización será presentado, ante a sala que ditou a resolución impugnada, polo avogado designado para o efecto, quen, de non se indicar outra cousa, asumirá desde ese momento a representación da parte no recurso, con tantas copias como partes impugnadas e designando un domicilio para efectos de notificacións, con todos os datos necesarios para a súa práctica, cos efectos do número 2 do artigo 53.

2. No escrito expresaranse por separado, co necesario rigor e claridade, cada un dos motivos de casación, pola orde sinalada no artigo 207, razoando a súa pertinencia e fundamentación e o contido concreto da infracción ou vulneración cometidas, facendo mención precisa das normas substantivas ou procesuais infrinxidas, así como, no caso de invocación de quebrantamento de doutrina xurisprudencial, das resolucións concretas que establezan a doutrina invocada e, en particular, dos seguintes aspectos:

a) Nos motivos baseados en infracción das normas e garantías procesuais, deberase consignar a protesta, solicitude de emenda ou recurso destinados a emendar a falta ou transgresión na instancia, de ter existido momento procesual oportuno para isto e o efecto de indefensión producido.

b) Nos motivos baseados en erro de feito na apreciación da proba deberanse sinalar de modo preciso cada un dos documentos en que se fundamente e o aspecto concreto a que se refire, e ofrecerase a formulación alternativa dos feitos probados que se propugna.

3. Se o recurso non se formalizase dentro do prazo conferido para o efecto ou se no escrito se omitisen de modo manifesto os requisitos exixidos, a sala ditará auto que poña fin ao trámite do recurso e quedará firme, en canto á dita parte recorrente, a sentenza ou resolución impugnada. Contra o dito auto, logo de reposición ante a sala, procederá recurso de queixa ante a Sala do Social do Tribunal Supremo.

Artigo 211. *Traslado ás outras partes.*

1. Unha vez formalizado o recurso ou recursos dentro do prazo concedido e cos requisitos exixidos, o secretario xudicial proverá no prazo de dous días e trasladará este ás demais partes por prazo común de dez días para a súa impugnación.

O escrito de impugnación deberase presentar acompañado de tantas copias como sexan as demais partes para o seu traslado a estas. Nel desenvolveranse por separado os distintos motivos de impugnación, correlativos aos de casación formulados de contrario e as causas de inadmisión que estime concorrentes, así como, se é o caso, outros motivos subsidiarios de fundamentación do ditame da sentenza impugnada ou eventuais rectificacións de feitos que, con independencia dos fundamentos aplicados por esta, poidan igualmente sustentar a estimación das pretensións da parte impugnante, observando análogos requisitos que os exixidos para a formalización do recurso.

O escrito deberá estar suscrito por letrado, quen, de non se indicar outra cousa, asumirá desde ese momento a representación da parte no recurso e designará domicilio con todos os datos necesarios para notificacións na sede da Sala do Social do Tribunal Supremo.

2. Durante o prazo de impugnación os autos encontraranse á disposición da parte ou do letrado que designe para tal fin na oficina xudicial da sala para a súa entrega ou exame. No caso de que a sala dispoña dos autos en soporte electrónico ou se poida acceder a eles por medios telemáticos, poderá substituír o traslado material das actuacións por tales medios, conforme dispón o número 1 do artigo 48.

3. Do escrito ou escritos de impugnación darase traslado ás partes. De se teren formulado nos ditos escritos alegacións sobre inadmisibilidade do recurso ou os motivos subsidiarios de fundamentación da sentenza impugnada a que se refire o artigo anterior, as demais partes, se o consideran oportuno, poderán presentar directamente as súas alegacións ao respecto, xunto coas correspondentes copias para o seu traslado ás demais partes, dentro dos cinco días seguintes a recibir o escrito de impugnación.

Artigo 212. *Remisión dos autos.*

Transcorrido o prazo de impugnación e, se é o caso, o de alegacións do número 3 do artigo anterior, presentáense ou non escritos en tal sentido, e logo de traslado das alegacións se se presentasen, elevaranse os autos á Sala do Social do Tribunal Supremo dentro dos cinco días seguintes.

Artigo 213. *Decisión sobre a admisión do recurso.*

1. Recibidos os autos na Sala do Social do Tribunal Supremo, se o secretario xudicial aprecia defectos emendables no recurso, concederá á parte un prazo de cinco días para tal efecto para a achega dos documentos omitidos ou emenda dos defectos apreciados. De non se efectuar a emenda no tempo e forma establecidos, a sala ditará auto de inadmisión do recurso que declare a firmeza, se é o caso, da resolución impugnada, con perda do depósito constituído e remisión das actuacións á sala de procedencia. Contra o dito auto só procederá recurso de reposición.

2. Se o secretario aprecia defectos irreparables dará conta á sala para que esta adopte a resolución que proceda.

3. De non apreciar defectos o secretario, ou unha vez emendados os advertidos, dará conta ao maxistrado relator para instrución dos autos por tres días. O maxistrado relator dará conta á sala do recurso interposto e esta, se estima que concorre causa de inadmisión, logo de informe do Ministerio Fiscal por cinco días, ditará auto que inadmita o recurso. De non se ter alegado a causa de inadmisibilidade na impugnación, con carácter previo oír o recorrente sobre o dito aspecto por cinco días.

4. Son causas de inadmisión o incumprimento de maneira manifesta e irreparable dos requisitos para recorrer, a carencia sobrevida do obxecto do recurso, a falta de contido casacional da pretensión e o feito de se teren desestimado no fondo outros recursos en supostos substancialmente iguais.

5. Se a sala estima que concorre algunha das causas de inadmisión referidas, ditará no prazo de tres días auto que declare a firmeza da resolución impugnada con imposición de custas ao recorrente nos termos establecidos nesta lei e con perda do depósito necesario para recorrer, e daráselles ás consignacións e aseguramentos prestados o destino que corresponda, e notificaráselles a resolución ás partes e ao Ministerio Fiscal, sen que caiba recurso contra a dita resolución.

Cando a inadmisión se refira soamente a algún dos motivos aducidos ou a algún dos recursos interpostos, mediante auto, non susceptible de recurso, dispórase a continuación do trámite dos restantes recursos ou motivos non afectados polo auto de inadmisión parcial.

Artigo 214. *Traslado ao Ministerio Fiscal.*

1. De se ter admitido parcial ou totalmente o recurso ou recursos, o secretario pasará seguidamente os autos á Fiscalía do Social do Tribunal Supremo, en soporte convencional ou electrónico, para que no prazo de dez días informe sobre a procedencia ou improcedencia da casación pretendida. O referido traslado efectuarase igualmente, para os estritos fins de defensa da legalidade, cando o Ministerio Fiscal sexa parte no proceso.

2. Devoltos os autos polo Ministerio Fiscal xunto co seu informe, se a sala o considera necesario o secretario xudicial sinalará día e hora para a celebración da vista. Noutro caso, o tribunal sinalará día e hora para deliberación, votación e resolución, que se deberán celebrar, tanto unha coma outros, dentro dos dez días seguintes.

3. A sala ditará sentenza no prazo de dez días, contados desde o seguinte ao da finalización da vista ou ao da celebración da votación.

Artigo 215. Efectos da sentenza.

A sentenza, de se estimar o recurso por todos ou algúns dos seus motivos, que case a resolución impugnada, resolverá conforme dereito, tendo en conta o seguinte:

a) De se estimaren a falta de xurisdición, a incompetencia ou a inadecuación do procedemento, anularase a sentenza e deixarase a salvo o dereito de exercer as pretensións ante quen corresponda ou polo procedemento adecuado.

b) De se estimaren as infraccións procesuais previstas na letra c) do artigo 207, mandarase repor as actuacións ao estado e momento en que se incorrese na falta, salvo que a infracción se producise durante a celebración do xuízo, caso en que se mandarán repor ao momento do seu sinalamento.

Se a infracción cometida versa sobre as normas reguladoras da sentenza, a estimación do motivo obrigará a sala a resolver o que corresponda, dentro dos termos en que apareza formulado o debate. Pero se non o pode facer, por ser insuficiente o relato de feitos probados da resolución impugnada e non se poder completar pola canle procesual correspondente, acordará a nulidade en todo ou en parte da dita resolución e das seguintes actuacións procesuais, concretando en caso de nulidade parcial os aspectos da resolución impugnada que conservan a súa firmeza, e mandará repor o actuado ao momento de ditar sentenza, para que se salven as deficiencias advertidas e sigan os autos o seu curso legal.

c) De se estimar algún dos restantes motivos comprendidos no artigo 207, a sala resolverá o que corresponda dentro dos termos en que apareza formulado o debate, con preferencia da resolución de fondo do litixio, mesmo sobre aspectos non resoltos no seu momento na sentenza impugnada por ter apreciado algunha circunstancia obstativa, así como, se é o caso, sobre as alegacións deducidas nos escritos de impugnación, sempre e cando o relato de feitos probados e demais antecedentes non cuestionados que constan en autos resulten suficientes.

Artigo 216. Devolución de cantidades consignadas.

1. Sempre que o recurso de casación sexa estimado, se o recorrente consignase en metálico a cantidade importe da condena ou asegurase esta conforme o previsto nesta lei, así como constituíse o depósito necesario para recorrer, o ditame disporá a devolución de todas as consignacións e do depósito e a cancelación dos aseguramentos prestados.

2. Se estimado o recurso de casación se condena a unha cantidade inferior á fixada na resolución impugnada, a resolución disporá a devolución parcial das consignacións, na contía que corresponda á diferenza das dúas condenas, e a cancelación tamén parcial dos aseguramentos realizados.

3. En todos os supostos de estimación parcial do recurso de casación, a resolución disporá a devolución da totalidade do depósito.

Artigo 217. Perda das cantidades consignadas.

1. Se o recurso for desestimado e o recorrente tivo que consignar en metálico a cantidade importe da condena ou asegurala e constituír o depósito, a resolución disporá a perda das consignacións ás cales se lles dará o destino que corresponda, ou o mantemento dos aseguramentos prestados ata que se cumpra a sentenza ou se resolva, se é o caso, a súa realización e a perda do citado depósito.

2. No caso de que a sala de instancia impuxese á parte que obrou con mala fe ou temeridade a multa que sinalan o número 4 do artigo 75 e o número 3 do artigo 97, a sentenza da sala pronunciarase sobre os ditos aspectos, así como sobre os honorarios dos avogados se fosen impostos na sentenza impugnada. A sala poderá impor as ditas sancións e medidas aos recorrentes de se apreciar temeridade ou mala fe na actuación das partes ou da súa representación procesual durante o recurso.

TÍTULO IV

Do recurso de casación para a unificación de doutrina

Artigo 218. *Sentenzas impugnables.*

Son impugnables en casación para a unificación de doutrina as sentenzas ditadas en suplicación polas salas do social dos tribunais superiores de xustiza.

Artigo 219. *Finalidade do recurso. Lexitimación do Ministerio Fiscal.*

1. O recurso terá por obxecto a unificación de doutrina con ocasión de sentenzas ditadas en suplicación polas salas do social dos tribunais superiores de xustiza, que sexan contradictorias entre si, coa doutra ou outras salas dos referidos tribunais superiores ou con sentenzas do Tribunal Supremo, respecto dos mesmos litigantes ou outros diferentes en idéntica situación onde, en mérito a feitos, fundamentos e pretensións substancialmente iguais, se chegase a pronunciamentos distintos.

2. Poderase alegar como doutrina de contradición a establecida nas sentenzas ditadas polo Tribunal Constitucional e os órganos xurisdicionais instituídos nos tratados e acordos internacionais en materia de dereitos humanos e liberdades fundamentais ratificados por España, sempre que se cumpran os presupostos do número anterior referidos á pretensión de tutela de tales dereitos e liberdades. A sentenza que resolva o recurso limitarase, no dito punto de contradición, a conceder ou denegar a tutela do dereito ou liberdade invocados, en función da aplicabilidade da dita doutrina ao suposto exposto.

Con iguais requisitos e alcance sobre a súa aplicabilidade, poderase invocar a doutrina establecida nas sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en interpretación do dereito comunitario.

3. O Ministerio Fiscal, na súa función de defensa da legalidade, de oficio ou por instancia dos sindicatos, organizacións empresariais, asociacións representativas dos traballadores autónomos economicamente dependentes ou entidades públicas que, polas competencias que teñan atribuídas, teñan interese lexítimo na unidade xurisprudencial sobre a cuestión litixiosa, e con independencia da facultade que ordinariamente ten atribuída conforme o artigo seguinte desta lei, poderá interpor recurso de casación para unificación de doutrina. O dito recurso poderase interpor cando, sen existir doutrina unificada na materia de que se trate, fosen ditados pronunciamentos distintos polos tribunais superiores de xustiza, en interpretación dunhas mesmas normas substantivas ou procesuais e en circunstancias substancialmente iguais, así como cando se constate a dificultade de que a cuestión poida acceder a unificación de doutrina segundo os requisitos ordinariamente exixidos ou cando as normas cuestionadas por parte dos tribunais da orde social sexan de recente vixencia ou aplicación, por levar menos de cinco anos en vigor no momento de se ter iniciado o proceso en primeira instancia, e non existan aínda resolucións suficientes e idóneas sobre todas as cuestións discutidas que cumpran os requisitos exixidos no número 1 deste artigo.

O recurso poderá preparalo a Fiscalía da Sala do Social do Tribunal Supremo dentro dos dez días seguintes ao da notificación á fiscalía da comunidade autónoma da sentenza impugnada, mediante escrito reducido á manifestación do propósito de interpoñer o recurso e expondo sucintamente a fundamentación que se proporá desenvolver nel.

O escrito presentarase ante a sala que ditou a resolución impugnada e del darase traslado ás demais partes, preparasen ou non estas o recurso. As partes poderán, dentro dos cinco días seguintes, solicitar que no recurso o Ministerio Fiscal solicite a alteración da situación xurídica particular resultante da sentenza impugnada e o contido das pretensións que o ministerio público debería formular no seu nome en tal caso.

Transcorrido o prazo anterior, aínda que non se presentasen escritos das partes no sentido expresado, dentro dos cinco días seguintes elevaranse os autos á Sala do Social do Tribunal Supremo xunto cos escritos de preparación que se presentasen e as

actuacións que se practicasen ata ese momento no estado en que se encontren, logo de emprazamento polo secretario xudicial ás demais partes que non recorresen para a súa comparecencia por escrito por medio de letrado ante a Sala do Social do Tribunal Supremo dentro do prazo dos dez días seguintes, e deberase acreditar a representación da parte de non constar previamente nas actuacións. A parte recorrente, se é o caso, e o Ministerio Fiscal entenderanse comparecidos de dereito coa remisión dos autos.

As actuacións posteriores seguiranse ante a Sala do Social do Tribunal Supremo conforme as regras establecidas nos artigos 222 a 228 coas adaptacións necesarias tendo en conta as especialidades desta modalidade do recurso.

En caso de estimación do recurso, a sentenza fixará na resolución a doutrina xurisprudencial e poderá afectar a situación xurídica particular derivada da sentenza impugnada conforme as pretensións oportunamente deducidas polo Ministerio Fiscal e polas partes comparecidas no recurso que se adherisen a este.

En defecto de solicitude de parte ou no caso de que as partes non recorresen, a sentenza respectará a situación xurídica particular derivada da sentenza impugnada e en canto afecte as pretensións deducidas polo Ministerio Fiscal, de ser estimatoria, fixará na parte dispositiva a doutrina xurisprudencial. Neste caso, a sentenza publicarase no Boletín Oficial del Estado e, a partir da súa inserción nel, complementará o ordenamento xurídico, e vinculará en tal concepto todos os xuíces e tribunais da orde xurisdiccional social diferentes ao Tribunal Supremo.

Artigo 220. *Preparación do recurso.*

1. O recurso poderao preparar calquera das partes ou o Ministerio Fiscal dentro dos dez días seguintes ao da notificación da sentenza impugnada.

2. Durante o prazo referido no número anterior, as partes, o Ministerio Fiscal ou o letrado designado para tal fin, terán á súa disposición na oficina xudicial do tribunal superior de xustiza os autos para o seu exame, e accederán a estes polos medios electrónicos ou telemáticos, en caso de se dispor deles.

Artigo 221. *Forma e contido do escrito de preparación do recurso.*

1. O recurso prepararase mediante escrito dirixido á Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza que ditou a sentenza de suplicación, con tantas copias como partes impugnadas e designarán un domicilio na sede da Sala do Social do Tribunal Supremo para efectos de notificacións, con todos os datos necesarios para a súa práctica e cos efectos do número 2 do artigo 53.

2. O escrito de preparación deberá estar asinado por avogado, que acredite a representación da parte de non constar previamente nas actuacións, e expresará o propósito da parte de formalizar o recurso, con exposición sucinta da concorrencia dos requisitos exixidos. O escrito deberá:

a) Expor cada un dos aspectos do núcleo da contradición, determinando o sentido e alcance da diverxencia existente entre as resolucións comparadas, en atención á identidade da situación, á igualdade substancial de feitos, fundamentos e pretensións e á diferenza de pronunciamentos.

b) Facer referencia detallada e precisa aos datos identificativos da sentenza ou sentenzas que a parte pretenda utilizar para fundamentar cada un dos puntos de contradición.

3. As sentenzas invocadas como doutrina de contradición deberán ter ganado firmeza na data de finalización do prazo de interposición do recurso.

4. As sentenzas que non fosen obxecto de mención expresa no escrito de preparación non poderán ser posteriormente invocadas no escrito de interposición.

Artigo 222. *Resolución sobre a preparación do recurso.*

1. Cumpridos os requisitos establecidos para recorrer, o secretario xudicial terá por preparado o recurso de casación. Contra esta resolución a parte impugnada non poderá interpor ningún recurso, pero poderase opor á admisión do recurso de casación ao comparecer ante a Sala do Social do Tribunal Supremo.

Se o secretario xudicial aprecia a existencia de defectos emendables, requirirá a súa emenda conforme o número 5 do artigo 230, dando conta á sala se esta non se produce para que resolva o que proceda.

2. Se a resolución impugnada non é susceptible de recurso en casación, se o recurso non se preparase dentro de prazo, se o escrito de preparación non contén as mencións exixidas para a fundamentación do recurso, ou se o recorrente incumprise os requisitos necesarios para a preparación do recurso de modo irreparable ou non emendase os ditos requisitos dentro do prazo conferido para o efecto, na forma disposta no número 5 do artigo 230, a sala de suplicación declarará, mediante auto, ter por non preparado o recurso, e quedará firme, se é o caso, a resolución impugnada. Contra este auto poderase recorrer en queixa ante a Sala do Social do Tribunal Supremo.

Artigo 223. *Interposición do recurso.*

1. Preparado en tempo e forma o recurso, o secretario xudicial, dentro dos dous días seguintes, concederá á parte ou partes recorrentes o prazo común de quince días para interpor o recurso ante a mesma sala de suplicación, a partir da notificación da resolución ao letrado ou letrados designados, durante cuxo prazo os autos se encontrarán á súa disposición na oficina xudicial da sala para a súa entrega ou exame, se o consideran necesario. No caso de que a sala dispoña dos autos en soporte electrónico ou poida accederse a eles por medios telemáticos, poderá substituír o traslado material das actuacións por tales medios, conforme dispón o número 1 do artigo 48.

2. O escrito de interposición do recurso deberá ir asinado por avogado, con tantas copias como partes impugnadas, e reunir os requisitos do artigo 224.

3. De non se efectuar a interposición ou se se efectuase fóra de prazo, quedará deserto o recurso e firme a sentenza, coas consecuencias establecidas no número 5 do artigo 225. Contra o auto que así o estableza, logo de reposición, poderase recorrer en queixa ante a Sala do Social do Tribunal Supremo.

4. Presentado en tempo o escrito de interposición, xunto, se é o caso, coas oportunas certificacións de sentenzas na forma que posibilita o número 3 do artigo 224, o secretario xudicial emprazará as demais partes para a súa comparecencia por escrito por medio de letrado ante a Sala do Social do Tribunal Supremo dentro do prazo dos dez días seguintes, coas mencións do número 1 do artigo 221 e debendo acreditar a representación da parte de non constar previamente nas actuacións. A parte recorrente entenderase comparecida de dereito coa remisión dos autos.

5. Os autos remitiraos o secretario xudicial dentro dos cinco días seguintes ao emprazamento.

6. A preparación e interposición do recurso efectuaráas o letrado que asistiu a parte ata ese momento, mesmo en virtude de designación de oficio, salvo que se efectúe nova designación de letrado.

Artigo 224. *Contido do escrito de interposición do recurso.*

1. O escrito de interposición do recurso deberá conter:

a) Unha relación precisa e circunstanciada da contradición alegada nos termos da letra a) do número 2 do artigo 221, en que se evidencie que concorre a substancial contradición de sentenzas e argumente sobre a concorrencia das identidades do artigo 219.

b) A fundamentación da infracción legal cometida na sentenza impugnada e, se é o caso, do quebrantamento producido na unificación da interpretación do dereito e a formación da xurisprudencia.

2. Para dar cumprimento ás exixencias da letra b) do número anterior, no escrito expresarase separadamente, coa necesaria precisión e claridade, a pertinencia de cada un dos motivos de casación, en relación cos puntos de contradición a que se refire a letra a) precedente, pola orde sinalada no artigo 207, excepto a letra d), que non será de aplicación, razoando a pertinencia e fundamentación de cada motivo e o contido concreto da infracción ou vulneración cometidas, facendo mención precisa das normas substantivas ou procesuais infrinxidas, así como, no caso de que se invoque a unificación da interpretación do dereito, facendo referencia sucinta aos particulares aplicables das resolucións que establezan a doutrina xurisprudencial invocada.

3. Só se poderá invocar unha sentenza por cada punto de contradición, que se deberá elixir necesariamente de entre as designadas no escrito de preparación e ser firme no momento da finalización do prazo de interposición.

4. Co escrito de interposición, se non se presntou con anterioridade, poderase facer presentación certificada da sentenza ou sentenzas contrarias, que acredite a súa firmeza na data de expiración do prazo de interposición, ou con certificación posterior de que a sentenza anteriormente achegada ganou firmeza dentro do dito prazo. Se a parte recorrente non presenta a certificación da sentenza e da súa firmeza en tempo oportuno, a secretaría da sala reclamaraa de oficio.

Artigo 225. *Decisión sobre a admisión do recurso.*

1. Recibidos os autos na Sala do Social do Tribunal Supremo, se o secretario xudicial aprecia o defecto irreparable de se ter preparado ou interposto fóra de prazo ditará decreto que poña fin ao trámite do recurso, contra o que só procederá recurso de revisión.

De apreciar defectos emendables na tramitación do recurso, ou na súa preparación e interposición, concederá á parte un prazo de dez días para presentar os documentos omitidos ou a emenda dos defectos apreciados.

De non se efectuar a emenda no tempo e forma establecidos, dará conta á sala para que resolva o que proceda e de se ditar auto que poña fin ao trámite do recurso, declarará a firmeza se é o caso da resolución obxecto de recurso, con perda do depósito constituído e remisión das actuacións á sala de procedencia. Contra o dito auto só procederá recurso de reposición.

2. Se o secretario non aprecia defectos, ou unha vez emendados os advertidos, ou se o secretario aprecia defectos irreparables, sexa na preparación ou na interposición, distintos dos da súa preparación ou interposición fóra de prazo, dará conta ao maxistrado relator para instrución dos autos por tres días.

3. O maxistrado relator dará conta á sala do recurso interposto e das causas de inadmisión que aprecie, se é o caso. Se a sala estima que concorre algunha das causas de inadmisión referidas, acordará oír o recorrente sobre estas por un prazo de cinco días, con ulterior informe do Ministerio Fiscal por outros cinco días, se non se interpuxo o recurso.

4. Son causas de inadmisión o incumprimento de maneira manifesta e irreparable dos requisitos procesuais para preparar ou interpor o recurso, a carencia sobrevida do obxecto do recurso, a falta de contido casacional da pretensión e o terse desestimado no fondo outros recursos en supostos substancialmente iguais.

5. Se a sala estima que concorre algunha das causas de inadmisión referidas ditará, no prazo de tres días, auto que declare a inadmisión e a firmeza da resolución obxecto de recurso, con imposición ao recorrente das custas causadas, de teren comparecido no recurso as partes impugnadas, nos termos establecidos nesta lei e sen que caiba recurso contra a dita resolución. O auto de inadmisión comportará, se é o caso, a perda do depósito constituído, e daráselles ás consignacións e aseguramentos prestados o destino que corresponda, de acordo coa sentenza de suplicación.

Cando a inadmisión se refira soamente a algún dos motivos aducidos ou a algún dos recursos interpostos, disporase a continuación do trámite dos restantes recursos ou motivos non afectados polo auto de inadmisión parcial.

6. Para o despacho ordinario e resolución da inadmisión deste recurso a sala constituirase con tres maxistrados.

Artigo 226. Tramitación.

1. Se a parte ou partes impugnadas non comparecesen, o trámite do recurso seguirá adiante sen a súa intervención.

2. De non apreciar causa de inadmisión no recurso, o secretario xudicial dará traslado do escrito de interposición á parte ou partes comparecidas para que formalicen a súa impugnación dentro do prazo común de quince días, durante o cal, a partir da notificación da resolución ao letrado designado, os autos encontraranse á súa disposición na oficina xudicial do tribunal para o seu exame. No caso de que a sala dispoña dos autos en soporte electrónico ou se poida acceder a eles por medios telemáticos na mesma sala, entenderanse postos á disposición da representación procesual desde o momento da entrega da copia ou soporte ou da posta á disposición das actuacións polos ditos medios.

3. O secretario xudicial dará traslado seguidamente dos autos á Fiscalía do Social do Tribunal Supremo, en soporte convencional ou electrónico, téñanse presentado ou non escritos de impugnación, para que no prazo de dez días informe sobre a procedencia ou improcedencia da casación pretendida. O referido traslado efectuarase igualmente, para os estritos fins de defensa da legalidade, aínda que o Ministerio Fiscal sexa parte no proceso. Cando o recurso o interpuxese directamente o Ministerio Fiscal en defensa da legalidade conforme o número 3 do artigo 219 non se efectuará o dito traslado.

Artigo 227. Deliberación, votación e resolución.

1. Devoltos os autos polo Ministerio Fiscal, xunto co seu informe, a sala acordará sinalar, dentro dos dez días seguintes, para deliberación, votación e resolución. A sentenza deberase ditar no prazo de dez días, contados desde o seguinte ao da celebración da votación.

2. Se a transcendencia ou complexidade do asunto o aconsella, o presidente, por si mesmo, ou por proposta da maioría dos maxistrados da sala, poderá acordar que esta se constituía con cinco maxistrados, ou, motivadamente, en pleno.

Artigo 228. Sentenza.

1. Os pronunciamentos da Sala do Social do Tribunal Supremo ao resolver estes recursos en ningún caso afectarán as situacións xurídicas creadas polas resolucións precedentes á impugnada.

2. Se a sentenza do Tribunal Supremo declarara que a sentenza obxecto de recurso quebranta a unidade de doutrina, casará e anulará esta sentenza e resolverá o debate exposto en suplicación con pronunciamentos axustados á dita unidade de doutrina, alcanzando as situacións xurídicas particulares creadas pola sentenza impugnada. Na sentenza da Sala do Social do Tribunal Supremo resolverase o que proceda sobre consignacións, aseguramentos, custas, honorarios e multas, se é o caso, derivados do recurso de suplicación de acordo co previsto nesta lei. Se se constituíse depósito para recorrer, acordarase a devolución do seu importe.

3. A sentenza desestimatoria por considerar que a sentenza impugnada contén a doutrina axustada comportará a perda do depósito para recorrer. A resolución disporá a cancelación ou o mantemento total ou parcial, se é o caso, das consignacións ou aseguramentos prestados, de acordo cos seus pronunciamentos.

TÍTULO V

Das disposicións comúns aos recursos de suplicación e casaciónArtigo 229. *Depósito para recorrer.*

1. Todo o que, sen ter a condición de traballador, habente causa seu ou beneficiario do réxime público da Seguridade Social, anuncie recurso de suplicación ou prepare recurso de casación, consignará como depósito:

- a) Trescentos euros, se se trata de recurso de suplicación.
- b) Seiscientos euros, se o recurso é o de casación, incluído o de casación para a unificación de doutrina.

2. Os depósitos constituiranse na conta de depósitos e consignacións correspondente ao órgano que ditou a resolución impugnada. O secretario xudicial verificará na conta a realización do ingreso, e deberá quedar constancia da dita actuación no procedemento.

3. Os depósitos cuxa perda foi acordada por sentenza ingresaranse no Tesouro Público.

4. O Estado, as comunidades autónomas, as entidades locais e as entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes destes, así como as entidades de dereito público reguladas pola súa normativa específica e os órganos constitucionais, estarán exentos da obriga de constituír os depósitos, caucións, consignacións ou calquera outro tipo de garantía previsto nas leis. Os sindicatos e aqueles que teñan recoñecido o beneficio de xustiza gratuíta quedarán exentos de constituír o depósito referido e as consignacións que esta lei exige para recorrer.

Artigo 230. *Consignación de cantidade.*

1. Cando a sentenza impugnada condenase ao pagamento de cantidade, será indispensable que o recorrente que non goce do dereito de asistencia xurídica gratuíta acredite, ao anunciar o recurso de suplicación ou ao preparar o recurso de casación, ter consignado na oportuna entidade de crédito e na conta de depósitos e consignacións aberta a nome do órgano xurisdiccional, a cantidade obxecto da condena, e pódese substituír a consignación en metálico polo aseguramento mediante aval solidario de duración indefinida e pagadoiro a primeiro requirimento emitido por unha entidade de crédito. Neste último caso, o documento de aseguramento quedará rexistrado e depositado na oficina xudicial. O secretario expedirá testemuño del para a súa unión a autos, e facilitará o oportuno recibo.

No caso de condena solidaria, a obriga de consignación ou aseguramento afecta todos os condenados con tal carácter, salvo que a consignación ou o aseguramento, aínda que efectuado soamente por algún dos condenados, teña expresamente carácter solidario respecto de todos eles para responder integramente da condena que finalmente poida recaer en calquera deles.

Cando a condena se efectuase por primeira vez na sentenza de suplicación, ou se incrementase nesta a contía previamente recoñecida na sentenza de instancia, a consignación ou aseguramento regulados neste artigo efectuaranse por primeira vez, ou complementaríanse na medida correspondente, ao preparar o recurso de casación.

2. En materia de seguridade social aplicaranse as seguintes regras:

a) Cando na sentenza se lle recoñeza ao beneficiario o dereito a percibir prestacións, para que o condenado poida recorrer ao pagamento da dita prestación será necesario que ingresase na Tesouraría Xeral da Seguridade Social o capital custo da pensión ou o importe da prestación a que o condenou a sentenza, con obxecto de aboárllela aos beneficiarios durante a substanciación do recurso, e presentará na oficina xudicial o

oportuno xustificante, que se testemuñará en autos, e quedará baixo a custodia do secretario.

O mesmo ingreso deberá efectuar o declarado responsable da recarga por falta de medidas de seguridade, en canto á porcentaxe que fose recoñecida por primeira vez en vía xudicial e respecto das pensións causadas ata ese momento, logo de fixación pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social do capital custo ou importe da recarga correspondente.

Nos casos en que non proceda o ingreso do capital custo ou do importe da prestación observaranse as regras xerais do número 1 deste artigo.

b) Cando proceda efectuar o ingreso do capital custo da pensión ou do importe da prestación conforme a letra a) anterior, unha vez anunciado ou preparado o recurso, o secretario xudicial ditará unha dilixencia que ordene que se traslade á Tesouraría Xeral da Seguridade Social para que se fixe o capital custo ou importe da prestación que se debe percibir. Recibida esta comunicación, notificaralla ao recorrente para que no prazo de cinco días efectúe a consignación requirida na Tesouraría Xeral da Seguridade Social, baixo apercibimento de que, de non facelo así, se porá fin ao trámite do recurso.

c) Se na sentenza se condena a entidade xestora da Seguridade Social, esta quedará exenta do ingreso previsto nas letras a) e b) anteriores, pero deberá presentar ante a oficina xudicial, ao anunciar ou preparar o seu recurso, certificación acreditativa de que comeza o aboamento da prestación e que o proseguirá puntualmente durante a tramitación do recurso, ata o límite da súa responsabilidade, salvo en prestacións de pagamento único ou correspondentes a un período xa esgotado no momento do anuncio. De non se cumprir efectivamente este aboamento porase fin ao trámite do recurso.

d) Cando a condena se refira a melloras voluntarias da acción protectora da Seguridade Social, o condenado ou declarado responsable virá obrigado a efectuar a consignación ou aseguramento da condena ante o xulgado na forma establecida no número 1 deste mesmo artigo.

3. Os anteriores requisitos de consignación e aseguramento da condena débense xustificar, xunto coa constitución do depósito necesario para recorrer, se é o caso, no momento do anuncio do recurso de suplicación ou da preparación do recurso de casación. Se o anuncio ou a preparación do recurso se efectuase por medio dunha mera manifestación no momento da notificación da sentenza, o depósito e a consignación ou aseguramento poderase efectuar ata a expiración do prazo establecido para o anuncio ou preparación do recurso, e neste último caso acreditaranse os ditos aspectos dentro do mesmo prazo ante a oficina xudicial mediante os xustificantes correspondentes.

4. Se o recorrente non efectuase a consignación ou aseguramento da cantidade obxecto de condena na forma prevista nos números anteriores, incluídas as especialidades en materia de seguridade social, o xulgado ou a sala terán por non anunciado ou por non preparado o recurso de suplicación ou de casación, segundo proceda, e declararán a firmeza da resolución mediante auto contra o que se poderá recorrer en queixa ante a sala que debería coñecer do recurso.

5. O secretario xudicial concederá á parte recorrente, con carácter previo a que se resolva sobre o anuncio ou preparación, un prazo de cinco días para a emenda dos defectos advertidos, se o recorrente incorreu en defectos consistentes en:

a) Insuficiencia da consignación ou do aseguramento efectuados, incluídas as especialidades en materia de seguridade social.

b) Falta de presentación, no momento do anuncio ou preparación do recurso, dos xustificantes da consignación ou do aseguramento, sempre que o requisito se cumprise dentro do prazo de anuncio ou preparación.

c) Defecto, omisión ou erro na constitución do depósito ou na súa xustificación documental.

d) Falta de acreditación ou acreditación insuficiente da representación necesaria ou de calquera requisito formal de carácter emendable necesario para o anuncio ou preparación.

6. De non se efectuar a emenda en tempo e forma ditarase auto que poña fin ao trámite do recurso, e quedará firme a resolución. Contra o dito auto poderase recorrer en queixa ante a sala que debería coñecer do recurso.

Artigo 231. *Nomeamento de letrado ou graduado social colexiado.*

1. Se o recurso que se emprende é o de suplicación, o nomeamento de letrado ou de graduado social colexiado efectuarase ante o xulgado no momento de anunciar o recurso, e entenderase que asume a representación e dirección técnica do recorrente o mesmo que actuou con tal carácter na instancia, salvo que se efectúe expresamente nova designación.

2. No recurso de casación ordinario, o nomeamento de letrado será realizado polas partes ante a sala do social de procedencia dentro do prazo sinalado para a súa preparación ou impugnación, segundo proceda. No recurso de casación para unificación de doutrina, o nomeamento será efectuado pola parte recorrente ao preparalo ante a sala de procedencia, e polas demais partes ante a Sala do Social do Tribunal Supremo dentro do prazo do emprazamento para a súa comparecencia. Entenderase, en ambos os casos, que asume a representación do recorrente o mesmo letrado que actuou con tal carácter ante a sala de instancia ou de suplicación, salvo que se efectúe expresamente nova designación.

3. A designación poderase facer por comparecencia ou por escrito. Neste último caso, aínda que non se xunte poder notarial, non haberá necesidade de ratificarse. Se non hai designación expresa de representante, entenderase que o letrado ou o graduado social colexiado levan tamén a representación. En todo caso, deberanse facilitar todos os datos do domicilio profesional, así como o enderezo de correo electrónico, teléfono e fax do profesional designado que vaia representar a parte durante o recurso, coas demais cargas do número 2 do artigo 53.

4. Cando o recorrente non faga designación expresa de letrado ou de graduado social colexiado, se é un traballador, beneficiario ou un empresario que goce do dereito de asistencia xurídica gratuíta, salvo que efectuase previamente designación de oficio, o xulgado nomearalle letrado da dita quenda no día seguinte a aquel en que conclúa o prazo para anunciar o recurso de suplicación.

5. A designación dun letrado de oficio efectuada para algún dos litigantes mencionados no número anterior na instancia comprende os trámites de anuncio, preparación, formalización, interposición ou impugnación do respectivo recurso, sen necesidade de nova designación de oficio, salvo no caso do recurso de casación para unificación de doutrina, en que o nomeamento de letrado de oficio da parte obxecto de recurso, nos mesmos casos, se efectuará no momento da comparecencia ante o Tribunal Supremo. Na casación ordinaria, se é o caso, efectuarase a oportuna designación de letrado de oficio para as actuacións posteriores das partes que resulten necesarias durante a substanciación do recurso ante o dito tribunal.

Cando a competencia para o coñecemento dos recursos de suplicación ou de casación corresponda a un órgano xurisdiccional cuxa sede se encontre na mesma localidade que o xulgado ou tribunal que ditou a resolución impugnada non será preciso o nomeamento de novo avogado de oficio para as actuacións ante o tribunal que deba decidir o recurso.

Artigo 232. *Designación de letrado de oficio.*

1. Se o letrado fose designado de oficio por primeira vez para o correspondente trámite do recurso, os prazos de interposición, formalización ou impugnación empezarán a correr desde a data en que se lle notifique que están os autos á súa disposición na oficina xudicial do tribunal para o seu exame, posta á disposición ou entrega, segundo proceda. No caso de que a sala dispoña dos autos en soporte electrónico ou poida accederse a eles por medios telemáticos na mesma sala, entenderanse postos á disposición da representación

procesual desde o momento da entrega da copia ou soporte ou da posta á disposición das actuacións polos ditos medios.

2. Se o letrado designado de oficio considera inviable a pretensión, exporallo á sala por escrito sen razoar a súa opinión no prazo de cinco días, sen prexuízo de que aquel proceda conforme o procedemento previsto nos artigos 32 a 35 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta. O cómputo do prazo para a interposición do recurso quedará suspendido ata que a Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta resolva materialmente a viabilidade da pretensión. A parte comunicará a designación de avogado ao xulgado ou á sala dentro do prazo de cinco días, e estes acordarán a posta á disposición dos autos ao designado na forma que se dispón no número anterior. Noutro caso, porase fin ao trámite do recurso. Se o recurso que se interpón é o de suplicación, a parte tamén se poderá valer para a súa representación técnica de graduado social colexiado da súa libre designación.

3. Se o letrado ou letrados designados de oficio non efectúan dentro do prazo antes indicado manifestación de ser improcedente a actuación de referencia, quedarán obrigados á súa realización no prazo legalmente establecido.

Artigo 233. *Admisión de documentos novos.*

1. A sala non admitirá ás partes documento ningún nin alegacións de feitos que non resulten dos autos. Non obstante, se algunha das partes presenta algunha sentenza ou resolución xudicial ou administrativa firmes ou documentos decisivos para a resolución do recurso que non puidese achegar anteriormente ao proceso por causas que non lle sexan imputables, e en xeral cando en todo caso poida dar lugar a posterior recurso de revisión por tal motivo ou sexa necesario para evitar a vulneración dun dereito fundamental, a sala, oída a parte contraria dentro do prazo de tres días, disporá nos dous días seguintes o que proceda, mediante auto contra o que non caberá recurso de reposición, con devolución, se é o caso, á parte propoñente dos ditos documentos, se non se acorda a súa toma en consideración. De se admitir o documento, darase traslado á parte propoñente para que, no prazo de cinco días, complemente o seu recurso ou a súa impugnación e por outros cinco días á parte contraria aos fins correlativos.

2. O trámite a que se refire o número anterior interromperá o que, se é o caso, acorde a sala sobre a inadmisión do propio recurso.

Artigo 234. *Acumulación.*

1. A sala acordará en resolución motivada e sen ulterior recurso, de oficio ou por instancia de parte, antes do sinalamento para votación e decisión ou para vista, se é o caso, a acumulación dos recursos en trámite nos que exista identidade de obxecto e dalgunha das partes. Non obstante, poderase deixar sen efecto a acumulación en todo ou en parte se se evidencian posteriormente causas que xustifiquen a súa tramitación separada.

2. Designarase maxistrado relator dos recursos acumulados o que, deles, fose primeiramente nomeado, e en igualdade de datas, o máis moderno.

3. Nos recursos sobre pretensións derivadas dun mesmo accidente de traballo ou enfermidade profesional, cando exista máis dunha sección, coñecerá deles a sección que estea coñecendo do primeiro dos ditos recursos, sempre que conste a dita circunstancia das actuacións ou o poña de manifesto ao tribunal algunha das partes.

4. A acumulación producirá o efecto de se discutiren e se resolveren conxuntamente todas as cuestións formuladas.

5. O secretario xudicial velará polo cumprimento do disposto neste artigo, e porá en coñecemento do tribunal os recursos en que se cumpran os ditos requisitos, co fin de que se resolva sobre a acumulación.

Artigo 235. *Imposición de custas e convenio transaccional.*

1. A sentenza imporá as custas á parte vencida no recurso, excepto cando goce do beneficio de xustiza gratuíta ou cando se trate de sindicatos, ou de funcionarios públicos ou persoal estatutario que deban exercer os seus dereitos como empregados públicos ante a orde social.

As custas comprenderán os honorarios do avogado ou do graduado social colexiado da parte contraria que actuaron no recurso en defensa ou en representación técnica da parte, sen que a atribución nas custas dos ditos honorarios poidan superar a cantidade de mil douscentos euros en recurso de suplicación e de mil oitocentos euros en recurso de casación.

2. A regra xeral do vencemento establecida no número anterior non se aplicará cando se trate de proceso sobre conflito colectivo, en que cada parte se fará cargo das custas causadas á súa instancia. Non obstante isto, a sala poderá impor o pagamento das custas a calquera das partes que no dito proceso ou no recurso actuou con temeridade ou mala fe.

3. A sala que resolva o recurso de suplicación ou casación ou declare a súa inadmisibilidade poderá impor á parte recorrente que obrou con mala fe ou temeridade a multa que sinalan o número 4 do artigo 75 e o número 3 do artigo 97, así como cando entenda que o recurso se interpuxo con propósito dilatorio. Igualmente, nestes casos imporá ao dito litigante, excepto cando sexa traballador, funcionario, persoal estatutario ou beneficiario da Seguridade Social, os honorarios dos avogados e, se é o caso, dos graduados sociais colexiados actuantes no recurso dentro dos límites fixados no parágrafo primeiro deste artigo. Cando a sala pretenda de oficio impor as anteriores medidas, oírá previamente as partes comparecidas na forma que estableza.

4. As partes poderán alcanzar, en calquera momento durante a tramitación do recurso, convenio transaccional que, se non aprecia lesión grave para algunha das partes, fraude de lei ou abuso de dereito, será homologado polo órgano xurisdiccional que se encontre tramitando o recurso, mediante auto, pondo así fin ao litixio e asumindo cada parte as custas causadas á súa instancia, con devolución do depósito constituído. O convenio transaccional, unha vez homologado, substitúe o contido do resolto na sentenza ou sentenzas anteriormente ditadas no proceso e a resolución que o homologue constitúe título executivo. A impugnación da transacción xudicial así alcanzada efectuarase ante o órgano xurisdiccional que acordou a homologación, mediante o exercicio polas partes da acción de nulidade polas causas que invalidan os contratos ou polos posibles prexudicados con fundamento na súa ilegalidade ou lesividade, seguindo os trámites establecidos para a impugnación da conciliación xudicial, sen que contra a sentenza ditada caiba recurso.

TÍTULO VI

Da revisión de sentenzas e laudos arbitrais firmes, e do proceso de erro xudicial

Artigo 236. *Revisión e erro xudicial, competencia e tramitación.*

1. Contra calquera sentenza firme ditada polos órganos da orde xurisdiccional social e contra os laudos arbitrais firmes sobre materias obxecto de coñecemento da orde social, procederá a revisión prevista na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, polos motivos do seu artigo 510 e polo regulado no número 3 do artigo 86 desta lei. A revisión solicitarase ante a Sala do Social do Tribunal Supremo.

Na revisión non se celebrará vista, salvo que así o acorde o tribunal ou cando se deba practicar proba. En caso de condena en custas observarase o previsto no artigo anterior e o depósito para recorrer terá a contía que nesta lei se sinala para os recursos de casación.

A revisión inadmitirase de non concorreren os requisitos e presupostos procesuais exixibles ou de non se teren esgotado previamente os recursos xurisdiccionais que a lei prevé para que a sentenza se poida considerar firme; así como se se formula polos

mesmos motivos que se puidesen formular, de concorreren os presupostos para isto, no incidente de nulidade de actuacións regulado no artigo 241 da Lei orgánica do poder xudicial ou mediante a audiencia ao demandado rebelde establecida no artigo 185 desta lei, ou cando formulados aqueles os referidos motivos fosen desestimados por resolución firme.

2. O proceso de erro xudicial, destinado a reparar o dano producido por unha resolución firme errónea que carece de posibilidade de rectificación pola vía normal dos recursos, cando sexa competencia da Sala do Social do Tribunal Supremo, seguirase polos trámites e requisitos establecidos para a declaración de erro xudicial nos artigos 292 e concordantes da Lei orgánica do poder xudicial, coas especialidades sobre depósitos, vista e custas establecidas para a revisión e sen que a apreciación do erro se poida fundamentar en probas distintas das practicadas nas actuacións procesuais orixe do mesmo presunto erro.

LIBRO CUARTO

Da execución de sentenzas

TÍTULO I

Da execución de sentenzas e demais títulos executivos

CAPÍTULO I

Disposicións de carácter xeral

Sección 1.^a Normas xerais

Artigo 237. Competencia.

1. As sentenzas firmes e demais títulos, xudiciais ou extraxudiciais, aos cales esta lei outorga eficacia para iniciar directamente un proceso de execución, levaranse a efecto na forma establecida na Lei de axuízamento civil para a execución de sentenzas e títulos constituídos con intervención xudicial, coas especialidades previstas nesta lei.

2. A execución levaraa a efecto o órgano xudicial que coñeceu do asunto en instancia, incluído o suposto de resolucións que aproben ou homologuen transaccións xudiciais, acordos de mediación e acordos logrados no proceso. Cando na constitución do título non mediase intervención xudicial, será competente o xulgado en cuxa circunscrición se constituíse.

3. Nos supostos de acumulación de execucións e nos de atribución en exclusiva do coñecemento da execución a determinados xulgados do social no ámbito dunha mesma circunscrición, observarase a súa regulación específica.

4. Onde haxa varios xulgados do social poderase establecer, nos termos previstos na Lei orgánica do poder xudicial, que o coñecemento das execucións o asuman en exclusiva determinados xulgados da mesma circunscrición, con exclusión total ou parcial da repartición doutros asuntos.

5. En caso de concurso, observarase o establecido na Lei concursal.

Artigo 238. Cuestións incidentais.

As cuestións incidentais que se promovan en execución substanciaranse citando de comparecencia, no prazo de cinco días, as partes, que poderán alegar e probar canto ao seu dereito conveña, concluíndo por auto ou, se é o caso, por decreto que se deberán ditar no prazo de tres días. O auto resolutorio do incidente, de ser impugnado en suplicación ou casación, atendido o carácter das cuestións decididas, deberá expresar os feitos que considere probados.

Cando a comparecencia se celebre ante o maxistrado, rexistrárase nun soporte apto para a gravación e reprodución do son e da imaxe conforme o previsto no artigo 89.

Artigo 239. *Solicitud de execución.*

1. A execución das sentenzas firmes iniciárase por instancia de parte, salvo as que recaían nos procedementos de oficio, cuxa execución se iniciará deste modo.

2. A execución poderase solicitar tan axiña como a sentenza ou resolución xudicial executable ganase firmeza ou desde que o título quedase constituído ou, se é o caso, desde que a obriga declarada no título executivo sexa exixible, mediante escrito do interesado, no cal, ademais dos datos identificativos das partes, expresará:

a) Con carácter xeral, a clase de tutela executiva que se pretende en relación co título executivo aducido.

b) Se se trata de execucións pecuniarias, a cantidade líquida reclamada como principal, así como a que se considere para xuros de demora e custas conforme o artigo 251.

c) Os bens do executado susceptibles de embargo dos que teña coñecemento e, se é o caso, se os considera suficientes para o fin da execución.

d) As medidas que propoña para levar a debido efecto a execución.

No caso de títulos extraxudiciais ou de resolucións ditadas por outro órgano xurisdiccional deberase xuntar o testemuño da resolución, con expresión da súa firmeza, ou a certificación do organismo administrativo, conciliador, mediador ou arbitral correspondente.

3. Iniciada a execución, esta tramitárase de oficio, e ditaranse para o efecto as resolucións necesarias. Non será de aplicación o prazo de espera previsto no artigo 548 da Lei de axuízamento civil. Non obstante, se a parte executada cumpre na súa integridade a obriga exixida contida no título, incluído no caso de execución pecuniaria o aboamento dos xuros procesuais se proceden, dentro do prazo dos vinte días seguintes á data de firmeza da sentenza ou resolución xudicial executable ou desde que o título quedase constituído ou, se é o caso, desde que a obriga declarada no título executivo sexa exixible, non se lle imporán as custas da execución que se instou.

4. O órgano xurisdiccional despachará execución sempre que concorran os presupostos e requisitos procesuais, o título executivo non conteña ningunha irregularidade formal e os actos de execución que se solicitan sexan conformes coa natureza e contido do título. Contra o auto que resolva a solicitude de execución poderase interpor recurso de reposición, no cal, ademais de alegar as posibles infraccións en que incorrese a resolución e o cumprimento ou incumprimento dos presupostos e requisitos procesuais exixidos, poderase deducir a oposición á execución despachada aducindo pagamento ou cumprimento documentalmente xustificado, prescrición da acción executiva ou outros feitos impeditivos, extintivos ou excluíntes da responsabilidade que se pretenda executar sempre que sucedesen con posterioridade á súa constitución do título. A compensación de débedas non é admisible como causa de oposición á execución.

Do escrito de reposición presentado darase traslado para impugnación á parte contraria, salvo que o órgano xurisdiccional, en atención ás cuestións formuladas ou por afectar feitos necesitados de proba, acorde seguir o trámite incidental do artigo 238.

5. Soamente se pode decretar a inexecución dunha sentenza ou outro título executivo se, decidíndose expresamente en resolución motivada, se fundamenta nunha causa prevista nunha norma legal e non interpretada restritivamente. Contra o auto resolutorio do recurso de reposición interposto contra o auto en que se denegue o despacho da execución procederá recurso de suplicación ou de casación ordinario, se é o caso.

Artigo 240. *Partes e suxeitos da execución.*

1. Aqueles que, sen figurar como acredores ou debedores no título executivo ou sen ter sido declarados sucesores duns ou doutros, aleguen un dereito ou interese lexítimo e persoal que poida resultar afectado pola execución que se trate de levar a cabo, terán dereito a intervir en condicións de igualdade coas partes nos actos que lles afecten.

2. A modificación ou cambio de partes na execución débese efectuar, de mediar oposición e ser necesaria proba, a través do trámite incidental previsto no artigo 238. Para que se poida declarar, é requisito indispensable que o cambio substantivo en que se funde, baseado en feitos ou circunstancias xurídicas sobrevidos, se producise con posterioridade á constitución do título obxecto de execución.

3. No caso de títulos executivos fronte a entidades sen personalidade xurídica que actúen no tráfico como suxeitos diferenciados, poderase despachar execución fronte aos socios, partícipes, membros ou xestores que actuasen no tráfico xurídico ou fronte aos traballadores en nome da entidade, sempre que se acredite cumpridamente a xuízo do xuízo ou tribunal, por medio do incidente de execución previsto no artigo 238, a condición de socio, partícipe, membro ou xestor e a actuación ante terceiros ou ante os traballadores en nome da entidade. O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación ás comunidades de propietarios de inmobles en réxime de propiedade horizontal.

4. O Ministerio Fiscal será sempre parte nos procesos de execución derivados de títulos executivos en que se declarou a vulneración de dereitos fundamentais e de liberdades públicas, e velará especialmente pola integridade da reparación das vítimas.

Artigo 241. *Tutela executiva.*

1. A execución levarase a efecto nos propios termos establecidos no título que se executa.

2. Fronte á parte que, requirida para o efecto, deixe transcorrer inxustificadamente o prazo concedido sen efectuar o ordenado, e mentres non cumpra ou non acredite a imposibilidade do seu cumprimento específico, o secretario xudicial, co fin de obter e asegurar o cumprimento da obriga que execute, poderá, tras audiencia das partes, impor constrinximentos pecuniarios cando execute obrigas de dar, facer ou non facer ou para obter o cumprimento das obrigas legais impostas nunha resolución xudicial. Para fixar a contía dos ditos constrinximentos terase en conta a súa finalidade, a resistencia ao cumprimento e a capacidade económica do requirido, e pódese modificar ou deixar sen efecto, atendidas a ulterior conduta e a xustificación que sobre aqueles aspectos poida efectuar o constrinxido. A cantidade fixada, que se ingresará no Tesouro Público, non poderá exceder, por cada día de atraso no cumprimento, a suma de trescentos euros.

3. Da mesma forma e con idénticos trámites, o órgano xudicial poderá impor multas coercitivas a aqueles que, non sendo parte na execución, incumpran inxustificadamente os seus requirimentos tendentes a lograr a debida e completa execución do resolto ou para obter o cumprimento das obrigas legais impostas nunha resolución xudicial. Todo isto sen prexuízo da posible responsabilidade derivada do disposto no número 3 do artigo 75.

Artigo 242. *Execución parcial.*

1. Poderase executar parcialmente a sentenza, aínda que se interpuxese recurso contra ela, respecto dos pronunciamentos desta que non fosen impugnados.

2. Para isto será necesario que, pola natureza das pretensións, sexa posible un pronunciamento separado que non prexulgue as restantes cuestións impugnadas.

3. Contra o auto resolutorio do recurso de reposición interposto contra o auto en que se denegue o despacho da execución definitiva parcial procederá recurso de suplicación ou de casación ordinario, se é o caso.

Artigo 243. Prazo para solicitar a execución.

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 279, o prazo para instar a execución será igual ao fixado nas leis substantivas para o exercicio da acción tendente ao recoñecemento do dereito cuxa execución se pretenda. O dito prazo será de prescrición para todos os efectos.

2. En todo caso, o prazo para reclamar o cumprimento das obrigas de entregar sumas de diñeiro será dun ano. Non obstante, cando se trate do pagamento de prestacións periódicas da Seguridade Social, o prazo para instar a execución será o mesmo que o fixado nas leis substantivas para o exercicio da acción para o recoñecemento do dereito á prestación de que se trate ou será imprescritible se o dito dereito ten este carácter en tales leis.

Se a entidade xestora ou colaboradora da Seguridade Social procedese por aplicación do artigo 126 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 xuño, ao pagamento das prestacións económicas das cales fose declarada responsable da empresa, poderá instar a execución da sentenza nos prazos establecidos no parágrafo anterior contados a partir da data de pagamento por parte da entidade que anticipase a prestación.

3. Iniciada a execución, poderase reiniciar en calquera momento mentres non estea cumprida na súa integridade a obriga que se execute, mesmo se as actuacións foron arquivadas por declaración de insolvencia provisional do executado.

Artigo 244. Supostos de suspensión e aprazamento da execución.

1. A execución unicamente poderá ser suspendida nos seguintes casos:

- a) Cando así o estableza a lei.
- b) Por petición do executante ou de ambas as partes por un máximo de tres meses, salvo que a execución derive dun procedemento de oficio.

2. Suspendido ou paralizado o proceso por petición do executante ou por causa a el imputable e transcorrido un mes sen que instase a súa continuación ou chegado o prazo a que se refire a letra b) do número anterior, o secretario xudicial requirirao co fin de que manifieste, no prazo de cinco días, se a execución debe seguir adiante e solicite o que ao seu dereito conveña, coa advertencia de que, transcorrido este último prazo, se arquivarán as actuacións.

3. Se o cumprimento inmediato da obriga que se executa pode ocasionar a traballadores dependentes do executado prexuízos desproporcionados en relación cos que derivarían para o executante do non cumprimento exacto, por pór en perigo certo a continuidade das relacións laborais subsistentes na empresa debedora, o secretario xudicial, mediante decreto impugnabile directamente en revisión, poderá, logo de audiencia dos interesados e nas condicións que estableza, conceder un aprazamento polo tempo imprescindible.

4. O incumprimento das condicións que se establezan comportará, sen necesidade de declaración expresa nin de requirimento previo, a perda do beneficio concedido.

Artigo 245. Regras para a suspensión da execución.

1. Salvo nos casos expresamente establecidos na lei, as resolucións ditadas en execución levaranse a efecto, non obstante a súa impugnación, e non é necesario efectuar consignacións para impugnalas en suplicación ou casación, excepto para recorrer contra o auto resolutorio do incidente de non readmisión, de non existir na execución no momento do anuncio ou da preparación embargo actual e suficiente de bens e dereitos realizables no acto ou ingreso de cantidades na conta do vulgado para atender o importe obxecto da execución. A entrega de cantidades poderase demorar, en todo ou en parte, motivadamente ata a firmeza da resolución impugnada.

2. Non obstante, o órgano executor poderá durante un mes, excepcionalmente prorrogable por outro, suspender cautelarmente, con ou sen exigencia de fianza, a realización dos actos executivos que poidan producir un prexuízo de imposible ou difícil reparación. Igual facultade terá a sala que coñeza do recurso interposto contra as resolucións do órgano executor e polo tempo de tramitación do recurso.

3. A suspensión ou a súa denegación poderá ser modificada en virtude de circunstancias sobrevidas ou que non se puideron coñecer no momento que se vai resolver sobre a suspensión.

Artigo 246. *Transacción na execución.*

1. Prohíbese a renuncia dos dereitos recoñecidos por sentenzas favorables ao traballador, sen prexuízo da posibilidade de transacción dentro dos límites legalmente establecidos.

2. A transacción no proceso de execución deberase formalizar mediante convenio, suscrito por todas as partes afectadas na execución e sometido a homologación xudicial para a súa validez, e deberá ser notificado, se é o caso, ao Fondo de Garantía Salarial.

3. O convenio poderá consistir no aprazamento ou na redución da débeda, ou en ambas as cousas á vez, e en tales casos entenderase que o incumprimento dalgún dos prazos ou das obrigas parciais acordadas determina a fin do aprazamento ou o vencemento da totalidade da obriga; poderá consistir, igualmente, na especificación, na novación obxectiva ou subxectiva ou na substitución por outra equivalente da obriga contida no título, na determinación do modo de cumprimento, en especial do pagamento efectivo das débedas pecuniarias, na constitución das garantías adicionais que procedan e, en xeral, en cantos pactos lícitos poidan establecer as partes.

4. O órgano xurisdiccional homologará o convenio mediante auto, e velará polo necesario equilibrio das prestacións e a igualdade entre as partes, salvo que o acordo sexa constitutivo de lesión grave para algunha das partes ou para terceiros, de fraude de lei ou de abuso de dereito, ou contrario ao interese público, ou afecte materias que se encontren fóra do poder de disposición das partes. A execución continuará ata que non se constate o total cumprimento do convenio, e é título executivo a resolución de homologación do acordo en substitución do título executivo inicial.

5. A impugnación do auto polo que se aprobe a transacción na execución efectuarase ante o órgano xurisdiccional que a homologou e rexerese polo disposto para a impugnación da conciliación xudicial.

Sección 2.^a Normas sobre execucións colectivas

Artigo 247. *Execución en conflitos colectivos.*

1. As sentenzas recaídas en procesos de conflitos colectivos estimatorios de pretensión de condena e susceptibles de execución individual nos termos do número 3 do artigo 160 poderán ser obxecto de execución definitiva conforme as regras xerais desta coas especialidades seguintes:

a) O proceso de execución iniciárase mediante escrito polos suxeitos lexitimados. Están lexitimados, en nome propio ou no dos afectados polo título executivo nos conflitos de empresa ou de ámbito inferior, o empresario e os representantes legais ou sindicais dos traballadores, e nos conflitos de ámbito superior á empresa, as asociacións patronais e os sindicatos afectados. Os órganos unitarios da empresa contra a que se interpoña a execución, así como a empresa fronte á que se inste esta, estarán lexitimados neste proceso de execución aínda que non fosen parte no procedemento previo de constitución do título executivo. En todo caso, os sindicatos máis representativos e os representativos, de conformidade cos artigos 6 e 7 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, as asociacións empresariais representativas nos termos do artigo 87 do Estatuto dos traballadores e os órganos de representación legal ou sindical dos traballadores

poderán comparecer como partes na execución, aínda que non fosen parte no procedemento previo de constitución do título executivo, sempre que o seu ámbito de actuación se corresponda ou sexa máis amplo que o do conflito. O Fondo de Garantía Salarial será sempre parte nestes procesos.

b) O sindicato acreditará a autorización para instar ou adherirse ao proceso de execución respecto aos seus afiliados na forma establecida no artigo 20 desta lei. Con relación aos non afiliados, acreditarano mediante autorización documentada ante calquera órgano xudicial ou de mediación ou conciliación social ou ante a persoa expresamente autorizada polo propio sindicato e esta fará constar baixo a súa responsabilidade a autenticidade da sinatura do traballador na autorización efectuada na súa presenza e xuntará os documentos de acreditación oportunos. Este último sistema de acreditación aplicarase en caso de que quen inste a execución sexa un órgano de representación unitaria dos traballadores.

c) O secretario xudicial, comprobada a lexitimación activa dos executantes e que o título executivo é susceptible de execución individual nos termos establecidos no número 3 do artigo 160 desta lei, requirirá a parte executada para que, tratándose de execución pecuniaria, no prazo dun mes, que se poderá prorrogar por outro mes cando a complexidade do asunto o exixa, en relación a cada un dos traballadores en cuxa representación se inste a execución, cuantifique individualizadamente a débeda e propoña, se é o caso, unha fórmula de pagamento.

d) Se o executado cumpre o requirimento, o secretario xudicial instará a parte executante para que manifieste a súa conformidade ou desconformidade cos datos proporcionados, así como sobre a proposta de pagamento, no prazo dun mes, que se poderá prorrogar por outro mes cando o requira a complexidade do asunto.

e) Se a parte executante acepta, en todo ou en parte, os datos subministrados de contrario sobre a cuantificación e a proposta de pagamento, o secretario xudicial documentará, se é o caso, a avinza nos aspectos sobre os cales exista conformidade, incluído o aboamento dos xuros se proceden, pero sen imposición de custas.

f) Se o executado non cumpre o requirimento e se opón formalmente á execución, en todo ou en parte, no prazo concedido, ou se a parte executante non acepta, en todo ou en parte, os datos proporcionados por aquel ou a súa proposta de pagamento, seguirase o trámite incidental previsto no artigo 238.

g) Para concretar, se é o caso, se os solicitantes están afectados polo título e as cantidades líquidas individualizadas obxecto de condena as partes deberán achegar proba pericial ou de expertos, ou a proposición dunha proba conxunta da dita clase ou encomendarlle ao órgano xudicial o nomeamento dun perito ou dun experto para tal fin. O xuíz ou tribunal ditará auto en que, logo de resolución das causas de oposición que formulase a parte executada, resolverá se, segundo os datos, características e requisitos establecidos no título executivo, recoñece os solicitantes como comprendidos na condena e, no caso de condena de cantidade, o importe líquido individualmente recoñecido ao seu favor, e ditarase, a continuación, a orde xeral de execución nos termos establecidos nesta lei.

h) Contra as resolucións que se diten conforme o disposto nos números anteriores caberá interpor recurso de reposición, que non suspenderá a súa execución e non terá ulterior recurso.

i) Os títulos executivos de ámbito superior á empresa executaranse colectivamente empresa por empresa.

j) Os suxeitos que, podendo resultar beneficiados polo título executivo, non queiran exercer a súa acción no proceso de execución colectivo, poderana formular, se é o caso, individualmente a través do proceso declarativo que corresponda.

2. A modalidade de execución de sentenzas firmes regulada neste artigo será aplicable aos restantes títulos executivos, xudiciais ou extraxudiciais, de natureza social, estimatorios de pretensión de condena e susceptibles de execución individual nos termos do número 3 do artigo 160, así como ás sentenzas firmes ou outros títulos executivos

sobre mobilidade xeográfica ou modificacións substanciais de condicións de traballo de carácter colectivo.

CAPÍTULO II

Da execución pecuniaria

Sección 1.^a Normas xerais

Artigo 248. *Concorrenza de embargos.*

1. En caso de concorrenza de embargos decretados por órganos xudiciais da orde xurisdiccional social sobre uns mesmos bens, a preferencia para seguir a vía de constrinximento contra eles corresponde, sen prexuízo do establecido nesta lei nos supostos de acumulación de execucións, ao órgano que con prioridade trabou os ditos bens.

Non obstante, o embargante posterior poderá continuar a vía de constrinximento se quedan garantidos os dereitos dos embargantes anteriores.

2. A regra anterior non afectará a prelación de créditos entre diversos acredores.

3. En caso de concurso, as accións de execución que poidan exercer os traballadores para o cobramento dos salarios e indemnizacións por despedimento que lles poidan ser debidos quedan sometidas ao establecido na Lei concursal.

Artigo 249. *Manifestación de bens para a execución.*

1. O executado está obrigado a efectuar, por requirimento do secretario xudicial, manifestación sobre os seus bens ou dereitos, coa precisión necesaria para garantir as súas responsabilidades. Deberá, así mesmo, indicar as persoas que teñan dereitos de calquera natureza sobre os seus bens e, de estaren suxeitos a outro proceso, concretar os aspectos deste que poidan interesar á execución.

2. Esta obriga incumbirá, cando se trate de persoas xurídicas, aos seus administradores ou ás persoas que legalmente as representen e cando se trate de comunidades de bens ou grupos sen personalidade, a aqueles que aparezan como os seus organizadores, directores ou xestores.

3. No caso de que os bens estean gravados con cargas reais, o executado estará obrigado a manifestar o importe do crédito garantido e, se é o caso, a parte pendente de pagamento nesa data.

Esta información poderase reclamar ao titular do crédito garantido, de oficio ou por instancia de parte ou de terceiro interesado.

Artigo 250. *Investigación xudicial do patrimonio do executado.*

1. Se non se ten coñecemento da existencia de bens suficientes, o secretario xudicial deberase dirixir aos pertinentes organismos e rexistros públicos co fin de que faciliten a relación de todos os bens ou dereitos do debedor dos cales teñan constancia, tras a realización por estes, se for preciso, das indagacións legalmente posibles.

2. O secretario xudicial tamén poderá, dentro dos límites do dereito á intimidade persoal, dirixirse ou solicitar a información precisa para lograr a efectividade da obriga pecuniaria que execute, de entidades financeiras ou depositarias ou doutras persoas privadas que polo obxecto da súa normal actividade ou polas súas relacións xurídicas co executado deban ter constancia dos bens ou dereitos deste ou poidan resultar debedoras del.

Artigo 251. *Xuros de demora e custas.*

1. Salvo que motivadamente se dispoña outra cousa, a cantidade pola cal se despache execución en concepto provisional de xuros de demora e custas non excederá,

para os primeiros, o importe dos que se devengarían durante un ano e, para as custas, do dez por cento da cantidade obxecto de constrinximento en concepto de principal.

2. En canto aos xuros da mora procesual observárase o disposto no artigo 576 da Lei de axuízamento civil. Non obstante, transcorridos tres meses do despacho da execución sen que o executado cumpra na súa integridade a obriga, se se aprecia falta de dilixencia no cumprimento da executoria, se incumprisen a obriga de manifestar bens ou se ocultaron elementos patrimoniais transcendentales na dita manifestación, poderase incrementar o xuro legal que hai que aboar en dous puntos.

Artigo 252. Notificación aos representantes dos traballadores da empresa debedora.

Atendida a cantidade obxecto de constrinximento, os autos en que se despache a execución e as resolucións en que se decreten embargos notificáranse aos representantes unitarios e sindicais dos traballadores da empresa debedora, para efectos de que poidan comparecer no proceso.

Artigo 253. Intervención na execución do Fondo de Garantía Salarial e as entidades xestoras ou servizos comúns da Seguridade Social.

1. O Fondo de Garantía Salarial e as entidades xestoras ou servizos comúns da Seguridade Social, cando estean lexitimados para intervir no proceso, quedan obrigados a asumir o depósito, a administración, intervención ou peritación dos bens embargados, e designarán para tal fin unha persoa idónea, desde que sexan requiridos polo secretario xudicial mediante decreto. Poderanse liberar de tal obriga se xustifican ante o secretario a imposibilidade de cumprila ou a súa desproporcionada gravosidade.

2. Igual obriga e cos mesmos límites pódese impor motivadamente a calquera persoa ou entidade que pola súa actividade e medios se poida facer cargo dela, sen prexuízo do resarcimento de gastos e aboamento das remuneracións procedentes conforme a lei.

3. As actuacións materiais relativas ao depósito, conservación, transporte, administración e publicidade para a súa venda dos bens xudicialmente embargados poderase encomendar a entidades autorizadas administrativamente con tal fin ou ás entidades previstas para este fin na Lei de axuízamento civil, se así o acorda o secretario xudicial.

Sección 2.^a O embargo

Artigo 254. Orde nos embargos. Bens embargables.

1. De constar a existencia de bens suficientes, o embargo que se decreta axustárase á orde legalmente establecida. En caso contrario e co obxecto de asegurar a efectividade da resolución xudicial cuxa execución se insta, efectuarase a adecuación á dita orde unha vez coñecidos tales bens.

2. Será nulo o embargo sobre bens e dereitos cuxa efectiva existencia non conste. Non obstante, poderanse embargar saldos favorables de contas e depósitos que existan en bancos, caixas ou calquera outra persoa ou entidade pública ou privada de depósito, crédito, aforro e financiamento, tanto os existentes no momento do embargo, como os que se produzan posteriormente, así como disporse a retención e posta á disposición do xulgado de calquera ben ou cantidade que se devengue no futuro a favor do executado como consecuencia das relacións deste coa entidade depositaria, sempre que, en razón do título executivo, fose determinada polo secretario xudicial unha cantidade como límite máximo para tales efectos.

Os referidos saldos, depósitos ou outros bens, e en xeral calquera outro ben embargable, son susceptibles de embargo con independencia da natureza dos ingresos ou rendas que puidesen contribuír á súa xeración. Para estes efectos, as limitacións absolutas ou relativas de inembargabilidade que poidan afectar ingresos ou rendas de

carácter periódico conforme o artigo 607 da Lei de axuizamento civil aplicaranse a partir do embargo no momento da xeración ou devengo de cada unha das mensualidades ou vencementos de tales rendas.

Tamén se poderá acordar a administración xudicial, nos termos establecidos no artigo 256, cando se comprobe que a entidade pagadora ou perceptora non cumpre a orde de retención ou ingreso, sen prexuízo das demais responsabilidades que procedan segundo o disposto no número 3 do artigo 241 por falta de colaboración coa execución e efectividade do resolto.

Artigo 255. *Embargo de bens inmobles.*

1. Se os bens embargados son inmobles ou outros inscribibles en rexistros públicos, o secretario xudicial ordenará de oficio que se libre e remita directamente ao rexistrador mandamento para que practique o asento que corresponda relativo ao embargo trabado, expida certificación de telo feito, da titularidade dos bens e, se é o caso, das súas cargas e gravames.

2. O rexistrador deberá comunicar á oficina xudicial a existencia de ulteriores asentos que poidan afectar o embargo anotado.

Artigo 256. *Administración xudicial dos bens embargados.*

1. Poderase constituír unha administración ou unha intervención xudicial cando pola natureza dos bens ou dereitos embargados sexa preciso.

2. Con tal fin, o secretario xudicial citará de comparecencia ante si mesmo as partes para que cheguen a un acordo e, unha vez alcanzado se é o caso, establecerá mediante decreto os termos da administración xudicial en consonancia co acordo.

3. Para o suposto de que non se alcance acordo, o secretario convocaraos a comparecencia ante o xuíz ou maxistrado que ditou a orde xeral de execución, co fin de que efectúen as alegacións e probas que consideren oportunas sobre a necesidade ou non de nomeamento de administrador ou interventor, persoa que deba desempeñar tal cargo, exixencia ou non de fianza, forma de actuación, rendición de contas e retribución procedente, e resolverase mediante auto o que proceda.

4. O administrador ou, se é o caso, o interventor nomeado deberá render conta final da súa xestión.

Artigo 257. *Designación de depositario.*

Pode ser designado depositario o executante ou o executado, salvo oposición xustificada da parte contraria. O secretario xudicial tamén poderá aprobar a designación como depositario dun terceiro, de existir común acordo das partes ou por proposta dunha delas, sen oposición xustificada da contraria.

Artigo 258. *Reembargo.*

1. De estaren previamente embargados os bens, o secretario xudicial que acordou o reembolso adoptará as medidas oportunas para a súa efectividade.

2. A oficina xudicial ou administrativa a que se comunique o reembolso acordará o procedente para garantilo e, no prazo máximo de dez días, informará o reembargante sobre as circunstancias e valor dos bens, cantidade obxecto de constrinximento de que respondan e estado das súas actuacións.

3. Deberá, así mesmo, comunicar ao órgano que decretou o reembolso as ulteriores resolucións que poidan afectar os acredores reembargantes.

Artigo 259. *Adopción da traba.*

1. O secretario xudicial, tras a dación de conta polo xestor procesual e administrativo da dilixencia de embargo positiva, ratificará ou modificará o efectuado pola comisión

executiva, e acordará, se é o caso, a adopción das garantías necesarias para asegurar a traba segundo a natureza dos bens embargados.

2. Tamén poderá, en calquera momento, atendida a suficiencia dos bens embargados, acordar a mellora, redución ou alzamento dos embargos trabados.

Artigo 260. *Terzaría de dominio.*

1. O terceiro que invoque o dominio sobre os bens embargados, adquirido con anterioridade á súa traba, poderá pedir o levantamento do embargo ante o órgano da orde xurisdiccional social que coñeza da execución e que para os meros efectos prexudiciais resolverá sobre o dereito alegado, e alzar, se é o caso, o embargo.

2. A solicitude, á cal se xuntará o título en que se funde a pretensión, deberá ser formulada polo terceiro cunha antelación á data sinalada para a celebración da primeira poxa non inferior a quince días.

3. Admitida a solicitude, seguirase o trámite incidental regulado nesta lei. O secretario xudicial suspenderá as actuacións relativas á liquidación dos bens discutidos ata a resolución do incidente.

Sección 3.^a Realización dos bens embargados

Artigo 261. *Taxación dos bens embargados.*

1. Cando sexa necesario taxar os bens embargados previamente á súa realización, o secretario xudicial designará o perito taxador que corresponda de entre os que presten servizo na Administración de xustiza, e ademais, ou no seu defecto, poderá requirir a designación dunha persoa idónea ás entidades obrigadas legalmente a asumir a peritación.

2. O nomeamento efectuado porase en coñecemento das partes ou terceiros que conste que teñen dereitos sobre os bens que se van taxar para que, dentro do segundo día, poidan designar outros pola súa parte, coa prevención de que, se non o fan, serán tidos por conformes.

Artigo 262. *Dedución de cargas.*

Se os bens ou dereitos embargados están afectos con cargas ou gravames que deban quedar subsistentes tras a venda ou adxudicación xudicial, o secretario, coa colaboración pericial e solicitando os datos que considere oportunos, practicará a valoración daqueles e deducirá o seu importe do valor real dos bens, co fin de determinar o prezo xusto.

Artigo 263. *Procedementos para a liquidación dos bens.*

1. Para a liquidación dos bens embargados, poderanse empregar estes procedementos:

a) Por venda en entidade autorizada administrativamente ou nas entidades previstas na Lei de axuízamento civil con tal fin, se así o acorda o secretario xudicial, calquera que sexa o valor dos bens.

b) Por poxa ante fedatario público, nos termos que se establezan regulamentariamente.

c) Mediante poxa xudicial, nos casos en que non se empreguen os procedementos anteriores.

d) Polos demais procedementos establecidos na lexislación procesual civil.

2. Se o embargado son valores, venderanse na forma establecida para eles na Lei de axuízamento civil.

3. Co fin de dotala de maior efectividade, a venda dos bens poderase realizar por lotes ou por unidades.

Artigo 264. *Realización dos bens.*

A realización dos bens embargados axustarase ao disposto na lexislación procesual civil, coa única excepción de que para o caso de resultar deserta a poxa terán os executantes ou, no seu defecto, os responsables legais solidarios ou subsidiarios, o dereito a adxudicarse os bens polo 30 por cento da taxación, e daráselles, para tal fin, o prazo común de dez días. De non se facer uso deste dereito, alzarase o embargo.

Artigo 265. *Repartición entre os executantes.*

Se a adquisición en poxa ou a adxudicación en pagamento se realiza en favor dunha parte dos executantes e o prezo de adxudicación non é suficiente para cubrir todos os créditos dos restantes acredores, os créditos dos adxudicatarios só se extinguirán ata a concorrencia da suma que sobre o prezo de adxudicación lles debería atribuír na repartición proporcional. De ser inferior ao prezo, os acredores adxudicatarios deberán aboar o exceso en metálico.

Artigo 266. *Calidade da adquisición a favor dos executantes ou dos seus representantes.*

Só a adquisición ou adxudicación practicada en favor dos executantes ou dos responsables legais solidarios ou subsidiarios poderá efectuarse en calidade de ceder a terceiro.

Artigo 267. *Formalización da adxudicación de bens.*

1. Non será preceptivo documentar en escritura pública o decreto de adxudicación.
2. Será título bastante para a inscrición o testemuño do decreto de adxudicación, expedido polo secretario xudicial.

Sección 4.^a Pagamento aos acredores

Artigo 268. *Orde dos pagamentos.*

1. As cantidades que se obteñan en favor dos executantes aplicaranse, pola súa orde, ao pagamento do principal, xuros e custas unha vez liquidados aqueles e taxadas estas.
2. Se o aprobou previamente o xuíz, o secretario xudicial poderá anticipar ao pagamento do principal o aboamento dos gastos que necesariamente requirise a propia execución e o dos acreditados por terceiros obrigados a prestar a colaboración xudicialmente requirida.

Artigo 269. *Liquidación de xuros e custas.*

1. Cuberta a cantidade obxecto de constrinximento en concepto de principal, o secretario practicará dilixencia de liquidación dos xuros devengados.
2. A liquidación de xuros poderase formular ao tempo que se realice a taxación de custas e na propia dilixencia. Se se impugnan ambas as operacións, a súa tramitación poderase acumular.
3. Os honorarios ou dereitos de avogados, incluídos os das administracións públicas, procuradores e graduados sociais colexiados, devengados na execución poderanse incluír na taxación de custas.

Artigo 270. *Insuficiencia de bens en execucións acumuladas.*

De estaren acumuladas as execucións seguidas contra un mesmo debedor e ser insuficientes os bens embargados para satisfacer a totalidade dos créditos laborais, aplicaranse solucións de proporcionalidade, con respecto, en todo caso, ás preferencias de crédito establecidas nas leis.

Artigo 271. *Reglas de repartición entre os executantes en caso de insuficiencia de bens do debedor. Proposta común de distribución.*

1. Entre os créditos concorrentes de igual grao, repartiranse proporcionalmente as cantidades obtidas, sen ter en conta ningún tipo de prioridade temporal.

2. Se as cantidades obtidas non son suficientes para cubrir a totalidade dos créditos, procederase do seguinte modo:

a) Se ningún dos acredores concorrentes alega preferencia para o cobramento, o secretario xudicial disporá a distribución proporcional de cantidades conforme se vaian obtendo.

b) Se algún deles alega preferencia, os acredores poderán presentar ou o secretario xudicial poderá requirilos para que o fagan, no prazo que se lles fixe, unha proposta común de distribución.

3. Se non se presentan ou non coinciden as propostas formuladas, o secretario xudicial, no prazo de cinco días, ditará decreto que estableza provisionalmente os criterios de distribución e concrete as cantidades correspondentes a cada acredor conforme aqueles.

Artigo 272. *Traslado da proposta de distribución.*

1. Da proposta común ou da formulada polo secretario xudicial, darase traslado, se é o caso, aos acredores non propoñentes, ao executado e ao Fondo de Garantía Salarial, para que manifesten a súa conformidade ou desconformidade no prazo de tres días.

2. Se non se formula oposición, o secretario xudicial deberá aprobar a proposta común presentada ou entenderase definitiva a distribución practicada por el. De se formular aquela, convocarase a todos os interesados a unha comparecencia, e trasladaranse os escritos presentados.

Artigo 273. *Comparecencia para a aprobación da proposta de distribución.*

1. Se na comparecencia se logra un acordo de distribución, poderá aprobalo no mesmo acto o secretario xudicial. Os interesados que non comparezan inxustificadamente teranse por conformes co acordado polos comparecentes.

2. De non se lograr acordo, o secretario citará os interesados a unha comparecencia ante o xuíz ou tribunal, quen continuará o incidente, e efectuaranse as alegacións e probas relativas, se é o caso, á existencia ou subsistencia das preferencias invocadas. Resolveranse, mediante auto, as cuestións formuladas e establecerase a forma de distribución.

Artigo 274. *Participación na distribución proporcional.*

Poderán participar na distribución proporcional os que, ata o momento de obterse as cantidades que se vaian repartir, teñan a condición de executantes dos procesos acumulados, con auto firme que despache execución ao seu favor.

Artigo 275. *Tramitación das terzarías de mellor dereito.*

1. As terzarías fundadas no dereito do terceiro, sexa ou non acredor laboral do executado, a ser reintegrado do seu crédito con preferencia ao acredor executante,

deberanse deducir ante o órgano xudicial da orde social que estea coñecendo da execución, e substanciaranse polo trámite incidental regulado nesta lei.

2. A terzaría así promovida non suspenderá a execución tramitada, e esta continuarase ata realizar a venda dos bens embargados e o seu importe depositarase na entidade de crédito correspondente.

Sección 5.^a Insolvencia empresarial

Artigo 276. Intervención do Fondo de Garantía Salarial. Declaración de insolvencia da empresa.

1. Previamente á declaración de insolvencia, se o Fondo de Garantía Salarial non foi chamado con anterioridade, o secretario xudicial daralle audiencia, por un prazo máximo de quince días, para que poida instar a práctica das dilixencias que ao seu dereito conveña e designe bens do debedor principal que lle consten.

2. Dentro dos trinta días seguintes á práctica das dilixencias instadas polo Fondo de Garantía Salarial, o secretario xudicial ditará decreto en que declare, cando proceda, a insolvencia total ou parcial do executado, e fixe neste caso o valor pericial dado aos bens embargados. A insolvencia entenderase para todos os efectos como provisional ata que se lle coñezan bens ao executado ou se realicen os bens embargados.

3. Declarada a insolvencia dunha empresa, isto constituirá base suficiente para estimar a súa pervivencia noutras execucións, e pódese ditar o decreto de insolvencia sen necesidade de reiterar os trámites de indagación de bens establecidos no artigo 250, ben que en todo caso se deberá dar audiencia previa á parte demandante e ao Fondo de Garantía Salarial para que poidan sinalar a existencia de novos bens.

4. Se están determinadas na sentenza que se execute as cantidades legalmente a cargo do Fondo de Garantía Salarial, unha vez firme a declaración de insolvencia, o secretario xudicial requiriralle, se é o caso, o aboamento, no prazo de dez días e, de non efectualo, continuará a execución contra este.

5. A declaración firme de insolvencia do executado farase constar no rexistro correspondente segundo a natureza da entidade.

Artigo 277. Embargo de bens afectados ao proceso produtivo.

1. Cando os bens susceptibles de embargo se encontren afectos ao proceso produtivo da empresa debedora e esta continúe a súa actividade, o Fondo de Garantía Salarial poderá solicitar a suspensión da execución, polo prazo de trinta días, co fin de valorar a imposibilidade de satisfacción dos créditos laborais, así como os efectos do alleamento xudicial dos bens embargados sobre a continuidade das relacións laborais subsistentes na empresa debedora.

2. Constatada polo Fondo de Garantía Salarial a imposibilidade de satisfacer os créditos laborais por determinar isto a extinción das relacións laborais subsistentes, porao de manifesto motivadamente, e solicitará a declaración de insolvencia para os únicos efectos de recoñecemento de prestacións de garantía salarial.

CAPÍTULO III

Da execución das sentenzas firmes de despedimento

Artigo 278. Readmisión do traballador.

Cando o empresario optase pola readmisión deberá comunicar por escrito ao traballador, dentro dos dez días seguintes a aquel en que se lle notifique a sentenza, a data da súa reincorporación ao traballo, para efectuala nun prazo non inferior aos tres días seguintes ao da recepción do escrito. Neste caso, serán por conta do empresario os salarios devengados desde a data de notificación da sentenza que por primeira vez declare a

improcedencia ata aquela en que teña lugar a readmisión, salvo que, por causa imputable ao traballador, non se puidese realizar no prazo sinalado.

Artigo 279. Prazos para solicitar a readmisión polo traballador.

1. Cando o empresario readmita o traballador, este poderá solicitar a execución da resolución ante o xulgado do social:

- a) Dentro dos vinte días seguintes á data sinalada para proceder á readmisión, cando esta non se efectuase.
- b) Dentro dos vinte días seguintes a aquel en que expire o dos dez días a que se refire o artigo anterior, cando non se sinalou data para continuar a prestación laboral.
- c) Dentro dos vinte días seguintes á data en que a readmisión tivo lugar, cando esta se considere irregular.

2. Non obstante, e sen prexuízo de que non se devenguen os salarios correspondentes aos días transcorridos entre o último de cada un dos prazos sinalados nas letras a), b) e c) do número anterior e aquel en que se solicite a execución do ditame, a acción para instar esta última deberase exercer dentro dos tres meses seguintes á firmeza da sentenza.

3. Todos os prazos establecidos neste artigo son de prescrición.

Artigo 280. Incidente de non readmisión.

Instada a execución do ditame en canto á condena a readmisión, o xuíz competente ditará auto que despache a execución pola vía de incidente de non readmisión e seguidamente, o secretario sinalará a vista do incidente dentro dos cinco días seguintes, e citará de comparecencia os interesados. A execución doutros pronunciamentos distintos da condena a readmisión someterase ás regras xerais aplicables segundo a súa natureza.

O día da comparecencia, se os interesados fosen citados en forma e non asistise o traballador ou persoa que o represente, terase por desistido da súa solicitude; se non comparecese o empresario ou o seu representante, celebrarase o acto sen a súa presenza.

Artigo 281. Auto de resolución do incidente.

1. Na comparecencia, a parte ou partes que concorran serán examinadas polo xuíz sobre os feitos da non readmisión ou da readmisión irregular alegada, e achegaranse unicamente aquelas probas que, podéndose practicar no momento, o xuíz estime pertinentes. Do actuado redactarase a correspondente acta.

2. Dentro dos tres días seguintes, o xuíz ditará auto en que, salvo nos casos onde non resulte acreditada ningunha das dúas circunstancias alegadas polo executante:

- a) Declarará extinguida a relación laboral na data da dita resolución.
- b) Acordará que se aboe ao traballador a indemnización a que se refire o número 1 do artigo 110. En atención ás circunstancias concorrentes e aos prexuízos ocasionados pola non readmisión ou pola readmisión irregular, poderá fixar unha indemnización adicional de ata quince días de salario por ano de servizo e un máximo de doce mensualidades. En ambos os casos, ratearanse os períodos de tempo inferiores a un ano e computarase, como tempo de servizo, o transcorrido ata a data do auto.
- c) Condenará o empresario ao aboamento dos salarios deixados de percibir desde a data da notificación da sentenza que por primeira vez declare a improcedencia ata a da mencionada solución.

Artigo 282. *Execución da resolución da sentenza.*

1. A sentenza será executada nos seus propios termos cando:

a) O traballador despedido sexa delegado de persoal, membro do comité de empresa ou delegado sindical e, declarada a improcedencia do despedimento, opte pola readmisión.

b) Declare a nulidade do despedimento.

2. Para tal fin, en calquera dos supostos mencionados no número anterior, unha vez solicitada a readmisión, o xuíz competente ditará auto que conteña a orde xeral de execución e que a despache, e acordará requirir o empresario para que repoña o traballador no seu posto no prazo de tres días, sen prexuízo de que adopte, por instancia de parte, as medidas que dispón o artigo 284.

Artigo 283. *Incumprimento da sentenza de readmisión polo empresario.*

1. Nos supostos a que se refire o artigo anterior, se o empresario non procede á readmisión ou o fai en condicións distintas ás que rexían antes de se producir o despedimento, o traballador poderá acudir ante o xulgado do social, e solicitar a execución regular do ditame, dentro dos vinte días seguintes ao terceiro que, como prazo máximo para a reincorporación, dispón o artigo precedente.

2. O xuíz oirá as partes en comparecencia, que se axustará ao disposto no artigo 280 e no número 1 do artigo 281, e ditará auto sobre se a readmisión se efectuou ou non e, se é o caso, se o foi en debida forma. No suposto de que se estime que a readmisión non tivo lugar ou non o foi en forma regular, ordenará repor o traballador ao seu posto dentro dos cinco días seguintes á data da dita resolución, e advertiráselle ao empresario que, de non proceder á reposición ou de non o facer en debida forma, se adoptarán as medidas que establece o artigo seguinte.

Artigo 284. *Consecuencias do incumprimento do empresario.*

Cando o empresario non dea cumprimento á orde de reposición a que se refire o artigo anterior, o secretario xudicial acordará as medidas seguintes:

a) Que o traballador continúe percibindo o seu salario coa mesma periodicidade e contía que a declarada na sentenza, cos incrementos que por vía de convenio colectivo ou mediante norma estatal se produzan ata a data da readmisión en debida forma. Para tal fin, formalizará a autorización contida no auto que despache a execución en tantas ocasións como sexa necesario, por unha cantidade equivalente a seis meses de salario, e faranse efectivas ao traballador con cargo a esta as retribucións que vaian vencendo, ata que, unha vez efectuada a readmisión en forma regular, acorde a devolución ao empresario do saldo existente nesa data.

b) Que o traballador continúe en alta e con cotización na Seguridade Social, o que porá en coñecemento da entidade xestora ou servizo común para os efectos procedentes.

c) Que o delegado de persoal, membro do comité de empresa ou delegado sindical continúe desenvolvendo, no seo da empresa, as funcións e actividades propias do seu cargo, e advertiralle ao empresario que, de impedir ou opor algún obstáculo ao dito exercicio, se porán os feitos en coñecemento da autoridade laboral para os efectos de sancionar a súa conduta de acordo co que dispón o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobada polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Artigo 285. *Lanzamento do traballador da vivenda por razón de traballo.*

1. Cando recaia resolución firme en que se declare a extinción do contrato de traballo, se o traballador ocupa vivenda por razón deste deberá abandonala no prazo dun

mes. O secretario xudicial, se existe motivo fundado, poderá prorrogar o dito prazo por dous meses máis.

2. Unha vez transcorridos os prazos do número anterior, o empresario poderá solicitar do xulgado a execución mediante o oportuno lanzamento, que se practicará seguidamente observando as normas previstas na Lei de axuizamento civil.

Artigo 286. *Imposibilidade de readmisión do traballador.*

1. Sen prexuízo do disposto nos artigos anteriores, cando se acredite a imposibilidade de readmitir o traballador por cesamento ou peche da empresa obrigada ou calquera outra causa de imposibilidade material ou legal, o xuíz ditará auto no cal declarará extinguida a relación laboral na data da dita resolución e acordará que se aboan ao traballador as indemnizacións e os salarios deixados de percibir que sinala o número 2 do artigo 281.

2. Nos supostos de declaración de nulidade do despedimento por acoso laboral, sexual ou por razón de sexo ou de violencia de xénero no traballo, a vítima do acoso poderá optar por extinguir a relación laboral co correspondente aboamento da indemnización procedente e dos salarios de tramitación, se é o caso, conforme o número 2 do artigo 281.

CAPÍTULO IV

Da execución de sentenzas fronte a entes públicos

Artigo 287. *Cumprimento da sentenza por entes públicos.*

1. As sentenzas ditadas contra o Estado, entidades xestoras ou servizos comúns da Seguridade Social e demais entes públicos deberán ser levadas a efecto pola Administración ou entidade dentro do prazo de dous meses a partir da súa firmeza, que xustificarán o cumprimento ante o órgano xurisdiccional dentro do dito prazo. Atendendo á natureza do reclamado e á efectividade da sentenza, esta poderá fixar un prazo inferior para o cumprimento cando o de dous meses poida facer ineficaz o pronunciamento ou causar grave prexuízo.

2. Transcorrido o prazo a que se refire o número anterior, a parte interesada poderá solicitar a execución.

3. Mentres non conste a total execución da sentenza, o órgano xudicial, de oficio ou por instancia de parte, adoptará cantas medidas sexan adecuadas para promovela e activala, e para tal fin será de aplicación supletoria o disposto para a execución de sentenzas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. O órgano xurisdiccional, logo de requirimento da Administración condenada por un novo prazo dun mes e citando, se é o caso, de comparecencia as partes, poderá decidir cantas cuestións se formulen na execución, e especialmente as seguintes:

a) Órgano administrativo e funcionarios que se deben responsabilizar de realizar as actuacións, e que poderá requirir á Administración para tal efecto para que facilite a identidade da autoridade ou funcionario responsable do cumprimento da executoria, co obxecto de individualizar oportunamente as responsabilidades derivadas, incluídas as responsabilidades patrimoniais que procedan, sen prexuízo das comprobacións de oficio que se deban levar a cabo ao respecto.

b) Prazo máximo para o seu cumprimento, en atención ás circunstancias que concorran.

c) Medios con que se debe levar a efecto e procedemento que se debe seguir.

d) Medidas necesarias para lograr a efectividade do mandado, nos termos establecidos nesta lei, salvo o previsto no artigo 241, que non será de aplicación excepto en caso de incumprimento do resolto polo órgano xurisdiccional na comparecencia a que se refire este punto.

e) Cando a Administración pública sexa condenada ao pagamento de cantidade líquida, o devengo de xuros procederá conforme o disposto na lexislación orzamentaria, ben que no suposto de que fose necesario o ulterior requirimento establecido neste número, a autoridade xudicial, se aprecia falta de dilixencia no incumprimento, poderá incrementar en dous puntos o xuro legal que se devengará.

Artigo 288. *Liquidación e ingreso de cantidades correspondentes a prestacións de pagamento periódico da Seguridade Social.*

1. Nos procesos seguidos por prestacións de pagamento periódico da Seguridade Social, unha vez que sexa firme a sentenza condenatoria á constitución dun capital custo de pensión ou ao pagamento dunha prestación non capitalizable, o secretario xudicial remitirá copia certificada á entidade xestora ou servizo común competente.

2. O indicado organismo deberá, no prazo máximo de dez días, comunicar á oficina xudicial o importe do capital custo da pensión ou o importe da prestación que haxa que ingresar, o que se notificará ás partes, e o secretario requirirá a condenada para que o ingrese no prazo de dez días.

TÍTULO II

Da execución provisional

CAPÍTULO I

Das sentenzas condenatorias ao pagamento de cantidades

Artigo 289. *Aboamento de anticipos.*

1. Cando o traballador teña ao seu favor unha sentenza en que se condenase o empresario ao pagamento dunha cantidade e se interpuxese recurso contra ela, terá dereito a obter anticipos á conta daquela, e o Estado garantizará o seu reintegro e realizará, se é o caso, o seu aboamento, nos termos establecidos nesta lei.

2. O anticipo alcanzará, como máximo total, ata o 50 por cento do importe da cantidade recoñecida na sentenza, que se pode aboar en períodos temporais durante a tramitación do recurso, desde a data da solicitude e ata que recaia sentenza definitiva ou por calquera causa quede firme a sentenza obxecto de recurso.

3. A cantidade non poderá exceder anualmente o dobre do salario mínimo interprofesional fixado para traballadores maiores de dezoito anos, incluída a parte proporcional de gratificacións extraordinarias, vixente durante o seu devengo.

Artigo 290. *Execución provisional con cargo a cantidades consignadas.*

1. A execución provisional poderaa instar a parte interesada ante o órgano xudicial que ditou a sentenza. O solicitante asumirá, solidariamente co Estado, a obriga de reintegro, cando proceda, das cantidades percibidas.

2. Se para recorrer contra a sentenza que provisionalmente se execute se efectuou consignación en metálico, mediante aval ou por calquera outro medio admitido, o secretario xudicial disporá o anticipo con cargo a aquela, e o Estado garantizará a devolución ao empresario, se é o caso, das cantidades que se aboen ao traballador.

Se o importe da condena se garante mediante aval ou por calquera outro medio admitido, o secretario xudicial, antes de dispor o anticipo previsto no parágrafo anterior, requirirá a empresa para que, no prazo de catro días, proceda a consignar en metálico a cantidade que hai que anticipar, e disporá, logo de acreditada a consignación, a devolución do aval ou do correspondente medio de garantía inicialmente constituído, contra entrega simultánea do novo aval ou medio de garantía pola menor contía relicta. Neste suposto rexerá igualmente a garantía polo Estado nos termos establecidos no parágrafo anterior.

3. De non ter sido preceptivo consignar para recorrer, o anticipo aboarallo ao traballador directamente o Estado. Neste suposto, o secretario xudicial notificará á Avogacía do Estado testemuño suficiente do actuado e requirirao para que o organismo xestor efectúe o aboamento ao traballador no prazo de dez días.

Artigo 291. *Confirmación da sentenza obxecto de recurso.*

1. Se a sentenza impugnada queda firme, o traballador terá dereito a percibir a diferenza entre o importe da condena e a cantidade anticipada, que se fará efectiva con cargo á consignación, se dela se detraeu o anticipo.

2. De se ter efectuado o anticipo polo Estado, o traballador poderá reclamar a diferenza ao empresario, e o Estado subrogarse nos dereitos daquel fronte ao empresario polo importe da cantidade anticipada.

Artigo 292. *Revogación da sentenza obxecto de recurso.*

1. Se a sentenza impugnada fose revogada polo tribunal superior e o traballador resulta debedor en todo ou en parte da cantidade anticipada, deberá reintegrar esta cantidade ao empresario se se detraeu o anticipo da consignación, e neste caso o Estado queda responsable solidario co traballador respecto do empresario.

2. Cando o Estado aboase directamente o anticipo ou, en virtude da responsabilidade solidaria contraída, respondese fronte ao empresario, aquel poderá reclamarlle ao traballador o reintegro da cantidade anticipada.

Artigo 293. *Incumprimento da obriga de reintegro polo traballador.*

1. Se se incumpre a obriga de reintegro, será título bastante para iniciar a execución destinada a facela efectiva a resolución firme en que se acordaba a execución provisional xunto coa certificación, librada polo secretario xudicial ou polo organismo xestor, na cal se determinen as cantidades aboadas.

2. Cando a realización forzosa inmediata da cantidade debida poida causar prexuízo grave ao traballador, o xuíz poderá conceder aprazamento ata por un ano da obriga de pagamento, e adoptar as medidas de aseguramento oportunas para garantir a efectividade da execución.

CAPÍTULO II

Das sentenzas condenatorias en materia de seguridade social

Artigo 294. *Execución provisional da sentenza condenatoria ao pagamento de prestacións de pagamento periódico da Seguridade Social.*

1. As sentenzas impugnadas, condenatorias ao pagamento de prestacións de pagamento periódico da Seguridade Social, serán executivas, e o condenado queda obrigado a aboar a prestación, ata o límite da súa responsabilidade, durante a tramitación do recurso.

2. Se a sentenza favorable ao beneficiario é revogada, en todo ou en parte, non estará obrigado ao reintegro das cantidades percibidas durante o período de execución provisional e conservará o dereito a que se lle aboen as prestacións devengadas durante a tramitación do recurso e que non percíbise aínda na data de firmeza da sentenza, sen prexuízo do disposto nas letras c) e d) do número 2 do artigo 230.

Artigo 295. *Execución de sentenzas condenatorias ao pagamento de prestacións de pagamento único.*

O beneficiario de prestacións do réxime público da Seguridade Social que teña ao seu favor unha sentenza impugnada na cal se condenou o demandado ao pagamento

dunha prestación de pagamento único, terá dereito a solicitar a súa execución provisional e obter anticipos á conta daquela, nos termos establecidos no capítulo anterior.

Artigo 296. Execución provisional de sentenzas condenatorias a obrigas de facer ou non facer en materia de seguridade social.

Por petición do beneficiario favorecido por elas, o xuíz ou a sala, ponderando as circunstancias concorrentes, poderá acordar tamén a execución provisional, sen exigencia de fianza, das sentenzas condenatorias a obrigas de facer ou non facer en materia de seguridade social.

CAPÍTULO III

Das sentenzas de despedimento

Artigo 297. Execución provisional da sentenza que declare a improcedencia ou nulidade do despedimento.

1. Cando nos procesos onde se exerzan accións derivadas de despedimento ou de decisión extintiva da relación de traballo a sentenza declare a súa improcedencia e o empresario que optou pola readmisión interpoña algún dos recursos autorizados pola lei, este está obrigado, mentres dure a tramitación do recurso, a satisfacer á persoa obxecto de recurso a mesma retribución que viña percibindo con anterioridade a se produciren aqueles feitos e continuará o traballador prestando servizos, a menos que o empresario prefira facer o aboamento aludido sen compensación ningunha.

O anteriormente disposto tamén será aplicable cando, tendo optado o empresario pola readmisión, o recurso o interpoña o traballador.

2. A mesma obriga terá o empresario se a sentenza declarase a nulidade do despedimento ou da decisión extintiva da relación de traballo; sen prexuízo das medidas cautelares que se poidan adoptar, en especial para a protección fronte ao acoso, nos termos do número 4 do artigo 180.

3. Se o despedimento é declarado improcedente e a opción, correspondente ao traballador, se producise en favor da readmisión, observarase o disposto polo número 1 deste artigo.

4. Nos supostos a que se refiren os números anteriores suspenderase o dereito á prestación por desemprego nos termos previstos no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Artigo 298. Petición de execución provisional por parte do traballador.

Se en virtude do disposto no artigo anterior se presenta petición do traballador, por escrito ou por comparecencia, co fin de exixir do empresario o cumprimento daquela obriga ou solicitude deste para que aquel continúe a prestación de servizos, o xuíz ou sala, oídas as partes, resolverá o que proceda.

Artigo 299. Incumprimento do traballador do requirimento empresarial de readmisión.

O incumprimento inxustificado por parte do traballador do requirimento empresarial de continuación da prestación de servizos comportará a perda definitiva dos salarios a que se refiren os artigos anteriores.

Artigo 300. Revogación da sentenza favorable ao traballador.

Se a sentenza favorable ao traballador fose revogada en todo ou en parte, este non virá obrigado ao reintegro dos salarios percibidos durante o período de execución provisional e conservará o dereito a que se lle aboen os devengados durante a tramitación do recurso e que non percibise aínda na data da firmeza da sentenza.

Artigo 301. *Anticipos reintegrables.*

Nos casos en que non proceda a aplicación das normas de execución provisional establecidas neste capítulo, se concorren os presupostos necesarios, poderanse conceder anticipos reintegrables, nos termos establecidos nesta lei, cando a sentenza impugnada declare a nulidade ou improcedencia do despedimento ou das decisións extintivas das relacións de traballo.

Artigo 302. *Despedimento de representante dos traballadores.*

Cando o despedimento ou a decisión extintiva afectase un representante legal dos traballadores ou un representante sindical e a sentenza declare a nulidade ou improcedencia do despedimento, con opción, neste último caso pola readmisión, o órgano xudicial deberá adoptar, nos termos previstos na letra c) do artigo 284 as medidas oportunas co fin de garantir o exercicio das súas funcións representativas durante a substanciación do correspondente recurso.

CAPÍTULO IV

Das sentenzas condenatorias recaídas noutros procesos

Artigo 303. *Execución provisional de sentenzas ditadas noutras modalidades procesuais.*

1. As sentenzas que recaian nos procesos de conflitos colectivos, nos de impugnación dos convenios colectivos e nos de tutela da liberdade sindical e demais dereitos fundamentais e liberdades públicas, serán executivas desde que se diten, segundo a natureza da pretensión recoñecida, non obstante o recurso que contra elas se poida interpor e sen prexuízo das limitacións que se poidan acordar para evitar ou paliar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

2. Nas sentenzas recaídas en procesos seguidos en impugnación de actos administrativos en materia laboral, sindical e seguridade social poderase acordar a execución provisional, salvo que esta sexa susceptible de producir situacións irreversibles ou prexuízos de difícil reparación. En materia de prestacións de seguridade social observárase a súa normativa específica.

3. En caso de que o empresario recorra contra a sentenza que acorde a extinción do contrato de traballo por instancia do traballador con fundamento no artigo 50 do Estatuto dos traballadores, o traballador poderá optar entre continuar prestando servizos ou cesar na prestación en cumprimento da sentenza, e neste último caso queda en situación de desemprego involuntario desde ese momento, sen prexuízo das medidas cautelares que se poidan adoptar. A opción deberase exercer mediante escrito ou comparecencia ante a oficina xudicial, dentro do prazo de cinco días desde a notificación de que a empresa recorreu. Se a sentenza fose revogada, o empresario deberá comunicar ao traballador, dentro do prazo de dez días a partir da súa notificación, a data de reincorporación, para efectuala nun prazo non inferior aos tres días seguintes á recepción do escrito. Se o traballador non se reincorporase quedará extinguido definitivamente o contrato, e noutro caso seguiranse os trámites dos artigos 278 e seguintes, se a sentenza ganase firmeza.

Neste caso e para efectos do recoñecemento dun futuro dereito á protección por desemprego, o período a que se refire o parágrafo anterior considerarase de ocupación cotizada.

CAPÍTULO V

Normas comúns á execución provisional

Artigo 304. *Competencia, medidas cautelares e impugnación da execución provisional.*

1. A execución provisional de resolucións xudiciais despacharaa e levara a cabo o xulgado ou tribunal que ditou, se é o caso, a resolución que hai que executar e as partes disporán dos mesmos dereitos e facultades procesuais que na execución definitiva.

2. Non obstante o disposto no número anterior, o xuíz ou tribunal, en calquera momento, por instancia da parte interesada ou de oficio, poderá adoptar as medidas cautelares que sexan pertinentes para asegurar, se é o caso, a execución da sentenza e en garantía e defensa dos dereitos afectados atendendo aos criterios establecidos no artigo 79.

3. Fronte ás resolucións ditadas polo xuíz ou tribunal en execución provisional, só procederá o recurso de reposición, salvo cando no auto se adopte materialmente unha decisión comprendida fóra dos límites da execución provisional ou se declare a falta de xurisdición ou competencia da orde xurisdicional social en que procederá recurso de suplicación ou, se é o caso, de casación ordinaria, conforme as normas xerais de tales recursos.

4. Contra as resolucións ditadas polo secretario xudicial en execución provisional procederá recurso de reposición, salvo que sexan directamente impugnables en revisión.

Artigo 305. *Aplicación das normas da Lei de axuízamento civil.*

As sentenzas favorables ao traballador ou beneficiario que non poidan ser executadas provisionalmente conforme esta lei poderano ser na forma e condicións establecidas na lexislación procesual civil.

Disposición adicional primeira. *Especialidades procesuais.*

Ao proceso social seranlle de aplicación as especialidades procesuais recollidas na Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado e outras institucións públicas, nos casos e termos previstos pola dita lei e pola normativa que a complementa e desenvolve.

Disposición adicional segunda. *Autorización de actuacións a entidades públicas ou privadas.*

O Goberno, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, poderá autorizar a entidades públicas ou privadas, que reúnan as garantías que se establezan, a realización das actuacións materiais relativas ao depósito, conservación, transporte, administración, publicidade e venda dos bens xudicialmente embargados.

Disposición adicional terceira. *Aplicación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.*

As disposicións desta lei non resultarán de aplicación nas cuestións litixiosas sociais que se presenten en caso de concurso e cuxa resolución corresponda ao xuíz do concurso conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, coas excepcións expresas que contén a dita lei.

Disposición transitoria primeira. *Normas aplicables aos procesos en tramitación.*

1. Os procesos que se inicien en instancia a partir da vixencia desta lei rexeranse en todas as súas fases e incidencias polo disposto nela.

2. Os procesos iniciados con anterioridade á vixencia desta lei cuxa tramitación en instancia non concluíu por sentenza ou resolución que lle poña fin, continuarán substanciándose pola normativa procesual anterior ata que recaia a dita sentenza ou

resolución, ben que en canto aos recursos contra resolucións interlocutorias ou non definitivas se aplicará o disposto nesta lei.

Disposición transitoria segunda. *Normas aplicables en materia de recursos e execución forzosa de sentenzas ditadas a partir da entrada en vigor da lei.*

1. As sentenzas e demais resolucións que poñan fin á instancia ou ao recurso, ditadas a partir da vixencia desta lei, rexeranse polo disposto nela, en canto ao réxime de recursos e demais medios de impugnación contra estas, así como en canto á súa execución provisional e definitiva.

2. As sentenzas e demais resolucións que puxesen fin á instancia ou ao recurso con anterioridade á vixencia desta lei rexeranse, en canto ao réxime de recursos de suplicación, casación e demais medios de impugnación, polo disposto na lexislación procesual anterior, ata a conclusión do recurso ou medio de impugnación correspondente, non obstante a súa execución provisional rexerase por esta lei.

3. Os recursos de suplicación e casación que se encontren en trámite no momento da entrada en vigor desta lei seguiranse substanciando pola lexislación anterior ata a súa resolución, e a ela no sucesivo aplicarase o réxime de recursos da nova lexislación.

Disposición transitoria terceira. *Execución de sentenzas e demais títulos executivos. Medidas cautelares.*

Esta lei será de aplicación á execución das sentenzas e demais títulos que comporten execución, incluídas as que se encontren en trámite, e son válidas as actuacións, incluídas as medidas cautelares, realizadas ao abeiro da lexislación anterior.

Disposición transitoria cuarta. *Competencia da orde xurisdiccional social.*

1. A orde xurisdiccional social coñecerá dos procesos de impugnación de actos administrativos ditados a partir da vixencia desta lei en materia laboral, sindical e de seguridade social, cuxo coñecemento esta lle atribúe á orde xurisdiccional social.

2. A impugnación dos actos administrativos nas ditas materias, ditados con anterioridade á vixencia desta lei, continuará atribuída á orde xurisdiccional contencioso-administrativa, e os recursos contencioso-administrativos interpostos contra actos administrativos en materia laboral, sindical e de seguridade social, con anterioridade á entrada en vigor desta lei, continuarán substanciándose ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa conforme as normas aplicables á dita orde.

Disposición transitoria quinta. *Reclamacións ao Fondo de Garantía Salarial efectuadas ao abeiro da disposición transitoria terceira da Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo.*

Nas reclamacións ao Fondo de Garantía Salarial efectuadas ao abeiro da disposición transitoria terceira da Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, serán de aplicación as previsións incluídas no número 2 do artigo 23 e no número 1 do artigo 70.

Disposición derogatoria única. *Derogación de normas.*

Queda derogado o Real decreto legislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de procedemento laboral, así como todas as normas de igual ou inferior rango en canto se poñan a esta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da disposición adicional décimo sétima do Estatuto dos traballadores.*

Dáse nova redacción á disposición adicional décimo sétima do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, que queda redactada do modo seguinte:

«Disposición adicional décimo sétima. *Discrepancias en materia de conciliación.*

As discrepancias que xurdan entre empresarios e traballadores en relación co exercicio dos dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral recoñecidos legal ou convencionalmente resolveraa a xurisdición competente a través do procedemento establecido no artigo 139 da Lei reguladora da xurisdición social.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da regulación do traballo autónomo economicamente dependente.*

Engádesse un artigo 11 bis e unha disposición transitoria cuarta e modifícanse os artigos 12 e 17 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, nos termos seguintes:

Un. Engádesse un novo artigo 11 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 11 bis. *Recoñecemento da condición de traballador autónomo economicamente dependente.*

O traballador autónomo que reúna as condicións establecidas no artigo anterior poderá solicitar ao seu cliente a formalización dun contrato de traballador autónomo economicamente dependente a través dunha comunicación fidedigna. No caso de que o cliente se negue á formalización do contrato ou cando transcorrido un mes desde a comunicación non se formalizase o dito contrato, o traballador autónomo poderá solicitar o recoñecemento da condición de traballador autónomo economicamente dependente ante os órganos xurisdicionais da orde social. Todo isto sen prexuízo do establecido no número 3 do artigo 12 desta lei.

No caso de que o órgano xurisdicional da orde social recoñeza a condición de traballador autónomo economicamente dependente ao se entenderen cumpridas as condicións recollidas no artigo 11, números 1 e 2, o traballador só poderá ser considerado como tal desde o momento en que o cliente recibiu a comunicación mencionada no parágrafo anterior. O recoñecemento xudicial da condición de traballador autónomo economicamente dependente non terá ningún efecto sobre a relación contractual entre as partes anterior ao momento da dita comunicación.»

Dous. Modifícanse os números 1 e 4 do artigo 12, que quedan redactados do seguinte modo:

«Artigo 12. *Contrato.*

1. O contrato para a realización da actividade profesional do traballador autónomo economicamente dependente celebrado entre este e o seu cliente formalizarase sempre por escrito e deberá ser rexistrado na oficina pública correspondente. O dito rexistro non terá carácter publico.»

«4. Cando o contrato non se formalice por escrito ou non se fixase unha duración ou un servizo determinado, presumirase, salvo proba en contrario, que o contrato foi pactado por tempo indefinido.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 17, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os órganos xurisdicionais da orde social serán os competentes para coñecer as pretensións derivadas do contrato celebrado entre un traballador

autónomo economicamente dependente e o seu cliente, así como para as solicitudes de recoñecemento da condición de traballador autónomo economicamente dependente.»

Catro. Engádesse unha disposición transitoria cuarta coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio do recoñecemento previsto no artigo 11 bis.*

O recoñecemento da condición de traballador autónomo economicamente dependente previsto no artigo 11 bis desta lei só se poderá producir para as relacións contractuais entre clientes e traballadores autónomos que se formalicen a partir da entrada en vigor da Lei reguladora da xurisdición social.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación procesual, de acordo co disposto no artigo 149.1.6.^a da Constitución.

Disposición derradeira cuarta. *Normas supletorias.*

No non previsto nesta lei rexerá como supletoria a Lei de axuizamento civil e, nos supostos de impugnación dos actos administrativos cuxa competencia corresponda á orde social, a Lei da xurisdición contencioso-administrativa, coa adaptación necesaria ás particularidades do proceso social e en canto sexan compatibles cos seus principios.

Disposición derradeira quinta. *Sistema de valoración de danos derivados de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais.*

No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, o Goberno adoptará as medidas necesarias para aprobar un sistema de valoración de danos derivados de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais, mediante un sistema específico de baremo de indemnizacións actualizables anualmente, para a compensación obxectiva dos ditos danos mentres as vítimas ou os seus beneficiarios non acrediten danos superiores.

Disposición derradeira sexta. *Habilitación ao Goberno para a modificación de contías.*

1. O Goberno, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e audiencia do Consello de Estado, poderá modificar a contía que establece esta lei para a procedencia do recurso de suplicación e, se é o caso, de casación ordinaria.

2. Igualmente, e tras os informes mencionados, poderá modificar as cantidades que se establecen nesta lei respecto dos honorarios dos letrados e graduados sociais colexiados da parte impugnada en caso de desestimación do recurso, das sancións pecuniarias e multas, e da contía dos depósitos para interpor recurso en suplicación, casación e revisión e, en xeral, de calquera importe con transcendencia procesual que poida vir establecido na normativa procesual social, incluído o fixado para o acceso ao proceso monitorio.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

1. Esta lei entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Exceptúase do prazo previsto no número anterior a atribución competencial contida nas letras o) e s) do artigo 2 en materia de prestacións derivadas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, cuxa data de entrada en vigor se fixará nunha lei ulterior, cuxo proxecto deberá remitir o Goberno ás Cortes Xerais no prazo de tres anos, tendo en

conta a incidencia das distintas fases de aplicación da Lei de dependencia, así como a determinación das medidas e medios adecuados para lograr unha resposta xudicial áxil nestas materias.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 10 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO